



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 79

Sesión plenaria
11 de xullo de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 26542 (10/PNP-001875)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consecución do obxectivo de incorporar o pazo de Meirás ao patrimonio público de xeito gratuíto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 267, do 27.02.2018

5.2 30403 (10/PNP-002252)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento, a aplicación e o desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 301, do 08.05.2018

5.3 31955 (10/PNP-002399)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis

Sobre as medidas que debe inserir o Goberno galego no Decreto de axudas para paliar os danos causados pola explosión dunha pirotecnia en Paramos, no concello de Tui, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

5.4 32077 (10/PNP-002415)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, logo de informe da comisión correspondente, dun novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 20.06.2018

5.5 32222 (10/PNP-002423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do apoio a iniciativas relacionadas coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 20.06.2018

5.6 32339 (10/PNP-002434)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos compromisos referidos ao avance da execución e data de remate das obras do AVE a Galicia, así como a actuación que debe levar a cabo respecto dos investimentos estatais e o cronograma previsto para ese fin

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 20.06.2018

5.7 32700 (10/PNP-002469)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda dunha axenda galega diante do Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 28.06.2018

5.8 32887 (10/PNP-002484)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das conclusións inseridas no informe da comisión de expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para analizar as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade das torres ou pazo de Meirás, así como a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 328, do 28.06.2018

Punto 6. Interpelacións

6.1 2099 (10/INT-000084)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre a prestación sanitaria pediátrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28, do 14.12.2016

6.2 30285 (10/INT-000999)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia sexual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 302, do 09.05.2018

6.3 32461 (10/INT-001090)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto medioambiental da minaría de cobre

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 28.06.2018

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1 33015 (10/POPX-000100)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a manipulación dos medios de comunicación públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 331, do 04.07.2018

7.2 33016 (10/POPX-000101)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o prazo previsto para o impulso da axenda de cambio dependente da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 331, do 04.07.2018

7.3 33017 (10/POPX-000102)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre o uso en beneficio propio ou partidario das institucións e medios públicos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 331, do 04.07.2018

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 32447 (10/POP-003768)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa catástrofe ocasionada pola explosión de material pirotécnico no lugar de Paramos, no concello de Tui

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 20.06.2018

8.2 33010 (10/PUP-000176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das posibles consecuencias da sentenza núm. 327/2018 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación coa valedora do pobo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 331, do 04.07.2018

8.3 32640 (10/POP-003793)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero e dar a coñecer no ámbito educativo a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 28.06.2018

8.4 30993 (10/POP-003607)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar as Directrices de paisaxe no prazo comprometido

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 23.05.2018

8.5 31312 (10/POP-003642)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do impacto ambiental que está a ter a carencia de estación depuradora de augas residuais no lugar de San Miguel de Reinante, no concello de Barreiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

8.6 31322 (10/POP-003644)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do Proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos situadas en Teo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

8.7 31723 (10/POP-003691)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre a posición que vai adoptar o Goberno galego en relación coa solicitude de instalación dunha planta de xestión de residuos na antiga canteira de Casalonga, no concello de Teo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 316, do 06.06.2018

8.8 32698 (10/PUP-000175)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e nove deputados/as máis**

Sobre o posible traslado polo Concello de Teo á Xunta de Galicia dalgún informe en relación co proxecto de instalación dunha planta de tratamento e reciclaxe de residuos en Casalonga, promovido pola empresa Toca y Salgado, S.L. (TOYSAL)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 28.06.2018

8.9 32365 (10/POP-003760)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Fernández, Raúl e catro deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da adaptación do denominado Plan de transporte público de Galicia ás necesidades de servizos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 20.06.2018

8.10 31903 (10/POP-003709)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e nove deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da construción do novo espazo denominado Domingo Fontán no complexo da Cidade da Cultura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

8.11 32242 (10/POP-003745)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre o anuncio de construción do novo edificio Domingo Fontán na Cidade da Cultura, destinado ao acollemento do Consorcio Interuniversitario de Galicia e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, así como dun futuro Centro Europeo de Investigación de Paisaxes Culturais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 20.06.2018

8.12 33014 (10/PUP-000177)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para atender as demandas salariais do profesorado galego, de xeito que cando menos recuperen o sexto lugar na táboa salarial do Estado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 331, do 04.07.2018

8.13 29766 (10/POP-003489)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e oito deputados/as máis**

Sobre a comprobación no Sergas dalgunha mellora nos tempos de atención e no prognóstico dos cadros clínicos do ictus desde a posta en marcha da campaña informativa respecto dos signos de aparición desa enfermidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a manipulación dos medios de comunicación públicos. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Pregunta ao Sr. presidente do Goberno de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o prazo previsto para o impulso da axenda de cambio dependente da Xunta de Galicia. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 21.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 22.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 24.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 25.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre o uso en beneficio propio ou partidario das institucións e medios públicos de Galicia.(Punto sétimo da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 26.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 27.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 29.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 30.)

O señor presidente anuncia a acumulación, para un debate conxunto, de tres proposicións non de lei. (Páx. 33.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consecución do obxectivo de incorporar o pazo de Meirás ao patrimonio público de xeito gratuíto. (Punto quinto da orde do día)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do apoio a iniciativas relacionadas coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público. (Punto quinto da orde do día)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das conclusións inseridas no informe da comisión de expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para analizar as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade das torres ou pazo de Meirás, así como a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto. (Punto quinto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 34.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 35.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 38.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 41.)

Intervención do grupo non proponente e non emendante: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 44.)

Réplica dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 47.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 49.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 51.)

Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento, a aplicación e o desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. (Punto quinto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 53.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 54.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 56.) e *Sr. Cal Ogando (S)*. (Páx. 58.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)*. (Páx. 60.)

A señora Blanco Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx.60.)

Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luís Villares Naveira e trece deputados/as máis, sobre as medidas que debe inserir o Goberno galego no Decreto de axudas para paliar os danos causados pola explosión dunha pirotecnia en Paramos, no concello de Tui, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto. (Punto quinto da orde do día)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 63.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 65.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 69.) e *Sr. Rodríguez Pérez (P).* (Páx. 71.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 72.)

O señor Villares Naveira (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 74.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e tres deputados/as máis, sobre a elaboración polo Goberno galego, logo de informe da comisión correspondente, dun novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual. (Punto quinto da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 76.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 78.), *Sra. Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 80.) e *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 81.)

Nova intervención da señora Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 84.)

O señor presidente (Calvo Pouso) dálle a palabra á señora Cuña Bóveda (EM) (Páx. 85.) *por unha cuestión de orde relacionada con palabras do discurso do señor Pazos Couñago (P), que intervén tamén sobre este asunto.* (Páx. 86.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos compromisos referidos ao avance da execución e data de remate das obras do AVE a Galicia, así como a actuación que debe levar a cabo respecto dos investimentos estatais e o cronograma previsto para ese fin. (Punto quinto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 86.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 91.), *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 92.) e *Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx. 94.)

O señor Fernández Prado (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 96.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a demanda dunha axenda galega diante do Goberno central. (Punto quinto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 98.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx.99.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 102.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Santos Queiruga (EM) (Páx. 104.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 106.)

A señor Pontón Mondelo (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 108.)

Votación das proposicións non de lei

O señor presidente le o texto transaccionado das tres proposicións non de lei debatidas en primeiro lugar de forma acumulada. (Páx. 110.)

*Votación do texto transaccionado das proposicións non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, e a do G. P. Popular de Galicia, relacionadas as tres coas accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consecución do obxectivo de incorporar o pazo de Meirás ao patrimonio público: *aprobado por 75 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 111.)*

*Votación dos puntos 1, 2 e 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do apoio a iniciativas relacionadas coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público: *rexeitados por 20 votos a favor, 41 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 111.)*

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego, en relación co cumprimento, a aplicación e o desenvolvemento da Lei 2/2014 do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx.112 .)*

*Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luís Villares Naveira e trece deputados/as máis, sobre as medidas que debe de inserir o Goberno galego no Decreto de axudas para paliar os danos causados pola explosión dunha pirotecnia en Paramos, no concello de Tui, así como as actuacións que deben levar a cabo ao respecto: *rexeitada por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Martínez Rumbo e tres deputados/as máis, sobre a elaboración polo Goberno galego, logo de informe da Comisión correspondente, dun novo catálogo de espec-táculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual: *rexeitada por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

O señor presidente le o primeiro punto do texto transaccionado da proposición non de lei que se vai someter á votación. (Páx. 114.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos compromisos referidos ao avance da execución e data de remate das obras do AVE a Galicia, así como a actuación que debe levar a cabo a respecto dos investimentos estatais e o cronograma previsto para este fin: *aprobado por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 20 abstencións.* (Páx. 114.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a demanda dunha axenda galega diante do Goberno central: *rexeitada por 20 votos a favor, 55 en contra e nin-gunha abstención.* (Páx. 115.)

A señora Blanco Rodríguez (S) solicita a palabra e intervén en virtude do artigo 76.2 do Regula-mento e contesta o señor presidente sobre a súa exposición. (Páx. 116.)

Suspéndese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a prestación sanitaria pediátrica. (Punto sexto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 116.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 119.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 124.)

Interpelación de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto medioambiental da minaría de cobre. (Punto sexto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (EM).* (Páx. 126.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 129.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (EM).* (Páx. 132.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 134.)

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia sexual. (Punto sexto da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 135.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 136.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 142.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 144.)

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa catástrofe ocasionada pola explosión de material pirotécnico no lugar de Paramos, no concello de Tui. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 147.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 148.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 149.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 150.)

Pregunta de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero e dar a coñecer no ámbito educativo a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 151.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 152.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 153.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 154.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar as Directrices de paisaxe no prazo comprometido. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 156.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 157.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 158.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 159.)

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto do impacto ambiental que está a ter a carencia de estación depuradora de augas residuais no lugar de San Miguel de Reinante, no concello de Barreiros. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 160.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 162.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 163.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 164.)

A señora presidenta (Solla Fernández) anuncia a acumulación de tres preguntas para a súa formulación conxunta. (Páx. 165.)

Pregunta do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre o coñecemento polo Goberno galego do Proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos situadas en Teo. (Punto oitavo da orde do día)

Pregunta do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, sobre a posición que vai adoptar o Goberno galego en relación coa solicitude de instalación dunha planta de xestión de residuos na antiga canteira da Casalonga, no concello de Teo. (Punto oitavo da orde do día)

Pregunta do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e nove deputados/as máis, sobre o posible traslado polo Concello de Teo á Xunta de Galicia dalgún informe en relación co proxecto de instalación dunha planta de tratamento e reciclaxe de residuos na Casalonga, promovido pola empresa Toca y Salgado, S.L. (TOYSAL). (Punto oitavo da orde do día)

Intervención dos autores: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx.165.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 166.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 167.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 169.)

Réplica dos autores: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 171.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 172.) e *Sra. Prado del Río (P)* (Páx. .)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 174.)

O señor Sánchez García (EM) (Páx. 176.) solicita a palabra ao abeiro do artigo 76 e intervén para referirse a determinadas afirmacións da señora Prado del Río (P), que responde sobre a cuestión suscitada. (Páx. 176.)

Pregunta de D. Raúl Fernández Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da adaptación do denominado Plan de transporte público de Galicia ás necesidades de servizos. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención do autor: Sr. Fernández Fernández (S). (Páx. 177.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Infraestrutura e Vivenda (Vázquez Mourelle). (Páx. 178.)

Réplica do autor: Sr. Fernández Fernández (S). (Páx. 179.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Infraestrutura e Vivenda (Vázquez Mourelle). (Páx. 180.)

A señora presidenta anuncia a acumulación de dúas preguntas para a súa formulación conxunta. (Páx. 181.)

Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da construción do novo espazo denominado Domingo Fontán no complexo da Cidade da Cultura. (Punto oitavo da orde do día)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o anuncio de construción do novo edificio Domingo Fontán na Cidade da Cultura, destinado ao acollemento do Consorcio Interuniversitario de Galicia e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, así como dun futuro Centro Europeo de Investigación de Paisaxes Culturais. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención das autoras: Sra. Antón Vilasánchez (P) (Páx. 181.) e Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 182.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 183.)

Réplica das autoras: Sra. Antón Vilasánchez (P) (Páx. 185.) e Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 186.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 186.)

Pregunta de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para atender as demandas salariais do profesorado galego, de xeito que cando menos recuperen o sexto lugar na táboa salarial do Estado. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención da autora: Sra. Chao Pérez (EM). (Páx. 189.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 190.)

Réplica da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 191.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 192.)

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a comprobación no Sergas dalgunha mellora nos tempos de atención e no pronóstico dos cadros clínicos do ictus desde a posta en marcha da campaña informativa respecto dos signos de aparición desa enfermidade. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 193.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 194.)

Réplica do autor *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 195.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 196.)

Remata a sesión ás oito e trinta e oito minutos do serán.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos reiniciar a sesión. *(Pausa.)*

Bos días.

Punto 7 da orde do día, preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a manipulación dos medios de comunicación públicos

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día.

Señorías, a información veraz é un dereito fundamental e unha peza clave para ter unha sociedade libre e democrática. Pero día tras día o que atopamos son exemplos de manipulación informativa na Radio e na Televisión de Galiza, que están literalmente secuestradas e convertidas no aparato de propaganda do Partido Popular e moi singularmente, señor Feijóo, convertidas nunha especie de botafumeiro 4.0 da súa figura.

E as primeiras en denunciar esta situación son as propias traballadoras e traballadores dos medios públicos, que, cos seus venres negros, están protestando contra unha TVG convertida nun *cortijo* do Partido Popular e da dereita máis rancia, que acabamos pagando todos os galegos e galegas. Porque a CRTVG pagámola todos os galegos e as galegas; 100 millóns de euros.

A situación nos medios públicos é moi grave. En primeiro lugar, incumpren a lei e vulneran a función de servizo público; e, pola contra, o que vemos é como crean unha realidade paralela á medida das necesidades propagandísticas do Partido Popular, que ademais dá unha imaxe desfasada e folclórica da realidade deste país. Señor Feijóo, a Galicia de hoxe vai décadas por diante da imaxe que proxecta a súa TVG.

Pero hai máis cousas das que falar no capítulo da manipulación informativa. Hai que falar do apagón informativo nas cidades coa supresión dos informativos locais na radio pública. E hai que falar da dimisión dun presentador e dunha presentadora do Telexornal precisamente para denunciar a manipulación informativa. ¿A vostede isto parécelle presentable? ¿Parécelle presentable que a dirección da Corporación da Radio e Televisión de Galiza —esa que vostede nomeou a dedo— teña unha sentenza que a condena por vulnerar o dereito á folga dunha traballadora o pasado 8 de marzo? ¿Parécelle presentable que esa mesma dirección que vostede nomeou a dedo dera instrucións para que no tema da Gürtel a noticia se

reducira a 40 segundos? E teño que dicirlle que teño aquí unha dúbida. Non sei cal é a lóxica que está detrás deses 40 segundos. ¿É unha homenaxe aos 40 días que durou o diluvio universal? ¿É unha homenaxe a eses 40 días que pasou Xesús no deserto? ¿Ou é que quizais lles fallou aí o subconsciente e alguén dixo: PP e Gürtel, Ali Babá e os 40 ladróns? *(Aplausos.)*

Señor Feijóo, sen medios públicos e veraces non hai democracia real. É o momento de devolverlles a radio e a televisión públicas aos galegos e ás galegas. Desde o BNG propoñémoslle un acordo para acabar cos nomeamentos a dedo e poñer en marcha, cun acordo neste Parlamento, un concurso público para nomear a dirección da Corporación da Radio e Televisión públicas para que o que conte sexa o mérito e a capacidade e deixen de ser designacións dixitais.

Señor Feijóo, de vostede depende devolverlles o mando aos galegos e ás galegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Recórdolles aos invitados que non está permitido, segundo o Regulamento do Parlamento, facer fotografías desde a tribuna. Polo tanto, prérgolles que non fagan uso das súas máquinas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, dáme a sensación de que o BNG o concepto de manipulación na Radio e na Televisión Galega non o ten ben orientado. Do mesmo xeito que a Xunta de Galicia non se pronuncia sobre o nomeamento de ningún profesional á fronte dos informativos ou da súa presentación, comprenderá vostede que non nos imos pronunciar en sentido contrario, tanto no momento do seu nomeamento como no momento do seu cesamento. O que si sei é que os informativos da Televisión Galega son os máis seguidos por todos os galegos: 574.000 galegos contactan cos espazos informativos da TVG. O que si sei tamén é que nos últimos nove anos a Xunta de Galicia non recibiu ningunha condena por delito electoral, é dicir, na Xunta Electoral. O que si sei é que, cando o BNG levaba a Compañía de Radio e Televisión de Galicia co Partido Socialista, o equipo xestor en tres anos recibiu doce condenas por incumprir os seus compromisos de neutralidade informativa. O que si sei, señoría, é dunha frase memorable de alguén que a antecedeu a vostede como portavoz do BNG. Leo: «Os informativos non están para que as familias dos conselleiros saiban se comen ou non comen na casa». Iso era o que dicía o portavoz do BNG sobre a Compañía de Radio e Televisión de Galicia cando a xestionaban o BNG e o Partido Socialista Obreiro Español.

Polo tanto, o grao de manipulación, o que vostedes mesmos se autodenunciaban que había entón na TVG, superaba calquera límite do previsible. Reitero outra manifestación, nada máis e nada menos que do número dous da vicepresidencia nacionalista do Goberno bipartito: «No queremos ni un solo plano del vicepresidente en los telexornais».

Señoría, ¿de que manipulación me está falando vostede, da do BNG e da do Partido Socialista ou dunha televisión que é líder e récord nos informativos galegos na súa historia?

Señoría, pechamos durante todos estes últimos exercicios na Compañía de Radio e Televisión de Galicia sen déficit, con estabilidade laboral, con cifras de audiencia que son as segundas mellores de España de forma continuada, cun apoio ao audiovisual galego. E, se na última enquisa da Forta o 90 % dos galegos consideran que a súa televisión autonómica é a que máis promociona a cultura e a identidade da súa comunidade, oito puntos máis que a televisión catalá ou a televisión vasca, comprenderá que vostede non está acertada no seu diagnóstico.

Si, permítame que lle recorde as enquisas que se publicaban cando vostedes xestionaban a Compañía da Radio e Televisión de Galicia —cito unha do ano 2008—. A maioría dos cidadáns opinaban que os informativos da TVG eran os menos obxectivos e independentes dos que se emitían en Galicia. Os galegos pensaban entón, no ano 2008, que a cadea con máis obxectividade e independencia nos informativos que se emitían en Galicia era Telecinco; despois, Antena 3; despois, Televisión Española; despois, a Catro; e, por último, a Televisión Galega. Señoría, ¿de que manipulación me está falando vostede? ¿Da manipulación que queren vostedes introducir a todos os galegos dicindo que se manipula, o que, dende logo, vostede sabe manipular de forma correcta e axeitada durante o seu tempo? Señora Pontón, leccións de manipulación, ningunha.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): O que lle podo asegurar, señoría, é que durante estes tempos de dificultade fixemos ofertas públicas de emprego e hoxe hai 193 traballadores con contratos fixos na Televisión Galega. Mentres vostedes gobernaban, ningún.

Señora Pontón, recórdolle que as manipulacións xa están no ideario dos galegos, nas enquisas e cada vez que nos pronunciamos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Cada vez que un galego acende a Televisión ou a Radio Galega está no exercicio da súa liberdade informándose de acordo cos profesionais de esas emisoras.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, voulle dar a razón nunha cousa. Eu leccións de manipulación non lle podo dar ningunha, vostedes dánnolas todos os días no Telexornal e na radio pública deste país. (*Aplausos.*) É vostede un xenio. (*Aplausos.*)

E, desde logo, non só nós estamos denunciando a manipulación. É que, señor Feijóo, a están denunciando os traballadores e as traballadoras da Compañía da Radio e Televisión de Galiza.

Señor Feijóo, é a primeira vez na historia da televisión que dimiten —porque non foron cesados, señor presidente, senón que dimitiron— dous presentadores do Telexornal para denunciar a manipulación e as presións ás que están sometidos. Polo tanto, vostede pode vir aquí a facer un novo exercicio de escapismo, pero sabe realmente que hoxe ten os medios públicos literalmente secuestrados.

E fíxense se é así que, a pesar do que vostede nos di hoxe, o certo é que a audiencia da Televisión Galega baixou desde que vostede chegou á Xunta de Galiza. Por algo será, señor Feijóo, que os galegos e galegas buscan información noutros medios. Polo tanto, nós hoxe o que estamos planteando é un debate sobre un feito gravísimo nunha democracia, e é que ten instrumentalizados os medios públicos e está vostede incumprindo unha lei que votou neste Parlamento e que salta absolutamente día si e día tamén.

Por iso nós hoxe, señor Feijóo, á marxe de denunciar o que está pasando nos medios públicos, o que queremos é poñer sobre a mesa propostas. Propostas como que deixemos e apartemos a CRTVG dos nomeamentos a dedo, que poñamos en marcha un concurso público para nomear toda a dirección da Compañía da Radio e Televisión de Galiza. Ten vostede simplemente que dicir se está de acordo ou en contra. Ten unha lei na que se recolle un estatuto profesional e os consellos de redacción. Van sete anos onde nada disto se implementou na TVG porque son elementos que impiden que se poida facer presión sobre os traballadores e traballadoras. E vostedes tampouco queren que isto se poña en marcha nos medios públicos.

Mire, señor Feijóo, este é un tema importante. É gravísimo o que está pasando neste momento na Radio e na Televisión de Galiza, que é de todos e de todas e non o aparato de propaganda do Partido Popular. E nós o que lle exiximos son compromisos no que depende de vostede: ¿si ou non a un concurso público para designar a dirección da CRTVG?, ¿si ou non á posta en funcionamento de inmediato dos consellos de redacción? e ¿si ou non ao estatuto profesional? É moi simple: se a resposta é que non, o que vostede nos está dicindo é que quere seguir tendo na súa man o mando da TVG e iso é unha fraude democrática, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta.

Señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señora Pontón, con todos os respectos, ¿como pode dicir vostede que a audiencia da TVG baixou? Cando vostedes gobernaban, no ano 2005, no ano 2006 e no ano 2007, eramos a cuarta televisión autonómica. E, dende que estamos gobernando, estamos entre o terceiro e o segundo lugar de toda España. ¿Como pode dicir simplemente unha manipulación máis sobre os datos da audiencia da televisión? ¡É a segunda televisión máis vista de todas as autonómicas no ano 2015, no ano 2016, no ano 2017, no ano 2011! Cando vostedes gobernaban, era a cuarta —no ano 2005, no ano 2006 e no ano 2007—.

Pero é que non me contestou sobre iso de que vostedes denunciaban que a TVG soamente valía para saber se os conselleiros do Bipartito ían comer á casa ou non. Iso vostedes dixérono publicamente.

Pero é que, ademais, permítame que lle lea unha carta de forma estrita: «Considero que é o meu deber informalo acerca dunha situación que entorpece ata límites dificilmente soportables o traballo que veñen realizando os profesionais dos servizos informativos da TVG, que afecta aos criterios de profesionalidade, de pluralismo e de equidade e independencia que deben presidir a actuación dos medios de comunicación públicos». Esta carta é dun dirección xeral da Compañía de Radio e Televisión de Galicia. Quero dicirlle que non é deste director xeral nomeado polo acordo co Partido Socialista actualmente. Non, non, era do director xeral do Bipartito. ¿E a quen lle dirixía a carta? Nada máis e nada menos que ao vicepresidente nacionalista da Xunta de Galicia.

Pero ¿vostede cre que pode vir aquí enganar, en primeiro lugar, aos traballadores da TVG e, en segundo lugar, ao Parlamento e ao pobo galego para falar de manipulación despois de que un director da Compañía teña que dirixirse a un vicepresidente dun goberno do seu partido, nacionalista, dicindo que está farto das manipulacións e das presións sobre a imparcialidade dos informativos e que xa está farto e ten que escribir unha carta por escrito a un membro do Goberno nacionalista? Pero, señora Pontón, ¿de que me está falando vostede? ¿De que me está falando? ¿De que manipulación me está falando se cando vostedes gobernaban crían que eran un *cortijo* do BNG determinados programas da compañía, tanto na Radio como na TVG? ¿Que pretende vostede? ¿O pacto que neste momento está xerando o Partido Socialista cos nacionalistas vascos, con Podemos e cos independentistas cataláns? ¿Ese é o modelo de televisión que vostede me propón, señora Pontón? (*Aplausos.*) ¿Ese é o modelo de televisión que vostedes me propoñen? (*Aplausos.*)

Mire, señoría, eu lamento que o BNG non estea no Consello de Administración da TVG. Teñen vostedes seis deputados, non teñen dereito a estar. Poderían ter un membro por proposta do Partido Socialista. O Partido Socialista acáballe de facilitar, con cinco deputados só no Congreso, a un membro do PNV estar no Consello de Administración. Pacte vostede co Partido Socialista e teñan un membro no Consello de Administración. (*Murmurios.*) Nós non estamos en contra, buscaríamos a forma de facelo.

Pero, señora Pontón, non digo que haxa cousas que mellorar en todos os medios públicos, por suposto que si. Pero nin a TVG do Bipartito nin a Televisión Española do Goberno actual son un método e un exemplo para falar do que debemos facer na Televisión Galega actualmente. Comprenderá vostede, señora Pontón, que por nós, por este grupo e polo Goberno, cantas máis veces saia o BNG na TVG e na radio, mellor. Así os galegos descubrirán realmente que vén vostede dar un exemplo de manipulación cando realmente, señoría, se houbo algún momento de manipulación estrita da TVG e da Radio Galega foi cando, nada máis e nada menos, o director da compañía tivo que dirixirse ao Goberno pedindo un «basta xa de manipulación».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E non só iso, senón que, ademais, prohibiu a Vicepresidencia do Goberno nacionalista que colleran imaxes do vicepresi-

dente da Xunta por entender que non tiñan a suficiente calidade nin a suficiente frecuencia na TVG.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora Pontón, deixémonos de torpedear permanentemente o que funciona menos mal que o resto das televisións de España.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente do Goberno de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o prazo previsto para o impulso da axenda de cambio dependente da Xunta de Galicia

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días, señor Núñez Feijóo.

Estamos no remate do actual período de sesións, en tempo de relaxo, case, de rebaixas, con espírito estival. Estamos tamén no ecuador da lexislatura, chegando a el, polo menos. Quédanos a segunda metade. E, desgraciadamente, a conxuntura política estivo conxelada nestas últimas semanas na distancia entre desexos e realidades. Pero non hai moito motivo de preocupación porque o seu Goberno leva demasiado tempo tamén no frigorífico por falta de proxectos, por falta de iniciativas ou por falta de capacidade para levar adiante ese proxecto.

É certo que a recuperación económica que Galicia e España están experimentando desde hai bastantes trimestres enmascara en parte esa realidade. Todos os indicadores están en positivo e Galicia medra alentada polo crecemento internacional, polo crecemento español e polo esforzo tamén dos galegos e galegas. Pero moitas persoas e familias seguen en difícil situación no noso país. A economía vai ben, pero o emprego, menos. As condicións laborais, os salarios, non están á altura do que deberían estar. Hai precariedade laboral, e tamén no sector público, especialmente na sanidade. Non hai resposta ás necesidades que teñen os cidadáns en moitos ámbitos; por exemplo, na pediatría.

A marxe de manobra que ten a Xunta non parece chegar ás condicións de vida ou ao reforzamento dos servizos públicos que os cidadáns esperarían despois de dez trimestres consecutivos crecendo a máis do 3 %. En residencias públicas, que é un dos graves problemas para os nosos maiores, segue sen haber noticias dun impulso decisivo para chegar á oferta necesaria. Falta proxecto, porque o proxecto era o axuste. E, unha vez que xa non estamos nesas condicións, hai simplemente inercia. Están xogando este novo partido contaxiados polo ritmo da selección española, ao tram tram. E eu preferiría que xogaran como Francia e como Bélxica, ou como Croacia, con máis dinamismo, con máis estratexia e con máis sentido táctico.

Fíxese se hai conxelación que en todo o período de sesións non entrou neste Parlamento ningún proxecto lexislativo impulsado desde o seu Consello de Goberno, ¡ningún!, cando

tiñan unha promesa de 11 proxectos lexislativos neste ano. Non entrou ningún; a oposición, 12, e, por certo, con escaso éxito.

Fíxese como está de conxelado o seu Goberno que ten varios conselleiros en *stand by*. Algúns deles co que podemos chamar «síndrome Hernández», coa melancolía que produce ser destinado a unha situación política na que un non quere estar, e, en todo caso, trasladando esa melancolía e esa parálise á acción dos seus departamentos. ¿Onde está a estratexia para o cambio climático?, ¿onde está a lei do patrimonio natural?, ¿onde está a lei do impulso demográfico?, ¿onde está a lei do emprego?, que eran leis prometidas que deberían impulsar un cambio en Galicia.

Ten dous anos máis como presidente da Xunta. Eu o que lle pido é que os use, que os use para desenvolver ese proxecto, que os use para atender as necesidades dos cidadáns, centrándose, efectivamente, no reforzamento dos servizos públicos, na redución de desigualdades ou na creación de emprego. E para iso precisa un equipo competitivo. Sei que vai ter que facer máis cambios dos que autoriza a FIFA nun partido, pero iso non debería ser un problema.

O compromiso con Galicia eu creo que lle exige isto. ¿Está disposto a impulsar a axenda de cambio que precisa Galicia para afrontar estes dous anos que lle quedan e chegar a cumprir o seu contrato con Galicia do ano 2009?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Leiceaga, celebro que vostede estea de relaxo, de rebaixas. Quero dicirlle que o Goberno da Xunta está a tope; polo tanto, de rebaixas e de relaxo, nada. (*Aplausos.*)

En todo caso, agradézolle que por fin fale vostede de recuperación económica, de que todos os indicadores están en positivo. Supoño que non será como consecuencia de que haxa un goberno que está en Moncloa por moción de censura, senón que será como consecuencia de que os galegos levamos traballando para conseguir isto desde hai moitos anos.

Pero, señor Leiceaga, parece que hoxe me quere vostede marcar a axenda, a axenda propia dun debate de investidura —e, como vostede sabe, xa levamos dous anos nesta lexislatura, finou— ou dun debate do estado da Autonomía. Quero dicirlle, señoría, que vou ter ocasión de debater con vostede no mes de outubro e co resto dos portavoces da Cámara sobre a situación da comunidade autónoma. Pero dáme a sensación de que vostede aínda non se decatou de que este Goberno, desde que chegou no ano 2009, está cunha axenda reformista, continuada e constante. Si, señoría, si. Hoxe Galicia está bastante mellor que como a atopamos no ano 2009, e a Galicia do ano 2020 será mellor que a Galicia do ano 2018. E iso é no

que consisten os gobernos que toman en serio o seu pobo e non os gobernos que simplemente teñen como obxectivo gobernar con independencia do que diga o seu pobo nas urnas.

Fala vostede do mercado laboral. Somos a terceira comunidade autónoma con maior baixada de paro de España. Fala vostede de recuperar. E recuperar recuperamos un millón... Chegamos xa a máis dun millón de afiliados á Seguridade Social. Cando chegamos ao Goberno, había 1.037.000 afiliados. Hoxe hai 1.006.000 afiliados con menor poboación activa. Señoría, cando chegamos ao Goberno —vostede recordarao moi ben— destruíanse 50.000 empregos no último ano do Bipartito. Neste último ano creamos 27.000 empregos. Levamos dez trimestres consecutivos crescendo igual ou superior ao 3 %, máis que a maioría dos países da Unión Europea. Na industria, estamos liderando o índice de produción industrial na industria de toda España. Cando chegamos ao Goberno, crise no sector naval, crise no sector da automoción. Nas exportacións, hai récord histórico, señor Leiceaga.

Non creo que vaia mal a educación, temos a menor taxa de abandono escolar da nosa historia, temos máis centros plurilingües ca nunca e as taxas universitarias máis baixas de España.

Non creo que vaia mal a sanidade, porque temos a menor lista de espera dende que hai rexistros, de acordo cos datos que subministra o Ministerio de Sanidade. O 70 % dos galegos vivimos nunha área de saúde onde temos un hospital novo ou reformado. Fala vostede de precariedade no sector da sanidade pero temos máis de 12.000 prazas aprobadas e pactadas cos sindicatos. Acabamos de pactar con todos os sindicatos, salvo dous, a carreira profesional.

Señor Leiceaga, ¿como pode falar vostede do benestar e da conciliación, se cando chegamos ao Goberno había 14.000 dependentes atendidos e hoxe hai 55.000? E estamos por riba da media de España en porcentaxe de cobertura de dependentes atendidos. Hai un 85 % máis de prazas en escolas infantís; lista de espera, cero. Señor Leiceaga, eu creo que é unha axenda bastante reformista.

Agora, o día 17, imos falar co presidente do Goberno. Estou convencido de que imos seguir con esta axenda reformista, señor Leiceaga. Todo o que tiñamos comprometido seguirase executando, os prazos comprometidos solemnemente co país seguirán respectándose, seguiremos tendo un plantexamento vostede e mais eu de non discriminación no financiamento da comunidade autónoma.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Seguiremos velando por que os intereses da débeda pública non se lles condonen a outros e se lles cobren aos galegos. Seguiremos, en definitiva, avanzando a axenda reformista. Señor Leiceaga, conto con vostede.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, se lle plantexo isto, pois, cunha axenda que ten algunha similitude cunha investidura é porque dalgunha forma vostede acaba de recuperar dous anos para a súa acción de goberno cando estaba pensando noutra cousa. E eu creo que nestes dous anos a súa obriga é xustamente gobernar Galicia, utilizar ese case 20 % do PIB que os galegos e as galegas poñemos nas súas mans para mellorar as condicións de vida de todos. Esa é a súa tarefa prioritaria, a súa responsabilidade. Pero a axenda reformista, cando non cumpre a Lei da Compañía de Radio e Televisión de Galicia en relación co estatuto profesional, co Consello de Informativos, coa autoridade audiovisual e tantas outras cousas, pois non parece que estea plenamente cumprida. Cando non desenvolve as leis que aproba o seu Goberno, moitas veces co noso apoio, como a Lei de igualdade de trato, e non as leva á práctica plenamente, pois falta algo na súa axenda reformista. Cando non consegue levar á práctica o regulamento da Lei de servizos sociais ou o catálogo de espectáculos previsto na Lei de espectáculos, ou non pon en marcha a estratexia contra o cambio climático que está comprometida, ou ten moitas dificultades para pensar en termos de economía circular —que é un dos grandes eixos de futuro da Unión Europea—, pois algo falla nesa axenda reformista.

E agora que levamos varios anos de recuperación, dez trimestres, como di vostede —e a min parécese moi positivo isto—, eu pídolle tamén que recupere o Plan MOVE, que era unha vontade de transformar as infraestruturas do noso país, e volva poñer en marcha, por exemplo, a VAC do norte ou as conexións previstas en tantos lugares —recentemente estivemos en Carballo con ese cometido—.

Non pido imposibles. Se se dá conta, o que lle estou pedindo é que pase da retórica á realidade, que pase das meras frases ao cambio efectivo, que poña en marcha leis que vostedes aprobaron —moitas veces con nós, que a nós nos gustan esas leis—. Pero preferimos que se leven á práctica. Porque o reformismo é iso, o reformismo non é mera propaganda. E vostede prefere aprobar informes —87 informes neste período de sesións, cero proposicións de lei e 87 informes—. Ese é o seu reformismo, moita retórica e pouca axenda de cambio efectiva.

E, en relación co que vostede me plantexa, eu creo que vostede ten dúas tentacións —sempre lle gusta facer oposición a alguén, neste caso ao señor Sánchez, ou á oposición de aquí—, ten a tentación da aldea gala, de desentenderse de todo, ou a tentación de utilizar a Xunta de Galicia como un ariete conservador contra Pedro Sánchez.

Eu vexo o novo Goberno como unha oportunidade, e creo que temos que seguir sendo firmes na defensa das reivindicacións de Galicia, firmes, as reivindicacións que consensuamos, as reivindicacións que están dentro do marco legal e as reivindicacións que forman parte dos intereses da nosa cidadanía. Aí vainos atopar, con lealdade. Eu espero que lle vaia ben na reunión que vai ter proximamente con Sánchez. Vai ter o noso apoio —tamén o presidente Sánchez— para levar a cabo a axenda que entre todos nos damos para Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche desta pregunta polo señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor Leiceaga.

Insisto en que o debate do estado da Autonomía imos telo en outubro. Por tanto, imos ter ocasión de falar de todo o que vostede queira polo miúdo e en detalle.

Algunhas das leis das que vostede me fala sabe que están aprobadas polo Consello da Xunta. A partir de que unha lei está aprobada polo Consello da Xunta, a responsabilidade deixa de ser do Goberno. Pero temos que cumprir os compromisos de información pública, por suposto, e temos que cumprir todos os trámites posteriores á súa aprobación polo Consello da Xunta.

Vostede fálame de economía circular. Hai bastante molestia nos conselleiros de medio ambiente de España porque están traballando nos temas da economía circular e parece ser que hai un ministro do Goberno de España que vai presentar o traballo feito ata o de agora nun foro internacional na próxima semana sen falar nin sequera cos autores dos informes. Non parece que iso sexa moi axeitado. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non parece que sexa máis que apropiarse do traballo dos demais. Pero, en fin, se o que leva son os informes da economía circular galegos a eses foros internacionais, estamos de acordo.

Señoría, mañá imos celebrar un Consello da Xunta. Mire a orde do día e o índice, verá vostede como hai temas importantes. É a primeira vez que un goberno vai aprobar unha estratexia de retorno. Temos un retorno de persoas xóvenes dun 21 % máis que o pasado ano. Non está mal. Nunca vira unha estratexia de retorno das colectividades galegas para Galicia. Temos a piques de aprobar o plan forestal. Señor Leiceaga, ¿con quen está vostede?, ¿cos galegos e coa nosa riqueza forestal ou con outros intereses? Pode vostede volver demostralo, sen ningunha dúbida. Ten vostede moitísimas posibilidades de demostrar que vostede cre en Galicia, e que cre nunha reforma dos temas que non funcionan en Galicia. Deixemos xa de utilizar o monte como un tema partidista. Levo propoñéndoo dende que son presidente da Xunta, señor Leiceaga, pero levo propoñéndoo con cuestións concretas. Hai unhas recomendacións e hai un informe feito por este grupo parlamentario de máis de 240 folios. É a primeira vez que hai un informe deste contido, dende o punto de vista técnico, que este Parlamento pode avaliar. Veremos cal é a proposta do Partido Socialista. De momento foi votar en contra de case todo.

Pero, señor Leiceaga, vostede non quere falar dos asuntos que imos ter na axenda co presidente do Goberno. Admiro a súa prudencia. Admiro a súa prudencia que cambiou en catro semanas, señor Leiceaga. Di vostede que estivo falando do presidente Sánchez. Non, señor Leiceaga, para falar vostede do presidente, xa falou vostede do presidente Rajoy, e non hai hemeroteca suficiente para falar diso na súa boca. Eu, simplemente, estou dicíndolle ao presidente Sánchez que vou como un presidente leal, representante ordinario do Estado en Galicia, que non vou levar ningún símbolo en contra da Constitución, en contra das normas básicas de convivencia e que, dende logo, non lle vou pedir ao presidente Sánchez que faga ningunha ilegalidade.

Polo tanto, contan vostedes cun presidente leal. E iso deberían vostedes poñelo en valor, *(Aplausos.)* deberían poñelo en valor, sen ningunha dúbida. Vostede fala aquí de cambios. Eu

o que si lle propoño é que o Goberno de España non cambie, non anule e non escuse os compromisos que ten establecidos con Galicia. E o que tamén lle digo é que a nós, aos galegos, non nos van marcar a axenda nin os nacionalistas vascos nin os independentistas cataláns nin Podemos. Os galegos temos a nosa axenda, e eu espero que o señor Sánchez non marque a axenda dos galegos a través dos nacionalistas vascos, dos independentistas cataláns ou de Podemos. ¡Un respecto, señor Leiceaga, un respecto ao que votamos os galegos libremente!

Polo tanto, non imos admitir ningún tipo de interferencia nin ningún tipo de componenda para simplemente manter un presidente débil, o presidente máis débil que tivo España en corenta anos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Polo tanto, eu non vou pedir nada ao señor Sánchez que non lle pedira ao presidente Rajoy. Non vou cambiar nin unha coma e nin unha palabra do que lle pedín ao presidente Rajoy para pedir cousas distintas ao señor Sánchez. O que pido é que o señor Sánchez non cambie nin as comas nin as palabras que temos comprometidas os galegos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre o uso en beneficio propio ou partidario das institucións e medios públicos de Galicia

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días.

Señor Núñez, onte o parlamentarismo galego viviu un día triste e bochornoso. Debatiamos nesta Cámara o cesamento dunha valedora tras ter sido condenada a institución da Valedoría do Pobo pola súa intervención persoal nun procedemento de adxudicación dunha praza, na que se produciu —dixo a sentenza— vulneración flagrante de dereitos fundamentais e, ademais, obstrución ao propio tribunal ocultando certa información cando lle foi requirida.

Vimos onte como o Partido Popular tivo oportunidade de pronunciarse sobre esa situación, avalando o cesamento ou avalando a valedora, e decidiu avalar as prácticas que estaban precisamente censuradas na sentenza. Vimos onte un exercicio de aval político de enchufismo do bo, de enchufismo do clásico, de colocar os amigos, de colocar os fillos, os discípulos na universidade ou de colocar os irmáns dos dirixentes políticos en cargos da Administración.

Vivimos todo iso no día de onte coa estupefacción de toda Galicia, que non daba crédito a esta consolidación política dunha situación absolutamente bochornosa para a democracia.

Un enchufismo que deu lugar a que o Partido Popular quedase retratado onte do lado da corrupción e da vulneración dos dereitos fundamentais. Isto dicíao a sentenza: a actuación persoal da valedora producírase coa vulneración flagrante de dereitos fundamentais, de infracción do principio de igualdade, de mérito, de capacidade, e de desprezo do mérito dos demais. O Partido Popular puido situarse do lado da igualdade e situouse do lado dos apelidos. Puido situarse do lado da legalidade e situouse do lado da arbitrariedade. Puido situarse do lado das maiorías e situouse do lado do privilexio. E todo isto ¿por que, señor presidente? Porque vostedes levan a corrupción no seu ADN, porque forma parte do seu sistema operativo. E incluso cando non o fan vostedes, vostedes veñen á Cámara a avalar politicamente ese tipo de prácticas corruptas, un Partido Popular que onte se situou do lado do clientelismo, da devolución de favores. Iso dicía a sentenza, que a valedora actuou con desexo de favorecer a unha candidata, coa intención de favorecerla, con desprezo do mérito dos demais candidatos. E vostedes avalaron iso. E ¿por que o avalaron? Porque levaba o selo da familia Fraga, que a vostede tanto lle pesa.

Vostede onte, o Partido Popular onte, situouse do lado da obstrución da xustiza. Declarou a propia sentenza —reprochándollo á propia valedora— que, sendo presidenta da Comisión de Transparencia, fose ela quen lle negase información á propia sala para poder realizar ben as súas funcións.

Ontes, señor presidente, quedou retratado o Partido Popular, sacou a súa máscara democrática e manifestou e exhibiu sen pudor as súas prácticas corruptas. Demostraron vostedes que forman parte e que compoñen un sistema institucionalmente corrupto que non ten ningún inconveniente en colocar xente nas institucións que despois utiliza eses cargos para devolver favores desviando o poder do que tiñan que facer.

Fágolle unha pregunta: se o Tribunal Supremo confirma a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ¿vai vostede seguir respaldando a valedora do pobo? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Hai unha serie de afirmacións, unha vez máis, que a vostede o retratan dunha forma moi clara, ¡alá vostede! Oitocentos mil galegos somos corruptos por votar o Partido Popular, somos corruptos. Está falando vostede de familias que non se poden defender. Está vostede simplemente inxuriando e calumniando o maior partido democrático de Galicia. Pero ¿por que ten que actuar deste xeito?, ¿que é o que lle piden dentro para que vostede faga este tipo de espectáculos cada quince días? Pero ¿de verdade cre que así vostede vai consolidar o seu liderado? Se quere falar vostede de como se funciona nun partido político, mire cara aos movementos que vostedes preconizan. Iso si, se o invitan previamente.

Pero ¿verdade que vostede se avergoña moitísimas veces do que ten escrito no *Diario de Sesións*? ¿Verdade que isto é impropio dalgunha persoa que ten algúns coñecementos en de-

reito? ¿Verdade que xulgar unha persoa como vostede fixo, sen escoitala, é impropio de calquera sistema parlamentario?

A valedora explicouse no Parlamento. Cando a valedora chegou, vostede díxolle que se olvidara de dar explicacións, que o que tiña que facer, antes de entrar na Cámara, era dimitir. O Parlamento pronunciouse onte democraticamente. As razóns quedaron escritas na hemeroteca, e a demagogia tamén está escrita na hemeroteca do *Diario de Sesións*.

A Xunta non nomeou a valedora, nin ten nada que ver nese nomeamento. Eu asumo a responsabilidade que teño pero non as que non teño. A Xunta respecta a decisión do Parlamento, por suposto. Eu votei a favor, porque, en conciencia, creo que era a miña obrigaón.

Señor Villares, era moi fácil entregar a cabeza de alguén para que simplemente vostede non me fixera a pregunta. Pero facer o fácil en política moitas veces é facer o inxusto. Por iso, señoría, o certo é que hai unha sentenza que establece defectos nunha libre designación, que acredita, ademais, que se puideron evitar confusións e dúbidas —que o propio tribunal sinala— porque se acreditou que non tiña toda a información no expediente o tribunal —responsabilidade da institución da Valedoría do Pobo, sen ningunha dúbida, e non do tribunal—. A sentenza acatouse de forma inmediata —cousa que vostedes só acatan as que lles interesan— e anulouse esa designación.

Agora hai un recurso ante o Tribunal Supremo, e seguro que o Tribunal Supremo se vai pronunciar sobre dúas cuestións. A primeira: ¿que diferenza hai entre a cobertura dunha praza de libre designación e unha praza por concurso de méritos? —primeira pregunta—. E a segunda: ¿como é posible que sexa responsable dunha resolución quen non a ditou e non teña ningunha responsabilidade aquel que asinou a resolución? Creo que temos dereito a coñecer ese asunto. A vostede ¿non lle parece que temos dereito a que poidamos utilizar todas as vías xurisdiccionais en defensa da honra de calquera cidadán? A valedora ten dereito a facelo e a Valedoría ten dereito a facelo. E, por suposto, o vicevaledor que asinou todo o procedemento dende o principio ao final ten dereito a que sexa defendido, xa non polo seu grupo pero si por este grupo que cre na democracia, señoría. (*Aplausos*.) ¿Como é posible, señoría, que o Partido Socialista, que propuxo o vicevaledor, non diga nada sobre ese vicevaledor? ¿Vostede cre que nós estamos aquí para solventar os problemas internos do Partido Socialista? Agora, ¿que ocorre?, ¿que o Partido Socialista non lle quere ese valedor e quere poñer outro e para iso hai que cesar a valedora do pobo? (*Fortes aplausos*.)

Pero, señor Villares, ¿isto que é? Señor Villares, resulta curioso o seu papel de pseudoxuíz.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Resulta moi curioso, pero ¡alá vostede! Agora que, como di o meu amigo portavoz do Partido Socialista, van vostedes de vacacións, repase o *Diario de Sesións* e dígame simplemente se o que vostede di nesta Cámara é compatible con volver a un tribunal.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica do señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Se o que eu digo será compatible con volver ou non ao tribunal dirano outros órganos, non vostede, afortunadamente. (*Aplausos.*) Porque, se de vostede dependese, aquí non habería separación de poderes. Porque onte subiu a señora Prado aquí ao estrado a dicir que eles non tiñan por que acatar a sentenza xudicial e que aquí non había... (*Fortes murmurios.*), que para o Partido Popular non había desviación de poder, para o Partido Popular non hai desviación de poder e que as responsabilidades que veñan dunha sentenza nada teñen que ver co que se fale aquí no Parlamento. ¡Menos mal que non deciden vostedes quen está en cada poder do Estado! Así que, afortunadamente, iso non vai pasar.

Mire, que reduza vostede a defectos de forma o que di a sentenza, cando fala do artigo 62.1.a) da Lei de procedemento administrativo, que explicitamente fala dos dereitos fundamentais, daqueles que son susceptibles de amparo constitucional, é unha vergoña democrática. E é denigrar os dereitos do resto de aspirantes que quedaron excluídos por unha actuación caciquil da valedora. E, polo tanto, vostede sitúase unha vez máis en contra dos dereitos fundamentais e a favor do enchufismo e do clientelismo. Pero, claro, para iso hai que ter lido a sentenza, hai que ter lido a lei, e, claro, xa se ve que non está do dominio de todos. Dende logo, non do seu, nin da xente que lle escribe os papeis.

Fala vostede de que o outro día lle dicíamos que a valedora non tiña que explicarse. Por suposto, a explicación fundamental está na sentenza dada, ¿ou quere que lle emendemos a plana á sentenza como están facendo vostedes dicindo que non recoñecen as actuacións xudiciais? Nós si que as recoñecemos.

Veú onte a dicir a señora Prado —co aval de vostede unha vez máis aquí— que, bueno, que había defectos de forma, que non se plantexara ben, que non se presentaran todos os documentos; en definitiva, que houbera unha mala defensa, unha mala defensa que é sorprendente por unha razón, e é que a valedora do pobo propuxo unha reforma do Regulamento do propio Valedor do Pobo co aval do Partido Popular e co voto en contra de En Marea, publicada o 12 de febreiro deste ano no *Diario Oficial de Galicia*, na que no artigo 7, apartado k), se lle permite á valedora designar libremente e decidir sobre a representación e a defensa en xuízo. ¡Vaia!, unha reforma do Regulamento xusto antes de que a valedora tivese que comparecer neste procedemento do que finalmente foi condenada. ¿Sabía isto vostede, señor presidente da Xunta de Galicia? ¿Sabía vostede da existencia desta reforma regulamentaria con este contido? Pode explicar agora se a coñecía, porque é unha suma de casualidades tan grande... Decía onte a señora Prado: «É unha suma de casualidades». Non, señor presidente, en política e na vida non todo son casualidades cando todo suma no mesmo sentido. Non é casual que a persoa escollida tivese unha relación co catedrático da propia valedora, non é casual a relación do propio especialista —que non é especialista nin fixo ben o seu traballo á hora de facer os informes das persoas que presentaron o currículo—, non era casual que fosen designados seguramente na Xunta Electoral de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ... polo Partido Popular e que despois fallase precisamente na emisión dese informe. Non é casual a reforma do regulamento. Non é casual a persoa designada. ¡Todo son casualidades! (*Murmurios.*) ¿Todo son casualidades, señor presidente?

Queremos explicacións e queremos saber que vai facer vostede se a sentenza vén confirmada.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta.

Presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Villares, eu comprendo a súa situación persoal dentro do seu grupo pero non debe... (*Fortes murmurios.*) Dígollo porque, con independencia de todo, aínda que vostede non me teña respecto a min, eu si lle teño respecto. (*Murmurios.*) Comprobarao cando non estea aquí.

Polo tanto, señor Villares, se as cousas non van ben —como di un dos líderes que o quere substituír—, eu non teño a culpa, señor Villares. Se as cousas non van ben no seu grupo, na súa amálgama de grupos, se onte mesmo un deputado dun dos grupos que forman En Marea di que se vai do seu grupo para ir a outro, (*Murmurios.*) se a vostede simplemente o queren relevar do seu cargo, non debe vostede hiperactuar, porque ao final En Marea segue outorgando contratos menores aos firmantes dos manifestos. Ao final, señoría, A Marea segue con contratos a persoas que firman manifestos a favor da propia Marea. E ao final, por exemplo, na Marea da Coruña anuláanse 11 libres designacións. ¿Quere dicir que hai 11 motivos para que dimita o alcalde da Coruña? (*Fortes murmurios.*) Pero, señor Villares, respectemos os tempos e respectemos as verdades.

Non teño ningunha dúbida, pero... (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! (*Murmurios.*)

(*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*)

¡Señor Pazos! (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*)

¡Señor Pazos! Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non teño ningunha dúbida de que a defensa dese caso —na miña opinión, como licenciado en dereito— é unha defensa bastante deficiente. E non teño tampouco ningunha dúbida de que, se o tribunal tivera toda a información, ao mellor a sentenza non era a mesma.

Pero vostede fala de separación de poderes. Vostede o outro día acusou un catedrático de dereito do traballo da Facultade de Dereito de Santiago, que leva nada máis e nada menos que vinte e catro anos na Xunta Electoral, dicindo que fixera un informe a favor da valedora simplemente porque era un señor do PP. Entón, vostede ¿que pensa do xuíz Villares? ¿Estaría inhabilitado o xuíz Villares para ditar sentenzas ao mesmo tempo que se preparaba, naméntres as ditaba, para ser candidato á presidencia da Xunta? Pero, señor Villares, non é que se preparase para unha xefatura de servizo nunha administración pública. Non, non, vostede estaba ditando sentenzas e simultaneamente estábase preparando para ser candidato á presidencia da Xunta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Señor Villares, eses son os datos e eses son os feitos. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio! *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero, señor Villares, ¿de verdade que vostede ten o valor para vir aquí e exixir a dimisión da titular dunha institución —que ten que ser o Parlamento e non a Xunta o que a cese— despois de ter sentada detrás de vostede a unha deputada como a que ten —da que vostede solemnemente pediu a súa dimisión e dixo que ese atestado, se se ve desde o punto de vista xurídico, tiña polo menos tres ou catro delitos—? *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero, señor Villares, ¿de que está falando vostede aquí? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Dime se nós imos respectar a sentenza. Si, señor Villares, é que nós somos demócratas. Vostede debería facer un exercicio de responsabilidade e explicar como é posible que vostede estivera ditando sentenzas contra a Xunta de Galicia simultaneamente á súa preparación da súa candidatura. *(Murmurios.)* E iso vaino perseguir a vostede durante a súa biografía política. É certo que probablemente o vaia perseguir durante pouco tempo.

Pero, adicionalmente, señor Villares, preguntame —se o Tribunal Supremo considera que esa sentenza é firme— que vai facer este grupo. Tomar nota da sentenza do Tribunal Supremo.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.)

(O señor Villares Naveira pide a palabra.)

Si, señor Villares, ¿para que quere a palabra?

O señor VILLARES NAVEIRA: Para que o señor presidente da Xunta retire as últimas expresións, que son formalmente inxuriosas, non porque mas impute a min senón porque llas imputa...

O señor PRESIDENTE: Non, non.

O señor VILLARES NAVEIRA: Non, non, escoite, escoite. Porque llas imputa a toda unha sección que forman sempre tres ou cinco maxistrados.

O señor PRESIDENTE: Non, creo que...

O señor VILLARES NAVEIRA: E, polo tanto... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Villares, non, non.

O señor VILLARES NAVEIRA: E, polo tanto...,

O señor PRESIDENTE: Non.

O señor VILLARES NAVEIRA: E, polo tanto... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non. Debate político, debate político... *(Fortes murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non ten o uso... *(Fortes murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, ¡silencio! Non se meta vostede nisto que estou falando co señor Villares. Non se meta niso.

Este é un debate político. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Aquí escoitei de todo. *(Fortes murmurios.)* ¡Silencio! ¡Xa está! *(Fortes murmurios.)* Non procede. Non, non, ¡xa está! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non se meta vostede tampouco. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Xa está! Non, non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)* Non, diso non sei... *(Protestas.)* Aquí ninguén acusou a ninguén. *(Protestas.)*

¡Silencio!

(Protestas.)

Tranquilidade. *(Proseguen as protestas.)*

(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)

Terminou o seu turno. Non, non, ¡xa está! *(Protestas.)* ¡Terminou! *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non, ¡debate político! *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*
¡Debate político! *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Terminou!
(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, non, non, xa está... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Señor Villares, silencio! *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Chámoo á orde, señor Villares. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Villares, chámoo á orde. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Villares, ¡chámoo á orde! *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Villares, dúas máis e xa sabe o que supón. Chámoo á orde.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) Vostede non se meta neste asunto.

¡Chámoo á orde, señor Villares, unha vez! *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

¡Xa está! *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Terminou! *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Terminou!

(Aplausos.) *(Murmurios.)*

Procedemos ao debate acumulado de tres proposicións non de lei. En concreto, unha do Grupo Parlamentario de En Marea, outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Popular.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consecución do obxectivo de incorporar o pazo de Meirás ao patrimonio público de xeito gratuíto

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do apoio a iniciativas relacionadas coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das conclusións inseridas no informe da comisión de expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para analizar as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade das torres ou pazo de Meirás, así como a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto

O señor PRESIDENTE: Presentou emendas o Grupo Parlamentario de En Marea, o Grupo Parlamentario dos Socialistas e tamén o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución á proposición non de lei do G. P. de En Marea (doc. núm. 26542).

Débase substituír o texto resolutivo polo seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Primeiro- Demandar da Administración Xeral do Estado a que, á vista dos informes elaborados pola Xunta pro-devolución do Pazo de Meirás e Comisión de Expertos, e en exercicio da súa lexitimación activa, interpoña as accións xudiciais reivindicativas oportunas dirixidas ao obxectivo de incorporar o Pazo-Torres de Meirás ao Patrimonio público, para o seu posterior uso conveniado como espazo da memoria histórica democrática de Galicia.

Segundo. Persoarse en dito procedemento xudicial no momento procesual oportuno, e na condición de parte coadxuvante adhesiva.

Terceiro. Dar traslado do seguinte acordo, así como dos informes e documentación referidos anteriormente, á Administración Xeral do Estado, Congreso, Senado e grupos parlamentarios das Cortes Xerais.”)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz, Xoaquín Fernández Leiceaga, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á proposición non de lei de En Marea (doc. núm. 26542).

Emenda de substitución.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar da Administración Xeral do Estado o exercicio da acción legal civil dirixida a reivindicar o Pazo de Meirás como ben demanial da Administración Xeral do Estado e a obter, polo tanto, a restitución da súa posesión, e a súa incorporación ao patrimonio público, seguindo o informe da Comisión de Expertos sobre o Pazo de Meirás nomeada pola Xunta de Galicia e á vista das consideracións

histórico-xurídicas do informe da Xunta Pro-devolución do Pazo de Meirás, promovida pola Deputación Provincial da Coruña.

2. Incorporarse, en canto sexa exercitada esa acción legal, ao proceso civil como coadxuvante adhesiva.”)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Pontón Mondelo, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á proposición non de lei de En Marea (doc. núm. 26542).

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego adopta como resolución:

1. Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.

2. Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.

3. Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.

4. Recoñecer o importante traballo que se resume tanto do informe realizado polo encargo da Deputación da Coruña e a Xunta Pro-Devolución do pazo de Meirás e polo informe da Comisión de Expertos nomeada pola Consellaría de Cultura, Educación e ordenación Universitaria e instar á Xunta de Galiza a remitir este informe, con todos os seus anexos documentais, á Administración Xeral do Estado coa petición de que se realicen todas as accións necesarias para a recuperación -sen ningún custe para as administracións públicas- dos bens espoliados pola familia Franco e nomeadamente as relacionadas coa recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público, para a súa posterior conversión en espazo da memoria histórica democrática galega.”)

O señor PRESIDENTE: Comezamos o debate, e para iso ten, en primeiro lugar, a palabra, polo Grupo Parlamentario de En Marea e por un tempo de dez minutos, o señor Antón Sánchez.

Por certo, todas as proposicións non de lei que imos debater —estas que van acumuladas— son sobre a incorporación ao patrimonio público das torres ou pazo de Meirás.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Marcha tan rápido o señor Feijóo que nin sequera pode escoitar, non queda a escoitar falar do pazo de Meirás. As fotos con Marcial Dorado si que o van per-

seguir toda a vida ao señor Feijóo, iso si que está claro, (*Aplausos.*) e ben se viu na carreira sucesoria ao señor Rajoy, que disque non era o presidente máis débil da democracia pero tivo que escapar por corrupto.

Ben, hoxe imos falar dun símbolo da infamia e da conservación dos privilexios do ditador e da familia do ditador, que pode ser un símbolo da memoria democrática deste país. Vou comezar por ler unha entrevista que hai pouco lle facían a Manolo Rivas, e dicía: «España é unha democracia amputada, xa non ten sentido discutir quen debía de ter ido á cadea, pero a xente debe saber que un torturador como Billy El niño segue campando e que nunca houbo unha comisión da verdade. Vimos na televisión campos de concentración nazis, pero non franquistas, que os houbo. Pódese acceder a documentos de Estados Unidos; pero aos de aquí, non. Ao que non podemos renunciar é á verdade, nunca é tarde. A nosa serie negra — esa que din que non tivemos — está nos libros da Guerra Civil. A diferenza é que aquí a mafia, a organización criminal, a ocupaba o Estado. Escandalosamente, a suspensión das conciencia prevaleceu moitos anos na xustiza cara a represión e os horrores do franquismo. Unha cousa son as amnistías e outra as absolutas amnesias históricas. Creo que esta posición da amnesia retrógrada, a belixerancia contra o proceso de memoria histórica, a oposición tan groseira á exhumación dos restos dos desaparecidos na guerra e na posguerra, o desinterese cara aos exiliados ou a indiferenza na honra aos loitadores da resistencia ou aos mortos nos campos de exterminio nazi, todo iso, non aportou, dende logo, nada positivo a este país, pero tampouco ao campo político e intelectual que mantivo esa mentalidade de amnesia retrógrada. A dereita debería de dar ese paso moral de despegarse definitivamente do complexo de Creonte. A democracia ten que asentarse nunha memoria democrática». Creo que veñen moi ao conto estas palabras de Manolo Rivas.

Hoxe este Parlamento, o Parlamento galego, pode facer un acto de xustiza democrática. A propiedade do pazo de Meirás é unha infamia que dura xa moitas décadas, demasiadas décadas. Moito tempo tardamos en tomar a iniciativa de converter un símbolo da infamia nun símbolo da dignidade democrática en homenaxe ás vítimas neste Parlamento. A entrega do pazo de Meirás ao ditador Franco en 1938 foi un espolio organizado por autoridades e membros significados do bando franquista, que en todos os casos ou en moitos casos forzaron os veciños e veciñas a achegar diñeiro e terras para que o ditador gozase da propiedade gratuitamente sen ningunha garantía legal para esas persoas e utilizando todo tipo de ameazas e coaccións sobre as familias propietarias. A devolución, pois, gratuíta do pazo de Meirás, a recuperación democrática do pazo de Meirás, é un acto de xustiza, trátase de deixar sen efecto un acto de espolio e expropiación forzosa da ditadura franquista. Trátase de recuperar para o pobo a dignidade e os bens roubados.

E hai que comezar tamén por agradecer o pulso levado durante todos estes anos pola sociedade civil organizada, e moi especialmente pola Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica. Hai algún membro que nos acompaña hoxe. Benvidos. Tamén benvidas as persoas que ocuparon simbolicamente o pazo de Meirás para reclamar a súa devolución ao público. Benvidos. Benvido tamén o alcalde do Concello de Sada.

E —como dicía— hai que agradecer a toda esa xente que estivera loitando durante anos cando o foco non estaba posto aí, cando molestaba. Esa xente que pelexou durante anos é a

que conseguiu avances neste asunto. Grazas á xente que traballou por manter viva a chama da memoria, coñecemos a historia infame e sabemos que non foi un agasallo do pobo. Os herdeiros da propiedade, os herdeiros do fascismo, teiman hoxe en día por facer do pazo de Meirás o testemuño da súa impunidade, o monumento da impunidade dos seus fachendosos abusos, dos seus privilexios. Non hai máis que ver como reaccionan ante as demandas democráticas da sociedade, como reaccionan ante a ocupación simbólica do pazo de Meirás. Esas persoas reaccionan como quen reacciona sabedores de que aínda conservan determinados privilexios que conservaron nesta chamada democracia; ou como reaccionan diante das actuacións do Concello de Santiago para recuperar as esculturas de Abraham e Isaac denunciándoo.

Polo tanto, hoxe exploramos aquí as vías legais actuais para recuperar o pazo de Meirás para o público. E tamén teremos que confiar na xustiza actual e na lexislación actual cando sexan xulgadas esas persoas, esas 19 persoas —casualmente o 18 de xullo deste ano—, para que todo saia ben e queden absoltos completamente por facer un acto de xustiza. Pero, digo máis, se calquera destas dúas cousas non sae así, o que haberá que concluír é que esta lexislación non é xusta e que haberá que cambiar esta lexislación. Porque, se isto é así e esta lexislación permite seguir aos Franco desfrutando deste pazo de Meirás ou condena unhas persoas por facer un acto simbólico, é que esta lexislación non vale nin é democrática, e haberá que mudala.

Polo tanto, cremos que é unha vontade maioritaria dos galegos e galegas converter o pazo de Meirás nun símbolo da memoria histórica democrática incorporándoa ao patrimonio público, e que as diferentes administracións —o Estado, a Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña e o Concello de Sada—, dun xeito coordinado, o destinen a usos públicos centrados na memoria histórica galega reivindicando os valores republicanos e democráticos.

E nós, no Parlamento de Galicia, temos que atender esa demanda maioritaria. Téñense producido diferentes iniciativas para estudar as vías legais posibles para acadar o obxectivo da acción civil e de recuperación posesoria da propiedade. As dúas principais foron, unha, a creación da Xunta Pro-devolución do Pazo de Meirás, impulsada pola Deputación da Coruña, que concluíu cun informe que apostaba por recorrer á vía civil para a recuperación con base na nulidade do contrato de compravenda por simulación de contrato, e a posterior incorporación ao patrimonio nacional, ao patrimonio público; e, a segunda, a creación dunha comisión de expertos que recentemente fixo público o informe no que se incide tamén pola vía xudicial e insiste en que é viable defender a adquisición da usurpación da condición de venda de dominio público, e ínstase o Estado para o exercicio da acción civil para a restitución da súa posesión. En ambas as dúas estratexias a participación activa do Estado é fundamental, e non é incompatible coa incorporación, no momento oportuno, da Xunta de Galicia ao procedemento xudicial que se inicie. Si que hai diferenzas de enfoque, hai diferenzas de matiz, pero existe un acordo no fundamental: a recuperación do pazo de Meirás como reparación democrática dun acto de espolio, e ten a vía civil como a vía escollida para facelo. E non é pouco. Hai discrepancias, como se reflectiron no posicionamento da Deputación da Coruña ou do Concello de Sada, como se reflectiron no posicionamento da Deputación da Coruña ou do Concello de Sada, expresadas no voto particular en canto á hipótese indemnizadora, fundamentada nesa suposición de posuidores de boa fe dos descendentes de Franco, cousa que negamos, como negan a Deputación e o Concello de Sada. Considerar

a condición de boa fe dos posuidores, cando no propio informe consta que eran coñecedores cabalmente da orixe desta propiedade, creo que non é realista e é contraditorio co informe, que, ademais, pide a recuperación gratuíta do pazo.

Pero neste caso cremos que as discrepancias non deben poñer en perigo un acordo, porque no fundamental estamos —creo— de acordo. Non deixemos morrer esta oportunidade. Atrévome a dicir que sería unha irresponsabilidade e unha deslealdade con esa xente que estivo a pelexar. Hai que actuar, hai que dicirlle ao Estado que actúe, e a Xunta ten que incorporarse posteriormente. Sexamos responsables. Incorporaremos tamén o informe da Deputación a esa información que se lle debe trasladar ao Estado e aos grupos parlamentarios do Congreso. Son dous traballos que teñen o seu valor, que teñen traballo detrás, que poden servir para esa acción reivindicadora do Estado. Incluamos iso, incluamos a Xunta de Galicia tamén no procedemento xudicial, e creo que podemos ter hoxe un acordo histórico.

Este Parlamento debe mandar, pois, á Administración xeral do Estado que interpoña as accións xudiciais reivindicativas oportunas dirixidas ao obxectivo da incorporación do pazo de Meirás ao patrimonio público, niso estamos de acordo. Creo que hai, polo menos, dous grupos que propoñemos que se incorpore tamén a Xunta ao procedemento xudicial. Creo que é razoable. E propoñemos, tres dos catro grupos, que o informe da Deputación non sexa desbotado e se incorpore tamén a esa información que hai que trasladarlle ao Estado para que inicie, para demandarlle que inicie, este proceso xudicial. É o momento de que este Parlamento inste unanimemente o Goberno do Estado para que inicie ese proceso xudicial conducente a recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público e facer xustiza, porque cremos que hai que recuperar o pazo de Meirás para a dignidade. Por toda esa xente que sufriu a represión, por toda esa xente que sufriu a violencia dunha ditadura brutal, por toda esa xente que seguiu pelexando nos tempos difíciles, creo que é unha obriga de todas e de todos nós ese acordo para trasladarllo ao Goberno do Estado.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día a todos e a todas de novo.

Permitídemme, en primeiro lugar, que saúde as persoas que están seguindo este debate desde a tribuna, e moi singularmente a esas persoas que o pasado 30 de agosto protagonizaron un acto, que foi un acto non só de dignidade para este país, senón tamén de rebeldía, despregando esas dúas faixas no pazo de Meirás que din o que en teoría dicimos todos e todas, e é que o pazo é do pobo galego, que é un pazo ocupado pola familia Franco *(Aplausos.)* e que a única vía democrática é que ese pazo sexa devolto.

Evidentemente, eu creo que esta acción tivo moita importancia en que hoxe esteamos debatendo aquí sobre este aspecto, e tamén foi un golpe de atención que permitiu expoñerlle ao mundo a aberración democrática que estamos vivindo neste país: ver como a familia

Franco, despois dunha suposta transición que para algúns foi modélica —para outros, desde logo, moi frustrante—, permitiu que bens que foron espoliados e roubados sigan formando parte do patrimonio persoal. E nós aledámonos de que este tipo de actuacións sirvan para que, efectivamente, neste país as cousas se movan, e que se movan nunha dirección que nos permita acabar con esta impunidade. Porque é absolutamente grotesco o que estamos vivindo. Eu quero lembrar que esa acción se fixo no seu momento porque saltara a nova de que a Fundación Franco estaba xestionando as visitas do pazo de Meirás, e que a Xunta o sabía e que non fixo absolutamente nada. Era unha maneira de mostrar o noso desacordo con esa complicidade, que se segue vendo en feitos coma ese —que hoxe seguen, por certo, xestionando sen que haxa ningún tipo de sancións—.

E, efectivamente, estas non son as únicas persoas que están neste momento perseguidas pola familia Franco, porque está moi claro que a familia Franco cre que pode seguir coa política do medo e con actuacións xudiciais absolutamente abusivas. Hai tamén outras persoas que tamén despregaron unha pancarta na Casa de Cornide —que é outro exemplo do espolio e do roubo que se produciu neste país— e que xa están chamadas polos xulgados o próximo 18 de xullo.

E, efectivamente, se estamos de acordo en que é unha barbaridade a situación que ten o pazo de Meirás, o lóxico é que este Parlamento amose a súa solidariedade con esas persoas que están sendo perseguidas por facer un acto democrático. Porque é democrático que poidamos ir a calquera espazo público a expresar por vías pacíficas as nosas ideas.

Por iso nós hoxe propoñemos na nosa iniciativa que expresemos ese apoio ás persoas que realizaron esa acción pacífica e simbólica no pazo de Meirás, que manifestemos o noso rexeitamento a esa política de acoso xudicial que ten posta en marcha a familia Franco e a Fundación Franco, e que, ao mesmo tempo, tamén fagamos un exercicio de poñernos de acordo en algo que é esencial, e é que o fascismo é incompatible coa democracia. É incompatible que siga existindo unha Fundación Francisco Franco que di que entre os seus méritos, que entre as súas funcións, está exaltar a ditadura e os feitos absolutamente condenables que pasaron neste país e que aquí todo o mundo mire para outro lado. Por iso nós tamén queremos hoxe que este Parlamento reclame a ilegalización da Fundación Francisco Franco, porque é unha aberración democrática que siga existindo neste momento. *(Aplausos.)*

Insisto, señorías, podemos ver o que pasou en Alemaña, creo que é moi interesante ir visitar algúns centros da memoria e ver a diferenza no trato en relación co fascismo que hai no Estado español e que hai neste país. En Alemaña non hai fundación Hitler, sería unha auténtica aberración ver unha fundación Adolf Hitler xestionando visitas turísticas na residencia de Berghof que tiña Hitler. Pero, sen embargo, en Galiza isto segue pasando. E é —desde logo para nós— unha auténtica aberración que non pode continuar porque é ferinte para a democracia, é ferinte para as vítimas e é ferinte para a dignidade dun país.

E, efectivamente, na nosa proposta hai un cuarto punto que ten que ver con outras iniciativas que presentan aquí tanto o Grupo Popular como o Grupo de En Marea, e que ten que ver coa recuperación do pazo de Meirás.

E a min, aínda que sexa dunha maneira moi sintética, tamén me gustaría facer un pouco de memoria de como chegamos aquí. Porque creo que é importante que valoremos os feitos pasados para entender mellor e valorar ben as aportacións que cadaquén fixo e que cadaquén fixo a este debate.

Efectivamente, nós chegamos aquí porque houbo un movemento de recuperación da memoria histórica que durante moitos anos estivo clamando contra esa lousa imposta á verdade, esa lousa que, en certa maneira, se pactou na transición. Chegamos aquí tamén porque hai organizacións políticas como o BNG e como todo o nacionalismo galego naquela etapa que cuestionaron esa transición, que era un pacto co franquismo. E expresou naquel momento, como seguimos expresando hoxe, que é necesaria unha ruptura democrática para acabar cos graves problemas que hai nunha democracia de baixa calidade como é a que sae do réxime de 1978. Non podemos obviar que hoxe se segue perseguindo as persoas polas súas ideas políticas, segue habendo presos políticos por defender o dereito a votar dos pobos, segue existindo persecución no Estado español polas ideas e iso é incompatible coa democracia. (*Aplausos.*) Mentres, iso si, impunidade real. Acabamos de velo hoxe con esa denuncia que fai Corina de que o rei a estaba utilizando de testaferro polas súas contas en Mónaco e parece que aquí iso vai seguir sendo un segredo de Estado sobre o que non imos poder nunca incidir.

En todo caso, quero seguir con ese relato. Efectivamente, hoxe chegamos aquí porque houbo un goberno que puxo en marcha unha política de recuperación da memoria histórica e declarou BIC o pazo de Meirás, naquel momento en que o señor Feijóo —ausente, coma sempre, nos debates do Parlamento— dicía que eran unhas torres que non tiñan ningún tipo de valor. E chegamos aquí porque houbo decisión e impulso social en relación con que había que acabar coa impunidade do franquismo.

E damos este debate tamén nun novo contexto que eu non podo obviar. Despois de tanto tempo de agardar por ese famoso informe da comisión de expertos, tivo que haber un cambio de goberno no Estado. Non sei se iso acelerou ou decelerou que se publicara este informe. En todo caso, é un debate menor.

Nós alegrámonos de que haxa unha disposición a poder abordar temas sobre memoria histórica dunha maneira diferente. Parécenos ben que o Goberno central situase como unha prioridade que Franco saia do Val dos Caídos. Tamén queremos dicir que en Galiza non queremos os restos do ditador, que desde logo sería unha humillación maior para este país, que foi onde máis represión houbo. Porque en Galiza non houbo guerra, en Galiza só houbo un bando, que ademais exterminou a miles de persoas dunha maneira absolutamente brutal. (*Aplausos.*) Está aí a historia para recordalo e é importante.

Pero igual que está na axenda política o Val dos Caídos, ten que ser unha prioridade a recuperación non só do pazo de Meirás, senón tamén da Casa de Cornide e das estatuas de Isaac e Abraham. Porque é relevante que haxa un compromiso e que non se mire para outro lado, e que tampouco se busquen subterfuxios para acabar indemnizando a familia Franco. Porque isto sería unha nova labazada na dignidade e na memoria das vítimas.

Nós alegrámonos de que o Partido Popular —polo menos formalmente— vaia movendo ficha. Porque o PP é o partido que presumía de que dedicaba cero euros á memoria histórica, é o partido cuxo ministro de Xustiza se despediu en plena moción de censura concedéndolle o ducado de Franco á sobrinísima; todo atado e moi atado, na mellor tradición franquista. Tamén o Partido Popular do señor Feijóo é o que lle deu 60.000 euros públicos á familia Franco para que cumprira coa súa obriga legal de abrir as torres de Meirás.

E, efectivamente, hoxe chegamos aquí con dous informes. E eu creo que isto é importante que o digamos, porque o PP só reconece un informe. E, ¡home!, creo que é o mínimo que recoñezamos que hai dous informes. Un primeiro informe que fai a Deputación da Coruña, que abre unha vía importante —e nós cremos que sólida desde o punto de vista xurídico— para recuperar o pazo de Meirás. E un segundo informe, que é o informe que fixo esa comisión de expertos designada polo Partido Popular, a través do conselleiro de Cultura, que á última hora introduce nas súas conclusións unha cláusula que —tamén o temos que dicir— a nós nos preocupa moito, porque é unha cláusula que abre a posibilidade de que se poida indemnizar a familia Franco por recuperar un ben que foi espoliado, que xa pagamos todos os galegos e galegas e, por certo, cun alto custo non só económico senón tamén en sufrimento e en abuso. Ademais, é un informe que eu quero resaltar que incumpre a propia resolución do Parlamento. Porque hai uns meses o PP dicía que non se podía pagar nin un só euro pola recuperación do pazo de Meirás. Entón nós cremos que ese é o punto de partida, é un punto de encontro, e presentamos unha emenda a todas as iniciativas que se debaten, precisamente con esa funcionalidade. Nós cremos que é importante que haxa un acordo, pero ten que ser un acordo que salvagarde a dignidade deste país.

Hai dúas vías abertas. Recoñezamos esas dúas vías. Reclamémoslle ao Estado que actúe. Parecénos ben que, unha vez que se inicien eses procesos civís, tamén se poida incorporar a Xunta de Galiza. Pero cremos que é fundamental que garantamos hoxe no acordo deste Parlamento que nós o que exiximos é que nos devolvan o roubado, e que sería unha humillación e unha labazada á democracia e ás vítimas do franquismo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que houbera algún tipo de indemnización.

Esa é para nós unha cuestión relevante e agardamos que hoxe neste Parlamento todas e todos os grupos esteamos á altura do reto que como país temos por diante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Ben, señorías, hoxe temos unha gran oportunidade de facer un exercicio democrático e, con iso, entre outras cousas, de contribuír a demostrar unha vez máis a superioridade moral deste sistema noso, do sistema democrático, sobre calquera outra

forma de goberno, e, moi particularmente, sobre as formas de goberno baseadas na negación dos dereitos, das liberdades fundamentais, da pluralidade e do debate público e libre das ideas.

E falo de que podemos facer un exercicio de democracia —porque o noso plantexamento neste debate non é a primeira vez que o facemos, e no que creo que temos actuado con bastante coherencia— por dous motivos. En primeiro lugar, porque, como se sabe, a democracia é algo máis que a estreita concepción, a restrinxida concepción, de que é unha competencia electoral e, polo tanto, o resultado de votacións libres e de participación dos cidadáns a través das votacións. A democracia é precisamente superior desde un punto de vista moral porque se basea na discusión pública, no contraste de ideas; e, xunto coa posibilidade de votar, pódese falar sen medo á represión. A democracia, efectivamente —como di, entre outros, Rawls—, non é outra cousa que o exercicio da razón pública. E menciono que a democracia é debate porque quero recordar a orixe desta nosa iniciativa, que é o resultado dunha deliberación democrática nesta Cámara, concretamente a que se produciu en agosto do ano 2017, nun contexto no que, celebrando unha deputación permanente, os grupos da oposición traen a cuestión do cumprimento da normativa que afecta os bens de interese cultural por parte dos propietarios, pola familia Franco, do pazo de Meirás. No curso do debate un dos portavoces da oposición, nomeadamente o portavoz socialista, propuxo a posibilidade de facer unha comisión que estudase as posibilidades legais de devolver ao patrimonio público o pazo de Meirás, iniciativa que nós consideramos interesante e da que xorde despois esta outra aprobada en setembro de 2017. Quero dicir que, lamentablemente, só cos votos do Partido Popular, aínda que nas súas exposicións todos os grupos coincidiron en que sería interesante ter un apoio xurídico a esta petición.

E digo isto, de que é froito dunha deliberación, porque o Grupo Popular non se quere colgar ningunha medalla, non quere que isto sexa outra cousa que unha iniciativa conxunta de toda a Cámara de Galicia.

Nós dixemos desde o primeiro momento que nesta cuestión procuramos o consenso, e desde logo xa anuncio, en relación coas emendas presentadas á nosa iniciativa e coas exposicións feitas ata o de agora, que non temos ningún inconveniente en que na proposta finalmente aprobada incluíamos unha referencia aos que moito antes de que se xerese este consenso sobre a volta de Meirás ao sector público nesta Cámara loitaron por facer xustiza nesta materia. E saúdo a moitos dos representantes das asociacións de memoria histórica que nos acompañan nesta sesión.

En segundo lugar, este é un debate que pode reforzar a democracia. Porque, en segundo lugar, se algo é a democracia é o respecto á lei, á lei entendida como o resultado da vontade popular e á lei entendida como resultado da aplicación por poderes públicos e independentes e sempre desde o principio da igualdade de todos.

E precisamente porque queremos demostrar a superioridade moral da democracia sobre a ditadura pensamos que, fronte a calquera discrecionalidade e vulneración do Estado de dereito propio desas ditaduras de carácter personalista, o que correspondía facer é, primeiro, un estudo xurídico da viabilidade da reivindicación. Isto foi o que demandou a Cámara. E

está aquí hoxe o conselleiro de Educación e Cultura, que foi o responsable do Goberno en darlle cumprimento a esta resolución. E constituíuse unha comisión plural desde o punto de vista ideolóxico, desde o punto de vista das administracións integradas, onde estaban tanto representantes do Concello de Sada, como da Deputación, como da propia Xunta, pero tamén das universidades, dos colexios de notarios e dos colexios rexistradores; unha comisión que, ademais de plural, era moi cualificada tecnicamente e que é a que nos achega a conclusión que vén no informe. É un informe que nós, polo tanto, unha vez que esa comisión plural e tecnicamente cualificada nos di que hai un fundamento legal para reclamar a reversión á propiedade pública do pazo de Meirás, estamos dispostos a apoiar sen ningún lugar a dúbidas.

Quero aproveitar para agradecerlle ao conselleiro de Educación e Cultura que fixese un encargo tan ben entendido en relación co debate e co que demandou esta Cámara, así como aos membros da comisión, encabezados polo doutor Núñez Seixas, que fixeran un gran traballo tanto xurídico coma histórico.

O documento que hai uns días presentaron nesta Cámara o que nos di é que hai actuacións xudiciais concretas e tamén que hai capacidade para que a Xunta coadxuve no procedemento no caso de que o Estado decida emprender accións legais. Xa o ten manifestado o presidente e xa o reitero agora: son as emendas que nos presentan tanto o Grupo de En Marea coma o Grupo Socialista para introducir un segundo punto no que a Xunta se comprometa a incorporarse a ese procedemento unha vez iniciado ante o tribunal correspondente de Betanzos. E tamén estamos dispostos —insisto— a aceptar esas emendas á nosa proposición non de lei.

Porque insisto en que neste tema intentamos ser coherentes, levamos intentando ser coherentes ao longo de todo o proceso. Tense dito aquí algunha cousa que a min me parece ata certo punto inxusta. E, como vostedes saben, este grupo e o grupo municipal de Santiago apoiaron desde o primeiro momento a iniciativa do Concello de Santiago, que foi orixinalmente impulsada polo Bloque e acollida polo alcalde —polo tanto, por Compostela Aberta—, de ir por esta mesma vía e facer unha reclamación xurídica ante os tribunais para a devolución das figuras de Abraham e Isacc ao patrimonio, neste caso, público municipal.

O grupo de concelleiros que forman parte da Deputación Provincial da Coruña apoiou ese informe da Deputación, que foi apoiado por unanimidade. Menciono isto porque se dixo que o PP non apoiara a Deputación. No pleno da Deputación apoiouno e, polo tanto, como vostede comprenderá, nós, agora que estamos no ámbito parlamentario cun informe encargado por esta Cámara, pois cremos que sería bo que os demais grupos tamén participasen desta unanimidade.

¿Por que apoiamos tanto en Santiago como na Coruña, na Deputación, estas cuestións? Pois volvo facer en alto a pregunta e a resposta que nos demos, por se lles serve a vostedes de reflexión para que poidamos acordar hoxe, facendo unha fusión de todas as propostas e as emendas, unha única resolución. A pregunta é: ¿a quen beneficia que nesta Cámara haxa unanimidade hoxe ou non a haxa?, ¿a quen beneficia? ¿Beneficia a quen leva anos defendendo a memoria histórica e que pode ver como hoxe todo o arco parlamentario galego está

de acordo en reclamar xudicialmente a devolución do pazo de Meirás? ¿Beneficia ou prexudica a estas persoas ou beneficia ou prexudica a todos os franquistas, herdeiros reais por testamento do ditador e a todos os apoloxistas do franquismo —que, por certo, non deixan de dicir que esa tan criticada Transición non foi outra cousa que unha grande traizón aos grandes principios que defendía don Francisco Franco—? Esta é a pregunta que nós facemos. Nós non temos dúbida de a quen beneficiaría este tipo de unanimidade. Beneficiaría os que levan defendendo o reintegro do patrimonio público, o restablecemento da xustiza e o respecto ás vítimas da represión franquista en Galicia. E prexudicaría os que defenden o suposto legado positivo de Francisco Franco. E por iso nós estamos —insisto— abertos a un consenso que esperamos acadar despois, se teñen a ben negociar con nós nas bases nas que acabo de dicir que estamos dispostos a aceptar.

É un momento axeitado, o cambio de goberno, como dixo o señor Leiceaga —e díxoo el libremente—, abre unha oportunidade, porque di que o Goberno do Estado ten un compromiso notable —e do seu partido— en defensa da memoria histórica e que o Goberno Sánchez —cito literalmente— fará todos os esforzos para devolver Meirás ao dominio público. Nós estamos dispostos a coadxuvar, como xa dixen, nesas actuacións xudiciais.

Estamos, en fin —e remato—, dispostos ao acordo. Estamos dispostos porque cremos que con este acordo, con esta unanimidade —e volvo citar a quen xa citei noutro destes debates—, estamos dispostos a que os netos, do mesmo xeito que os pais contribuíron a coller os escombros da guerra, poidamos contribuír tamén a recoller os escombros morais do peor episodio da nosa historia contemporánea.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Polo grupo non propoñente, o Grupo Parlamentario Socialista, o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día a todos e a todas.

Bo día tamén a aqueles que nos acompañan para seguir esta cuestión, a todos eles.

Antes de nada, unha aclaración. Eu non dixen en ningún momento que este Parlamento vaia estar de vacacións. De feito, algúns de nós temos un compromiso de estar traballando ata o día 31 de xullo. Eu o que dicía é que o Goberno da Xunta levaba demasiado tempo de vacacións —que é unha cuestión diferente— en termos políticos, en termos políticos.

Imos entrar no tema que nos ocupa.

Eu quero manifestar, en primeiro lugar, a miña satisfacción. Eu creo que hoxe é un día no que debemos estar contentos. E, dalgunha forma, ese réxime político que algúns denominan de forma pexorativa, a Transición, digamos que é o réxime político democrático que nos demos entre todos, e está mostrando tamén a súa madurez. Non hai ninguén hoxe que defenda aquí neste Parlamento o legado de Franco, que defenda o franquismo. E eu creo que

iso debe ser un motivo de plena satisfacción para todos; non un motivo de preocupación senón todo o contrario, de plena satisfacción.

Teño que dicir tamén que o noso grupo está satisfeito polo teor dos dous informes que por vías diferentes foron encargados a expertos distintos, e nos que nós resaltamos máis as coincidencias que as discrepancias. Hai un informe que foi encargado pola Deputación Provincial á Comisión pro Recuperación do Pazo de Meirás que eu creo que explica de forma moi clara cal é a orixe e cales foron os movementos neses primeiros anos do franquismo que deron lugar a que ao final a familia Franco se fixera co pazo de Meirás. Naquel momento había o que algúns historiadores chamaron o «Estado campamental» e, en todo caso, un réxime que tiña un déficit de institucionalización que tamén foi aproveitado para xerar ese resultado —onde, por certo, había forzas vivas, digamos, non só as institucións senón as forzas vivas, que se chaman naquel momento, da provincia da Coruña que colaboraron de forma moi activa—; o que abría unha vía de carácter civil para a recuperación que, desgraciadamente, cando isto foi trasladado ao goberno do señor Rajoy, o goberno do señor Rajoy considerou que non era unha vía procedente. E digo «desgraciadamente» porque a nós nos tería gustado que isto estivera solucionado xa previamente. Pero, en todo caso, hai que ter isto en conta á hora de establecer unha estratexia que sexa unha estratexia provisoria.

E hai un segundo informe. No segundo informe ao que se facía referencia, o encargado pola Xunta de Galicia —onde, por certo, ten presenza tamén a Deputación da Coruña e o Concello de Sada e, polo tanto, é un informe plural na súa composición, cun carácter técnico moi adecuado e composto tamén por historiadores de recoñecido prestixio, como o señor Núñez Seixas, Grandío e outros, e por xuristas tamén de distinto corte, incluso profesional, o cal nos parece extremadamente razoable—, ábrese unha vía que é unha vía que creo que ten un enorme interese. Nós apostamos por que esa vía se siga. Esta vía o que nos vén dicir é que o pazo de Meirás debe volver ao patrimonio público porque nunca deixou de ser público, basicamente. Estou simplificando porque non temos tempo tampouco para explicalo con moito detalle. Polo seu financiamento foi fundamentalmente público, a través das institucións provinciais —manipuladas polo réxime, que naquel momento tiña non lexitimidade popular senón a lexitimidade da forza—, porque foi usado como residencia oficial por parte do xefe do Estado, porque estaba xestionado coma se fose unha dependencia oficial, ao mesmo nivel que o palacio do Pardo ou o palacio de Marivent. Polo tanto, formaba parte do patrimonio público a eses efectos, porque se celebraron consellos de ministros e outros actos oficiais. É dicir, todo indica que tiña un carácter público e, polo tanto, formaba parte do patrimonio do Estado.

Cando combinamos isto co carácter inalienable e imprescritible dos bens que se incorporan ao patrimonio público, pois temos xa a situación idónea para poder, pola vía civil, recuperar o pazo de Meirás debido á súa consideración de ben demanial que, pola institución da *usucapio*, *usucapión*, se incorpora ao patrimonio público cando foi posuído de forma ininterrompida por máis de trinta anos —neste caso trinta e seis anos, se non conto mal— por parte do patrimonio público.

Con outra vantaxe adicional, que é que, unha vez que se incorpora, non se pode aplicar a mesma institución por parte doutras entidades para que perda o seu carácter público e pase

ao carácter privado. Por tanto, temos unha situación xurídica propicia. E eu creo que as coincidencias son máis que as discrepancias e que, por tanto, debemos ter en conta os dous informes, aínda que xerarquizándoos; e xerarquizándoos, basicamente, porque unha das vías xa foi trasladada ao Estado, e este, nunhas condicións diferentes e a través da Avogacía do Estado, non viu que puideramos optar por ela. Pero hai unha segunda. Usemos esta, e usemos o outro informe como unha apoiatura. Porque, ademais, eu creo que se complementan tanto desde o punto de vista histórico como desde o punto de vista xurídico, en canto a que o primeiro informe aclara de forma moi precisa como foi todo o *iter* ata a chegada ás mans da familia Franco das torres de Meirás.

Eu creo que isto é o fundamental e non querería perderme en cuestións accesorias. Isto é o fundamental, non debemos perdernos en cuestións accesorias, en cuestións extemporáneas. É dicir, unha delas é: ¿que imos facer co pazo unha vez que a Administración do Estado recupere a súa posesión? Pois xa veremos. É dicir, eu creo que o fundamental é non poñer por diante o que poden ser elementos divisorios antes de centrarnos no fundamental, que é a recuperación da posesión. Porque sobre isto hai distintas ideas, pode ser un centro de memoria histórica, pode estar dedicado á memoria de Pardo Bazán, pode estar dedicado a unha memoria máis ampla das escritoras da Mariña. É dicir, non sei, eu non teño agora mesmo unha idea sobre isto. Eu teño unha idea pero tampouco quero explicala aquí; entre outras cousas porque non creo que deba ser obxecto de debate neste pleno.

E hai unha segunda cuestión que plantexou a portavoz do BNG, que é unha cuestión lexítima. A nós tamén nos gustaría que este pazo se recuperase sen custo ningún para o erario público, é dicir, sen que os cidadáns de Galicia ou de España —porque se isto o fai o patrimonio do Estado serían os cidadáns de España— tiveran que achegar nin un euro para compensar investimentos feitos a partir do ano 1975 pola familia Franco que non estiveran amortizados hoxe —se é que queda algún, que ao mellor non queda ningún—. Pero, en todo caso, saben vostedes que isto vai ter que decidilo un xuíz, vai ser un procedemento xudicial. Abramos o procedemento xudicial, e non imos poder determinar desde aquí cal vai ser ou non esa indemnización. Se a min me preguntan, indemnización cero. Pero, afortunadamente, non mo van preguntar porque isto ten que facelo a xustiza.

E eu non estou a favor da incautación destes bens, estou a favor de activar os procedementos xudiciais, porque iso forma parte das regras que ten esta democracia e das regras que nos demos entre todos. Marquemos unha posición política. Queremos recuperar o pazo, aproveitemos a oportunidade que supón que hai un goberno sensible a estes temas. Os gobernos teñen as súas prioridades e o actual é sensible a estes temas. O novo director xeral de Memoria Histórica, dependente do Ministerio de Xustiza, é un defensor —digamos— do impulso á memoria histórica. Aproveitemos esta cuestión para mostrar a nosa unanimidade, que é o que pode reforzar a posición de Galicia en pro da recuperación do pazo e, unha vez que isto se faga, que a xustiza actúe e que consigamos felizmente recuperalo. E despois decidiremos —se a Administración do Estado o ten a ben ou fixando unha posición política do Parlamento— cal debe ser o seu destino.

Eu creo que isto é o fundamental, por iso non presentamos unha iniciativa sobre este tema. Non a presentamos porque nós non queriamos ir a unha confrontación das iniciativas dos

distintos grupos. Queríamos buscar unha solución de consenso que eu espero que poida darse ao longo deste pleno. Nós estamos a favor disto e imos facer todo o posible para que esta solución saia a adiante. Cremos que é a mellor contribución aos intereses da cidadanía de Galicia e en pro dun tratamento adecuado da memoria histórica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Réplica dos autores da proposición non de lei.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, xa vai quedando máis clara a cousa despois de escoitar todas as intervencións.

Varias puntualizacións. Primeiro, por orde inversa, ao portavoz socialista, ao señor Leiceaga. Sorpréndeme que, na cuestión do destino, digamos que dedicalo a recordar ou á memoria histórica democrática sexa algo divisorio. É sorprendente. Creo que todo isto ten unha intencionalidade política, e sorpréndeme. Eu entendínlle iso. Respecto do que dixo da indemnización, da posibilidade da indemnización contemplada no informe da comisión de expertos, nós opoñémonos a que se contemple precisamente polo seu razoamento, pero polo seu razoamento acabado coa conclusión contraria. É dicir, ¿para que anticipar esa conclusión? Se un xuíz despois estima a demanda e fixa unha indemnización, pois xa se verá o que se fai. Pero anticipalo, e moito máis co fundamento de considerar posuidores de boa fe os descendentes do ditador, parécenos que non ten sentido. ¿Como se poden considerar posuidores de boa fe os descendentes do ditador despois de ler o propio informe, que evidentemente demostra que sabían cabalmente e coñecían cabalmente a orixe desta propiedade, a orixe ilícita desta propiedade? Polo tanto, por iso nós sostemos que non hai que incluír iso. Pero, bueno, como xa dixen, nós cremos que hoxe priorizamos neste momento un acordo, e un acordo, a poder ser, unánime deste Parlamento. E creo que no fundamental hoxe poderemos estar de acordo. O fundamental é demandar do Estado iniciar a vía civil para a recuperación do pazo de Meirás e incluír a Xunta de Galicia no procedemento xudicial no momento procedemental oportuno. E eu pido tamén a inclusión dos dous informes nesa documentación que se lle traslade ao Estado. Sería do xénero tonto ou non tería sentido negar esa información á Avogacía do Estado para que a teña. Houbo un traballo detrás tamén da Xunta para a devolución do pazo, deses expertos que fixeron un traballo inxente a nivel histórico e a nivel legal. ¿Como lle imos negar esa información á Avogacía do Estado para que despois estableza unha estratexia xudicial que vai depender da Avogacía do Estado e que pode coller cuestións dos dous informes? É que creo que cae de caixón. Se esas liñas se inclúen nese acordo, En Marea, evidentemente, vaino apoiar.

Respecto do que dixo o señor Puy, nós priorizamos hoxe o acordo. Eu podería discutir moitas das afirmacións que aquí fixo, e teremos tempo de discutir tamén sobre memoria histórica e a coherencia do Partido Popular na loita contra a memoria histórica. Porque creo que si hai diferenzas e creo que non é tal esa coherencia. E hai moitos exemplos de que no Partido

Popular aínda queda algún treito por percorrer nesa liña de ter unha actitude perfectamente democrática. Non quero introducir distorsións neste debate, pero incluso hoxe que vén Pablo Casado a Galicia ten feito declaracións de que iso de «*hablar de las fosas es algo muy carca*»; ou o señor Rafael Hernando, que é portavoz no Congreso dos Deputados, que dixo que «estes só se moven cando hai subvencións», que son unhas declaracións infames. Pero sei que hai diferenzas pero tamén cremos que é positivo que o Partido Popular hoxe estea en disposición de aprobar con todos os grupos un acordo para reclamar que o pazo de Meirás volva ao público e volva ser un exemplo de dignidade democrática e non un exemplo e un símbolo da infamia. Polo tanto, teremos tempo de seguir discutíndoo, pero creo que é positivo que teñamos estes puntos en común.

Tamén o punto en común que creo que temos os catro grupos da Cámara, e que debemos de plasmar no acordo, é que non teña custo para as arcas públicas. Por iso eu creo que niso deberíamos de estar de acordo, porque o acordo que deu lugar á creación da comisión de expertos incluía tamén iso. Polo tanto, respectamos totalmente o informe da comisión de expertos, pero non pasa nada porque politicamente aquí decidamos incluír que debe ser sen ningún custo para as arcas públicas. Creo que non é faltarlles ao respecto aos expertos que fixeron ese traballo e incluíron esa posibilidade, a pesar de que nós non esteamos de acordo. Creo que iso sería positivo porque cría que había consenso nese aspecto. Se despois é estimatorio, que é un camiño difícil, pois veremos o que se fai se o xuíz marca unha indemnización.

E, polo tanto, nós cremos que con todas estas cuestións hai marxe para un acordo. Xa digo que nós, en todo caso, tamén apoiaremos integramente a proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego. No caso de non haber acordo global, apoiaremos tamén esa proposición non de lei. Pero desexamos que haxa un único acordo porque cremos que sería histórico e sería —como xa dixen— ser leais a toda esa xente que pelexou por conseguir que o pazo de Meirás sexa un símbolo democrático e que se lles acaben xa, dunha vez por todas, os privilexios aos descendentes do ditador, que aínda presumen da súa impunidad por aí adiante.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Esperamos logo, por se hai un acordo sobre as emendas que ten. Esperamos a ver se hai un acordo xeral. Porque hai dúas emendas... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, é que agora ten que falar a señora Pontón primeiro. Vai ela primeiro.

Pero, claro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non, o turno é o turno, e correspóndelle primeiro á señora Pontón. Pero vostede na súa proposta ten dúas emendas, unha do Bloque Nacionalista Galego e outra do PSOE. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, pois esperamos que...

Pero, claro, eu teño que ir sabendo se van aceptar ou non van aceptar; se non, despois ao final... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Vale, vale, ben, ¡correcto! Se vai todo ao final, vai todo ao final. Non hai problema ningún. Complicacións cero neste asunto. *(Murmurios.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, moitas grazas, señor presidente.

Falouse neste debate sobre democracia, sobre o réxime de 1978. Ao señor Leiceaga non lle gustaron as nosas afirmacións en relación con isto. Eu sigo crendo que é unha posición absolutamente lóxica desde unha visión democrática. Porque, efectivamente, a democracia inclúe o respecto á lei pero tamén o respecto a denunciar e a revelarse contra aquelas leis que son inxustas e que vulneran dereitos fundamentais. *(Aplausos.)* Claro, a señora Parks sería detida neste Estado español por dicir que ningunha lei tiña dereito a discriminala para que se sentara na parte de atrás dun autobús. E iso é tamén a visión da democracia que temos aquí, porque estamos vendo como se quere que as nacións sen Estado vaiamos na parte de atrás do autobús. Porque neste Estado español non se recoñece a existencia de nacións sen Estado, négase o dereito ao recoñecemento e ao exercicio da autodeterminación. E, ademais, hai persoas que están na cadea precisamente por defender ese dereito. Polo tanto, hai uns pozos negros e unha baixa calidade democrática neste Estado que é evidente.

Igual que é vergoñento que siga existindo impunidade dos crimes que se cometeron durante o franquismo. Corenta anos despois e hai xente nas cunetas que non viu reparada a súa memoria porque quen cometeu eses crimes segue absolutamente impune. Polo tanto, se esa é a concepción que vostedes teñen do que é unha democracia avanzada, xa lles digo que nós non coincidimos con esa concepción da democracia. E é evidente que no Estado español hai déficits moi importantes.

Ben, o Partido Popular vén aquí dicindo que non quere poñerse medallas. Eu enténdoo, porque é difícil que se poidan poñer medallas nun tema coma este; moi complicado con toda a historia que ten detrás o Partido Popular en relación coas políticas de memoria histórica. Falaba o señor Puy de que votaran a favor do informe da Deputación da Coruña no pleno da Deputación da Coruña e, sen embargo, aquí votaron en contra. E se estaban a favor na Deputación da Coruña, ¿por que votaron en contra cando o BNG trouxo unha iniciativa a este Pleno para que lle deramos o respaldo a esa vía? E, efectivamente, o Partido Popular en Madrid dixo: Esa vía, non; esa vía pechámola. Nós non estamos de acordo con que esa sexa unha vía morta, cremos que é unha vía que ten solidez. E, polo tanto, se ao PP —agora que hai un cambio no Estado— lle parece que é unha vía que se pode explorar, a nós parécenos ben o seu cambio de criterio. Pero non desbotemos ningunha das iniciativas nin ningunha das posibilidades.

Tamén aquí volvemos a un escenario onde se nos di que o importante é o acordo. E eu digo: claro, o acordo é un medio para un fin, e o que temos é que estar de acordo realmente en cal é a finalidade, porque o acordo pode ser beneficioso ou prexudicial. Se o acordo é que indemnecemos a familia Franco, nós non imos estar nese acordo porque nos parece unha labazada á memoria das vítimas e unha indignidade para este país. *(Aplausos.)* Polo tanto, nós

dicimos que os acordos son positivos sempre e cando os fins que estamos buscando sexa fins nos que poidamos ter un punto de encontro.

Hoxe non estamos debatendo aquí o que van dicir os xuíces. Polo tanto, a min tamén me sorprende moito —e sorprendeulle a máis membros desa comisión— que á última hora se introducira nese informe unha conclusión cuarta onde se abre a vía para que a familia Franco poida ser indemnizada con base nunha cuestión que é un pouco longa e que non nos dá tempo aquí a poder incluír. Entón, nós dicimos: ¿por que se inclúe esta cuestión, que ademais non ten que ver coa valoración política que nós temos que facer nun parlamento nin que hai que facer neste informe? Porque —insisto— isto inclúese a última hora.

Se o obxectivo que buscamos aquí é a devolución do pazo de Meirás e que quede meridianamente claro que este Parlamento opina que non hai que indemnizar a familia Franco, eu entendo que non imos ter ningún problema, imos estar todos e todas de acordo. Porque ademais hai unha cuestión que —insisto—, se se pon na iniciativa, a nós válenos, e xa formou parte dunha iniciativa do PP. E é a que di que o pazo de Meirás non teña ningún tipo de novo custo para o pobo de Galiza, que xa o asumiu no seu momento. A nós esta parécenos unha cuestión coa que non hai ningún problema. Imaxino que o Partido Popular non porá ningún obstáculo para que poidamos ter un acordo deste tipo. Porque —insisto— nós non estamos aquí para decidir o que vai facer un xuíz e como vai determinar un proceso xudicial, senón se os grupos políticos que estamos nesta Cámara cremos que hai que indemnizar a familia Franco, ¿sí ou non? *(Aplausos.)* É tan simple coma iso, e, polo tanto, nós: ¿devolución do pazo de Meirás? Si. ¿Indemnizar a familia Franco? Non. É tan simple coma iso.

Se esas son as bases do acordo, desde logo o BNG vai estar aquí como estivo sempre, traballando primeiro desde a base, nas asociacións de recuperación da memoria histórica, traendo este debate cando o Partido Popular votaba sistematicamente en contra diso. E, desde logo, aledarémonos e festexaremos o día en que ese pazo sexa devolto a Galiza, porque é unha cuestión fundamental.

E claro que é importante cal vai ser o destino dese pazo. Porque, se ao final convertemos nun circo un espazo que ten ese simbolismo, sería tamén unha maneira deficiente de solucionar este tema. Nós cremos que ten que ser un espazo de recuperación da memoria histórica. Facemos esa proposta. Pensamos que é importante que iso tamén forme parte do debate porque, efectivamente, na recuperación da memoria histórica hai unhas lagoas tremendas neste país. E Galiza tamén ten a súa propia axenda de memoria histórica na que agardamos que o Goberno do Estado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...non deixe este tema aparcado unha vez máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Ben, grazas, señor presidente.

Repito, estamos na procura dun consenso. Evidentemente o consenso implica xenerosidade, non implica que esteamos de acordo absolutamente en todo. Polo tanto, traer cuestións nas que non estamos de acordo paréceme que non é a forma de procurar un consenso.

Evidentemente non vivimos nunha democracia perfecta, pero eu creo que comparar isto co franquismo é algo que nestes momentos non vén ao caso. Porque afortunadamente estamos nunha democracia imperfecta que lle dá moitísimas voltas a calquera sistema ditatorial, especialmente ao franquismo.

O informe da Deputación fírmalo a Avogacía do Estado, e Patrimonio Nacional; é dicir, que estamos en termos xurídicos e non en termos políticos. Oxalá haxa unha influencia política para que a Avogacía do Estado, á luz dun informe que non di exactamente o que o anterior, sexa receptiva a estes argumentos xurídicos.

Pero eu quero, primeiro, agradecer as intervencións dos señores Leiceaga e Sánchez. Eu creo que estamos de acordo no fundamental. Creo que hai ilusión nas persoas que levan anos loitando por que se dea este paso. Creo que hai fundamento xurídico e histórico para facer esta reclamación e é a primeira vez na que coinciden catro gobernos que están dispostos a participar nunha acción xudicial para recuperar Meirás.

Nós estamos dispostos a participar nesa acción, xa o dixo o presidente e reitéroo hoxe. E non o facemos por conveniencia, facémolo convencidos porque hai argumento xurídico. E, ademais, apoiamos incluír unha xusta mención aos que levan anos reivindicando o retorno ao patrimonio público do pazo de Meirás. Polo tanto, isto é o fundamental. E eu avogo por que todos nos poñamos de acordo nestas cuestións.

Non hai acordo —refírome ás emendas, que é o turno de posicionamento sobre as emendas— en cuestións que basicamente se refiren a poñer o carro antes dos bois.

A primeira é o destino do pazo. Eu creo que ese é un problema que oxalá se nos presente. Fixéronse algunhas consideracións, pero o proceso sabemos que vai ser complicado. Oxalá o gañemos e teñamos o problema de saber que facer co pazo de Meirás. E incluso todas as que se suxeriron tamén poden ter acollida; é dicir, non hai que pechar a porta a ningunha en concreto. De momento sabemos que é BIC. E sabemos que é BIC por uns motivos, que son os que se supoñen que deberían ser honrados no momento en que iso —¡oxalá!— sexa patrimonio público.

A segunda obxección creo que é unha mala lectura do informe dos expertos. O informe dos expertos, que é técnico e xurídico, o que fai é advertir —e leo literalmente para que non haxa dúbidas—: «Esta consideración supón que a reintegración das torres ou pazo de Meirás ao ámbito dos bens de dominio público, á Administración xeral do Estado, en hipótese, podería representar un custo para o erario público». E engade —que é o im-

portante—: «Sen prexuízo tamén das eventuais compensacións que caiban entre as partes do procedemento de liquidación do estado posesorio como consecuencia dos usos polos habente-causa do xefe de Estado anterior ao 25 de novembro de 1975». É dicir, que o propio informe di que en todo caso se reputa que aínda no caso de que esa liquidación resultase favorable aos actuais posuidores, estaría moi lonxe do valor real, etcétera, etcétera. É dicir, aí estamos falando outra vez de poñer o carro antes dos bois, porque, se eventualmente hai que liquidar o estado posesorio, quere dicir que se gañou o preito, que eles poden pedir unha compensación polos gastos feitos pero que o Estado tamén pode pedir unha compensación por ter desfrutado o pazo durante corenta e cinco anos sen pagar un alugueiro e demais.

Ben, imos procurar o acordo. Eu non teño inconveniente —máis que para vostedes vou mirar para o conselleiro para [...]—... Eu non teño inconveniente en facer unha referencia na proposición non de lei a que, no suposto de que se plantexa unha reclamación por parte dos habente-causa dunha indemnización, o Estado se posicione facendo valer todo o que custou para o Estado non disfrutar isto e, polo tanto, se se dese esa posibilidade —que oxalá se dea— de que recuperamos o pazo e de que haxa que compensar por eses gastos, que o Estado se opoña e que contrapoña os custos cesantes do propio Estado por non ter aproveitado o patrimonio público durante corenta e pico anos o pazo de Meirás.

A terceira cuestión, como hai acordo, case estou por non dicila. Ten que ver co conflito que afecta a algúns dos presentes, a algúns dos que están coñecidos. Nós defendemos o Estado de dereito, creo que o Parlamento non debe mollarse nunha cuestión que está *sub iudice* e que plantexou unilateralmente unha forza política. Pero tamén quero dicir outra cousa, señora Rodil —antes de que empece a rir, porque vexo que lle divirte isto—. Non teña vostede dúbida de que este Grupo Popular, nun preito entre as persoas que ocuparon o pazo simbolicamente e a familia Franco, apoia os que foron ao pazo de Meirás e non a familia Franco. Non teña vostede dúbida de con quen está a simpatía do Grupo Popular nesta cuestión.

Imos ver se acadamos un acordo. Eu quero facer un agradecemento. Non sei se nos acompaña nesta sala, pero eu escoitei o pasado 28 de xuño as declaracións do presidente da Comisión de Memoria Histórica da Coruña, don Fernando Souto. Nelas di que este é un momento moi ilusionante; mesmo di, en relación coa indemnización, que é un tema menor e que o importante é que se acredite que o pazo é público e recuperar o pazo. E di unha frase que eu lle quero agradecer, porque certamente nesta iniciativa esta persoa fixo algunhas declaracións que a nós nos serviron tamén como acicate para traballar nesta materia. Di que hai períodos convulsos na historia que requiren unha dixestión e creo que estamos nun momento do cal debemos felicitarlos. A democracia está nun proceso continuo de maduración e este é un deses puntos de maduración democrática. Este é un punto de inflexión, a recuperación do pazo vai ser un momento marabilloso que espera vivir. Confiemos en que todos poidamos vivilo.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento, a aplicación e o desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bi-sexuais e intersexuais en Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas. Hai unha autoemenda do Grupo Socialista, unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase modificar o punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“2. Remitir á Cámara galega antes de tres meses, un informe exhaustivo, valorando o grado de cumprimento de cada un dos artigos contidos na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato.”)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e a través do seu voceiro Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir ao remate do punto 2. o seguinte texto:

“que se limite a explicar detalladamente as actuacións impulsadas pola Xunta para dar cumprimento á lei 2/2014, evitando literatura complementaria que nada teña que ver coa exposición das actuacións concretas realizadas polo Goberno e os seus resultados.”)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Modificar o punto 2 que quedaría co seguinte texto:

“2. Nos orzamentos para 2019 incluír unha partida orzamentaria específica con recursos económicos suficientes para o desenvolvemento da Lei 2/2014 en todos os ámbitos que esta contempla.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Quero, antes de nada, dar a benvida ás persoas que nos acompañan hoxe na tribuna de convidados, persoas que levan moitos anos loitando polos dereitos e polas liberdades das persoas LGTBI, pero á fin e ao cabo loitando por mellorar a democracia, porque a consolidación dos seus dereitos e das súas liberdades é a de toda a cidadanía.

O 25 de abril do 2014 publicábase a Lei pola igualdade de trato e a non discriminación das lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Con esta lei, impulsada polo PSdeG, fomos a primeira comunidade autónoma en legislar para combater a discriminación por orientación sexual e por identidade de xénero; para eliminar, para borrar, esas barreiras en todos os ámbitos, na cultura, no deporte, na saúde, no ensino, nas relacións laborais, en todos, no acceso a calquera ben ou servizo. Unha lei que impuña tamén aos poderes públicos da nosa comunidade autónoma o establecemento dun diálogo fluído coas entidades LGTBI.

Durante estes anos de vixencia, e tal e como teñen denunciado en numerosas ocasións estas entidades, o Goberno galego incumpriu moitos dos compromisos que estaban reflectidos nesta lei; unha lei que hai que lembrar que non contou con ningún voto en contra nesta Cámara. E ¿por que? Porque o Partido Popular utilizou esta lei, esta norma, para limpar a mala imaxe dunha dereita que sempre se posicionou en contra de garantir os dereitos e as liberdades das persoas LGTBI. E cando considerou que xa tiña a cara o suficientemente limpa, o que fixo foi meter esta norma nun armario.

¿Que se fixo nestes últimos catro anos, ademais dos graves incumprimentos? Houbo graves incumprimentos porque se falaba de diálogo coas entidades cando o único que se fixo foron axudas puntuais. Non contaron con elas nin sequera cando se puxo en marcha esa unidade centralizada en Santiago de Compostela, unha unidade á que é obrigatorio acudir, que non se lles pregunta ás persoas se queren ir. É unha unidade que ten graves eivas e leva máis dun ano funcionando. É unha unidade que anunciaba o propio presidente da Xunta de Galicia días antes de que o Partido Popular rexeitara nesta Cámara a Lei de identidade de xénero.

Especialmente graves foron os incumprimentos cos menores. A Lei recolle a implementación desta formación en centros de ensino. Non se fixo absolutamente nada nin en primaria nin en bacharelato, e, por se fora pouco, permitiron a divulgación da homofobia e da transfobia nos centros de ensino —nun país onde máis do 50 % dos menores transexuais recoñecen ter sufrido algunha agresión ao longo da súa vida—.

E dígoo porque foron vostedes, señorías do Partido Popular, os que impediron co seu voto en contra a retirada deses vergoñentos folletos de Hazte Oír a unha proposición non de lei que presentou o Grupo Socialista. *(Aplausos.)*

Non están funcionando correctamente os CIM. Hai grandísimos profesionais que están neses espazos, pero que non contan coa formación nin coa información suficiente para asesorar a esas persoas que se dirixen a estes centros. Levámolo denunciado en numerosas ocasións.

Seguen sen tomarse medidas concretas para garantir esa igualdade no mercado de traballo. Máis do 90 % das persoas transexuais están en situación de desemprego.

Por incumprir, incumpriron ata a disposición adicional da lei onde se recolle que ten a obriga o Goberno galego de presentar un informe para ver como vai a aplicación desa lei; un informe que chegou con máis dun ano de retraso, un informe no que unha metade está dedicada a recoller datos normativos e doutras institucións e a outra metade a encher páxinas con fotos do Goberno galego. Pero nada, absolutamente nada, sobre o cumprimento ou non dos artigos concretos. É por iso polo que presentamos unha autoemenda para que se realice unha avaliación pormenorizada do grao de cumprimento de cada artigo desta lei.

Non desenvolveron a lei tampouco. E algo importante e recente: furtaron a esta Cámara o debate sobre a Lei de identidade de xénero galega, unha proposición de lei elaborada polas entidades LGTBI que a oposición trasladou a esta Cámara e que vostedes impediron co seu voto que se puidera debater. Unha norma que está en vigor en moitas comunidades autónomas, algunhas gobernadas tamén polo Partido Popular e outras dende hai anos, como en Navarra dende 2009 e en Euskadi dende o 2012.

O algodón non engana. Vostedes, señorías do Partido Popular, seguen a ser o motor do autobús de Hazte Oír. Subiron a el e nin sequera as ansias da cidadanía galega por garantir os dereitos e as liberdades das persoas LGTBI conseguen baixalos dese autobús. (*Aplausos.*) E digo isto porque a semana pasada dous medios de comunicación de tirada nacional publicaban unha páxina vergoñenta de publicidade desta entidade homófoba e tránsfoba, unha guía de voto no seu proceso de elección interna. Ninguén do Partido Popular de Galicia, ninguén do Goberno galego, saíu facendo un posicionamento en contra disto, ninguén. E ¿por que? Porque Hazte Oír é o Partido Popular e o Partido Popular é Hazte Oír, precisamente por iso.

Hoxe, dende o Grupo Socialista, aproveitando que está aquí o enviado especial de Hazte Oír, o señor Casado, pedímoslle ao seu compañeiro, que lle digan ao seu compañeiro, que rexeite publicamente esta publicidade que se fixo, na que, por suposto, el sae ben parado. Dentro dun tempo saberemos quen pagou esta publicidade, porque son dous días consecutivos en dous medios de comunicación de tirada nacional.

Durante estes anos tampouco se fixo nada dende o Goberno do Partido Popular de España, soamente poñer paus nas rodas ao colectivo de persoas LGTBI. Freouse o debate de numerosas leis no Congreso dos Deputados. Nós xa anunciamos que devolveríamos o dereito a todas as mulleres a someterse a tratamentos de inseminación artificial. (*Aplausos.*) O Partido Socialista non vai preguntarlles a estas mulleres nin a súa orientación sexual nin lles vai preguntar, como dicía a señora Mato, se coñecen varón ou non, ou se decidiron ter ese fillo soas.

Apoiaremos a «lei trans» no Congreso. E tamén poñeremos en marcha unha asignatura que temos pendente: unha lei de igualdade de trato a nivel estatal. Resulta insoportable vivir nun país onde se incrementaron, no último ano, máis dun 36 % as agresións homófobas —un 90 % sen denunciar— e onde catro de cada cinco menores sufriron algunha vez algunha agresión na súa vida.

Señorías, custou moito traballo e moito esforzo sacar a adiante a Lei de igualdade de trato e non discriminación de Galicia; en concreto, por aquelas voceiras que daquela participaron nese debate. E quero ter hoxe un recoñecemento especial cara á miña compañeira, señora Gallego, do PSdeG, que impulsou esta lei, e tamén ás que participaron nesas negociacións, as señorías Adán, Solla, e tamén á señora Rodríguez-Vispo, a vostede.

Tratábase de garantir a liberdade, igual que naquela modificación do Código civil que posibilitaba contraer matrimonio entre persoas do mesmo xénero; de recoller ese torrente que había na rúas de loita polos dereitos e polas liberdades das persoas LGTBI e de trasladalo ao *Diario Oficial*. Iso fixémolo. Pero o paso máis importante era trasladalo do DOG á vida das persoas. Iso segue pendente. Hoxe o que lles pedimos, señorías do Partido Popular —e diríxome especialmente a vostedes—, é que baixen do autobús de Hazte Oír dunha vez por todas e suban á loita polos dereitos e liberdades das persoas LGTBI.

E máis nada e moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco.

Ten a palabra, en representación do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Bo día tamén ás persoas que nos acompañan na bancada de convidadas.

Eu, de maneira máis ou menos breve, intentarei, ademais de tomar posición por parte do BNG en relación coa iniciativa, explicar a razón pola que presentamos unha emenda de substitución dun dos puntos que facía referencia á entrega e remisión a esta Cámara dese informe que vén recollido como unha obriga na propia lei e que, como xa explicaba a señora Blanco, tivo que ser remitido a esta Cámara hai un ano. Non foi así, foi hai escasamente quince días. E nós substituímos a remisión dese informe pola dotación dunha partida orzamentaria específica que estea recollida nos orzamentos da Xunta de Galiza no ano 2019. Porque nos parece —e témolo defendido moitas veces— que Galiza foi pioneira, foi vangarda, en moitísimos ámbitos. Foi cando se aprobou por unanimidade no ano 2007 esa Lei de prevención e tratamento integral da violencia machista, foi de novo converténdose no primeiro territorio en incorporar ao seu ordenamento xurídico esa Lei 2/2014, que era fundamental a pesar de que tiña moitas eivas, de que —xa o dixemos naquela altura e repetímolos cada día e cada vez que temos oportunidade— era cativa, que facía falta un capítulo de sancións e que non nos permitía avanzar no que agora mesmo xa é un camiño que non ten marcha atrás, que é a despatoloxización da transexualidade. E eu estou coa señora Blanco en que Galiza puido seguir á vangarda liderando os textos e os ordenamentos xurídicos, non só do Estado español senón de moitos países da súa contorna na Unión Europea, se se admitise a trámite nesta Cámara esa Lei galega de identidade de xénero.

Pero as leis por si propias, aínda que son absolutamente necesarias e imprescindibles para o recoñecemento formal de dereitos, non transforman a realidade. O que fai que as cousas cambien é a vontade política e sobre todo a acción política que faga que as cousas muden, que os marcos cambien. E aí é onde entra a emenda que presenta o Bloque Nacionalista Galego. Para poder plasmar sobre o papel esa vontade política e esa acción política o que fan falta son recursos económicos, recursos materiais e recursos humanos, que son indispensables para garantir o exercicio dos dereitos que aparecen recollidos nesa Lei 2/2014, de igualdade e non discriminación das persoas LGTBI no noso país. Agardamos nese sentido, e xa o temos tamén falado coa portavoz do Partido Socialista, que se teña en consideración a achega que nós facemos.

Facíase mención, facíase referencia na intervención da portavoz do Partido Socialista, a ese informe que nos remitiron a esta Cámara, un informe absolutamente caótico que ten máis palla que gran. Pero esa estrutura caótica do informe é reflexo tamén de algo, porque das persoas di moito como facemos as cousas. E esa estrutura caótica, ese informe que é máis palla que gran, en moitos aspectos é reflexo dunha Xunta que, ademais de envialo tarde, mal e a rastro, presionada polos colectivos que o viñan xa demandando desde hai un ano e mesmo polas iniciativas que presentou a oposición neste sentido, o que nos fai ver é que tiña un único obxectivo, que era cubrir expediente, que ninguén puidese botarlle en cara que non fixera o que a propia lei recollía. Pero o que deixa en evidencia tamén é que non se valora ou non se percibe ese informe como un traballo de diagnose absolutamente necesaria en calquera política pública. Insisto, que teña máis palla que gran é reflexo pois da desgana coa que se fan as cousas, da falta de planificación e da falta, sobre todo, desa vontade de acción política que é absolutamente necesaria para que esa lei non quede simplemente nun recoñecemento formal e verdadeiramente transforme a sociedade e nos permita avanzar cara a unha sociedade máis equitativa, máis xusta, máis respectuosa, pero, sobre todo, máis orgullosa da diversidade que a compón.

E desde o BNG non temos tampouco tempo en afondar nos distintos aspectos que abrangue esa lei, unha lei que é transversal, que atinxe ao conxunto das áreas e departamentos do Goberno da Xunta de Galiza. Nós cremos que ese informe tamén pon en evidencia que se fixo moi pouco ou nada en moitos dos ámbitos que son fundamentais para o seu desenvolvemento: moi pouco se ten feito no ensino obrigatorio do noso país; moi pouco se ten feito, por exemplo, na promoción das escolas de nais e pais como elementos fundamentais de socialización e transformación da sociedade; nada se ten feito no plano dos medios de comunicación...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...que son fundamentais —e xa remato— para transformar tamén a percepción que a sociedade ten de si mesma; e pouco ou nada se ten feito en avanzar nunha das ferramentas fundamentais que compón esa lei, que é ese observatorio, que é instrumento fundamental para a participación do propio colectivo, para que sexa o colectivo quen faga o seguimento e a avaliación desa lei.

Agardamos que se teña en consideración a nosa emenda, e pola miña banda máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra, en representación do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas, e un saúdo especial para todas as persoas que nos acompañan dende a tribuna.

Eu vou comezar a miña intervención dando algúns dos datos que nos dan conta do lonxe que estamos de acadar a igualdade, de erradicar a discriminación do colectivo LGTBI, e que nos apuntan a enorme responsabilidade que temos a sociedade e as administracións, as institucións, á hora de loitar contra estas discriminacións, coas que se está colaborando ou se están permitindo cando dende a Administración non se está actuando, como é o que está acontecendo coa Xunta de Galicia.

Hai numerosos estudos que nos demostran ano tras ano que o acoso escolar por orientación sexual e identidade de xénero é a principal secuela das nosas escolas, como a principal causa de acoso escolar e de *bullying*. Tamén contamos con estudos que nos din que o 57 % dos menores gay están a sufrir algún tipo de violencia psicolóxica ou física nas escolas e que o 43 % deses mozos ideou o suicidio, 35 % chegou a planificalo e o 17 % tentouno. Isto supón que a poboación adolescente LGTBI está entre tres e cinco veces máis en risco de suicidio que a poboación adolescente no seu conxunto. Estes datos empeoran aínda moitísimo máis e duplícanse cando falamos dos nenos e das nenas trans. Máis do 80 % das nenas trans pensaron en suicidarse e o 41 % tentouno —estamos falando do dobre—. E máis do 80 % das persoas adultas trans están en paro.

E ¿que fixo o Partido Popular no que levamos de lexislatura e ante esta situación? Manter a Lei 2/2014 gardada nun caixón e votar en contra da toma en consideración dunha lei trans elaborada polos colectivos. Xa dixemos, cando defendemos na lei de identidade de xénero elaborada polos colectivos, que precisamos erradicar a LGBTI-fobia das rúas pero tamén das institucións.

Un dos principais delitos de odio no Estado segue sendo a orientación sexual e a identidade de xénero. Non contamos con estudos galegos, non hai ningún tipo de interese por parte deste Goberno para analizar a situación, para ver o que precisamos facer para mudalo, pero si contamos con estudos doutras administracións. O observatorio madrileño recolle 239 casos de delitos de odio por esta cuestión en 2016, e todos os observatorios denuncian que tan só se denuncia entre un 10 % e un 20 %. Polo tanto, podemos darnos idea da dimensión deste problema.

O Eurobarómetro recolle que, para a sociedade española, a identidade de xénero se trata da discriminación máis estendida, e, en terceiro lugar, detrás da orixe étnica, atópase a discriminación por orientación sexual. E ¿que fixo o Partido Popular durante todos estes anos diante desta situación? Primeiro, criticaban e manifestábanse en contra do matrimonio igualitario. Facían burla e dicían que as mazás tiñan que estar coas mazás e as peras coas peras.

Cando a oposición presentou unha lei, como foi o caso... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) — Isto ocorreu, veña aquí e diga que está totalmente en contra desas declaracións.— O Partido Socialista presentou o que despois rematou sendo a Lei 2/2014, e o que fixo despois o Partido Popular foi baleiralala totalmente de contido, non desenrolala e gardala nun caixón durante estes catro anos. Fixeron unha campaña de concienciación nos centros de ensino, que [...] (*Inintelixible.*), que foi criticada polos colectivos. Colgaron na *web* da Consellería o protocolo de actuación coas nenas e os nenos trans para os centros de estudo, que o realizou un colectivo social. Vostedes tan só o colgaron na *web* e non fixeron absolutamente nada máis. Cando se trouxo a esta Cámara unha iniciativa para quitar os folletos transfóbicos das escolas, vostedes votaron en contra. É máis doado coa Xunta de Galicia atopar folletos transfóbicos nos colexios que folletos que eduquen en igualdade e en respecto á diversidade.

Anunciaron un centro de referencia hai un ano —patoloxizante, tal é como vostedes o anunciaron, e fantasma—, do cal non temos ningún tipo de información. Non se sabe quen o dirixe, que están facendo, a canta xente están atendendo... Non se sabe absolutamente nada, un centro fantasma. As políticas LGTBI do PP son as da inacción. Temos as leis pero agora hai que cumprilas.

Nós presentamos tamén unha emenda na liña de que se faga un informe real, porque o informe que acaba de sacar a Xunta de Galicia é unha auténtica fraude, é un corta e pega, é unha fuxida cara a adiante para poder sacar o titular e que pareza —nesa liña que seguen vostedes— que están facendo algo cando realmente non están facendo nada. Son cen páxinas como poderían ser trescentas ou poderían ser cincocentas ou seiscentas, porque o contido é o que é. Ata a páxina 36 non empeza propiamente o informe. O resto son corta e pega de leis estatais, informes internacionais, fotos e debuxiños moi grandes para facer un documento moi grande pero que non responde ao seu obxectivo. É unha falta absoluta de respecto, un malgasto do tempo da xente que quere ler o informe e que pasa horas lendo cuestións que nada teñen que ver. Está mal feito, feito a correr, e nótase: fotos grandes, corta e pega de normas e algunha campaña que fixeron que colocan aí. É unha auténtica falta de respecto. Recolle cousas pero só de modo descritivo, nada analítico nin de control de calidade. E un claro exemplo é cando falan da unidade de referencia. Isto é o que di textualmente, o que di do seu director: «O responsable da unidade é un endocrinólogo pediátrico, unidade de saúde mental infantoxuvenil, persoal de enfermería e outro persoal de apoio.». ¿Quen fixo isto? ¡Por Dios! Non teñen vostedes ningún interese en explicar quen é o director, o que se está facendo, a canta xente atenderon, que tipo de consultas se fixeron. ¡Nada, absolutamente nada! Non teñen información. É unha bomba de fume.

Polo tanto, a mensaxe é clara. Cando se é neutral nunha situación de inxustiza, estase do lado do opresor. Repetimos que hai que eliminar a LGTI-fobia das rúas e tamén das institucións.

Agardamos que poidamos chegar a algún tipo de transacción para poder sacar unha iniciativa conxunta, que esta iniciativa poida saír adiante e que a Xunta de Galicia se poña a traballar dunha vez na defensa dos dereitos do colectivo LGTBI.

Pola nosa banda máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Tamén quero saudar as persoas que nos acompañan dende a tribuna.

A verdade é que me atopo francamente sorprendida, porque a iniciativa que o Grupo Parlamentar Socialista presenta por escrito, na que estamos totalmente de acordo, non ten nada que ver co discurso que vostede fixo, coa defensa que fixo da mesma, pragada de inexactitudes, e do que lle vou pór dous exemplos.

Primeiro, fala vostede de que en Galicia non teñen cabida as lesbianas na atención á reprodución asistida. Di vostede que en Madrid o Partido Popular está en contra. En Galicia a atención sanitaria é para todas as mulleres, e non hai ningún tipo de discriminación pola súa orientación sexual, señora Blanco. (*Aplausos.*) Primeira inexactitude.

A segunda inexactitude é que estamos en contra da transexualidade, que estamos en contra de levar a cabo unha lei que defenda os transexuais. Nada máis lonxe da nosa intención. En Galicia, dende o ano pasado, existe unha unidade de transexualidade. Está no hospital de Santiago de Compostela, no CHUS. E, polas informacións que teño, as persoas que teñen fillos ou fillas con transexualidade están moi contentas coa atención sanitaria que reciben nesta unidade. Segunda inexactitude, señora Blanco. (*Aplausos.*)

Pero voulle dicir que eu estou máis de acordo co señor Cal. Nós estamos de acordo neste tema. O que parece é que a vostedes non lles gusta, non lles gusta. O que queren vostedes é que o Grupo Popular estea en contra das persoas LGTBI. E non é o caso, non é o caso. No Grupo Popular estamos a favor dunha sociedade diversa, dunha sociedade tolerante, dunha sociedade aberta, que é o reflexo do Partido Popular, onde hai liberdade de expresión, onde cada un di o que pensa e sente o que di. Neste grupo hai moitas persoas que estamos a favor de buscar un consenso e de avanzar no tema dos dereitos das persoas LGTBI, porque tomamos estes dereitos moi en serio, non como parece que os toman vostedes, que o que queren é sacar un rédito político e poñer os intereses políticos por riba dos intereses das persoas LGTBI. Permítanme que teña certa melancolía da señora Carmen Gallego e doutros portavoces da pasada lexislatura, que o que buscábamos era, entre todos xuntos, avanzar neste tema e non poñer paus nas rodas, que é o que parece que queren vostedes conseguir. Lamentoo, pero non creo que esa sexa a maneira de avanzar, e non creo que esa sexa a maneira de protexer os dereitos das persoas LGTBI.

Como lle dicía ao principio, coa iniciativa que vostede presentou por escrito nós estamos totalmente de acordo con ela. No primeiro punto pide o cumprimento da Lei 2/2014, e o Grupo Popular sempre mantivo a mesma postura: as leis están para cumprilas. No punto segundo di que se remita á Cámara galega, antes de tres meses, un informe sobre a aplicación da Lei

2/2014. Non temos ningún problema. Con este informe o que ocorre é que se presentou o pasado 28 de xuño, incluso antes deses tres meses que vostede pide na iniciativa, que, segundo o rexistro de entrada, se cumpriría o 3 de agosto. «Tarde, mal e a rastro», di a señora Rodil. Pois tres meses antes do previsto. E no terceiro punto pide consensuar o desenvolvemento da lei, punto no que non podemos estar máis de acordo, posto que nós —e volvo repetilo— cremos que, para que as leis perduren no tempo, é necesario intentar buscar o consenso máis amplo posible. E así o fixemos cando esta lei foi presentada na lexislatura pasada.

Pois ben, na Comisión de Sanidade a pasada semana, e por instancia dunha pregunta do Grupo Popular, a secretaria xeral de Igualdade anunciaba que Galicia sería a terceira comunidade autónoma, a terceira de toda España, en contar cun órgano colexiado consultivo e de participación social en materia de dereitos das persoas LGTBI, o Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero.

E o que nos parece máis importante é que este proceso se está levando a cabo a través dun diálogo constante coas asociacións LGTBI, tendo en conta as súas achegas. Non podo pasar por alto o que dixen, que Galicia foi a primeira comunidade autónoma en contar cunha lei que evite a discriminación destas persoas, e que o Goberno galego incluíu unha partida orzamentaria dende o ano 2017 destinada a estas organizacións que as representan. Isto vén a amosar a colaboración —que di a señora Rodil que non existe— dende o ano 2016 co tecido asociativo a través da sinatura de convenios.

Pois ben, xa para rematar —que non dispoño de máis tempo—, e falando do informe do punto 2, o que vostedes presentan nas emendas é que o informe non lles gusta, uns piden que o informe sexa máis longo, outros piden que o informe sexa máis curto. É dicir, agora o Goberno ten que remitir un informe a esta Cámara en primeira volta, logo remitir informes pois feitos á carta segundo os grupos parlamentares... Señorías, isto non é serio. O Goberno remite un informe a esta Cámara.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Remato, señor presidente.

Pero como desde o Grupo Popular —dicía— tomamos moi, moi en serio os dereitos das persoas LGTBI, anunciámoslles que, se vostedes retiran as emendas, votariamos a favor destes tres puntos da iniciativa, que foi tal como foi presentada.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Quero, en primeiro termo, agradecer o apoio do BNG e de En Marea a esta iniciativa. E, por suposto, imos aceptar as emendas en aras do consenso que a vostede tanto lle gusta, señora Rodríguez-Vispo. Imos intentar ter en conta a todos os grupos parlamentares para transaccionar.

Bueno, pois a verdade é que quedei cunha frase: «Nós defendemos os dereitos das persoas LGTBI». Volvemos ao mesmo, á dobre moral que teñen vostedes, señora Rodríguez-Vispo. ¿Defendían os dereitos das persoas LGTBI cando votaron en contra de que as persoas do mesmo xénero puideran contraer matrimonio? ¿Defendían os dereitos das persoas LGTBI cando freaban no Congreso iniciativas da oposición para consolidar os dereitos e as liberdades das persoas LGTBI? ¿Defendían os dereitos das persoas LGTBI cando votaron en contra nesta Cámara da tramitación desa lei que era tan importante para as persoas transexuais? ¿Defendían eses dereitos das persoas LGTBI ou estaban mentindo? ¿Ou estaban sendo como son vostedes? Seguen sendo os mesmos de sempre. Vostedes están sempre en contra de calquera avance social e de calquera avance de dereitos e liberdades neste país. *(Aplausos.)*

¿E sabe o que é o peor de todo? Que nós estamos desexando que estean coa maioría da poboación. Nós estamos desexando que estean con todos e con toda a cidadanía, que o que pide é que cambien de actitude dunha vez, que muden a súa actitude dunha vez por todas.

Hai dobre moral porque vostedes se opoñen absolutamente a calquera avance nesas materias pero despois non teñen ningún tipo de remilgo en utilizalos. Vostedes foron, despois de recorrer ante o Constitucional esa lei, os que actuaban como testemuñas de vodas entre persoas do mesmo xénero —en moitos casos compañeiras e compañeiros seus—, os mesmos que votaron a favor desa Lei de igualdade de trato en Galicia para despois convertela en papel mollado.

Digan a verdade. E a verdade é que o Partido Popular é Hazte Oír e Hazte Oír é o Partido Popular. E o que teñen que facer, se de verdade cren nos dereitos das persoas LGTBI, en concreto das desta comunidade autónoma —porque este Goberno *(Murmurios.)* é o Goberno de toda a cidadanía e é o Goberno desas persoas—, o que teñen que facer os que están aquí —que seguro que moitos hoxe acudirán á cita co enviado especial de Hazte Oír, o señor Casado—, é dicirlle que rexeite publicamente esta publicidade que pide o voto claramente para el, e dicirlle que se una aos que pedimos dende hai tempo a ilegalización de Hazte Oír por atentar directamente contra os dereitos e as liberdades dun sector da poboación. *(Aplausos.)* Un sector pequeno, pero un sector da poboación, señorías.

Mire, non teño tempo xa, pero respecto do informe —mesmo o recoñeceu a secretaria xeral en comisión— vai con máis dun ano de retraso. E mesmo chegou a pedir desculpas.

Vostedes sigan subidos a ese autobús de Hazte Oír. Eu estou convencida de que acabarán baixando porque non lles quedará máis remedio. Mentres tanto, nós seguiremos onde estiveremos sempre, intentando devolverlles o respecto que merecen ás persoas LGTBI, afirmando a súa identidade e intentando por todos os medios restituír a súa liberdade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luís Villares Naveira e trece deputados/as máis, sobre as medidas que debe inserir o Goberno galego no Decreto de axudas para paliar os danos causados pola explosión dunha pirotecnia en Paramos, no concello de Tui, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular, e tamén unha autoemenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Abel Losada Álvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase modificar o punto 1.2. da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“1.2. As indemnizacións por danos persoais e lesións equipararanse ás do decreto dos lumes do mes de outubro.”

Emenda de adición.

Débense engadir dous novos parágrafos despois do apartado 1.4.1. da parte resolutiva da proposición non de lei que quedarán redactados cos seguintes contidos:

1.4.1. bis.- Colaborar co Concello de Tui para a incorporación de profesionais ao gabinete urbanístico, para prestar asesoramento tanto técnico como xurídico, tendo en conta que á Xunta de Galicia dispón de recursos humanos en materia de urbanismo dos que outras administracións carecen por non ter competencias neste ámbito.

1.4.1. ter.- Apoiar a execución das figuras urbanísticas propias do concello, con especial incidencia co que ten que ver co ámbito competencial da administración autonómica.”

Emenda de adición.

Débase engadir un novo parágrafo despois do apartado 1.4.3. na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

1.4.3 bis. “Realizar os informes preceptivos para a realización dun estudio de xestións de residuos previo a realización do desentullo da zona afectada debido á presenza de contaminación por amianto.”

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto despois do punto 3.1. que quedará redactado co seguinte contido:

3.1 bis. “Establecer unha liña singular de financiamento a favor do Concello de Tui para poder compensarlle cando menos parte dos gastos derivados das diversas actuacións realizadas pola catástrofe acontecida.”

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto que quedará redactado co seguinte contido:

4. A Xunta de Galicia, de xeito periódico, e cando menos trimestralmente, realice e remita ao Parlamento de Galicia un informe ao respecto da situación do estado das axudas e actuacións levadas a cabo en relación con esta catástrofe.”)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado e voceiro Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Exposición de motivos.

Dous meses despois da explosión de Tui, a administración ten feito algúns avances na atención das necesidades das vítimas da explosión de Paramos polo que, tras reunirnos ata o momento en tres ocasións coa Plataforma de afectados e numerosa veciñanza que a título particular se ten posto en contacto con nós, axustamos a listaxe de necesidades máis importantes a día de hoxe, 9/7/2018, co obxecto de que o debate político sexa o máis real e preciso consonte o momento en que ten lugar.

Doutra banda, xa que a cámara onde se debate esta proposta é o Parlamento de Galicia, tanto a iniciativa como esta emenda gravitan sobre as competencias da Xunta de Galicia, sen prexuízo das referencias á colaboración interadministrativas Estado-Concello-Deputación ás que nos referimos no apartado 3.

Isto implica que poden existir ámbitos onde a CA deba colaborar con outras administracións, que estamos dispostos a debater, sempre que non busque a exención da responsabilidade que á Xunta de Galicia lle corresponde como principal institución garante do autogoberno e benestar da cidadanía de Galicia, e tamén, polo tanto da veciñanza de Paramos e o concello de Tui.

É por isto que o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte actualización de contidos en relación coa iniciativa presentada:

Emenda núm. 1 de supresión:

Dous apartados:

1.4.2. completo (bens en parcelas e interior das vivendas)

1.4.6. completo (aloxamento provisorio)

Emenda núm. 2 de adición:

Dun novo apartado, co seguinte texto:

“1.4.5 bis. Dedución da obriga tributaria do pago do tramo autonómico do IRPF ata un máximo das contías polas que se produciu a cuantificación de danos non resarcibles noutros conceptos en relación ás persoas afectadas pola explosión.”)

(O G. P. Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Moisés Rodríguez Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento da Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar da Administración Xeral do Estado e da Deputación Provincial de Pontevedra que, en aplicación dos mecanismos de coordinación e cooperación entre administración públicas, destinen fondos extraordinarios e adicionais aos xa previstos nos seus orzamentos vixentes que complementen as axudas postas en marcha pola Xunta de Galicia para paliar os danos causados pola explosión de material pirotécnico na parroquia de Paramos, no concello de Tui”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Quero comezar saudando as persoas que nos acompañan hoxe do colectivo de afectados de Paramos, xente que en moitos casos perdeu algo máis que a súa vivenda. Perderon a tranquilidade na vida e outras cousas que seguramente nalgún caso son irrecuperables.

Despois de falar con eles e con elas é polo que En Marea presentou unha iniciativa, que é a que debatemos hoxe, que é unha iniciativa que pretende única e exclusivamente facer xustiza dentro das posibilidades limitadas, facer xustiza co que pasou en Paramos.

Vimos aquí presentar unha serie de medidas que buscan que, dentro dun límite, a cidadanía de Paramos, a cidadanía de Tui, poida recuperar a normalidade perdida tras aquel fatídico 23 de maio, cando, sen culpa deles e sen responsabilidade deles e delas, perderon, moitas veces fisicamente, todo aquilo que tiñan.

Presentamos unha serie de iniciativas que entendemos que poden mellorar as axudas que neste momento ten a Xunta de Galicia —e o resto de administracións, pero principalmente a Xunta de Galicia—, na medida en que estamos na Cámara galega, e polo tanto na sede natural do autogoberno do noso país.

Creemos que dentro das iniciativas hai tres bloques, que son atencións que debemos considerar como irrenunciáveis para o conxunto da cidadanía de Paramos e Tui. O primeiro deles é ocupármonos da saúde das persoas, da xente que máis sufriu, establecendo e dispensando un plan de atención psicolóxica de forma inmediata e duradeira. En segundo lugar, garantir o dereito á vivenda, garantir a atención e a reposición do cento por cento do valor das vivendas que resultaron arrasadas pola explosión. A veciñanza de Paramos non ten culpa da súa perda. E, en terceiro lugar, a necesaria cooperación entre as administracións para conseguir unha reconstrución integral do conxunto de Paramos.

Vou dar conta simplemente dalgunhas das máis importantes iniciativas que o conxunto da veciñanza —non En Marea, senón o conxunto da veciñanza— considera imprescindibles para recuperar, dentro dunha orde, a normalidade.

En primeiro lugar, falabamos da asistencia psicolóxica ás vítimas. É necesaria a inmediata dotación de persoal especializado en asistencia psicolóxica no centro de saúde de Tui e o desenvolvemento dun plan de atención psicolóxica na contorna de Paramos. Esta mesma semana recibimos a visita, igual que o resto dos grupos parlamentarios, da decana do Colexio de Psicología de Galicia, que constatou e denunciou diante de nós as carencias de carácter estrutural e conxuntural para a atención das necesidades psicolóxicas das vítimas de Paramos e da súa contorna. É necesario, en primeiro lugar, que unha praza de especialista psicólogo, que xa estaba prevista desde había anos, se dote de xeito efectivo. E é necesario que se doten as prazas necesarias para poder atender e facer un seguimento ao longo do tempo da saúde da xente da contorna de Paramos. É necesario que se faga de forma normal no sistema de atención primaria sen necesarias derivacións extraordinarias ao Hospital Álvaro Cunqueiro.

Non estamos innovando nada, señorías. Isto foi algo que no seu momento xa se estableceu como un protocolo despois da catástrofe de Lorca, do terremoto que asolou aquela vila murciana, que deu lugar a un protocolo de intervención e seguimento da cidadanía ao longo do tempo para conseguir a restauración completa da súa saúde e a recuperación máxima da normalidade no menor tempo posible. Pero temos aínda unha experiencia máis próxima, que é a do accidente de Angrois, na que a diferenciación entre determinadas vítimas que tiveron atención psicolóxica continuada desde o primeiro momento e aquelas que non a tiveron deu con que uns anos máis tarde algunhas delas teñan necesidade farmacolóxica e outras non a teñan, simplemente porque foron atendidas e non se cronificaron as súas doenzas.

En segundo lugar, e entrando nos danos materiais, creemos que garantir o dereito de toda a cidadanía a unha vivenda digna é algo que xa nos ten ocupado moitas veces neste Parlamento; con máis razón garantir a recuperación dunha vivenda digna para todas aquelas persoas que a perderon. Talvez non saibamos aínda hoxe nesta Cámara —e os afectados e afectadas non o saben— de quen é a responsabilidade da explosión, de quen foi culpa a explosión. Pero sabemos de quen non foi culpa, señorías. Non foi culpa dos veciños e das veciñas que o perderon todo. E como non foi culpa delas, non é xusto que nas indemnizacións que establezamos non garantamos a recuperación do cento por cento do valor das súas vivendas. Non é xusto, porque elas non son responsables da explosión. Polo tanto, non aceptamos, non podemos aceptar, os baremos das contías propostas ata agora pola Xunta de

Galicia, que se limitan, no caso da vivenda habitual, ao 75 % do valor da VPO no concello de Tui; e, no caso de vivendas de segunda residencia, a un 40 %. Porque o resto van ter que poñer os afectados e as afectadas. E non é xusto porque eles non son os responsables do sucedido. Por iso, busquen as administracións —que teñen os medios— quen son os responsables, para que paguen todo. Pero, por favor, entre todas e todos, no exercicio da solidariedade social que significa a constitución do Estado, da Xunta, das administracións públicas, recuperemos o cento por cento do valor de todas as vivendas que foron arrasadas ou danadas en Paramos.

Relacionado con isto tamén están os labores de desentullo. Pedimos aquí tan básico como que se asuman integramente os labores de desentullo e que se teñan en conta dúas cousas: que se poida, en condicións de seguridade e salubridade, rescatar os efectos persoais da xente, que talvez non teñan moito valor económico pero é que non se poden pagar con diñeiro —porque hai cousas afectivas, hai cousas na vida, que non se pagan con diñeiro; polo tanto, os labores de desentullo deberían ter en conta as posibilidades de recuperación de determinados obxectos de valor persoal—, e tamén o reaproveitamento, para a reconstrución, de materiais que sexan servibles.

A nivel de cuestións procedementais, pedimos, dentro do ordenamento xurídico, que se produza evidentemente a subrogación por parte da Administración nas obrigas, en relación coas propias aseguradoras, para asegurar que nun curto prazo os afectados e afectadas poidan ter acceso a todos aqueles bens económicos aos que teñen dereito e non teñan que ir preiteando de tribunal en tribunal para acceder a aquilo que lles corresponde, como ten pasado noutros sinistros. Queremos que haxa unha oficina de reclamacións única que asesore tecnicamente, xuridicamente, que faga unha asesoría integral, pola que un afectado ou unha afectada poida entrar pola porta, explicar todos os seus problemas e saír por esa mesma porta xa con toda a Administración funcionando, sen ter que facer peregrinación institucional, como está sucedendo nalgúns casos.

Somos conscientes de que a Xunta dixo, de palabra, comprometerse a nivel tributario con deducións no IRPF no tramo autonómico para que as axudas á reposición que se produzan non entren por un lado e saian polo outro. Pois ben, o que pedimos aquí nesta autoemenda —que por iso a presentamos— é que eses compromisos se poñan por escrito. Se xa houbo un compromiso de palabra, normal será que quede por escrito nesta Cámara.

Tamén queremos que se preste atención aos vehículos danados e destruídos. Non queremos que se aplique o réxime xeral de responsabilidade civil, onde se atende ao valor venal do vehículo, senón que se atenda ao valor de reposición do vehículo; é dicir, queremos deixar os veciños e as veciñas indemnes pola perda dos seus vehículos. Non queremos que teñan coches mellores pero non queremos que saian perdendo tampouco como consecuencia da propia explosión producida. E iso é o que se produciría se aceptásemos simplemente indemnizar polo valor venal e non polo valor de reposición.

Señorías, é necesario atender tamén os danos causados aos profesionais, tanto en establecemos industriais como de negocios, para que estes poidan poñerse en funcionamento de

novo no lugar onde estaban e recuperar canto máis axilmente a súa capacidade de creación de riqueza no propio concello e no propio lugar de Paramos.

En terceiro lugar —e para nós o máis importante ou tan importante polo menos, en relación co que estamos falando, como os dous grandes puntos anteriores— está a necesaria colaboración interadministrativa na reconstrución da zona arrasada. Reconstruír Paramos non é unha suma de pago de danos a particulares, é a reconstrución de todo un hábitat, é a reconstrución de toda unha comunidade humana que quedou arrasada fisicamente. É a reconstrución do espazo privado pero tamén do espazo público, para que apeteza de novo vivir nel e os malos recordos non deixen ser máis ca iso, malos recordos, e se poida vivir con normalidade cando se poida recuperar a dignidade no propio lugar de Paramos para vivir no futuro. Para isto é necesario unha colaboración leal entre administracións públicas. O pasado 1 de xuño a veciñanza de Tui botábase ás rúas cun único reclamo. Eles dicían: «Nós remamos na mesma dirección. Agora faltan as administracións.»

Queremos saír hoxe desta Cámara cun compromiso interadministrativo de colaboración leal, porque reparar unha catástrofe é máis que indemnizar pola perda de bens concretos, é a recuperación de todo o contorno. Por iso nós instamos desde esta Cámara a todas as administracións con competencia tamén a unha reconstrución modélica de toda a zona afectada. Isto significaría, en primeiro lugar, unha reurbanización integral de todo o territorio arrasado con reconstrución dos espazos privados pero tamén con reconstrución dos espazos públicos; con asesoría ambiental e urbanística na reconstrución das vivendas, con intervención dos servizos sociais para solventar problemas de mobilidade, verificar a acollida a persoas orfas, garantir a inclusión social en toda a veciñanza, e menos na equidade, na xustiza, na distribución das axudas á reposición.

Pedimos, en fin, que a Xunta abra unha liña de diálogo tamén co Estado para a activación dos fondos de continxencia aos que houbese lugar para complementar as liñas orzamentarias dispostas polas administracións galega, provincial e local.

Señorías, cremos que vimos cunha proposta de xustiza para o conxunto da cidadanía de Paramos e de Tui, que debería estar por riba das leas e dos desencontros partidarios, e, desde logo, nesa clave atoparannos sempre dende En Marea dispostas e dispostos a axudar a que a xente de Paramos recupere a normalidade dunha vida que perderon inxustamente o 23 de maio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

(*Aplausos desde a tribuna do público.*)

Laméntoo, pero xa saben que o Regulamento do Parlamento non permite que se poida aplaudir, non permite manifestacións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, quero comezar saudando os membros da plataforma de afectados pola explosión de Paramos do día 23 de maio. Quero sinalar, primeiro, señor presidente, que vou facer un debate político. E dígoo porque, despois da resposta do señor presidente e a consideración de debate político que se dixo, estou seguro de que o meu vai ser, polo menos, igual de político.

E en principio imos apoiar a iniciativa de En Marea independentemente de que apoiem as nosas emendas, que son, en todo caso, complementarias e de engádega. Pero eu quero reflexionar sobre a dobre moral da dereita galega e española, do Partido Popular, tanto sobre as familias como nas situacións de crise. E quero empezar polas familias, quero empezar por algo que onte me agrediu persoalmente. Agredíume escoitar como era intolerable que se falara do fillo dunha conselleira e non era intolerable que se falara veces e veces da cuñada dunha presidenta da Deputación, como era intolerable que un deputado do meu grupo e eu mesmo fomos recriminados pola Presidencia por facer un xesto que foi repetido con máis vehemencia por un membro, unha membro, do Goberno de Galicia. (*Aplausos.*)

Entón, este é o ámbito no que nos estamos movendo. Claro que é verdade que, no tema das familias, empezaba Tolstoi en *Ana Karenina* dicindo que todas as familias felices se parecen entre si e que as infelices son as que son cada unha á súa maneira. Vese que as felices son as de dereitas, as familias prominentes, aquilo do que falaba o señor Manuel Fraga —presidente, elixido democraticamente, da Xunta de Galicia pero ministro nomeado polo ditador Franco; todos temos luces e sombras— que dicía que «*los hijos de las familias prominentes salen mejor preparados*». Esquecía que iso se chama igualdade ou non de oportunidades.

E, polo tanto, eu creo que é moi relevante entender a intolerable concepción patrimonialista do poder que ten o Goberno galego. E recórdoo porque levo aquí algún tempo falando doutras crises. Eu volvo repetir que, por suposto, todo o apoio para esta situación e para os afectados. Pero quero recordar o Goberno entre o ano 2005 e o ano 2009, agora vou ser eu o que o recorde.

Quero recordar a exhibición obscena de centos de datos de enfermos— nos que se retrasaban as citas— por parte do voceiro do sanidade do Partido Popular. Quero recordar datos similares sobre persoas afectadas pola Lei de dependencia —que, por certo, estaba impleméntándose nos seus inicios— por parte do voceiro correspondente. Quero recordar os naufraxios con vítimas mortais, nos que literalmente se acusaba a conselleira de Pesca practicamente deses falecementos. E quero recordar o ano 2006, quero recordar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, ten moito que ver co poder, coas situacións de crise e coa maneira de exercer o poder do Partido Popular. Claro que ten que ver. Eu comprendo que lles moleste —insisto—, pero ten moito que ver. Quero recordar o ano 2006. E recórdoo ben. Recordo os falecidos, recordo as fotos indecentes —e estou sendo suave—, recordo as declaracións indecentes e recordo tamén os escraches. Si, si, señor Moreira, recordo todo iso, recordo a voz lastimosa do señor Rueda dicindo que as familias dos cargos públicos da dereita teñen o seu *corazoncito*, cando el mesmo alentou as novas xeracións do Partido Popular para que se manifestaran diante da residencia privada do secretario xeral do Partido Socia-

lista de Galicia. Eu recórdoo, vostedes ao mellor non o recordan. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Abel Losada recórdao perfectamente. Polo tanto, convén ter memoria. E convén tamén a mesquindade, a mesquindade... *(Fortes murmurios.)* Si, si, a mesquindade do Grupo Popular na Deputación de Pontevedra cando corenta horas despois da explosión, cando acababa de atoparse a segunda vítima mortal e cando aínda non fora oficialmente pechada a busca de máis vítimas —que afortunadamente non se produciron—, é dicir, cando estaba aínda aberto ese proceso de busca de posibles vítimas, presenta unha iniciativa dicindo textualmente que a Deputación de Pontevedra aprobe unha liña de axudas dirixida ás vítimas e afectados da explosión acontecida o pasado día 23. Insisto, era o día 25 ás 11.57 da mañá. *(Interrupcións.) (Fortes murmurios.)* (Un señor deputado: ¡Que inmoralidad!)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto, espero que o Partido Popular... Eu son o primeiro que defendo a cooperación interadministrativa, o primeiro. E creo que, efectivamente, todas as administracións teñen que cooperar, pero temos que saber quen ten as competencias e quen ten máis orzamentos. *(Murmurios.)* ¡Si!

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E temos que saber tamén a incapacidade de xestión do Goberno Feijóo cando está iniciando... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...cando está iniciando agora, oito meses despois, a reconstrución das vivendas afectadas polos lumes do mes de outubro de 2017.

Entón teñen que explicarlles a eses cidadáns se van tardar tamén oito meses en iniciar a reconstrución das súas vivendas antes de pedirlle á Deputación de Pontevedra que faga o que xa está facendo dentro das súas competencias —está moi ben— e de pedirlle ao Goberno de España que inicie un proceso de declaración...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...que, como sabemos, xa ten iniciado.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto, señores do Partido Popular, ética ante as crises. Lecións de ética ante as crises por parte de vostedes, nunca, ningunha, despois do que fixeron cando estaban na oposición. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodríguez Pérez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Señor presidente, señorías, en primeiro lugar, quero saudar tamén os meus veciños de Tui, de Paramos, de Guillarei, que están aquí presentes. É bo que nos escoitedes e que nos posicionemos. Tiña preparada unha intervención, pero como deputado quero pedir desculpas aos meus veciños pola intervención do señor Losada. Perdeu o 90 % do tempo falando doutras cousas sen ser de Tui. (*Aplausos.*)

Señor Villares, no Parlamento faise política, non se fai xustiza. Eu creo que non se pode faltar á verdade con tanta alegría ante unha situación tan dramática, tan dolorosa, tan sensible como a que están pasando esas persoas que están aí arriba máis as que están na casa. ¡Como se pode dicir nesta Cámara que a Xunta de Galicia está amosando a súa incapacidade! ¡Como se pode falar na súa iniciativa do abandono da poboación á súa sorte! ¡Como se pode dicir iso!

Señor Villares, non todo vale en política. Os populismos non son bos. Os meus veciños queren axuda, claro que queren axuda. Non queren disputas políticas, queren solucións, unidade, que rememos todos na mesma dirección, queren recuperar a súa vida. Vostedes falan de poboación. Eu falo, mirándolles aos ollos, de Moncho, de Pili, de Isidro, de Ayala, ou de Abdalax, de Sora —que por desgraza morreron—... Así ata o total dos meus veciños. Non son xente, son persoas. (*Aplausos.*)

Eu coñezo as súas vidas, as súas casas, a súa historia, señor Villares. Vostedes chegan tarde, tarde mal e a rastro. A Xunta de Galicia foi a primeira administración en comprometer axudas, nun tempo récord. Só unha semana despois falamos de máis de 7 millóns de euros, máis de 1.100 millóns de pesetas, que parece pouco; un gran esforzo orzamentario, non porque sexa competencia da Xunta senón pola responsabilidade e a nosa vontade de asistir as persoas.

Unha responsabilidade que deberían asumir o resto das administracións. Sobre a Deputación de Pontevedra, cando goberna o PP, as deputacións teñen que desaparecer. ¿Para que queremos as deputacións se non é para axudar os concellos?

Eu dígoo porque parece demasiado cómodo vir aquí a este Parlamento de Galicia a exixir máis compromiso cunha administración que ten que realizar un esforzo inédito en axudas e simplificación de trámites. O pasado 29 de xuño aprobamos unha proposición non de lei do Partido Popular, con emendas do PSOE e do BNG —por certo, En Marea non presentou ningunha—. Moitos deses puntos xa están aprobados —coa excepción do IRPF, o IVE, do IAE ou das taxas de tráfico—. Sobre todo tamén solicitamos xa demandar ao Goberno do Estado a declaración de zona de emerxencia, e agora parece que En Marea descubriu iso. Iso xa está solicitado polo Concello e por este Parlamento nunha proposición non de lei.

Señorías, nós estamos traballando, seguiremos traballando e escoitando os nosos veciños, pase o que pase aquí hoxe. Nós, mañá e pasado, seguiremos tratando punto por punto ata que isto se solucione.

O Concello de Tui fixo un esforzo extraordinario —máis dun millón de euros—, un concello que coñezo perfectamente. A Deputación de Pontevedra nin está ni se espera. A Xunta de

Galicia foi a administración máis rápida, áxil e exemplar. O pasado 5 de xullo, no Consello da Xunta, novas liñas de axuda. Este é un problema do Estado, esperemos que agora En Marea e o Partido Socialista de Galicia apoiem a declaración, porque apoiaron o cambio de goberno.

Unidade, queremos unidade, que todos rememos na mesma dirección, que é o que reclaman os meus veciños. A nosa emenda é instar a Deputación de Pontevedra e o Goberno do Estado para que se mollen, para que se impliquen con este problema, que é un problema de todos os veciños. Se non chegamos a un acordo, eu comprométome ao día seguinte a estar cos meus veciños e aclarar punto por punto o que se fixo, o que se está facendo e o que se vai facer.

Esperemos que todos se sumen e axudemos os nosos veciños.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Pérez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas. Lamento non poder chamarlles a todos vostedes polo nome porque eu non son de Tui. Non vou caer no populismo do señor Rodríguez. *(Protestas.) (Aplausos.)* Non vou caer no populismo barato do señor Rodríguez... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

A señora PRADO CORES: Teño que dicir que si estiven varias veces en Tui, en Paramos, acompañando os afectados e afectadas naquilo no que podemos prestar axuda. Porque aquí neste Parlamento faise política, e coa política pode facerse xustiza ou inxustiza. Si, coa política pode facerse xustiza ou inxustiza.

E, efectivamente, hai corenta e nove días da catástrofe de Paramos e os veciños e veciñas afectadas de Paramos están sufrindo as consecuencias daquela catástrofe. E, polo que nos trasladan, pois piden xustiza e reparación do dano causado. É necesario facer reparación dese dano causado, do que, efectivamente, non son culpables, non foron os responsables, e si é necesario facer esa reparación.

E hai responsables de facer esa reparación en diferente medida. E eu, dende logo, o que non vou aceptar é que o Partido Popular intente poñer o ventilador para que pareza que todo o mundo ten as mesmas responsabilidades. Non todas as administracións teñen as mesmas responsabilidades, hai que chamarlles ás cousas polo nome. E a responsabilidade en emerxencias en Galiza é da Xunta de Galiza, é a responsable en emerxencias e entón é a que ten que acudir. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PRADO CORES: E o que nos trasladaron os veciños e veciñas de Paramos é que estamos diante dunha situación excepcional e hai que ter unha resposta excepcional. Despois de corenta e nove días desde a catástrofe, fixeron unha concentración, fixeron unha manifestación, o día 1 de xullo —o BNG e eu mesma estabamos alí—. E o que requiren é que, efectivamente, se actúe con celeridade, que se ven abandonados, e que non se está dando resposta a aquilo prometido, que as ordes de axuda non responden ás expectativas nin ao que lles prometeran, que son insuficientes.

O BNG tamén ten presentado aquí iniciativas demandando que as axudas para reparación das vivendas, para o enxoval, respondan ao cen por cento do dano causado. E as ordes de axuda que sacou a Xunta non responden a ese cen por cento. O BNG presentou aquí axudas ou iniciativas pedindo que respondan a ese cen por cento. E presentamos unha emenda que o Partido Popular non aceptou, señor Rodríguez. Vostede foi á comisión de seguimento a mentir dicindo que non se votara. Vostede non aceptou a emenda presentada polo BNG, mentiu nesa comisión de seguimento. Presentamos unha emenda dicindo que se aumentaran esas axudas e se ampliaran, e vostedes non aceptaron esa emenda.

Seguimos dicindo que teñen que ampliarse esas axudas aos vehículos, que na orde de axudas que van sacar teoricamente mañá non amplían aos vehículos. Preguntamos a semana pasada á Xunta de Galiza, ao Sergas, como é posible que a axuda psicolóxica non se estea prestando no centro de saúde de Tui, como é posible que non se contrate un grupo específico de psicólogos para prestar esa axuda psicolóxica, xa que o Colexio Oficial de Psicólogos nos traslada unha carta e di que a situación de Paramos é unha situación de emerxencia social que precisa dunha atención urxente. As persoas afectadas precisan dunha atención psicolóxica inmediata que se debe prestar a través do centro de saúde de Tui. Demandámosllo ao Sergas, preguntámosllo ao director de atención sanitaria aquí neste Parlamento e díxonos que non. É indecente que non se preste esa axuda sanitaria, co cal ¿de que vén aquí presumir o Partido Popular, de negar a contratación dun, dous, tres psicólogos para prestar atención psicolóxica no centro de saúde de Tui, cando iso no orzamento da Xunta significa practicamente nada? Iso é o que está facendo a Xunta a día de hoxe, negar algo como contratar unha, dúas ou tres persoas psicólogas que hai nas listas de espera, tanto nas de contratación do Sergas como no paro. Hai psicólogos de sobra e negan esa atención psicolóxica. É dicir, que non hai ningunha xustificación para non dar esa atención psicolóxica, é necesaria a ampliación das axudas, é necesaria unha recuperación integral do barrio e é necesaria a ampliación das axudas.

Imos apoiar esta iniciativa que presenta hoxe aquí En Marea, que vai na dirección das que temos presentado tamén o BNG. E, dende logo, imos seguir apoiando as reclamacións que fan os veciños e veciñas de Paramos porque, dende logo, non son os responsables da situación. E o que si é necesario é que, con axilidade e con prontitude, se dean respostas ás súas peticións.

Dende este Parlamento faise política, e coa política, na boa dirección das demandas que fan os veciños e veciñas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...evidentemente, faise xustiza. Porque coas necesidades dos veciños e das veciñas o menos que se necesita é que se faga populismo barato, señor Rodríguez...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ... que é o que fixo vostede aquí dende esta tribuna.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor Rodríguez, se a política non vale para construír unha sociedade máis xusta, a política non merece a pena. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Non, se a política non vale para facer xustiza coa xente que perdeu todo, a política non merece a pena. E, como en democracia pensamos que a política merece a pena, porque se pode facer xustiza coa xente que sofre, coa xente que o está pasando mal, por iso estamos aquí nesta Cámara, polo menos algúns que vimos a pensar nos demais. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vimos a pensar nos demais, si.

A boa política faise tratando os que un non coñece co mesmo cariño co que un trata os que coñece. E, efectivamente, eu tampouco sei o nome de todos os afectados e afectadas, pero quérolles igual de ben que aos meus veciños aos que lles coñezo os nomes, porque uso o exercicio democrático da política na cidadanía, que debe de ser o que lles falta.

Pois claro que dixemos na exposición de motivos que se produciu un abandono da poboación. ¿De que maneira, se non, se pode cualificar o feito de que ata agora non haxa un plan de atención psicolóxica ás vítimas? Iso é un abandono. E dicímolos con dor de corazón, ademais, porque pensamos que é unha situación absolutamente inxusta, e ademais non é a máis custosa das que temos enriba da mesa. Parécenos absolutamente inxusta esa situación.

En segundo lugar, tamén pensamos que hai abandono da xente cando non se lles di claramente que van ter dereito a recuperar o cen por cento do valor das súas vivendas, porque eles non son culpables de que lles desapareceran fisicamente, eles non son culpables. E, como non son culpables, non é xusto que teñan que pagar unha parte da reparación, ¡non é xusto! E, por iso, como non é xusto, non estamos dispostos a aceptalo. ¡Claro que hai abandono da poboación nese sentido, da xente, das persoas! E, como tamén pensamos que debe superarse ese abandono, tamén lles pedimos a todos os que teñen responsabilidades de goberno en cada unha das súas institucións que actúen coherentemente con esa responsabilidade.

Mire, o outro día falou vostede dunha actuación nunha comisión na que vostedes presentaron unha iniciativa. Olvidouse de dicir que nós a apoiamos. ¿Verdade que a apoiamos? Si, apoiamos, porque nós estamos con todas as iniciativas que vaian encamiñadas a reparar os danos sufridos polas vítimas, por iso nós lles pedimos hoxe o mesmo.

Nós non lle podemos aceptar a súa iniciativa porque pon que é de substitución. ¿Queren que falemos?, ¿queren que negociemos? Negociemos, que sexa de engádega. Estamos dispostos e dispostas a que a súa emenda forme parte da iniciativa como engádega. ¿Que significa esa engádega? Significa que cadaquén asume a súa parte de responsabilidade, pero para nós o esencial desta situación é que hoxe saia un compromiso político onde se lle recoñezan ás vítimas os conceptos indemnizatorios que aínda non foron recoñecidos. Incluso nos parece secundario a que Administración lle imos repercutir os cartos porque iso non é problema deles, iso terémolo que falar despois entre nós, entre quen ten responsabilidades de Goberno nas distintas administracións, para chegar a un acordo.

¿Compromiso da Xunta de Galicia? Teñen feito un compromiso. Agora ben, hai marxe aínda para recorrer ese compromiso.

Miren, o ano pasado, no Fondo de continxencias da Xunta de Galicia, nos orzamentos do 2017, había 36,5 millóns de euros, dos que, executado e liquidado o orzamento, no se gastou nada. Este ano, no Fondo de continxencias da Xunta de Galicia hai orzados 8 millóns de euros, dos que non se leva gastado nada.

Os orzamentos que vostedes destinan como Xunta de Galicia para a recuperación dos danos causados pola explosión de Tui van con cargo a outros programas de vivendas; quitan duns programas para metelo noutros. Parécenos oportuno e parécenos xusto, pero o que non entendemos é que se deixen estes cartos sen gastar porque son para continxencias, son para emerxencias, e isto é unha emerxencia.

Polo tanto, a Xunta de Galicia ten marxe para recoñecer todos os conceptos indemnizatorios que hoxe plantexamos, e se algún deles non lle corresponde á Xunta de Galicia, repercuta noutras administracións, porque tamén nós pedimos iso no punto terceiro. Por iso tamén lles aceptamos a emenda como de engádega, porque nós queremos tamén facer xustiza entre administracións.

Cadaquén o que lle corresponda, por suposto, no exercicio das súas competencias —e rematou xa—, pero neste momento o fundamental é que as vítimas e as súas familias teñan clara a mensaxe de que non van quedar atrás, de que non van quedar apartados, de que non van quedar abandonados sen o básico para poder recuperar a normalidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e tres deputados/as máis, sobre a elaboración polo Goberno galego, logo de informe da comisión correspondente, dun novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados, e saúdos tamén aos nosos invitados.

Os socialistas traemos hoxe unha proposición non de lei na que solicitamos o desenvolvemento lexislativo dunha lei que foi tramitada nesta Cámara o último trimestre do ano pasado.

Solicitamos un cambio que xa foi reivindicado, pedido, por medio dunha emenda feita polo noso grupo parlamentario e que non foi aprobado polo Partido Popular.

O Grupo Parlamentario Socialista, recorden ben, presentamos 45 emendas para mellorar o texto lexislativo, e xa puxemos de manifesto no debate desta lei que era unha lei que saía con bastante inseguridade xurídica, e o tempo estanos a dar a razón.

Solicitamos un cambio que antes da entrada en vigor tamén está sendo demandado polo sector. Unha lei que ademais, antes da súa entrada en vigor, xa está manifestando problemas que saen nos xornais día si e día non, fundamentalmente pola interpretación, por non ser suficientemente consensuada co sector e por non ser suficientemente consensuada coa Fegamp. Unha lei que deixa aos concellos e aos técnicos destes concellos unha interpretación bastante libre para algúns aspectos que son moi importantes e que teñen moita relevancia. Unha lei que a día de hoxe non plasma a realidade cultural actual da nosa comunidade e que pode poñer en risco —se non se chega a un acordo de consenso— o sector das orquestras e o sector da música en vivo.

A cultura nunca foi unha prioridade para o Partido Popular. A cultura para o Partido Popular é un dereito só para aqueles que a poden pagar. E a principal achega do Partido Popular á cultura foi incrementar o IVE e suprimir o Ministerio de Cultura. Tamén é importante a achega que fixo o Partido Popular de Galicia, que é o control dos medios de comunicación.

Miren, señoras e señores do Partido Popular, unha sociedade culturalmente madura precisa duns medios independentes e libres. E, neste caso, os espectáculos públicos e as actividades recreativas forman parte da cultura. Por iso, de acordo coa ideoloxía do Partido Popular, coa pouca importancia que lle dá o Partido Popular á cultura, aproban unha lei de espectáculos públicos e actividades recreativas despois de ter a competencia vinte anos. ¡Vinte anos hai que teñen a competencia! ¡Vinte e un anos, perdón! E deses vinte e un anos, dezasete foron gobernados polo Partido Popular. E eses dezasete anos gobernados polo Partido Popular foron con maioría absoluta. Polo tanto, non hai ningunha xustificación pola que non teñan regulado todo este sector anteriormente.

Ademais, recorden que en 2017 a Comunidade Autónoma galega era a única que non tiña unha regulación propia nesta materia, e de repente, a finais do 2017, entroulles unha présa tremebunda por aprobar esta lei rapidamente, sen ter un consenso real nin co sector nin coa Fegamp, como lles dicía anteriormente. Ademais, saben que hai aspectos relevantes que entran no desenvolvemento do traballo habitual dos sectores, e, polo tanto, ás veces tamén do seu único sustento.

É unha lei que publican o 2 de xaneiro de 2018; entra en vigor o 1 de xullo; e hoxe, seis meses despois de aprobada esa lei, non parece que teñan acordado o decreto que regule a Comisión de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Segue aparecendo un borrador colgado na propia páxina de transparencia da Xunta de Galicia. Seis meses despois non hai un acordo e, polo tanto, non hai creada unha comisión de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que teñen moito que dicir e moito que emitir para levar a cumprimento esta lei aprobada o 2 de xaneiro deste ano.

Por certo, o propio Plan normativo 2018 da Xunta de Galicia, na páxina 3, que foi aprobado o 22 de marzo para a execución durante todo este ano, inclúe este propio decreto; polo tanto, non entendemos a que están esperando.

Pero miren, hoxe é máis curioso aínda, porque o propio Partido Popular presenta unha emenda, na que nos poñen que a un prazo máximo de seis meses dende a aprobación do decreto polo que se regula a comisión, o prazo máximo será para elaborar o novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptados á realidade actual, tal e como pedimos os socialistas.

Pero hoxe mesmo retiran esta emenda. A verdade é que é un pouco raro, porque tal parece que os deputados e as deputadas do Partido Popular non lle queren poñer deberes á Xunta de Galicia. ¿Retiran unha emenda precisamente porque non queren poñer prazos que despois non vai cumprir a Xunta de Galicia? Despois xa me poderán contestar.

Pero o máis preocupante é, señoras e señores do Partido Popular, que estamos na época estival, que é a época na que máis se desenvolven, ou con máis intensidade, tanto espectáculos públicos como actividades recreativas, e polo tanto é moi importante que determinados aspectos estean regulados.

É bastante curioso, hoxe o presidente da Xunta de Galicia, o señor Núñez Feijóo, díxonos que a Xunta de Galicia estaba a tope, que non estaban de parón prevacacional. A realidade é ben distinta; xa o explicou perfectamente o noso voceiro parlamentario. A Xunta de Galicia sempre está de baixo rendemento político. A xestión da Xunta de Galicia é unha asignatura que non progresa adecuadamente. E aínda que este Parlamento lexisle, quen ten obrigación de executar non executa.

Vostedes, unha e outra vez —e demostrámolo cada vez que saímos aquí a esta tribuna, sobre todo a oposición—, fan que fan; unha e outra vez, unha e outra vez. Aprobán unha lei para acalar o sector, pero unha lei que despois non desenvolven e, polo tanto, non executan. Esa é sempre a forma de ser e a forma de traballar do Partido Popular da Xunta de Galicia.

Mire, nin sequera se xustifica coa importancia económica que ten o sector. Se vemos os datos publicados no IGE —insistimos que son fontes oficiais, publicadas por vostedes mesmos—, que como sabedes o Instituto Galego de Estatística depende tamén da Xunta de Galicia, dinnos que o peso en PIB das actividades artísticas, recreativas e outros servizos para Galicia, ano 2017, é dun 3,61 %, e que os postos de traballo equivalentes a tempo completo supoñen un 7,6 % sobre o total. Polo tanto, é un sector que ten moitísima importancia.

Se agora nos centramos no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, recórdolles —aínda que o saben perfectamente— que está regulamentado nun decreto do ano 2005 que ademais modifica un decreto do ano 2004, do ano anterior. ¡E trece anos despois deste decreto segue vixente ese catálogo!, e non parece que teñan moita présa pola eliminación desta emenda que tiñan presentada.

Miren, vostedes mesmos, na propia exposición de motivos da lei de espectáculos públicos e actividades recreativas, que recordo que aproban despois de vinte anos, e ademais está aprobada o 2 de xaneiro deste ano, xa recoñecen que é a primeira norma autonómica con rango legal; que vén encher o baleiro normativo existente na nosa comunidade na actualidade; que queren ter unha lexislación propia que se adapte ás especiais circunstancias da comunidade autónoma; que se quere acadar un marco normativo adecuado á realidade da sociedade actual, conforme os novos parámetros sociais e culturais; e ademais que obriga a un equilibrio entre as distintas sensibilidades, dereitos e obrigas das persoas que organizan espectáculos e actividades recreativas, das persoas espectadoras ou usuarias e das persoas alleas, é dicir, acreedoras do dereito ao descanso e a unha convivencia normalizada.

Pois ben, para garantir ese equilibrio entre o principio de liberdade e o principio de seguridade e convivencia, nós pedímoslles que desenvolvan normativamente todo o contemplado nesta lei e que deixe de haber inseguridade xurídica. Polo tanto, a nosa proposta é: «A Administración xeral da Comunidade Autónoma publicará, nun prazo máximo de seis meses, previo informe da Comisión de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, un novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptados á realidade actual.»

Esperemos que reconsideren a súa postura, que apliquen a lei e desenvolvan os seus regulamentos en ben do sector, que o está pedindo todos os días.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, señor presidente.

O título desta historia podía ser: *daqueles pos, estes lodos, estas lameiras*, porque estamos sufrindo as consecuencias do procedemento de elaboración, das carencias dos contidos e do calendario de aplicación dunha lei que, efectivamente, chegou vinte e un anos tarde e que a última hora fíxose ás présas, con precipitación e con ordeno e mando do Partido Popular, que se negou, por exemplo, no mes de novembro, cando o propuxemos os grupos da oposición, a facer un trámite de audiencia con 23 colectivos, que lle propuxemos que podían comparecer aquí no mes de decembro, que só atrasaría ao mellor un ou dous meses a entrada en vigor da lei, e que, dende logo, permitiría resolver moitas destas cuestións que agora estamos debatendo. Tratábase de que comparecesen os colectivos e as entidades que estaban afectadas e que agora se están queixando pola aplicación da lei, e, polo tanto, poderíanse corrixir moitas destas cuestións.

Ademais, recórdolle que este é un trámite contemplado no artigo 115.3 do Regulamento desta Cámara, que está pensado precisamente para favorecer a participación social na elaboración das leis.

¿Que problema teñen, señores do Partido Popular, coa participación democrática das entidades afectadas pola aplicación das leis? ¿Por que vetan sistematicamente estes procedementos? Claro, agora estamos pagando as consecuencias con toda esta problemática que se está detectando, e ademais hai outros problemas derivados das responsabilidades e das competencias que vostedes lles trasladaron aos concellos sen trasladarlles, ao mesmo tempo, o financiamento e os medios necesarios para poder levar a cabo a aplicación da lei. Non están facendo os deberes ao longo destes meses, o único que fixeron, por demandas e por queixas de determinados sectores, foi un modelo de declaración responsable e simplificada para a autorización das verbenas. Pero hai moitas outras demandas, plantexadas por distintos colectivos e entidades e tamén polos concellos, que aínda non se resolveron. E recórdolles tamén as críticas que se fixeron por parte da Fegamp, por exemplo, no momento da entrada en vigor desta lei, porque non era necesario que entrase en vigor precisamente en xullo, en plena voráxine festiva e de espectáculos que hai neste país.

A lei adoce de falta de concreción, de ambigüidades, de carencias, de necesidade de desenvolvemento regulamentario, son cuestións sobre as que xa se alertou naquel momento. E a maiores tamén hai dúbidas e sombras de legalidade. Lémbrolles que hai unha petición da Asociación de produtores técnicos de espectáculos para que se inicie de oficio procedemento de declaración de nulidade das referencias que fan á lei as entidades de certificación, e fano amparándose nada máis e nada menos que nun informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores e da Competencia; polo tanto, algo terá que dicir esta entidade nunha cuestión como a que estamos referindo.

Non fixeron os deberes e agora veñen os problemas. Veñen os problemas, por exemplo, das actividades musicais en locais que non teñen licenza de café concerto, que é unha cuestión precisamente que se podería resolver co cambio no catálogo de espectáculos e de actividades recreativas, unha cuestión que están denunciando colectivos como Músicos ao vivo, como Cultura, como Asociación de músicos profesionais de Galicia, que non se ten que resolver con parches e medidas de emerxencia postas en vigor polos concellos para intentar remediar a situación, como están facendo, por exemplo, desde Compostela ou desde Pontevedra, para amparar estas actividades. Deberíanse recoñecer, regular e resolver con carácter xeral para todo o país mediante a lei e mediante o catálogo que vostedes aínda non fixeron.

E tamén, desde logo, a necesidade de actualizar —porque o mundo cambiou, a sociedade cambiou— un catálogo que é do ano 2005 e que reflicte e recolle realidades, desde logo, que non teñen que ver con este país. A min paréceme moi ben que recolla actividades recreativas de grande raigame e tradición como son os tablaos flamencos e a solta de novillos. Os tablaos flamencos hai que recoñecer que si, seica hai máis de 200, porque é unha triquiñuela para colar algúns tipos de actividades e burlar a normativa dos horarios. E resulta que seica temos máis tablaos flamencos aquí que en Andalucía, ¡tres veces máis! Desde logo, espectáculos non son consciente de que existan, pero bueno, como ao Partido Popular lle gustan moito as feiras de abril, os touros e o flamenco, igual por iso lles interesa que apareza esta cuestión.

E curiosamente —(*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Hai dereito a que lles gusten os tablaos flamencos, non hai problema. A min tamén me gustan moitas cousas. O que non inclúe, por exemplo, son as festas gastronómicas, as festas de recreación histórica, as festas tradicionais como os maíos ou os magostos, e, desde logo, unha actividade hosteleira —os furanchos— que é moito máis popular e tradicional no país que os tablaos flamencos, por exemplo. Polo tanto, é evidente que fai falta esa actualización, o que pasa é que vostedes puxeron o carro antes que os bois e agora hai que poñer parches e tapar furados. Polo tanto, o BNG vai apoiar esta iniciativa, e o que lle pedimos ao Grupo do Goberno, ou ao Goberno, é que fagan os deberes, que gobernen, que resolvan os problemas e que non creen máis, que xa hai bastantes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Realmente esta lei non veu precisamente con zapatos de bailar, nin con zapato branco nin con media de seda. Nós, dende o primeiro momento, xa dixemos con argumentos —e argumentos creo que sólidos— que era unha lei inacabada, unha lei que había que devolver, por iso fixemos unha emenda á totalidade. Con todo, pensando que é unha lei necesaria, tamén fixemos máis de 60 emendas parciais, que, por suposto, na súa liña de escoitar moito e de ter en consideración as suxestións da oposición, non foron practicamente nin lidas.

Xa en novembro, este grupo político, este grupo parlamentario, para xustificar a emenda a totalidade, nomeou dez ou máis motivos. O primeiro e máis importante é que unha lei ten que ser participada, ten que ser consensuada. Non quere dicir que non falasen con todos os sectores, quere dicir que só falaron con quen lles interesou, e posiblemente non por esquecemento, senón máis ben por outro tipo de cuestións. Unha lei sen diálogo, unha lei que non ten en conta todos os axentes implicados, unha lei que non ten en conta nin os axentes, nin os concellos, nin as asociacións de consumidores, nin os produtores e produtoras, nin os usuarios, nin en xeral todo o ecosistema cultural, algo que se constatou dende o minuto cero; unha lei abstracta, pouco desenvolvida, unha lei con inseguridade xurídica. Nós dixémolo, é unha lei ambigua, e hoxe estase demostrando que realmente é unha lei problemática. Vai ser un constante remendar, non van ter outra opción. Realmente foi unha lei só aprobada polo Partido Popular. Todo o resto dos grupos abstivémonos, ¡por algo sería!, ¿non?

Cando hai escasa seguridade xurídica, iso afecta dunha maneira brutal á propia actividade; despois poñemos exemplos. Hai inseguridade para os operadores, para os locais, para os promotores. Hai indefinición legal en moitísimos aspectos. Hai desequilibrio, porque non é o mesmo un espectáculo de pequeno formato que un espectáculo inmenso. Iso si, vostedes atribúense todas as competencias para decidir, e entón, en vez de delegar en certos concellos, que en formato pequeno poden resolver, non. Iso está clarísimo e estipulado desta maneira.

Entón, é pouco realista. Os propios artistas, promotoras e locais denuncian a característica fundamental desta lei, que é a restrición. É moi restrictiva, iso é que non a fixeron cos pes na terra. E ademais pon en perigo, sobre todo, aos grupos, aos creadores máis pequenos. O peixe grande come ao máis pequeno; neste caso si. ¿Porque está xerando tanta polémica? Non ten máis que abrir a prensa e ver que hai un grupo, un colectivo, de máis de 200 artistas que están liderando a demanda para asegurar a realización, por exemplo, de concertos de pequeno formato en recintos pechados, diante das dúbidas que abren a propia aplicación da lei.

¿Por que nós imos apoiar a proposta do PSdeG? Porque cremos que o catálogo pode ser, ¡debe ser!... Un catálogo que ten trece anos —mal número se non crece—, esperemos que non pasen máis anos. Un catálogo que vostedes anuncian en prensa, sobre todo —este é o anuncio da consellería— para cambiar os horarios de peche. Perdoen que lles diga que en todos os países de Europa os catálogos valen para moito máis que para regularizar o peche. Como ben se dixo aquí, hai estrataxemas para camuflar os horarios de peche, esperemos que non aconteza así. Pode axudar tamén á distribución e á difusión dos espectáculos dos artistas. Un catálogo permite que a xente que pode contratar acceda ás sinopses, ás fotografías e vídeos, que acceda á documentación para a posible difusión dentro e fóra do país; adaptarse á realidade social: mellorar a protección a consumidores; garantir a convivencia da veciñanza; dar seguridade ás empresas; estudar compatibilidades, adaptarse á demanda, sobre todo con seguridade e respecto polo contorno como principais premisas. Isto dixémolo dende o primeiro momento: convén adaptar o marco regulatorio para dar cabida ás diferentes formas de entender o lecer.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Cuestión previa, se me permite. Por clarexar algún concepto, nomear os veciños cos que convives todos os días e os que coñeces, cada un polo seu nome, chámase cercanía. Nomear no Parlamento reiteradamente a xente coa que te reuniches unha vez na vida e non a volviches ver, iso é demagogia. Diso deberían entender vostedes bastante a diferenza.

Tamén quero clarexar... Lamento que non estea aquí o deputado que o dixo, pero nós non atacamos a familias, non atacamos a cuñadas, simplemente mencionamos cuñadas que saen en resolucións xudiciais que —iso si— din que se beneficiaron da súa condición de cuñada. Ao resto deixámoslos tranquilos. Quero clarexar isto.

Respecto ao tema que nos atinxe, a Xunta de Galicia creo que se mostrou francamente diletante porque está a tramitar o decreto que regula a Comisión de espectáculos públicos e actividades recreativas; de feito, está pendente simplemente do informe do Consello consultivo, ao tempo que, paralelamente, traballa na elaboración dun novo catálogo de espectáculos adaptado á realidade actual, que, por certo, xa foi sometido ao trámite de consulta pública previa.

Nós non podemos apoiar esta iniciativa por unha cuestión sencilla, porque se dan as mesmas circunstancias que nos impediron aceptar a emenda que presentaban á lei. Non podemos condicionar a prazo o necesario diálogo previo co sector, e non cremos que se deban condicionar os prazos da elaboración do informe preceptivo da comisión, porque nos parece que é máis interesante acertar coas modificacións do catálogo que non aprobalo nun determinado prazo. E digo por que: porque non hai vacío legal; porque hai un catálogo, con deficiencias, seguro, pero que está en plena vixencia, e se con ese catálogo hai moitos tablaos flamencos, señor Bará, será pola afición que lle teñen algúns destacados membros do BNG.

Eu recordo que o señor Francisco Rodríguez dicía que se relaxaba escoitando *La del manojito de rosas*. Non sei cal lle gusta a vostede, non entro. Paréceme ben, cada un que escoite o que queira, pero todos deberíamos cumprir a lei. Porque mire, se o que se pretende coa modificación do catálogo é regular as actividades dos locais nos que teñen lugar as actividades, especialmente os locais de ocio, de entretemento e de restauración, a nós parécenos un acerto. Se o que se pretende é facelo para xustificar mentiras, para amparar ilegalidades ou para atribuírle á lei de espectáculos consecuencias que teñen a súa orixe na actuación irresponsable dalgún alcalde, cremos que se cometería un gravísimo erro.

Aclaro unha cousa. Neste ámbito, nada se modificou na lei. O que era legal antes da lei, continúa sendo legal. E o que era ilegal antes da lei, continúa sendo ilegal. Afirmar que a Lei de espectáculos impide a música en vivo, ou prohíbe celebrar espectáculos en locais onde antes si se permitía, é falso. E a posibilidade de celebrar regularmente eventos nun local, señorías, depende exclusivamente da súa licenza municipal, antes da Lei de espectáculos e despois da Lei de espectáculos. O que pasa é que algúns ignoran isto.

Traio aquí este titular: «*Santiago abre el grifo a la música en vivo en pubs de la zona vieja.*» «*Después de casi dos años de lucha, la música en directo volverá a sonar en los pubs del casco histórico sin exponerse a multas indiscriminadamente.*» «*Once locales de la asociación Cidade Vella se beneficiarán de este convenio.*»

Mire, afirmar que un concello podía, ou pode, autorizar nun local a celebración regular de eventos que non están amparados por unha licenza municipal é un engano aos veciños, é un engano aos propietarios, é un engano aos artistas. Si pode regular aqueles actos excepcionais, e teno que facer por ordenanza municipal. ¿Que estiveron facendo ata agora? Porque a señora Cuña di: Non, é que isto é non é cousa dos concellos. «*El criterio para los conciertos en pubs será su insonorización y no su licencia. El Gobierno de Compostela Aberta aprueba un cambio de la ordenanza.*» Pero ¿era municipal ou non era municipal a competencia? O que pasa é que permitir que se celebren determinados eventos, a sabendas da súa ilegalidade, ten outro nome, e é un nome moito máis feo.

Mire, hai responsables públicos aprendices de bruxos que se consideran por enriba da lei. E consideran que a súa arrogancia, que só é comparable á súa covardía política, lles permite facer calquera cousa. A arrogancia é propia de quen ignora as advertencias legais dos seus propios servizos xurídicos. E a covardía política, de quen se nega a asumir as consecuencias desa actitude.

Falaba antes do convenio de Compostela Aberta. Teño aquí o informe xurídico que acompaña o convenio: O correcto cumprimento do convenio, como se deriva da inclusión de cláusulas preventivas, estará supeditado á observancia da normativa sectorial —en particular autonómica e municipal—, relacionadas esencialmente coas respectivas licenzas de uso e apertura dos locais concernidos polo proxecto de convenio.

Por certo, criterio este que foi referendado por distintos decretos firmados, entre outros, por algún concelleiro que lle soará, o señor Duarte ou o señor Duro. Todos din o mesmo, ningún convenio ampara a celebración de eventos nun local que non ten licenza para iso. ¿Que fixo o alcalde de Compostela Aberta? ¿Asegurar o cumprimento do informe nos seus termos? Non.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Ocultou ese matiz e desviou responsabilidades para outro lado.

Onte falábase aquí de casualidades. Eu quero tamén falar e facerme preguntas sobre casualidades.

Mire, ¿é casual que tres días despois deste informe se cambiara o director da Asesoría Xurídica do Concello? ¿É casual que o mudaran mediante unha libre designación? ¿É casual que a libre designación fora coñecida pola prensa seis semanas antes de que se producira o nomeamento? ¿É casual tamén que mudaran a xefa do servizo de licenzas...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...que testificou contra o señor Duarte? (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

¿É casual que o convenio pretenda amparar só aos membros dunha asociación? E ¿é casual que os membros desa asociación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Pazos, remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO:inclúa a destacados abaixo firmantes?

En palabras dun distinguido personaxe que me antecedeu hoxe no uso da palabra: clientelismo da nova política, o selo de Compostela Aberta, o ADN corrupto das Mareas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: Deixen de mentirlle á xente, cumbran coas súas obrigas e deixen de prevaricar nos concellos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pazos.

Por parte do Grupo Parlamentario autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente. *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Prónúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdón, ten a palabra a señora... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Non, vostede non ten a palabra agora. Cando termine a señora Rodríguez Rumbo poderá pedir a palabra para solicitar o que estime oportuno, e xa veremos.

Señora Rumbo, ten vostede a palabra.

¡Silencio, por favor!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, grazas ao voceiro do BNG e grazas á voceira de En Marea por apoiar esta proposta.

No caso do partido Popular, eu o que lle pido, señor Pazos —e ademais dígoo tal como levamos a tramitación desta lei, polo ámbito do diálogo—, é que se senten cos representantes de todos os sectores. Temos un problema. Antes de que esta lei entrara en vigor xa recibimos a varios sectores que estaban antepoñendo problemas que ían xurdir. Sabe vostede —e xa llo comuniquéi antes cos datos estatísticos— que para nós o sector dos espectáculos públicos, o sector das actividades recreativas, é moi importante, e que Galicia —tal e como expoñía o voceiro do BNG— ten a súa propia forma de desfrutar do ocio. Polo tanto, temos actividades recreativas e espectáculos públicos que son diferentes, moi diferentes, do que se está a desenvolver noutras partes.

A verdade é que tamén é curioso —un pouco na mesma liña que comentaba o representante do BNG— que nunha época, no 2011, un alcalde do Partido Popular foi imputado precisamente porque Galicia tiña máis licenzas de tablaos flamencos das que había en Andalucía. Polo tanto, o que intentamos é regular iso e que non pase. Fundamentalmente, unha cousa que lle recordamos unha e outra vez: séntense cos concellos. A Xunta de Galicia está acostumbrada a legislar para darlles máis competencias aos concellos, pero non lles dá máis financiamento para que eles poidan exercer esas competencias. É dicir, vostedes invitan e os concellos pagan.

Tamén lle quero recordar, porque é moi importante, que no tema das verbenas Galicia é a primeira potencia mundial, segundo se di, das orquestras. Polo tanto, as orquestras é un sector moi importante e que hai que regular.

Vostede céntrase bastante no Concello de Santiago para falar fundamentalmente da música en vivo. Pero mire, non é soamente Santiago, temos que pensar en todas as vilas galegas. Nin sequera só nas sete grandes cidades, senón en todas as vilas galegas, nas que cada vez máis se está a ofertar a música en vivo. Evidentemente, tal e como lle dicía ao principio, teñen que garantir o dereito ao descanso que teñen as persoas que non están alí, polo tanto, os locais teñen que adaptarse, pero tamén hai que ver que esta música en vivo oferta un valor engadido ao que se está dando nestes locais de restauración, nestes locais de copas,

nestes locais de cafés, polo tanto, por iso tamén temos que velar porque tamén é un sustento, é un sustento económico —señor presidente— para este sector. Polo tanto, a Xunta de Galicia debe velar para que tamén este sector se poida desenvolver en lugares que estean acondicionados e que poidan desenvolver a súa actividade económica.

Polo tanto, o que lle pedimos non é nin máis nin menos que inmediatamente, sen máis demora, se senten co sector; que regulen e aproben estes dous decretos e que escoiten as necesidades dos sectores, para que poidan desenvolver sen problemas a súa actividade económica. Nin máis nin menos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rumbo.

(A señora Cuña Bóveda pide a palabra.)

Dígame, señora Cuña, ¿para que quería vostede a palabra?

(A señora Cuña Bóveda pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non sei se ten voz o escano da señora Cuña. Agora.

A señora CUÑA BÓVEDA: Repito.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Si, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Con base no artigo 76.1 pediríalle ao señor Pazos que retire a afirmación: «Deixen de prevaricar», por inexactitude ou xuízo de valor, como outras veces se nos ten requirido a nós.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¿Cal era? ¿«Deixen de prevaricar»?

A señora CUÑA BÓVEDA: «Deixen de prevaricar». Efectivamente.

Grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Señor Pazos. Déanlle voz ao escano do señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas.

Este voceiro utilizou palabra por palabra, literalmente, a mesma terminoloxía que o seu voceiro utilizou esta mañá, sen ser chamado á orde, para dirixirse ao Grupo Popular. Aquí todos xogamos coas mesmas normas e todos temos a mesma posibilidade de pronunciarnos en termos iguais. E, dende logo, non podo retirar iso porque sería tanto como invitalos a seguir prevaricando nos concellos, e iso si que non podo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Eu pediría —perdón, estou eu no uso da palabra, despois poden vostedes debater o que queiran— que todo nos axeitásemos ao uso cordial das palabras. É certo que esas palabras poden non gustar, e tamén é certo que se pronuncian moitas que tampouco gustan a outros grupos.

Hoxe pola mañá, durante o debate das preguntas ao presidente, se utilizaron moitas expresión que non gustan a todo o mundo, e deixáronse utilizar. Entón, eu prego que en diante, no que queda de debate, non utilicemos expresións que ofendan ao resto dos deputados, nin por un lado nin polo outro. Serán máis fáciles os debates e, ao mellor, ata nos entendemos mellor nalgunha cousa.

Dígame, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Vostede, como presidente, é quen ten a decisión. Eu creo que non é exactamente o mesmo, en tal caso, pola mañá ese grupo debera pedir o mesmo que estou pedindo eu. Entón, vostede é o que ten a última decisión, e insisto en que se retire, por favor.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vale, grazas.

Xa está cerrado. Isto non é un debate. Non hai réplica nin contrarréplica. Xa está. Eu considero que son dentro do debate político e que se poden admitir, aínda que pido que non se volvan utilizar nin por un lado nin polo outro, porque se non estaremos todo o rato pedindo a palabra para que retiren determinadas expresións que utilizan os deputados. Así que, por favor, imos ter un debate cordial no que queda de día, que queda moito día.

¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos compromisos referidos ao avance da execución e data de remate das obras do AVE a Galicia, así como a actuación que debe levar a cabo respecto dos investimentos estatais e o cronograma previsto para ese fin

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Raúl Fernández Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei..

Emenda de substitución.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Dirixirse ao Goberno de España para que ratifique a data comprometida de finalización das obras do AVE a Galicia, co obxectivo de que estea funcionando en probas no ano 2019.*
- 2. Trasladar ao Goberno do Estado que a finalización da alta velocidade entre Madrid e Galicia no prazo mínimo tecnicamente posible é un obxectivo irrenunciable e prioritario para a nosa Comunidade.*
- 3. Manter unha labor de vixilancia sobre os investimentos estatais e o cronograma previsto para que o remate desta infraestrutura estratéxica para Galicia se produza no prazo comprometido, e a estes efectos crear, no marco da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado – Comunidade Autónoma de Galicia, unha Subcomisión coa participación dos responsables de infraestruturas de ambos os dous gobernos, que se ocupará da avaliación e impulso das infraestruturas de Galicia e da súa execución orzamentaria.*
- 4. Dirixirse ao Goberno de España para que realice coa máxima dilixencia e sen retrasos inxustificables os trámites necesarios para o inicio das obras das licitacións pendentes ou en fase previa á adxudicacións”.)*

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e a través do seu voceiro Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Emenda nº. 1 de substitución:

Débase substituír o texto do punto 3.- polo seguinte:

“3.- Elaborar un informe sobre a caída orzamentaria nas infraestruturas galegas por parte de Fomento e o grao de execución desas partidas durante o Goberno de M. Rajoy como Presidente do Goberno do Estado para negociar co novo Goberno a recuperación dos investimentos comprometidos e non executados. Así mesmo comezar a facer o seu labor de vixilancia sobre os investimentos estatais.”

Emenda nº. 2 de adición:

Débense engadir, ao remate da parte resolutiva, os seguintes puntos:

“5. Solicitar ó Goberno do Estado a realización dunha auditoría sobre a eficiencia e racionalidade dos investimentos realizados polo Goberno Central na alta velocidade.

6. Solicitar ó Goberno do Estado que realice unha auditoría que determine as causas da alta incidencia de agresións medioambientais producidas en territorio galego polas obras do AVE e que explore a posibilidade de incrementar as sancións ás empresas infractoras.

7. Solicitar ó Goberno do Estado que recupere o nivel de investimento para as infraestruturas galegas previo á chegada do Partido Popular ó goberno do Estado no 2011.”)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei,

Emenda de adición.

Engadir tres novos puntos que pasarían a ser o 5, 6 e 7, co seguinte texto:

“5. Demandar do Goberno do Estado o impulso das actuacións e dos investimentos necesarios nos orzamentos do ano 2019 para mellorar a rede ferroviaria interna e a conexión con Portugal:

— Finalización do Eixo Atlántico coa modernización da liña Coruña-Ferrol e construción da saída Sur de Vigo para a conexión coa fronteira portuguesa.

— Modernización e mellora da liña Ferrol-Ribadeo (antigo Feve)

— Mellora das conexións ferroviarias de Lugo con Coruña e Santiago.

— Conexión dos portos por ferrocarril e desenvolvemento do transporte ferroviario de mercadorías.

6. Demandar do Goberno do Estado a transferencia das competencias para a xestión da rede ferroviaria interna.

7. Realizar un estudo para a creación do servizo ferroviario de cercanías naqueles treitos onde exista demanda e uso real ou potencial que o xustifique.”)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente. Bo día.

Como comentaba onte, o Partido Popular de Galicia trae hoxe a debate esta iniciativa sobre a finalización do tren de alta velocidade entre Galicia e Madrid, co obxecto de reforzar tamén desde este Parlamento o compromiso de que esta infraestrutura estratéxica para a competitividade, a mobilidade e o desenvolvemento económico e social da comunidade se remate nos prazos comprometidos.

A finalización das obras do AVE é un obxectivo estratéxico, de país, irrenunciable, que todos debemos demandar e apoiar. Traémolo agora —peticións similares xa se fixeron no pasado e as apoiamos desde o Grupo Popular—, precisamente agora, por unha dobre razón. Primeiro para reforzar a postura, reforzar o Goberno da Xunta e o seu presidente na reunión que ten o próximo día 17 en Madrid no Palacio da Moncloa co presidente do Goberno de España, para que poida ir a esta reunión co respaldo do Parlamento galego.

Pero tamén, dadas as incertezas xeradas por algunhas declaracións feitas polos responsables políticos do Partido Socialista —que ostenta agora o Goberno de España—, por esas insinencias do ministro de Fomento en xerar dúbidas sobre os prazos de finalización do AVE a

Galicia, porque estas declaracións difiren claramente do que os técnicos e responsables do Adif viñan dicindo ata agora.

É verdade que o recente nomeamento como presidenta do Adif da galega Isabel Pardo de Vera dá algo de tranquilidade, tendo en conta que foi a directora que planificou estas obras e que supervisou esta data de 2019. Esperemos que non se autocontradiga ou que ordes superiores a fagan traballar noutro sentido.

O certo é que desde o Goberno galego, desde o Grupo Popular, se vén tendo unha actitude constante, continua, de exixencia e de reivindicación, xa antes ao Goberno de Mariano Rajoy, pero tamén agora ao de Pedro Sánchez, para intentar conseguir que estas obras poidan estar rematadas no 2019, e cremos que nestes últimos meses e anos de traballo se lograron importantes compromisos. Por un lado, creo que transparencia nos prazos de finalización do AVE, xa que antes, con distintos gobernos, non eran tan transparentes. E ter un cronograma claro e fiable, que situaba con posibilidade clara a finalización das obras neste 2019.

Esta actitude de traballo e de seguimento tamén se viu —por iso tamén o pedimos— reforzada coas visitas periódicas do ministro de la Serna cada tres meses. Todos estes compromisos fixéronse cunha auditoría interna previa, cun cronograma técnico planificado e acordado coas empresas, e, polo tanto dicimos que non necesitamos unha nova auditoría, senón simplemente comprobar que se cumpren os prazos e o cronograma xa comprometido, avalado e consensuado entre o Goberno de España e o da Xunta coas empresas responsables.

Non hai moito tempo, case un cento de contratos, que estamos falando. É dicir, son obras complexas. Pero si que me gustaría resumir brevemente como están estes principais fitos e obras do AVE Galicia. Madrid-Zamora xa está en funcionamento desde o 2016, conseguiu unha rebaixa de 30 minutos. Zamora-Pedralba de la Pradería está previsto que remate a final deste ano. Tamén permitirá, cando se poña en funcionamento, aforrar outra media hora entre Galicia e Madrid.

O cambiador de ancho de vía en Pedralba está en obras desde xuño de 2017 e deberá estar rematado este mesmo verán. E facilitará que os trens Alvia poidan ir desde Pedralba ata Madrid directamente por estas vías do AVE. A maior intensidade das actuacións pendentes están entre Pedralba de la Pradería e Taboadela, pero estas obras están ou rematadas ou en avanzado estado de execución. Deste xeito, podemos dicir que cinco dos tramos están xa rematados e oito superan o 90 % de execución, polo que é facilmente acadable ese obxectivo, e a planificación é que están rematadas na primavera de 2019.

O viaduto das Teixeira, que hai un ano era o punto máis comprometido e crítico, xa se atopa en plena execución e tamén en disposición de finalizar en prazo. No que se refire ás obras de superestruturas e elementos complementarios, o material está xa practicamente todo adxudicado e boa parte das obras atópanse ou adxudicadas ou licitadas. Nos casos restantes, practicamente todas as licitacións foron autorizadas xa por Adif, polo consello de administración, e como vimos estas últimas semanas, algunhas xa publicadas no Boletín Oficial do Estado.

Trátase de obras cuxa execución é compatible coa finalización dos traballos da plataforma, e polo tanto cos prazos comprometidos. Cómpre ter en conta que parte deses contratos teñen un prazo de execución que vai máis alá de 2019, cousa que non é incompatible con ter rematadas as obras, porque está prevista a cobertura destes contratos para todo o período de probas posterior, e a certificación posterior tamén para o ano 2020. Polo tanto, no pasa nada porque estean dentro dese período do 2020, porque as obras de probas e comprobación van ir máis alá dese 2019.

Finalmente, outro dos puntos onde se concretan os traballos pendentes e os máis complicados é a conexión entre Taboadela e a estación de Ourense. A circunvalación de Ourense, evidentemente —como xa se dixo varias veces—, non sería posible neste prazo, para finais do 2019, e polo tanto Adif decidiu adaptar o corredor ferroviario existente provisionalmente, mentres se van completando as obras desa circunvalación. Polo tanto, con estas obras provisionais tamén é posible esa data de finais do 2019.

Este é un resumo, son varias dúcias de contratos, pero é evidente polos datos, pola obra executada, polo traballo feito nestes últimos meses e anos, que é posible acadar esa data de ter rematadas as obras ao final do 2019, como veñen dicindo os técnicos de Adif nos últimos meses.

Polo tanto, xa dicía, non chega con declaracións como a do delegado do Goberno desta semana: Non fixemos nada para opoñernos á chegada do 2019. ¡Só faltaría que se fixeran cousas para evitar que estas obras chegaran! Pero, como dicíamos onte, non chega só con non facer nada en contra, hai que estar encima, hai que traballar, hai que exixir ás empresas que teñen as obras adxudicadas que cumpran, e para iso en moitos casos teñen que duplicar ou triplicar equipos, duplicar ou triplicar subcontratas. E, evidentemente, se deixas a empresa, economicamente sairíalle máis rendible non apurar con estes dobres ou triples turnos nalgún caso.

En calquera caso, tecnicamente posible. Estabamos comprometidos, e o único que esperamos é que, nesa reunión que tiveron o presidente da Generalitat e o presidente do Goberno de España, parte do prezo de ter a Sánchez na Moncloa non sexan as infraestruturas e o AVE a Galicia. Esperamos sinceramente que o día 17 o presidente do Goberno confirme integramente todos os compromisos que xa tiña o Goberno de España co Goberno galego e cos galegos e galegas, e esperamos sinceramente que as cousas que non se contaron desa longa reunión co presidente da Generalitat, e os custos dun débil presidente que non ten os apoios parlamentarios no seu grupo, senón noutros grupos que lle van pedir a cambio moitas cousas, non sexan a cambio das infraestruturas de Galicia, porque o prazo é, como vimos, viable, executable e confirmado polos técnicos do Adif.

Polo tanto, cremos que todos os grupos poden e deben apoiar a nosa proposición non de lei. Creemos que o apoio —unánime pedimos, incluso— deste Parlamento para esa reunión o día 17 do presidente da Xunta co presidente do Goberno de España, un novo reforzo e un novo apoio deste Parlamento no que se exprese claramente a irrenunciable demanda de Galicia de que esa infraestrutura é imprescindible, é positivo, polo tanto, pedimos o apoio de todos os grupos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: O primeiro que temos que dicir, señor Fernández Prado, é que estamos ante un debate ficticio e tramposo. Estamos a falar, no caso do AVE, dunha historia de enganos e de incumprimentos. Anunciáronse sucesivamente distintos prazos de remate, e agora estamos con esta batalla e con esta pelexa do ano 2019, que é unha discusión que ten a súa trampa tamén, porque vostedes saben perfectamente que os períodos de execución das obras, algunha delas aínda sen licitar, posiblemente nos leven máis alá, tendo en conta ademais os prazos, que é o habitual na execución das obras.

En fin, en todo caso, nós o que non imos facer é enredarnos aquí nun debate que nos parece absurdo sobre esta cuestión. O que si teríamos, en todo caso, é que facer memoria. Facer memoria non xa de que estamos a falar de que chegue o Ave a Galicia trinta anos despois de que chegase a Sevilla, por exemplo. Facer memoria tamén, por exemplo, do famoso Plan Galicia —non sei se se lembran—, que lle valeu ao señor Álvarez Cascos nada máis e nada menos que a medalla de Galicia. Por certo, medalla que aínda non lle retiraron; non sei se é que teñen débedas ocultas co señor Álvarez Cascos.

Aquel plan tiña promesas absolutamente disparatadas e propagandísticas, como un corredor cantábrico de alta velocidade entre Ferrol e Bilbao. Non soñamos con iso, soñamos con ter un tren decente, do século XXI, que conecte, e non o que están facendo, que están literalmente desmantelando e aniquilando o tren entre Ferrol e Ribadeo. Aquel plan propoñía a data do 2009, e esa data despois converteuse no 2012, no 2015, no 2018, no 2019... ¡e xa veremos!

O capítulo estelar desa historia de enganos e de incumprimentos, foi o famoso Pacto do Obradoiro, asinado con grande boato por Feixóo e Blanco naquela época. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, Feixóo porque a palabra galega é Feixóo. Feijóo é unha grafía galega antiga, e, en todo caso, a pronuncia Feijóo e é unha castenalización. (*Murmurios.*) En todo caso, a forma castelá sería *haba* ou *habichuela*, pero non lle imos chamar así ao señor presidente da Xunta. É o señor Feixóo, como é Sanxenxo, como é Raxó e como é Laxe, e non eses inventos que acaba de sacar a Real Academia Española. Eses son os nomes auténticos galegos, así que vostedes fagan o que queiran. (*Risos.*)

Despois, se quere, temos unha discusión filolóxica máis profunda, señor a Prado del Río... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, non confunda.. Seguimos. (*Aplausos.*)

Recórdolle ese Pacto do Obradoiro, que establecía o remate —estas cousas hai que dicilas— en 2015. E o señor Feijóo, ademais, comprometeuse en 2011, en plena precampaña electoral, a que cun novo goberno do Partido Popular el aseguraba e blindaba o remate das obras no 2015, porque ía haber unha ministra ou un ministro do Partido Popular no Goberno do Estado que ía asegurar o remate das obras no 2015. Esa ministra foi Ana Pastor, e incumpriu de novo ese compromiso. (*Aplausos.*) E non chegou o AVE en 2015, o que chegou, por desgraza,

foi a traxedia de Angrois, porque puxeron en marcha o treito entre Ourense e Santiago sen as debidas garantías de seguridade. E agora resulta que catro anos despois, e despois dos vetos do Partido Popular e do Partido Socialista, estamos vendo como se inician os traballos da Comisión de investigación do Congreso dos Deputados, pero faltan aínda por asumir as responsabilidades políticas desa traxedia que levou á morte de 81 persoas, e moitas máis feridas e damnificadas. E non chegou o AVE pola caída dos investimentos do Estado nos últimos anos, pola baixa execución orzamentaria, da que tamén teñen moita responsabilidade os gobernos do Estado do Partido Popular coa anuencia do Goberno do señor Feixóo, e porque ademais vostedes rexeitaron a creación dunha Comisión de seguimento para impulsar esas obras e para cumprir os compromisos.

O BNG, desde logo, quere que se cumpran os compromisos, pero queremos ir máis alá deste debate. Precisamos unha estratexia galega de aposta polo ferrocarril no marco dunha estratexia dun plan a favor da mobilidades sustentábel, saudábel e segura, e que ademais sexa parte dunha axenda galega, dunha axenda da Xunta de Galicia e do Goberno do Estado con respecto ás infraestruturas en Galiza.

Esa aposta concrétase en tres emendas, en tres piares, que nós presentamos como emendas á mellora das infraestruturas ferroviarias para o transporte de viaxeiros e mercadorías, co remate da liña ferroviaria do eixo atlántico, A Coruña e Ferrol, e tamén a conexión con Portugal a través da saída sur, que foron aprobadas neste Pleno e non se cumpriron.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: A modernización da liña Ferrol-Ribadeo. Acabar co illamento ferroviario de Lugo. A conexión dos portos e o impulso do ferrocarril de mercadorías.

Remato xa, señor presidente, se me permite. A transferencia das competencias a Galiza da rede ferroviaria interna, como se comprometeu a Xunta de Galiza do Partido Popular xa no ano 2010. A mellora dos servizos e, sobre todo, a creación do tren de cercanías. Por certo, foi apoiada e impulsada recentemente polo Partido Socialista, e esperamos que agora a impulsen desde Madrid.

Déixense, polo tanto, de liar o palangre e poñámonos a traballar en serio para ter un tren como se merece este país, un tren do século XXI.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Simplemente, señor Fernández Prado, tres puntualizacións concretas sobre a súa intervención de forma rápida.

Finalización do AVE. Os orzamentos de 2018 do PP sinalábana no Horizonte do 2025, así de claro. (*Aplausos.*) ¡Está escrito! ¿Que as manifestacións do ministro de Fomento espertaron algunhas dúbidas sobre o compromiso do Partido Socialista co AVE? ¡Home!, parece lóxico que anunciara que ía facer unha auditoría. Eu creo que calquera persoa que chega a unha institución como responsable da mesma parece lóxico que vexa como están as cousas. Esa auditoría en si mesma non cremos que sexa mala, o que si son malas son as distorsións interesadas que provocou o Partido Popular con esa declaración, ¡nada máis!

Desvío de Galicia a Cataluña dos compromisos en infraestruturas pola debilidade do Goberno do señor Sánchez? Está por ver. O que si está visto é o desvío ao País Vasco polo Goberno Popular nos orzamentos do 2018. Iso si que está comprobado.

En todo caso, señor Fernández Prado, agora chegaron as présas para o Partido Popular e para o Goberno do señor Feijóo respecto á chegada do AVE a Galicia. Non respectaron vos-tes nin os prazos de graza e cortesía co novo Goberno. Pero non se preocupe, xa podemos dar conta do compromiso real do Goberno de Pedro Sánchez coa chegada do AVE a Galicia, fareino ao longo da miña intervención. De todos os xeitos, é unha mágoa que o señor Feijóo fora tan permisivo coa inexecución orzamentaria do AVE, e é unha mágoa tamén que o Partido Popular fose tan comprensivo cos sucesivos incumprimentos dos compromisos do señor Feijóo coa entrada do AVE a Galicia.

¿Lembran, non? Acaba de dicilo o señor Bará: 2009; logo 2012; máis tarde 2014; despois 2015; máis alá 2017, retrasalo ao 2018, e agora estamos no 2019. Estamos no 2019, indicando nos propios orzamentos do 2018 que era no 2025 a finalización.

A iniciativa remarca ademais, repetidamente, a data de 2019 como compromiso do Goberno do señor Rajoy, pero faino de forma ambigua, coincidindo con manifestacións similares do señor Feijóo e de cargos do Partido Popular.

Señor Fernández Prado, ¿a que compromiso real se refiren cando falan de 2019? ¿A que a entrada a Ourense está en probas? ¿A que o AVE chega a Ourense? ¿A que rematan as obras do AVE en Galicia? E se este é o caso do remate das obras, está no punto 1 da súa proposta, ¿que plantexa? ¿O compromiso de finalización das obras refírese á adaptación da liña actual Taboada-Ourense ou á construción da variante de Ourense no tramo Ourense-Taboadela ou Taboadela-Ourense?

Debería clarificar cal é o compromiso para 2019, porque se non temos que pensar que o Partido Popular está a utilizar a estrada do AVE a Galicia, barallando compromisos diferentes, como unha cerimonia de confusión para tapar os incumprimentos do Goberno central e do señor Rajoy co AVE a Galicia, e a pasividade e complicidade do señor Feijóo con esa situación.

A mentira tamén forma parte desa cerimonia da confusión. Non hai moitos días o señor presidente, o señor Feijóo, manifestou que o goberno Rajoy fixo os deberes orzamentarios para

facilitar a conexión por AVE de Galicia á Meseta. Imos ver se cumpriron ou non os dous presidentes populares co AVE a Galicia.

A realidade, segundo os datos oficiais facilitados polo Goberno central a nivel de execución de investimentos previstos para o AVE en Galicia nos últimos tres exercicios orzamentarios foi a seguinte —resumo nada máis—: 2015-2016, dispoñible 1.986.247.000; executados 810.849; grao de execución, tanto por cento de execución, 40 %, 40,82 %. É dicir, dos 1.986 millóns de euros orzados polo Estado nas anualidades 2015, 2016 e 2017, só foron executados 1.175 millóns de euros, o 60 %.

¿De verdade cren que o señor Rajoy fixo os deberes co AVE en Galicia? ¿De verdade cren que o Goberno do señor Feijóo fixo algún tipo de seguimento da execución orzamentaria?

Os socialistas sempre estivemos comprometidos co AVE Madrid-Galicia; estivemos comprometidos nos orzamentos e sobre todo na execución destes. Este mesmo compromiso permanece. O Goberno do señor Sánchez non só non parou nada, senón que acelerou licitacións e adxudicacións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...e fíxoo onde hai que facelo, no BOE.

En apenas un mes licitáronse obras por un valor de 125 millóns de euros, e se adxudicaron obras por un valor de 49 millóns de euros. Este si é un compromiso real de feitos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Remato, señor presidente.

Pero tamén nós comprometemos de palabra e por escrito, e por iso presentamos unha emenda a esta iniciativa, emenda da que dispoñen, que en síntese o que reclama é un cronograma claro e público, transparencia, Boletín Oficial do Estado en vez de propaganda, control dos compromisos. Señor Fernández Prado, por nós non vai quedar, estamos na posición de impulso do AVE a Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Fernández.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bueno, se non trouxera o Partido Popular unha iniciativa propagandística, dariámoslle a benvinda á defensa dos intereses de Galiza diante do Goberno do Estado. Pero non teñen vosdes moita credibilidade nesta cuestión á hora de presionar ao Goberno.

Tivo que haber un cambio de goberno no Estado para que vostedes traian iniciativas a este parlamento para defender os intereses de Galicia no que ten que ver cos investimentos do Estado en Galicia, fundamentalmente coa execución dos orzamentos e a licitación. Hai que ter en conta que vostedes foron quen no seu día anunciaron que chegaría no 2009, que despois o foron atrasando, e durante estes últimos sete anos no Goberno do Estado, no Ministerio de Fomento, non foron quen de aplicar os investimentos precisos para que a obra rematase neste ano, e agora entráronlles as presas e queren meter presión, agora parece que lles entra a preocupación. E non só a falta de investimentos no AVE e o que aconteceu mentres o Partido Popular estaba no Goberno central, senón o abandono absoluto dos investimentos nas infraestruturas galegas, na xeración de novas infraestruturas e no mantemento das infraestruturas existentes. E isto amósano os números. Os números son fríos e poden combater calquera tipo de propaganda do Partido Popular. Os datos orzamentarios durante eses sete anos, sobre todo a execución deses mesmos orzamentos, e a licitación que vén aplicando.

O Grupo Popular estivo calado durante todos estes anos, nin unha soa exixencia ao Goberno do Estado. Todo parabéns e respaldo do Grupo Popular e do Goberno da Xunta, que mesmo facía declaracións dicindo que o Ministerio de Fomento se estaba portando moi ben con Galicia cando todos coñecemos os números. E agora pretenden vostedes sacar peito exixindo ao Partido Socialista que faga o que vostedes non foron quen de facer durante sete anos.

Nós na cuestión do AVE sempre mantivemos a mesma posición: que chegue sen recortes, que chegue nas condicións axeitadas en canto a competitividade e seguridade. En canto a competitividade xa non vai ser posible, imos contar cun AVE de segunda a Galicia que non vai viaxar nos tempos que se prevían nun inicio; cando menos que non haxa recortes en seguridade que volvan custar vidas.

Nós engadimos unha serie de emendas, tres de engádega e unha de substitución, que nos parecen cuestións moi importantes que xiran sobre o AVE, e entendemos que non deberían ter problema vostedes nesta nova defensa dos intereses de Galicia diante do Goberno do Estado en poder aceptar porque van nesa liña, en defender os intereses de Galicia diante do Goberno do Estado.

Sería unha auditoría sobre a efectividade e a racionalidade do AVE a Galicia. Hai un demoledor informe do Tribunal de Contas Europeo que denuncia falta de pasaxeiros, previsións infladas, sobrecostos nas obras e velocidades moi inferiores ás que se proxectan. Polo tanto, entendemos que unha auditoría sería axeitada.

Solicitamos tamén unha auditoría con respecto as agresións medioambientais que están a acometer as obras do AVE. Levamos máis de trinta verquidos ilegais nas obras do AVE, na provincia de Ourense, entre o 2010 e o 2017, cunha ridícula sanción de 72.800 euros. Cremos que é necesario facer unha auditoría, explorar a posibilidade de incrementar as sancións para que non se sigan producindo, a ver se se estivo mirando para outro lado para apurar as obras mentres se agredía o medio ambiente, porque non todo vale para cortar cintas, nin minguar a seguridade nin agredir o medio.

E outra tamén que ten que ver coa recuperación do investimento nas infraestruturas galegas. Así nos quedamos tan só na publicidade da súa proposta.

Con respecto aos investimentos, como digo, os números son fríos. No 2016 o Partido Popular executou en Galicia 551 millóns de euros, menos que no ano 2002; imos a cifras do século pasado en investimento en Galicia. A media da caída no que é a execución dos investimentos en Galicia está arredor do 50 % con respecto aos anos anteriores a que entrara o Partido Popular. No 2016 un 70 % menos que no último orzamento co que se toparon. Pero tamén temos o mesmo problema coa licitación, que os investimentos deste ano son os investimentos do futuro. Vostedes deixaron unha carga envelenada. Galicia diminuíu o nivel de licitación, mentres que no Estado medrou. É a comunidade autónoma con peor evolución de todo Estado a este respecto, cunha caída dun 32 %. Acaída é do Goberno central, cunha caída de máis dun 60 %, mentres tanto a Xunta como a Administración local incrementou.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CAL OGANDO: O Goberno central pasou —e remato xa— de 513 millóns de euros en 2016 a tan só 183 en 2017, un retroceso do 65 %. No que ten que ver coas infraestruturas, tan só licitou o ano pasado 8,9 millóns de euros, e iso pagarémolo no próximo ano e nas execucións dos anos seguintes.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CAL OGANDO: Polo tanto, nós non imos apoiar de maneira gratuíta iniciativas propagandísticas. As emendas que introducimos son emendas que son beneficiosas para Galicia, polo tanto, entendemos que as poden aceptar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: E se hai algún motivo polo cal non poden aceptalas, gustaríanos que nos dixeran cal é o motivo.

Moitas grazas. Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal.

Ten a palabra, por parte do Grupo autor da iniciativa, o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, señor presidente.

Bo día novo.

Señor voceiro do BNG, señor Bará, don Xosé Lois. ¡Ah!, ¿prefire José Luís? Vale, José Luís. ¿Xosé Lois? OK. *(Aplausos.)* Fala vostede de debate ficticio, pero mire, estamos falando de prazos posibles aprobados polo Adif. Gústame Martiño tamén, non se preocupen. A min chámanme tamén Martiño. Non se preocupe, o importante é ter ideas e algo que contar, non se preocupe.

Mire, falaba do Plan Galicia para falar de datas, de investimentos e de cousas. Difícil cumprir co Plan Galicia cando a seguinte que ten que facelo chámalle o Plan Galicia [], creo recordar. É difícil. Pero claro, aquí falan de investimentos, esquecen vostedes que o señor Zapatero deixounos na maior crise económica da historia de España —si, si, non— da que tivemos que saír. Non se preocupen. Sen contar a débeda e as facturas do caixón. Non se preocupan.

Pero o que máis me preocupa, señor Bará, é que nas súas verbas parecía que estaba xustificando un novo atraso. Espero que non estea dese lado dos independentistas e dos outros e que as súas palabras non estean xustificando un novo atraso poñéndose do lado dos independentistas e dos nacionalistas.

En calquera caso, cremos que as solicitudes das súas emendas —falando xa das emendas, señor presidente— pódense meter noutra PNL, non na do AVE. Xa as apoiamos noutras ocasións e estamos dispostos noutra ocasión. Somos os primeiros que votamos a favor dese tren a Lugo, das mercadorías, das cercanías e da saída sur de Vigo, entre outras moitas desas demandas.

Señor voceiro do PSOE, señor Fernández, teñen os orzamentos aprobados, e ademais os do PP. Eses que falaban cos vascos, eses son os que queren agora aprobar. E o que permite ese orzamento é a mellor garantía de que se poden facer as obras de aquí ao 2019; é a mellor garantía, porque teñen os cartos.

Fala de orzamentos anteriores. Mire, defina que é chegada... Xa o dixemos, chegada para facer proba no 2019. A vía vai seguir mellorándose nos seguintes anos; a circunvalación de Ourense; a mellora e a conexión... Nunca se negou iso. E para chegar aos tempos idóneos imos ter que seguir traballando despois do 2019, por suposto. Pero o que dicimos é que no 2019 rematadas as obras que permitan aprobarse durante o 2020, iso é o que chamamos rematar as obras. Evidentemente, hai algunha que eu mesmo xa dixen que está prevista posteriormente, porque así o din os orzamentos e o di o propio proxecto técnico.

En calquera caso, as súas emendas creo que son construtivas. Creo que é posible chegar a un acordo. Intentaremos transaccionar un texto porque, sinceramente, creo que é posible chegar a ese acordo.

O voceiro de Marea. Mire, a defensa dos intereses de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...o Partido Popular lévaa no ADN, como falabamos onte e levamos anos facéndoo, especialmente desde 2009. Non poden dicir o mesmo os grupos da esquerda de cando gobernaban, como vimos onte na AP-9. Pero, en calquera caso, imos seguir, xa aprobamos demandas similares cando gobernaba Mariano Rajoy. Non pedimos nada...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...a maiores, ¡nada!, só o mesmo que se viña facendo.

Falaba da auditoría europea —pena non ter algo máis de tempo—, di que o AVE a Galicia é dos que menos sobrecustos teñen de toda Europa. Mire o alemán, ¡mire o alemán! O AVE a Galicia é o que menos de toda Europa. Está entre os cinco que menos de toda Europa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...non de España.

Creo que a súa é unha obra imprescindible para Galicia. Pena que as súas emendas sexan destrutivas, non queiran apoiar, non queiran construír e non queiran traballar e apoiar esta demanda, que creo que é importante, de toda Galicia, deste Parlamento, por unhas obras imprescindibles, por unha infraestrutura clave para Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a demanda dunha axenda galega diante do Goberno central

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte iniciativa.

A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia por iniciativa do seu deputado-portavoz, Xoaquín Fernández Leiceaga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 32700)

Emenda de substitución.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reclamar ante o Goberno do Estado:

- 1. A transferencia da AP-9, de acordo á lei aprobada por este Parlamento para a súa remisión ao Congreso dos Deputados.*
- 2. Solicitar a anulación da prórroga concedida a ENCE o 20 de xaneiro de 2016 por un período de 60 anos, de acordo co desenvolvemento dos procedementos xurídicos vixentes.*
- 3. Demandar da Administración Xeral do Estado o exercicio da acción legal dirixida a reivindicar as ‘Torres ou Pazo de Meirás’ como bens demaniais da Administración Xeral do Estado e a obter, polo tanto, a restitución da súa posesión, e a súa incorporación ao patrimonio público.*

4. *Garantir o pleno cumprimento da Lei de dependencia, incluído as cuestións sobre o financiamento compartido entre as Comunidades Autónomas e o goberno do Estado.*

5. *Creación de xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades galegas.*

6. *Establecer un novo marco normativo para o sector eléctrico, incluído o fiscal, que permita impulsar as enerxías renovables e garantir un aprovisionamento estable a un prezo razoable para as persoas consumidoras.*

7. *Un modelo de financiamento xusto para as administracións locais galegas que remate con calquera tipo de discriminación para os concellos galegos, de acordo aos criterios defendidos dende a Fegamp e tendo en conta as propostas da Comisión de expertos para a revisión do sistema de financiamento local, segundo informe do 26 de xullo de 2017.*

8. *Desenvolvemento dun plan de investimentos básicos no mapa ferroviario galego, que garanta a chegada do AVE a Galicia con dobre vía e as máximas medidas de seguridade, continúe co trazado do eixo atlántico (nomeadamente A Coruña -Ferrol e a saída sur de Vigo para conexión coa alta velocidade portuguesa), posibilite a conexión Vigo –Ourense por Cerdedo, e transfira á Comunidade Autónoma a modalidade do tráfico ferroviario de proximidade.*

9. *Demanda de incremento competencial en consonancia cas máximas posibilidades recollidas no Estatuto de Autonomía de Galicia, en base ao documento existente ao respecto, de novembro de 2005, avalado polo Parlamento de Galicia.*

10. *Un novo modelo de financiamento autonómico xusto para Galicia, de conformidade coas mocións aprobadas polo Parlamento de Galicia nas sesións plenarias do 7 de febreiro de 2017 e do 6 de marzo de 2018.*

11. *Modificar a Lei Mordaza, a LOMCE e a reforma laboral de 2012, en consideración ás posicións mantidas polos sindicatos maioritarios.*

12. *Blindar, no marco do Pacto de Toledo, o sistema público de pensións, e contemplar, entre outras melloras, o incremento real das de menor contía e a actualización anual das pensións dependendo da evolución do IPC.>>)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso.) Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente. Moi bo día de novo. Case boa tarde, a esta hora case é máis correcto dicir iso.

Hoxe, nesta que é a última proposición non de lei que debatemos neste pleno, desde o BNG cremos que é importante xerar un debate sobre unha necesidade que temos como país, e esa necesidade é precisamente que se poña en marcha unha axenda galega sobre temas que sexan relevantes e que permitan que o noso país avance, se modernice, que teñamos mello-

res condicións de vida; en definitiva, que sexamos capaces de mover eses temas que levan anos enquistados. Pensamos que isto é importante.

Facemos esta proposta tamén nun momento e nun contexto que nos parece o oportuno para poder formular unha iniciativa destas características. Primeiro —sabémolo todas e todos—, porque houbo un cambio de goberno, e nós cremos que é importante que ese cambio que se produce no Goberno sexa un cambio real para Galiza; é dicir, que haxa cambios substanciais e non que vexamos que simplemente todo se queda nun recambio no trato discriminatorio ao noso país.

E o segundo aspecto polo que nós pensamos que é oportuna esta iniciativa é porque a semana que vén, tal e como nos informaron a través dos medios públicos, vai producirse un encontro entre Feijóo e Sánchez que nós pensamos que necesita tamén que este Parlamento teña un debate.

Se lle son sincera, parecíame que o lóxico tería sido que o presidente comparecera na Cámara para explicar cales son as demandas que vai plantexar nese encontro, para tamén recoller as aportacións que os grupos puideramos ter e, en definitiva, que non fora só co aval de ser un presidente do partido Popular e coas propostas do Partido Popular, senón que intentara como mínimo buscar ese acordo, ese consenso, ese escoitar de cales son as reclamacións que temos dende os diferentes grupos.

Non fixo iso, e a única información que temos é pola prensa. Eu, a verdade, acudindo a prensa, penso que o señor Feijóo non vai cunha axenda de temas relevantes nin importantes, e máis ben hai algúns aspectos que son desalentadores.

Fixo unhas declaracións hai uns días —hai tres días, esta semana— onde o máis destacado do que nos transmitía a través dos medios de comunicación Feijóo foi que ía plantexar nesa reunión é: «El día 17 haré las declaraciones dentro de la Moncloa, porque represento al Estado en Galicia». Creo que é toda unha declaración de intencións dun presidente que, efectivamente, foi delegado do Estado en Galiza pero que nunca exerceu como presidente deste país.

A partir de aí, o que nos di é que vai falar de infraestruturas e outras cuestións puntuais, e simplemente está á espera —iso dáselles moi ben a Feijóo, estar á espera— a ver que noticias hai do modelo de financiamento. A verdade, sería para facer case como unha cuestión do club da comedia, se non fose porque estamos falando dun tema moi serio porque están en xogo cuestións que son importantes para o noso futuro como país.

Entre liñas, e hoxe vímolos ademais con moita claridade non só na súa intervención, senón tamén nos argumentarios que van repetindo os deputados e deputadas do Partido Popular, o que vemos é que o cambio de Goberno tamén cambia o discurso do PP. Entón, agora o relato —un relato que lle interesa moito ao Partido Popular— é que Euskadi e Cataluña nos rouban. Ese é o relato que constrúe o Partido Popular, e é unha maneira, desde logo, moi delirante de intentar ocultar a realidade que temos neste país.

Claro, ¿quien recada os impostos que pagamos os galegos e as galegas? ¿Euskadi, Cataluña? Non, non. Recádaos o Estado. ¿Quen está imponéndonos unha tarifa única que fai que perdamos oportunidades á hora de beneficiarnos da produción de enerxía eléctrica? Non é Euskadi nin Cataluña, é o Estado quen fai este tipo de actuacións.

Por certo, que foi un goberno do Partido Popular quen pactou co PNV unha tarifa eléctrica vasca, ao mesmo tempo que aquí vostedes votaban en contra dunha tarifa eléctrica galega. Toda unha declaración de intencións de como entenden vostedes este país.

E a nova teoría agora é que o que nos importa é a multilateralidade, e que o que se inviste noutras partes nolo consulten. Claro, eu pregúntome se nalgún momento o Estado decidiu consultarnos que o primeiro AVE que se ía facer era o AVE a Andalucía. Non sei se nalgún momento o Estado decidiu consultarnos se na reconversión naval o lóxico era sacrificar o sector naval galego. Non sei se nalgún momento o Estado decidiu preguntarnos se na reforma da política agraria común o que había que sacrificar eran os intereses do sector agrario deste país única e exclusivamente para beneficiar outros sectores do Estado. É, desde logo, un auténtico delirio.

Tamén teño que dicir que é decepcionante, e unha cousa que nos queda moi clara, que aquí a vostedes o que lles preocupa, o que lles preocupa de verdade, é ser fieis as liñas de actuación que marca o Partido Popular a nivel de Estado, e está claro que nesa batalla van contra todas as forzas nacionalistas das nacións sen Estado que hai neste momento, e que claramente o que queren é ningunear a Galiza e deixala fóra do tren das nacións.

En todo caso, nós hoxe que plantexamos aquí é unha iniciativa coa que buscamos un acordo en temas de país que, como digo, nos permita deixar atrás todos estes anos de agravio. Porque, realmente, resulta moi chocante ver como reescriben o pasado. Entón, levamos uns anos de goberno de Mariano Rajoy que o que significaron para este país foi: o veto da transferencia da AP-9; subirnos o dobre as peaxes que a media do Estado; atrasos e incumprimentos continuos co AVE; esa inmoral prórroga de Ence —por certo, sigo insistindo en que este é un caso de manual de corrupción institucionalizada. E con este balance veñen aquí dicirnos que o Goberno de Rajoy foi marabilloso para este país, e fronte a todos estes agravios o que vimos é como vostedes sempre, sempre, aplaudiron todas e cada unha destas discriminacións.

En todo caso, como digo, temos un novo contexto e creo que é intelixente intentar aproveitar as oportunidades que xeran eses novos contextos. Por iso nós falamos de que é necesario poñer en marcha unha axenda galega; unha axenda galega na que hai cuestións de carácter xeral que nos afectan dunha forma moi importante. Nós pensamos que hai que derrogar esas leis que van contra os dereitos e as liberdades públicas, como a Lei mordaza, as reformas laborais, a LOMCE... Que hai que facer un esforzo por incrementar as pensións ou impulsar políticas feministas. Pensamos que estes son temas clave que deben incorporarse nesa axenda.

Do mesmo xeito que sería necesario que ante algúns dos agravios que vimos sufrindo nos últimos tempos este Parlamento reclame por unanimidade que haxa compromisos reais por

parte do Estado, como é realmente a transferencia da AP-9, derrogar esa inmoral prórroga de Ence, a reclamación da devolución do Pazo de Meirás a Galiza, que teñamos un plan de investimentos reais na modernización do noso ferrocarril. Porque, claro, nós defendemos que ten que chegar o AVE a Galiza xa por unha cuestión de xustiza. Vostedes levan anos xustificando todos os atrasos. Pero é que a modernización do ferrocarril non acaba e empeza aí, e Galiza é un país que necesita poder comunicarse por ferrocarril non só no eixo atlántico, senón que tamén queremos unha conexión Coruña-Ferrol, queremos a modernización do FEVE, que está nun estado de abandono lamentable. Nós que somos eurorrexión, Galiza-norte de Portugal, vemos como a conexión con Porto, que sería unha conexión con Lisboa, está absolutamente paralizada; é dicir, que hai temas clave na articulación do noso país que están fóra da axenda, que estiveron sempre fóra da axenda, e que necesitamos darlles un impulso real.

Igual que outros temas que son de calado, como corrixir o financiamento dos concellos galegos. Nós seguimos apostando porque Galicia non é un país pobre que vive dos recursos dos demais, senón que vivimos dos nosos propios recursos. Por iso, como confiamos no país, queremos un concerto económico que nos permita xestionar todos os impostos e ter capacidade fiscal, e queremos tamén avanzar en autogoberno real.

Leva o señor Feijóo un récord —este si que é un récord histórico—: cero competencias nestes nove anos, e sería bo que, como mínimo, á parte da transferencia da AP-9, reclamáramos os portos de interese xeral, as competencias en materia de tráfico; que reclamáramos, en definitiva, ter máis autogoberno real para poder facerlles fronte aos intereses do noso país.

Desde o Bloque plantexamos esta iniciativa con vontade de que poidamos chegar a acordos, de que haxa mandatos neste Parlamento que sexan escoitados, e, sobre todo, que sirvan para que ese cambio que se produce no Estado non sexa un recambio na discriminación co noso país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pontón.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días de novo.

Eu coincido coa señora Pontón en que o novo goberno significa unha oportunidade para establecer doutro xeito as relacións entre a Comunidade Autónoma e o Goberno do Estado.

Sen dúbida hai unha nova conxuntura política, que está caracterizada, entre outras cousas, pola fragmentación, tamén no Congreso dos Deputados, e que como consecuencia inclúe como un compoñente básico a negociación entre os distintos grupos políticos á hora de establecer consensos que permitan sacar as cousas adiante.

Eu creo que esta é a forma en que debemos actuar. Non ten demasiado sentido aferrarse, sen poder modificar nada, ás posicións que cada un ten, porque iso nos leva a posicións mi-

noritarias que non permiten construír consensos, maiorías, que reforcen neste caso a posición de Galicia.

Eu creo que, desgraciadamente, o BNG na súa proposta non avanzou na dirección que exige a actual situación política nin en España nin en Galicia. E non vou entrar nas razóns de porque isto é así. Dá a impresión de que se trata máis de blindar unha base social propia que de avanzar na busca de consensos sociais maioritarios.

Voulle poñer dous exemplos. Neste Parlamento é claro que a posición en favor do sistema de concerto económico que dá lugar ao cupo no caso do País Vasco, ou á aportación en Navarra, é unha posición minoritaria. Están aprobadas por este Parlamento unhas reclamacións no marco do actual sistema de financiamento autonómico que aumentan a suficiencia financeira de Galicia e aumentan tamén a autonomía financeira do noso país. Eu creo que tería máis sentido traballar para trasladarlle ao Goberno de España que esa é a posición de Galicia, porque iso é o que permite construír.

E algo parecido en relación coa tarifa eléctrica. Non hai tarifa eléctrica vasca. Non hai tarifa eléctrica vasca. En España a lexislación exige un tratamento unificado do conxunto do territorio. Polo tanto, non ten sentido esa demanda porque non corresponde a unha posibilidade que exista na lexislación. É máis, incluso se quixeramos facer unha tarifa galega tendo en conta os custos de distribución, ao mellor levaríamos algunha sorpresa desgraciada.

Polo tanto, non ten sentido insistir en cuestións que son minoritarias. Ten sentido construír unha axenda de Galicia, para negociar co Goberno de España, que parta da posicións minoritarias do noso Parlamento. Iso é o que nós intentamos. Hai algunhas cuestións que vostedes plantexan que, sen dúbida, nós vemos con simpatía, aínda que normalmente lles poñen algún apuntamento, algunha *coletilla*, que dificulta que poidamos integralas plenamente, e hai algunha outra que se pode negociar, pero moitas delas están feitas para que non poida ser compartida polo conxunto deste Parlamento.

Nós preferimos traballar nesa dirección, por iso plantexamos unha emenda ambiciosa, que toma os temas que vostedes plantexan e os sitúa nun marco de posible acordo co Goberno de España, que teña en conta a realidade parlamentaria en Galicia, que teña en conta o marco lexislativo e que teña en conta tamén algo que é básico: non se pode trasladar como unha responsabilidade do Goberno o que en moitas ocasións depende dun Congreso dos Deputados que é un congreso fragmentario, onde algunhas das cuestións que se plantexan dificilmente van ter un acordo maioritario.

Nós preferimos traballar desa maneira. Cremos que hai que ser exixentes co Goberno de España. Imos seguir mantendo a nosa posición cara ao futuro en temas de financiamento, autonómico ou local. Por certo, en materia de financiamento local nós preferimos partir das posicións da Fegamp porque representan unha maioría moi ampla dos concellos de Galicia, que ademais ten formulado por medio dun informe prolixo e preciso este asunto. E queremos ter en conta tamén o que se di no informe da Comisión de expertos, que recentemente avanzou nunha reforma da arquitectura de financiamento local que cremos que o novo goberno debería ter de acordo. E así sucesivamente.

Polo tanto, non imos retroceder sobre o que son as nosas posicións ata agora, pero tampouco nos imos deixar convencer por posicións minoritarias. Construamos posicións maioritarias, e pidámoslle ao presidente da Xunta de Galicia que esas posicións compartidas en Galicia llas traslade ao Goberno Sánchez, sabendo da disposición deste para atender demandas procedentes de distintos territorios para entender a pluralidade de España. Esta é unha garantía e espero que vexamos isto como unha oportunidade e non como unha ameaza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Leiceaga.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Boa tarde.

Señor presidente, señores deputados e deputadas, dende En Marea non podemos estar máis que de acordo con esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, xa que para nós é incuestionable que Galiza, o noso país, debe estar no centro da política do Estado e do marco da Unión Europea. Somos unha das tres nacións históricas recoñecidas dentro do Estado español pola propia Constitución española, tan enarborada polos partidos constitucionalistas, malia que nesta se recoñeza aínda con eufemismos a condición de Estado plurinacional para España.

Un país, Galicia, efectivamente, con enormes potencialidades, con grandes oportunidades que aproveitar, e unhas necesidades concretas propias da diversidade positiva do noso Estado. Esa diversidade positiva e rica que o Partido Popular, e agora a súa sombra laranxa, se empeñan en satanizar de xeito irresponsable e tacticista, irresponsable coa propia Galiza e coa nosa xente.

Compartimos a análise de que aínda estamos a tempo de reverter a situación de Galiza, reverter as consecuencias de deixadez e non recoñecemento do que somos e do que podemos facer dos gobernos do Partido Popular, e do propio desleixo histórico que vimos sufrindo como pobo e como país: o illamento xeográfico, o illamento político, o éxodo migratorio constante e un longo etcétera que todas coñecemos perfectamente.

A día de hoxe, ademais, sufrimos como ninguén as consecuencias das políticas neoliberais que asolagaron todo o Estado e Europa, e as consecuencias da corrupción estrutural nas súas formas ilegais, pero tamén nas formas legais, como poden ser os casos do drama de Angrois, da prórroga de Ence ou do hospital Álvaro Cunqueiro.

Isto xerou unha deterioración masiva do Estado de benestar, dos servizos públicos, un desleixo dos sectores produtivos galegos: pesca, gandería, agricultura, ciencia e investigación galega, sen esquecer como se outorgou o poder de decisión real aquí tamén, ou o centro de interese xeral, aos consellos de administracións das empresas amigas do Partido Popular de Galiza e non a este Parlamento, a Cámara de representación da xente.

Todo isto conduciu a unha deterioración social sen precedentes nos tempos que vivimos, en forma de paro, precariedade en todos os eidos, e novos éxodos de exiliados económicos, esa mobilidade exterior que no reflicte máis que unha nova forma de emigración da mocidade máis cualificada que busca refuxio noutros países, e que tería que ser o futuro, o progreso e a vangarda do noso país galego, e para os cales o Goberno non ten axenda nin propostas de futuro para que poidan volver.

Urxe cada vez máis mudar as políticas económicas e sociais fallidas e rexeitadas xa, por fin, pola maioría diversa e mestiza do Estado. Vai ser moi difícil e duro reverter, sen embargo, a desfeita dos gobernos populares, e por suposto en Galiza dos gobernos Feijóo, o goberno dos *mortadelos* disfrazados de superxestores.

Vostedes deterioraron e privatizaron os servizos públicos como ninguén, seguen facendo gala da súa maioría exercida de xeito absolutista, non teñen ilusión por gobernar, non cren en Galicia nin pensan nos galegos e galegas. Están instalados nun cómodo desgoberno, baseado no control total dos medios e no marketing, o cal para todas nós é un drama.

Afortunadamente levantan o país os empregados e empregadas públicas e a masa de traballadores e traballadoras do eido privado, da man dos sectores económicos galegos, e case mellor así. Pero non podemos permitírnos isto; non podemos permitírnos que sigan cedendo o peso das decisións para non gobernar nin pelexar polos dereitos e intereses dos galegos e das galegas, nin no Estado, xa que non apostan pola capacidade real de autogoberno de Galicia, para que se traslade á vida real da xente do noso país, e moito menos en Europa.

Vostedes toman decisións ou non toman ningunha decisión, que vén ser un golpe tras outro aos galegos e galegas, e lastran o noso desenvolvemento e benestar. Porque vostedes non pensan na xente que teñen que gobernar, están a outras cousas, están aos seus líos internos polo poder, aos seus líos coa xustiza, aos dossiers de destrución masiva da señora Sáenz de Santa María para o señor Feijóo, e en todo este lío. (*Murmurios.*) Ademais ten o agravante de que se envían ao cárcere e se filtran uns aos outros para ter problemas coa xustiza. Esquecen aos galegos e galegas e os seus problemas e necesidades reais. Esquecen que as galegas sofren nos seus petos os custos da AP-9, vetando unha transferencia que lles permitiría a súa gratuidade ou impediría as subas abusivas de peaxes en comparación co resto do Estado. O abandono e limitación da nosa capacidade pesqueira. Esquecen a mala situación das rías e do monte galego, mentres se xustifican nunha política de obra pública de despilfarrar os cartos de todos para infraestruturas que despois non valen para nada. E sen falar de medidas para combater a corrupción estrutural galega que tanto o PP de Galicia como a Fiscalía anticorrupción ou a Oficina antifraude vetan simultaneamente neste Parlamento.

Concordamos en que o cambio de Goberno no Estado debe de abrir unha nova etapa. Esperamos que a nova maioría no Congreso dos Deputados, caracterizada pola mestizaxe, o recoñecemento á diversidade, e cun grupo confederal que recoñece a Galiza como o que é, como unha nación histórica, a través do Grupo de En Marea, que xa puxo o foco nestes temas que se recollen na iniciativa sobre a axenda galega que precisamos, e moitas máis cuestións, para que se executen de forma efectiva os compromisos reais que son necesarios para a nosa xente, e para iso esperamos o compromiso real...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...—e remato— do Partido Socialista, agora mesmo no Goberno, e que non sexan soamente promesas baleiras, que é ao que nos tiñan acostumbrados ata o de agora. Porque dentro destas fronteiras territoriais tan fermosas vivimos moitas persoas que necesitamos un consenso de xustiza e á altura do que nos merecemos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos.

A verdade, señora Santos, vela a vostede falar de liortas internas (*Risos.*) na mesma semana na que membros do seu partido queren cargarse o seu voceiro (*Aplausos.*), e na que se lle vai do seu partido un dos seus militantes deputado nesta Cámara, a verdade é que produce *ternura*. Logo da altura do seu discurso, eu a verdade é que non entendo como o señor Pedro Sánchez non a levou no seu Goberno como ministra, porque daría o tipo perfectamente. (*Risos.*)

Indo á cuestión, señora Pontón, a verdade é que chama poderosamente a atención que sexa vostede a que traia esta iniciativa á Cámara. Vostede, que é a deputada máis veterana desta Cámara, que traia esta iniciativa.

Vostede sabe mellor que ninguén, señora Pontón, que hai moitos anos que o Partido Popular de Galicia e o BNG confrontan e comparan as súas axendas políticas. Hai moitos anos. Comparamos as nosas axendas políticas, o noso modelo de país, a nosa visión do que é e do que debe de ser Galicia, e que é o que verdadeiramente precisa a nosa terra. Polo tanto, quizais non estaría de máis, señora Pontón, sinalar que dende que vostede é deputada —hai xa catorce anos— o PPdeG non parou de subir e o BNG non parou de baixar. Vostede non creo que teña a culpa, pero quizás non lle viría mal analizar por que sucede isto. Aquí, e no Congreso dos Deputados, onde vostedes teñen que falar por boca de Bildu. Polo tanto, eu creo que non estaría mal un pouco de humildade, porque as axendas políticas se confrontan cada catro anos e todos os días, no Congreso dos Deputados e tamén no Parlamento de Galicia. No Congreso dos Deputados, os que temos deputados que nos representan.

Eu creo que non é boa esa actitude de que vostede é a única que acerta e que a maioría dos galegos se equivocan. É o mesmo argumento que utilizaba o deputado das Mareas, o señor Fernán Bello, que dicía que o galego era un pobo ignorante e alienado. Pois eu lamento que vostede comparta esa filosofía.

Mire, a nosa axenda política é exactamente a mesma sexa presidente do Goberno Mariano Rajoy ou Pedro Sánchez, exactamente a mesma. O que queremos saber é se a súa vai ser exactamente a mesma ou non, porque a realidade é que a nosa axenda política vén marcada polos intereses xerais de Galicia e a súa vén marcada pola ideoloxía. E vostede antepón a súa ideoloxía, aínda que esa ideoloxía prexudique o interese xeral do noso país.

A vostede impórtanlle os postulados nacionalistas e separatistas, Galicia dálle igual. Galicia dálle exactamente igual. E a min gustaríame saber se vostedes van manter a súa axenda ou non, porque o certo é que nós mantemos as mesmas reivindicacións. As mesmas reivindicacións que tiñamos co Goberno de Mariano Rajoy son as mesmas que imos ter co Goberno de Pedro Sánchez. Pero vostedes non, e temos experiencia sobre estas cuestión, porque o BNG ten unha axenda política distinta cando goberna o Partido Popular e cando gobernan os socialistas. Cando goberna o PP vostedes exixen a transferencia da AP-9. Cando goberna o Partido Socialista votan en contra. Pasou no ano 2007.

Cando goberna o PP non valoran que consigamos aforrar 400 millóns de euros en peaxes. Non o valoran. Cando goberna o Partido Socialista forman parte do Goberno que decidiu que Galicia pagara peaxes dunha autopista que non era nosa. Moi ben, ¡caramba! Cando goberna o Partido Popular, un 11 % dos investimentos totais do Estado son moi pouco. Cando goberna o Partido Socialista, un 8 % é a cooperación intelixente. ¡Caramba! Pois eu creo que un 11 % é máis que un 8 %, señora Pontón, e iso sábeo un señor do Partido Popular e un señor do Bloque Nacionalista Galego.

¿Que pasa cando goberna o Partido Popular? Laméntanse do atraso do AVE, non recoñecen que agora hai unhas obras cuns prazos e uns compromisos determinados.

Cando gobernaba o Partido Socialista aplaudían a aqueles que prometían que o AVE ía chegar no ano 2010, ou no ano 2012. Ese é o Bloque Nacionalista Galego, e ese é o seu compromiso.

Señor Leiceaga, ¡calquera diría que vostedes gañaron as eleccións, logo de escoitalo! Eu teño que dicirlle que non as gañaron, perdéronas. Perdéronas co peor resultado da historia do Partido Socialista na historia da democracia: 84 deputados. Dígoo porque, escoitándoo, calquera diría que vostedes acaban de gañar unhas eleccións. Non, non, perdéronas, e chegaron ao Goberno reféns do PDeCat, de Esquerda Republicana de Cataluña, de Podemos e ata de Bildu, ¡esa é a realidade! Polo tanto, eu teño que dicirlles que nós estamos preocupados pola situación do Goberno de España. Preocupados por que eses compromisos que estaban viventes ata o de agora este Goberno sexa quen de cumprilos pola súa debilidade. Estamos preocupados por esa situación do Partido Socialista do Goberno de España, pero tamén estamos preocupados pola actitude do PSdeG-PSOE, unha actitude compracente cun Goberno que chega e di: agora está todo en dúbida. Mire esta foto, vostede está aí, deberá recoñecerse. Está vostede, está o señor Gonzalo Caballero, está o novo ministro de Fomento. Esta é a imaxe da traición, da traición aos intereses de Galicia. Foron alí reunirse co novo ministro de Fomento para ver se atopaban excusas que xustificasen o atraso do AVE.

Van ser vostedes os colaboradores necesarios do Goberno de Pedro Sánchez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Van xustificar un atraso inxustificable, e nós, dende logo, non imos colaborar con esa actitude. Nós imos seguir defendendo exactamente o mesmo que defendiamos cando o presidente do Goberno era Mariano Rajoy, exactamente o mesmo: que o AVE chegue no último trimestre de 2019.

Señora Pontón, sobre a súa iniciativa e a emenda, nós non coincidimos coas cuestións que vostede plantexa. Si podemos coincidir con moitos dos puntos que plantexa o Partido Socialista. Polo tanto, propóñolle que acepte a emenda do Partido Socialista, e nós votariamos algúns dos puntos. Iso si, a ver se o Partido Socialista de Galicia lle pon no punto do AVE a data comprometida e mantén os prazos comprometidos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado. Rematou o seu tempo.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e, polo tanto, podemos devolverlle...

O señor PRESIDENTE: Señor Tellado, rematou o seu tempo. Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grupo autor da proposición non de lei, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moita grazas, señor presidente.

A verdade é que teño que empezar por unha cuestión previa que non ten que ver exactamente co debate, senón cun chamamento que fago en xeral. Creo que non é necesario entrar na descualificación persoal de ninguén, nin con faltadas como a que escoitamos hoxe aquí neste Pleno. Paréceme inapropiado absolutamente, e sinto que ese sexa o ton que utilice aquí o Partido Popular. *(Murmurios.)* Vostede fixo un comentario sobre unha deputada que a min me parece que é absolutamente descualificadorio no persoal, e vouno dicir, porque creo que ese tipo de cousas sobran absolutamente. Sobre todo porque insultar descualifícao a vostede. Pero dá igual. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Siga, por favor. ¡Silencio, por favor! *(Murmurios.)* Silencio. ¡Silencio, por favor! ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor Tellado, xa rematou o debate. Agora está no uso da palabra a señora Pontón. Por favor, ¡temos invitados!

A señora PONTÓN MONDELO: E invitadas

O señor PRESIDENTE: Un pouco de imaxe de Parlamento. Temos invitados. Silencio, ¡silencio! Xa está. Están observando que é difícil que se poida controlar o Parlamento. Teñan un

pouco de respecto. Vostede non fale agora, que non lle corresponde. Un pouco de respecto aos invitados.

Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Suspendo. Suspendo o Pleno. Señor Tellado, suspendo o Pleno. ¡Vostedes verán!

¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: Lévame o reloxo correndo máis dun minuto.

O señor PRESIDENTE: Non se preocupe polo reloxo, señora Pontón. Agora é o seu turno.

A señora PONTÓN MONDELO: O portavoz do Partido Socialista fixo unha intervención na que veu dicirnos algo así como que somos moi malas porque vimos aquí defender as nosas ideas e mesmo facer unha dicotomía, que as maiorías xustifican que é o que está ben e que é o que está mal.

Houbo maiorías que dixeron que as mulleres non podíamos votar, e afortunadamente houbo minorías que loitaron, e mesmo algunhas perderon a súa vida, para que as mulleres puidéramos votar *(Aplausos.)* En fin, son as dinámicas históricas que se dan.

Sempre negan que os vascos teñan unha tarifa vasca, pero é que é unha realidade que está constatada, neste caso só para as súas empresas. E vostede, que coñece ben a iniciativa que nós presentamos, sabe que é un debate netamente político. É un debate político, entre outras cousas, porque do que estamos falando é dunha rebaixa das peaxes que están impostas por unha decisión de tipo político, e se non coñece a proposta de tarifa eléctrica galega, son capaz de remitirla, e estou segura de que entenderá o erro do que está falando.

O PP, coma sempre, tamén volve a ese argumento, e como son maioría, teñen a razón en todo. Entón, podemos pechar o Parlamento e os grupos non podemos vir aquí facer propostas, porque é literalmente o que veu hoxe aquí defender o portavoz do Grupo Popular.

Agradeceríalle tamén que non manipulase as miñas palabras, porque puxo na miña boca frases que eu non dixen. Insisto, a manipulación xa sei que vén no manual que lles dan cando entran no Partido Popular, pero, en fin, é que esta non é, desde logo, unha práctica aceptable. *(Murmurios.)*

Efectivamente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei que me quería dicir o señor Rueda. Non sei se ten algo que dicirme. Eu estou disposta a que el pida a palabra se o considera oportuno. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Podo seguir coa miña intervención? Moitas grazas, señor Rueda.

Acúsasenos de vir aquí defender a ideoloxía. Si, efectivamente, nós vimos aquí... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ...a que pidamos que se suban as pensións dos galegos e das galegas, que son das máis baixas de todo o Estado, (*Aplausos.*) a que lle reclamemos ao Estado os 180 millóns de euros que nos deben pola dependencia, que hai 22.000 persoas neste país que teñen dereito á dependencia, e foron incapaces de reclamar o que o Estado nos debe, única e exclusivamente. Vimos aquí reclamar a transferencia da AP-9 para rebaixar as peaxes, porque, señor portavoz do PP, o Partido Popular o que fixo non foi eliminar ningunha peaxe, que nola subiu unha barbaridade durante todos estes anos, e os galegos e galegas cada vez pagamos máis peaxes. O que vimos defender é non só que queremos que finalicen as obras do AVE, que queremos un tren moderno entre Coruña e Ferrol, que queremos que no noso interior, en Lugo e en Ourense, poidamos viaxar en ferrocarril.

E mire, o 11 % de nada é nada. Efectivamente, o 11 % é máis que o 8 %, si, pero é que 2.000 millóns de euros son máis que 900.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Eu a verdade é que non sei de que nos veñen hoxe dar leccións vostedes aquí.

Nós lamentamos que fronte a unha proposta de país, unha proposta na que nós estamos falando realmente de defender os intereses de Galiza ante o Estado, poñendo temas nos que, efectivamente, cambiamos o marco porque cremos que hai que mover marcos para que en Galiza poidamos avanzar, o lamentable é que o único que nos veñen vostedes dicir aquí é que, como teñen maioría, os demais non podemos opinar.

E así nos vai, porque, durante todos estes anos, o que vemos é o uso partidista que o Partido Popular fai de Galiza. Fíxoo primeiro levándonos á irrelevancia política, e agora o que nos demostran...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón, rematou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: ...—remato presidente, só unha frase—, o único que nos demostran é que van utilizar Galiza simplemente para facerlle oposición ao Goberno central. Seguen utilizando Galicia en beneficio...(*Aplausos.*)

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón, rematou o seu tempo. Por favor, terminaron os tempos.

Procedemos ás votacións das proposicións non de lei. Pechen as portas, por favor.

Como ben saben, houbo un debate conxunto da primeira proposición non de lei. Eran tres proposicións non de lei, e fanme chegar un acordo de transacción ao que paso a dar lectura.

O texto di: «O Parlamento de Galicia, recoñecendo o importante traballo realizado dende hai anos por historiadores e historiadoras e asociacións da memoria histórica para a devolución do Pazo de Meirás, e institucións como a da Deputación da Coruña e o Concello de Sada, entre outros, insta a Xunta de Galicia a:

Punto 1. Que remita urxentemente o informe da Comisión de expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en cumprimento da resolución do Parlamento de Galicia, sobre as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade das torres de Meirás, con todos os seus anexos documentais, á Administración Xeral do Estado, coa petición de que se realicen as accións legais ás que fai referencia o informe na súa conclusión final, co obxecto de reintegrar as torres ou Pazo de Meirás ao ámbito dos bens de dominio público da Administración xeral do Estado.

Punto 2. A incorporarse, en canto sexa exercitada esa acción legal, ao proceso civil como coadxudante accesiva.

Punto 3. O Parlamento de Galicia declara a súa vontade de que a recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público non implique un novo custo para o pobo de Galicia.»

Bo acordo, ímolo votar. Meu avó seguro que hoxe estará feliz.

Votamos.

Votación do texto transaccionado das proposicións non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, e do G. P. Popular de Galicia, sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consecución do obxectivo de incorporar o pazo de Meirás ao patrimonio público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado destas proposicións non de lei.

O señor PRESIDENTE: **Votamos agora os puntos 1,2 e 3 da proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.**

Votamos.

Votación dos puntos 1, 2 e 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do apoio a iniciativas relacionadas coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 41; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D^a Noela Blanco.

Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista e acéptanse as emendas dos Grupos Parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea.

Votamos.

(A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez pide a palabra.)

Perdón. Si, señora Vispo, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano da señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Dado que a pesar do consenso que se anunciou non fomos convocados para chegar a ningún acordo, rogaríalle a votación por puntos, dado que a iniciativa ten tres puntos e as emendas só se presentaron ao punto segundo da mesma.

O señor PRESIDENTE: Señora Blanco, ¿acepta vostede a votación por puntos?

Non, non a acepta. *(Protestas.)* ¡Silencio! Silencio, silencio.

(A señora Blanco Rodríguez pide a palabra.)

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Eu creo que igual que a señora Rodríguez-Vispo, á que lle permitiu unha explicación...

O señor PRESIDENTE: Vostede é a dona da iniciativa. Non a acepta e non a acepta, punto. Rematou e non hai nada que debater. Xa está, xa está arreglado.

Silencio. ¡Xa está! Vostede é a dona da iniciativa. Votamos. Silencio.

Votamos, polo tanto, como dixen antes, a proposición non de lei do Grupo Socialista.

Votamos. Silencio, estamos votando. Silencio, por favor.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego, en relación co cumprimento, a aplicación e o desenvolvemento da Lei 2/2014 do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Luís Villares.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista e aceptábase como engádega a emenda do Grupo Parlamentario Popular. Non sei se chegaron a acordo ou non chegaron a acordo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non hai acordo.

Bueno, entón votamos como está a proposición non de lei.

(O señor Villares Naveira pide a palabra.)

¿Si, señor Villares?

O señor VILLARES NAVEIRA: Só explicar que non foi posible chegar a un acordo porque na de engádega, e dicimos que incluso *in extremis*, ofrecemos a votación por puntos para que o Partido Popular puidera escoller cales aproba.

O señor PRESIDENTE: Tíñao que pedir el, pero xa está. Se quere, vostede pode pedir a votación por puntos, pero esa é outra historia.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, sobre as medidas que debe de inserir o Goberno galego no Decreto de axudas para paliar os danos causados pola explosión dunha pirotecnia en Paramos, no concello de Tui, así como as actuacións que deben levar a cabo ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

Non hai emendas, votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Martínez Rumbo e tres deputados/as máis, sobre a elaboración polo Goberno galego, logo de informe da Comisión correspondente, dun novo catálogo de espectáculos públicos e actividades re-creativas adaptado á realidade actual.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Martín Fernández Prado.

Hai unha transacción que teño aquí. Se quere lela... É longa. ¿Coñécena? O primeiro punto exactamente di... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pedíume o señor Leiceaga que lera o primeiro punto, hai que atender a todo o mundo. Entón, se mo pediu el, voulo ler: «Dirixirse ao Goberno do Estado para que ratifique a data comprometida de finalización das obras do AVE a Galicia, co obxectivo de que estea funcionando en probas no ano 2019, tal e como tiña comprometido o anterior executivo estatal.»

Votamos a transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos compromisos referidos ao avance da execución e data de remate das obras do AVE a Galicia, así como a actuación que debe levar a cabo a respecto dos investimentos estatais e o cronograma previsto para este fin.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; abstencións, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Por último, a proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo.

Non sei se aceptou a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a demanda dunha axenda galega diante do Goberno central.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 55.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

(A señora Blanco Rodríguez pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: Señora Blanco, ¿para que quere a palabra?

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: En virtude do artigo 76.2, máis que nada para facer unha pregunta á Presidencia.

Onte aconteceu nesta Cámara cunha compañeira deste Grupo Parlamentario, á que directamente a conselleira do Mar se referiu cun xesto golpeando a cara. Hoxe volveu acontecer cando foi esta votación por parte dun deputado do Partido Popular. Eu quero saber se a Presidencia da Cámara respalda ese tipo de xesto e, se non, si que lle pediría, señor presidente, que, se é certo que o rexeita...

O señor PRESIDENTE: Enténdino. Correcto.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...teña un trato igualitario con todos os grupos parlamentarios nesta Cámara.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Espere, espere, que vou respostarlle.

Niso estou de acordo, débemolo de cumprir todos, débemolo de cumprir todos, que é o que eu estou pedindo. Pero tamén lle recordo que xa houbo do seu grupo quen llo fixo a esta Presidencia. *(Murmurios.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Ti non, ti non es precisamente. ¡Silencio! *(Murmurios.)* Non es precisamente ti. Ou sexa, que, polo tanto, pídolles que teñan todos colaboración.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

¡Silencio!

Suspendemos a sesión.

Reiniciarémola ás catro e media, ás dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Retomamos a sesión, co punto sexto, que é o de interpelacións.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a prestación sanitaria pediátrica

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Son horas difíciles dun pleno complicado, pero, ben, estamos coa intención de facer un debate que dende o noso punto de vista cremos que é interesante, sen dúbida. E cremos, ademais, señor conselleiro, que é bastante posible que poida ser en certa maneira construtivo.

Ímoslle dar a nosa opinión sobre unha situación na que sabemos que compartimos todos que hai un problema, como é a situación da atención pediátrica en Galicia, aínda que non é o único de aquí, e onde cremos que é posible atopar algunhas posicións comúns e tamén onde nós temos algunhas valoracións do que cremos que non está de todo ben feito ou que, en certa maneira, cremos que se podía ter mellorado nos últimos anos.

Hai evidentemente un problema na atención pediátrica, que non é único de Galicia, non é único de agora, e nos últimos tempos véñse recrudecendo un pouco, pero que, evidentemente, afecta en xeral a toda España e que, polo tanto, nós non somos alleos. E este problema ten, dende o noso punto de vista, dúas vertentes: hai un problema político, que ten que ver coa xestión dos recursos e con dar a atención da mellor calidade posible; e ten un problema social, pois é evidentemente un problema que afecta de maneira especial pola cuestión que ten que ver con ser atención de nenos e nenas, que sempre produce unha preocupación engadida e que a pais e nais lles produce certa inquedanza, moitas veces fundada e moitas outras veces fundada dende o punto de vista emocional; pero, aínda que a atención sanitaria estea ben cuberta, pois non deixa de ter moitas veces unha implicación difícil, e iso provoca que as explicacións ás veces non sexan de todo completas dende o punto de vista de pais e nais.

Isto último cremos que é importante telo en conta, porque moitas veces damos por sentado ou dáse por sentado dende as administracións —e cremos que esta consellería o fai habitualmente— que cando as cuestións cadran dende o punto de vista técnico xa non hai que dar máis explicacións. E dende o noso grupo consideramos que, ademais de que as cuestións técnicas nalgún momento poidan cadrar ou poidan estar suficientemente consolidadas dende o punto de vista asistencial, é necesario ter unha actitude voluntarista con respecto aos pacientes ou aos usuarios neste caso, pais e nais. ¿Por que? Pois porque a súa percepción —como dicimos— é delicada e, por tanto, cremos que neste caso a Consellería ás veces é certamente ocultista. Non só o dicimos nós. Os medios de comunicación reflicten moitas veces que é difícil obter algúns datos —e cremos que iso non deba ser un problema— e ás veces incluso bastante displicente con algunhas cuestións.

¿Onde está a orixe do problema da pediatría? Hai un déficit numérico de pediatras. Non é un problema de Galicia, é un problema xeral, pero hai un déficit numérico de pediatras en xeral en toda España. Si, existe. ¿É problema deste conselleiro? Non. ¿É problema da Xunta de Galicia? Non. Pero si cremos que hai algunhas cuestións que deberan de afrontarse para saber se realmente existe algunha posibilidade de facerse ou dar algunha solución ou non.

Nós cremos que ir ao porqué deste problema pode contribuír a dar unha visión do que se deba facer ou do que se pode facer, se se quere, e do que non se fai ou non se fixo ata o de agora. Hai dúas maneiras de afrontar o problema. Unha é dende o punto de vista da xestión:

a mera xestión técnica, tecnócrata, de mover papeis e asumir caladamente un escenario, e que nós o que comprobamos é que a Xunta case desfruta de tramitar como meros xestores esta situación, porque lle dá a oportunidade de que este déficit numérico sexa unha escusa para reducir servizo. Non é entendido case como un problema, senón que é unha escusa: como hai poucos, non teño por que dar a atención suficiente e, polo tanto, xa teño a escusa para dicir que eu estou facendo todo o que podoo facer e esta consellería fai as cousas ben, porque, como non hai pediatras, hai que aguantarse. Nós non somos nada desta política de «éche o que hai», que vostede, en termos de persoal, apuntou non hai moito nalgunha entrevista. «Éche o que hai» non é unha política que nós consideremos aceptable, e menos en termos de servizos públicos, e moito menos no ámbito sanitario.

Esta perspectiva de xestión que utiliza o déficit de pediatras como unha escusa tamén tende a buscar culpables, externos, sempre, por suposto —¿onde vai estar aquilo de facer auto-crítica?, non vaia ser que sexa moi doloroso—. Os culpables sempre son outros. Eu cheguei a escoitar aquí que o culpable de que non existan pediatras en Galicia era, por suposto, o Goberno Touriño —como non podía ser doutra maneira—. E isto contouse aquí nesta tribuna, porque o Goberno Touriño non fixo non sei que cuestións, e estou seguro ademais de que hai posibilidade de argumentar que o Goberno Touriño ten a culpa practicamente de todo, incluso do que pasou antes de chegar o Goberno Touriño.

E a cuestión é que con esta posición de xestión, de tramitar as cousas, pois un acaba continuando e asumindo un problema, perpetuándoo, porque xestionar un problema e non trans-formalo supón perpetualo, e nós cremos que iso non é unha boa solución.

Hoxe estamos diante dunha tendencia que existe —nas últimas semanas véñse concretando— das concentracións de atención pediátrica nas cabeceiras de comarca fundamentalmente, ou —digamos— nas poboacións máis grandes, máis referentes, sobre as que están ao redor, debido a ese problema numérico do déficit de pediatras.

Nós o que plantexamos é que xestionar este problema supón —como dicíamos ao principio— non dar realmente esa información, dala por feita cando aparece e non tela comentado, informado ou difundido anteriormente, non ter ofrecido unha explicación de por que, non atender as reivindicacións de pais e nais que senten que o servizo se perde ou que non está ben atendido e se lles explique realmente se é así ou non é así, e, por tanto, non atender esa dimensión social do problema.

E, ademais, ocultaron información que a nós nos preocupa saber se é certa e que lle trasladamos con claridade na pregunta. Nós queremos saber se van ser permanentes estas concentracións de servizo de atención pediátrica nas comarcas. Porque o noso temor é que a Xunta acabe facendo como fai moitas veces: vai facendo unha medida, vaina introducindo, despois alonga un pouco de tempo máis do que estaba previsto, logo alonga un pouco de tempo máis, logo di que vai moi ben e, ao final, cando un se dá conta, está implantado e non hai volta a atrás.

Queremos saber se a intención da Consellería é que sexan permanentes estas medidas de concentrar a atención pediátrica ao redor dos máis grandes centros de saúde e eliminar a pediatría do rural, baseándose neste déficit de pediatras.

Fronte a este modelo de xestión, hai o modelo da política como nós a entendemos dende o Grupo Socialista, que é a política transformadora: recoñecer os problemas pero ser inconformista. ¿Que supón isto? Producir, provocar as transformacións. ¿Como se poden transformar as situacións? Mediante certa análise rigorosa e algo de autocrítica.

Hai probablemente varias cuestións que poden afectar o problema de déficit de pediatras, pero hai dúas que nós consideramos esenciais. En primeiro lugar, o nivel formativo, a formación de pediatras ou o aumento de prazas de pediatría, especialmente en primaria, porque nos últimos anos véñse producindo un efecto de aumento de formación pediátrica en hospital pero non en atención primaria. E nós queremos saber se esa percepción é compartida ou non, e nós cremos que iso contribúe a perder capacidade de atención pediátrica en primaria. Porque a verdade é que a tendencia que apunta en todas as sociedades científicas de pediatras é que existe agora máis tendencia a formar pediatras noutros ámbitos e non na atención primaria.

E, en segundo lugar —e nós cremos que esta é a máis importante—, hai un problema laboral. España é un dos países con peores condicións laborais para os seus profesionais de Europa —non o peor pero un dos peores— e Galicia é un dos peores lugares das condicións laborais de toda España. ¿Que ocorre? Que cando as persoas inician a súa carreira profesional acaban aceptando algunhas situacións para prever que poden mellorar, que poden ter un percorrido, pero cando acaban pasando por idades nas que prefiren pensar en estabilizar certa vida, en formar unha familia e en establecerse nalgún lugar, atopan que en Galicia non teñen esa posibilidade. Temos unha dificultade enorme de consolidar profesionais, porque a atención laboral e as condicións laborais en Galicia acércanse máis a un modelo case explotador do ámbito privado que o que debera ser un emprego público de calidade. E nós cremos que esas condicións son clave.

Coñece seguro vostede o dato: dende 2012 —que é o ano en que está coñecido este dato— en España máis de vinte mil profesionais médicos pediron a súa habilitación do seu título no estranxeiro para poder traballar fóra. Probablemente —non teño o dato exacto—, se non a que máis, pero das que máis, son pediatras; son datos da sociedade española científica de pediatras, a Sociedade Española de Pediatría —se quere, pódolle facilitar os datos—, e ademais son datos oficiais do Ministerio; pero, señor conselleiro, non se preocupe, que lle facilito os datos cando queira: 20.479, se o dato non é inexacto; eu dixen 20.500, se me permite redondear.

A partir de aí nós o que analizamos é que temos moitos profesionais fóra de España, en Gran Bretaña principalmente, hainos agora en Francia, existiron moitos en Portugal, pero hai profesionais fóra de España. ¿Por que? Porque aquí non teñen as condicións laborais que necesitan.

Polo tanto, o que nós plantexamos é se vostede comparte ou non, se a Consellería comparte esta análise ou non, máis alá de tentar menosprezar os datos que ofrecemos. Non se preocupe, que é tan difícil obter datos en Galicia que nos dea a Consellería que os preguntamos noutros lugares en que si que nolos dan. Están tan pouco acostumados a dar datos que os sorprende cando temos algún que non é da Consellería. Pero non hai ningún problema. Se nos pode fa-

cilitar o que di a Consellería sobre os titulados en Galicia que pediron a súa habilitación fóra, estariamos encantados de poder telos. É unha maneira boa de corrixir os datos.

Nós o que plantexamos é se o que se fixo ata o de agora consideran que está ben ou se teñen algunha consideración de que poden mellorar, porque hai profesionais que consideran que a situación é mellorable e porque hai pais e nais que consideran que non están sendo ben respondidas as súas demandas. E nós cremos que teñen parte de razón, porque, aínda que hai parte do problema, o que non hai é no outro lado alguén que escoite a situación. E hai moitos pais e nais de moitos lugares que ven como a atención pediátrica está perdendo capacidade e teñen menos dereitos ou teñen menos accesibilidade ao sistema da que tiñan antes, e ninguén lles dá resposta sobre iso.

Así que nós queremos saber cal é a súa posición real. Sabemos que vai dicir que está todo moi ben e que están traballando moito. Pero, se é posible, a ver se por unha vez somos capaces de concretar...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TORRADO QUINTELA: ...que é no que están traballando e en que cuestións cren que deben de mellorar.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): Señor presidente, señores deputados, moi boa tarde.

En primeiro lugar, quero empezar cunha declaración de principios e dicir que a Xunta de Galicia aposta pola atención pediátrica en atención primaria, fundamentalmente porque algún deputado ao igual non sabe que en Europa en practicamente ningún país europeo hai pediatras en atención primaria e algunha comunidade autónoma neste momento está plantexándose que non haxa pediatras en atención primaria. E, polo tanto, parto e digo que a Xunta de Galicia si aposta pola pediatría en atención primaria.

España —como dicía— é un dos poucos países que aposta pola pediatría en atención primaria. E Galicia, dentro do contexto nacional, é unha das comunidades con maior taxa de cobertura pediátrica, cercana ao 90 %, fronte a outras comunidades —como, por exemplo, Baleares— nas que case a metade dos nenos non teñen pediatra e son atendidos por facultativos médicos de familia, por certo, moi ben formados e cunha formación tamén durante un período de meses en pediatría, e, polo tanto, fan unha atención eu creo que importante. En Castilla-La Mancha é dun 42 %; en Madrid, Extremadura, Comunidade Valenciana, Murcia, Andalucía e Canarias ronda o 30 %. Polo tanto, Galicia, dentro de España, está nunha posición eu creo que por diante; e, desde logo, se o comparamos con Europa, moi por diante.

Por iso, chámame a atención o dato que daba o señor deputado de que os pediatras españois se van a Europa, curiosamente onde teñen unha cobertura moito menor; onde poden estar alí é simplemente en hospitais; nós estamos en hospitais e estamos en atención primaria.

En Galicia cremos no actual modelo de atención pediátrica especializada nos centros de saúde para os nenos e nenas de Galicia. E así o demostran estes datos. Temos en conta que o número de nenos en Galicia hai vinte anos era de 391.646, e nese momento había no Sergas 289 pediatras; equivale practicamente a 1 pediatra cada 1.355 nenos; falo de hai vinte anos. Neste momento o número de nenos diminuíu, desgraciadamente, un 20 % —ese si é o verdadeiro problema—, quedando a cifra en 2017 en 312.243 nenos. Nese tempo os pediatras en atención primaria aumentaron nun 13 %, ata os 327 pediatras actuais.

Tamén é unha realidade a dificultade de contratación de novos pediatras, xa que hai parocero, e, polo tanto, cando estes especialistas van de vacacións, non sempre é posible a súa substitución. Para poder paliar esta situación no período vacacional, establecéronse unha serie de medidas, unhas medidas que algunhas son xerais, de todos os profesionais do Sergas, pero evidentemente tamén para os pediatras, como é ampliar a posibilidade de xubilación —estaba ata os 65 anos—; neste momento está revisándose anualmente e xa está nos 68 anos. Ademais, estase a promover a captación de profesionais fóra de Galicia.

Ademais, desde a Xunta tamén se solicitou ao Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social que aumente o número de profesionais que permita formar. En Galicia fórmanse ano tras ano o máximo número posible de especialistas, coas vinte prazas acreditadas existentes, e, aínda así, non hai especialistas dispoñibles nas listas de contratación.

Pero nos períodos vacacionais dos profesionais isto non é suficiente para garantir a continuidade asistencial pediátrica. Polo tanto, propoñemos unha reorganización a través dos centros de referencia en atención pediátrica en Galicia. O modelo actual de atención pediátrica en primaria pode ser optimizado e neste momento temos a oportunidade de facelo. Os aspectos máis destacados que podemos mellorar son os seguintes.

Moitos profesionais prestan asistencia en centros de saúde de núcleos de poboación dispersos moi pequenos, investindo unha parte da súa xornada laboral nos desprazamentos entre distintos puntos de atención. Nos núcleos moi pequenos, nos que a asistencia só se produce unha vez á semana, as familias non saben a onde teñen que acudir en caso de necesitar o seu pediatra o resto dos días, xa que é difícil recordar a que punto de atención dirixirse en cada momento cos pediatras itinerantes.

Existen grandes diferenzas en volume de asistencia que ofrece cada pediatra, xa que a media de TIC son de 955 nenos e nenas, mentres que nalgúns dos núcleos de poboación que son atendidos por pediatras só contan cunhas decenas de nenos e nenas. Nesta situación algún dos días da semana estes profesionais ofrecen asistencia a un ou a dous ou incluso a ningún neno ou nena cando existe outro centro de saúde cercano, o que desincentiva os profesionais e é unha inequidade no sistema.

Creemos que se fai necesaria a creación dun novo modelo de atención pediátrica para a período vacacional, porque en Galicia queremos garantir as vantaxes do modelo de atención médica ofrecida polos pediatras aos nosos nenos e nenas. Esta atención —insisto unha vez máis— é unha cuestión moi importante e a súa reorganización non pode ser planificada soamente desde a Administración sanitaria. É fundamental que na súa planificación participen tamén os pediatras. Somos conscientes de que só aunando forzas, só contando con todos os puntos de vista, podemos ofrecer a mellor asistencia aos nosos nenos e nenas.

Así, señorías, nos últimos meses o Sergas e as sociedades científicas de pediatría traballamos para propoñer unha nova reorganización de pediatría en atención primaria.

Presidente, señorías, queremos afianzar o modelo de atención primaria ás nenas e nenos a través de pediatras, e querémolo facer a través deste novo modelo de pediatría que ten como obxectivo garantir de forma permanente e estable a atención pediátrica nos centros de referencia que cubrirán zonas xeográficas máis amplas. Os criterios que se utilizarán para a agrupación de pediatras serán, como criterio xeral: só afectará zonas nas que falten pediatras para realizar a cobertura no período vacacional; en casos específicos, procederase á agrupación onde existan menos de 600 cartillas ou pediatras itinerantes ou de consulta única.

Ese novo modelo consiste na agrupación nun centro de saúde dos pediatras dispoñibles para dar unha cobertura aos pacientes dos concellos limítrofes con mínimos desprazamentos para os pacientes, cunha media de quince minutos de distancia.

A maioría destes centros de referencia de atención pediátrica en centros de saúde de atención primaria contarán cun mínimo de 2 pediatras que garantan a atención de luns a venres, incluso en situacións que son sobrevidas, cando un facultativo presenta unha enfermidade esa mesma mañá e non pode desde logo facer outro tipo de aviso para planificar esta cobertura. E conformarán equipos multidisciplinares, cun mínimo, como dicía, de 2 profesionais especializados en pediatría, con presenza por primeira vez de enfermería especialista en pediatría con dedicación exclusiva á pediatría; é a primeira comunidade autónoma, Galicia, en ter enfermería especialista.

Na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 —ano da publicación dese Decreto 81/2016—, as prazas dotadas da categoría de enfermeiro especialista eran 11, no ano 2017 pasamos a unha dotación de 30 e no presente 2018 son 46 as prazas dotadas nesta categoría. Xa que logo, desde a aprobación do decreto incrementouse a dotación en 35 prazas de persoal enfermeiro especialista. E xa hai tamén listas de contratación de enfermería especialista para poder atender estas necesidades.

Os pediatras itinerantes que prestan asistencia descontinua en localidades diferentes incorpóranse a estes novos equipos estables de luns a venres. No caso de dificultades para desprazarse ás novas ubicacións, os pacientes sempre poderán optar por ser atendidos no seu centro de saúde habitual polo seu médico de familia.

Esta nova reorganización foi consensuada, como dicíamos anteriormente, coas sociedades científicas de pediatría de Galicia, a de atención primaria, a de neonatoloxía e, por suposto, a xeral da Sociedade Galega de Pediatría.

En definitiva, seguimos a traballar para dar solucións aos problemas e, sobre todo, para día a día mellorar o noso sistema sanitario.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, eu desexaría aclarar algunhas cousas para —creo— ter os debates máis racionais. Na última sesión plenaria vostede subiu aquí dicir que eu o insultaba ou algunha cousa destas. Prométtolle que revisei o vídeo. Non se me ocorrería nin sequera pensalo e agora ningún dato de que se riu do dato e me veu aquí discutilo. Eu agradecería que nos dera datos para poder discutir sobre os que vostede nos dá, pero, en todo caso, xa que vostede se riu do dato, díxenlle que llo facilitaba. Pode acceder vostede, pero voulo deixar aquí ao presidente. É unha noticia de hoxe, non é unha noticia da web do Partido Socialista nin de ningún lado, son datos oficiais da Organización Médica Colexial. Está no periódico de información xeral de maior tirada de España, onde, por certo, se analiza hoxe, a páxina completa, o problema da pediatría e onde, por certo, se apunta a Galicia como un problema paradigmático. ¿Por que? Porque apunta que un dos maiores problemas, como nós lle trasladamos, é o problema laboral, e é un problema laboral porque temos as peores condicións practicamente de toda España e por iso se van.

E é un problema onde un dos subtitulares —non é pequeno— di: *Récord de facultativos con interés para exercer en el extranjero. En total, desde 2012 y hasta junio de 2018, han pedido la certificación 20.497 personas.* E engade: *Por especialidades son los pediatras, médicos de familia, obstetras y ginecólogos y oftalmólogos los que más interés muestran en salir del país.* Organización Médica Colexial. Datos que ofrece o periódico de maior tirada de información xeral de España. Vostede pode rir, a nós preocúpanos. *(Aplausos.)*

Preocúpanos dúas veces. Unha, porque é un problema; e, dúas, porque, cando alguén lle traslade un problema, vostede se ría. Agardo que fora porque non viu a noticia, porque se non non ten explicación. Aínda así, que o periódico teña unha información, que nós llo traslademos e vostede nin a coñeza e ademais se ría, é preocupante. Pero voulo deixar para que poida ler o periódico, así non ten nin que compralo; déixollo ao presidente para que llo poida trasladar. *(O señor Torrado Quintela entrégalle un documento ao señor presidente.)* Por favor, si. Está subliñado, ¡eh!, para que non teña que ler toda a noticia. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É para facilitar o debate. En vez de soñar, podía poñerlle un cartel, pero tampouco... *(Risos.)*

Señor conselleiro, non me... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor TORRADO QUINTELA: ...contestou sobre se tiñan intención de manter de maneira firme as concentracións de pediatras só nalgúns centros de saúde. Polo argumento que me deu, parece que están excesivamente contentos da decisión e, polo tanto, dá a sensación de que puideran mantelo. Eu agradecería que puidera aclarar se en realidade á volta das vacacións van retomar a situación anterior ou non, porque hai persoas aquí hoxe que están afectadas, porque están preocupadas e non saben no Val do Dubra se teñen que seguir indo a Vite, non saben se en Ordes ou en Carral ou en Arzúa van ter que seguir acollendo ou indo a outros centros de saúde, ou acollendo no seu centro de saúde persoas doutros concellos.

Porque ocorre unha cousa que é a inversa da que vostede describía. Vostede describía situacións onde había pediatras que atendían poucos nenos, en casos do rural. Por certo, é perigoso isto: como son poucos, quitámoslles servizos, pero, se lles quitamos servizos, son menos. Entón, hai que saber onde transformar. Esa é a diferenza entre xestionar, que é darlle continuidade ao problema, ou transformar, que é inverter o problema, que é a cuestión que nós demandamos da política: transformar para reverter os problemas e non xestionar o problema para darlle continuidade.

Pero, en todo caso, estes pais e nais están preocupados por iso, porque queren saber se lles vai pasar o efecto contrario diso que di vostede, que é o que pasa nalgúns sitios; o que ocorre é que teñen algúns pediatras, algunhas pediatras, cincuenta nenos algún día ou corenta nenos algún día, o cal é para efectos asistenciais —vostede sábeo perfectamente— moi difícil de atender. Polo tanto, para resolver o problema de que hai poucas persoas no rural, quitamos o servizo —debe ser que con iso cremos que se van manter moito as persoas no rural— e, ademais, saturámolo noutros centros de saúde. Pero dese problema non falamos. Dá a sensación de que vostedes, máis que resolver o problema, teñen vontade de tapalo, e os problemas, aínda que se tapen, non desaparecen. Xa o facía moito Rajoy e, en fin, non creo que lle fora moi ben a este país con esas cousas.

En Galicia, en realidade, ao final nós defendemos que hai un problema a nivel formativo e a nivel laboral. A nivel formativo, lembren que vostedes incluso escondían a súa opinión sobre reducir ou non as prazas da universidade. Nós o que demandamos é incluso que pelexemos por ter máis prazas MIR en pediatría, que é posible, porque hai moitos médicos con especialidade en puericultura. Vostede argumentao moitas veces, con evidente razón: que fan ese labor de substituír pediatras cando non os hai. Iso quere dicir que hai moitos profesionais con ganas, querencia, posibilidade e capacidade de facer ese labor. Iso lévanos a pensar, nun razoamento natural, que hai moitas persoas que farían esa especialidade se puideran ter esa oportunidade.

E, ademais, despois de formar máis profesionais para telos, o seguinte é que queden, porque, se non somos quen de pagarlles ben, se non somos quen de facer que concilien ben, se non somos quen de darlles estabilidade, se os acabamos chamando por días ou por semanas ou só lles ofrecemos contratos dous meses ao ano, non van quedar; poden quedar un ano, dous, pero non van quedar cando teñan que facer unha vida.

Entón, nós plantexamos dúas cousas: primeiro, formemos máis; e, segundo, quedemos cos profesionais que existan. ¿É fácil? Non é fácil. Pero a pregunta é: ¿que levamos feito ata o de

agora? Porque vostedes levan nove anos gobernando e se tiveramos ampliación de formación MIR, catro anos despois da formación MIR, cinco nalgúns casos, teríamos máis pediatras, teríamos máis posibilidades de ter pediatras que estaban aquí, que se formaron aquí, que son de aquí e que se foron. E nós cremos que iso era posible. ¿Resolveríamos todo o problema? Non. Nós non lle imos pedir, porque é imposible...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...que se resolva todo o problema, pero o que non queremos é que se xestione un problema para darlle continuidade, porque, cando se dá continuidade a un problema, consolídase e solidifícase, salvo que a súa vontade sexa consolidar este problema, porque repite moito iso de que somos un país privilexiado. A ver se vai ser que vostede cre que somos un país privilexiado na sanidade e que por iso, en vez de consolidar algo que é tan bo, hai que eliminalo, porque isto de que todo o mundo teña acceso a un sistema sanitario...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...igual non é tan decente para vostedes. Pero nós cremos que si. Por iso o defendemos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Peche desta interpelación, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, señores deputados.

A verdade é que, señor Torrado, eu creo que debían fichalo nas comunidades onde goberna o Partido Socialista, porque ten moitas solucións aquí en Galicia. Pero mire, vou facer como vostede. Eu, en vez de darlle fotocopias de periódicos do día —por certo, con bastantes erros nos datos que dá de Galicia, bastantes, en número de nenos que fala e outras cousas—, pois mire, vou falar exactamente dos datos que dá a Asociación de Pediatría, que creo que son bastante interesantes, cando o que fai é analizar precisamente como as diferentes comunidades autónomas atenden os nenos. E dicir que un grupo moi importante delas o que fai é dar unha cobertura, en atención primaria maioritariamente, nunha porcentaxe altísima, con médicos de familia. E dicirlle que Galicia está entre precisamente as comunidades autónomas que menos médicos de familia utiliza para a atención e a información, a asistencia aos nenos aquí.

E vou darlle tamén, como fai vostede, un gráfico en cor para o presidente, para que saiba. (*O señor conselleiro de Sanidade, Vázquez Almuíña, mostra un documento.*) En amarelo e vermello son as comunidades que menos pediatras teñen en atención primaria, que atenden en atención primaria con médicos de familia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Están, por

exemplo, Castilla-La Mancha, Baleares, Extremadura, Andalucía, Murcia e Comunidade Valenciana. Señor presidente. *(O señor conselleiro de Sanidade, Vázquez Almuíña, entrégalle un documento ao señor presidente.) (Murmurios.)*

E dicir que as medidas que estamos tomando non son as medidas Torrado, son as medidas que a Xunta de Galicia considera como máis adecuadas. E son aumento da idade de xubilación, como dixemos anteriormente; esa é unha importante. Petición de máis acreditación de prazas MIR, porque desgraciadamente as vinte que temos as temos ocupadas. Pero cando se fala do número de pediatras, que, segundo vostede, pedir acreditación non significa que saian do país, senón simplemente que piden acreditación para ter o título homologado, nada máis que para iso. Pero, curiosamente, onde deben saír máis é doutras comunidades, non debe de ser de Galicia de onde máis saen. Pero, como lle digo, curiosamente en Europa en moi poucos países teñen pediatras en atención primaria.

Como digo, nós intentamos maior acreditación, aumento da idade de xubilación e despois, loxicamente, tamén nos interesa tomar medidas que teñan unha acción moitísimo máis rápida. E unha delas, pero non é porque a administración o decida, senón que os propios pediatras consideran que iso é tamén importante e é factible, que é esta —digamos— concentración en zonas próximas, pero que nos permitan asumir que podemos seguir atendendo os nosos nenos en períodos vacacionais —e respóndolle— en lugares próximos e con cobertura total e continua, superando incluso o número de horas sobre a distribución normal do ano. Porque conseguimos que ao diminuír o número de pediatras itinerantes, en vez de estar horas na carretera, eses pediatras estean nun centro de saúde esperando que poidan vir os nenos que necesiten a súa asistencia. Polo tanto, incrementamos horas concentrando recursos. E temos unha publicación tamén, é orixinal, non é fotocopia, *(O señor Vázquez Almuíña amosa unha folla de periódico.)* é orixinal do *Faro de Vigo*, do domingo pasado, onde o presidente da Sociedade de Pediatría de Galicia defende este modelo. Temos outros pediatras que din exactamente o mesmo. O presidente da Asociación de Atención Primaria en Pediatría tamén defende este modelo, porque é un modelo que non é un modelo imposto, é un modelo que busca tratar de dar a mellor cobertura aos nenos e nenas de Galicia en períodos vacacionais, onde a cobertura con paro cero é imposible.

Como digo, creo que todo é mellorable, pero este proxecto, esta nova forma de atención, un modelo que busca integrar as condicións de boa calidade asistencial que temos en Galicia desde hai moitos anos, é facelo continuo para todos os nenos de Galicia nun lugar próximo sempre ao seu domicilio.

Quería rematar un pouco como empecei, dicindo que, desde logo, nós imos seguir apostando pola pediatría en atención primaria, potenciando todo o que poidamos. Imos facer tamén unha revisión tamén de axendas, de todo o que é o protocolo de nenos sans, que necesita loxicamente evolucionar, e incluso incrementar cun protocolo do paciente o neno crónico, porque tamén nos últimos anos aumenta a supervivencia en patoloxías graves, pero fai que nenos pois teñan patoloxías crónicas que necesitan atención. E con novos protocolos, como supuxo o protocolo de nenos sans a revolución e o cambio, imos seguir evolucionando o modelo galego, pero, desde logo, para que noutras comunidades que aínda teñen problemas moitos máis graves incluso poidan copiar.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Interpelación de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto medioambiental da minaría de cobre

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde, señor presidente. Boa tarde, señor conselleiro.

Volvemos traer neste derradeiro pleno deste período de sesións o asunto da mina de Touro. Dunha maneira moi clara, pensamos que, despois de estudar todos os informes recibidos de todas as administracións e tamén dos organismos independentes que fixeron a súa opinión sobre o novo proxecto, hoxe debe empezar a acta de defunción deste novo proxecto, porque non cumpre practicamente ningún dos preceptos da Lei de minas de Galicia como agora imos explicar.

Partimos dunha situación actual, partimos duns informes de hai mes e medio de Augas de Galicia, onde queda certificado que todos os ríos e regatos que rodean a antiga mina de cobre de Touro e O Pino están contaminados. Confirmao Augas de Galicia con datos das analíticas realizadas en todos os puntos de control da contorna da explotación mineira. Os resultados das análises solicitados pola entidade ecoloxista Adegas o pasado 9 de abril son auténticamente demoledores. Que saian a luz non nos sorprende, o que nos sorprende é que Augas de Galicia e a Xunta non tomasen medidas antes se coñecían de sobra a situación.

O resumo do achegado por Augas de Galicia é que a práctica totalidade dos cursos de auga que rodean a antiga explotación mineira de Touro-O Pino amosan contaminación por metais pesados e alta acidez, afectando a calidade das augas superficiais e soterradas nunha extensión mínima de sesenta e cinco quilómetros cadrados na contorna da mina, cando menos desde os últimos dez anos. Unha advertencia do que foi e do que podería pasar cunha nova megamina de máis ampla extensión.

Os datos que achega Augas de Galicia sobre as estacións de control de calidade demostran a elevada contaminación. No que ten que ver coas augas soterradas, por exemplo, no rego de Pucheiras, a calidade ambiental é moi baixa pola presenza de substancias denominadas «prioritarias» en canto á calidade das augas. Achouse cadmio, níquel, ademais de superarse as medidas anuais de cobre e cinc e unha alta acidez. Hai tamén cantidades doutros metais que superan os valores fixados para as augas de consumo. A contaminación por metais pesados das augas soterradas esténdese no tempo ata a actualidade, xa que recentes ensaios realizados entre 2017 e 2018 seguen amosando altas cantidades de cobre e cinc.

Por outra parte, nestes momentos, chégannos os informes de varios departamentos da Xunta de Galicia sobre o novo proxecto da mina de Touro-O Pino. En todos eles identifícanse numerosos aspectos negativos, moi negativos, ou deficiencias na documentación.

Así, a Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Alimentarias advirte que a reapertura da mina de cobre pode afectar gravemente a gandería da zona se chegan a conta-

minarse os terreos derivados desa actividade, ao poder ocasionar unha intoxicación por cobre da gandería.

O Servizo de Montes do Medio Rural cualifica de dificilmente viable a promesa de Cobre San Rafael de rexenerar o terreo. Este departamento lembra que unha explotación mineira non está contemplada para a actual cualificación urbanística do terreo.

Desde a Dirección Xeral de Saúde Pública identifícanse numerosas carencias na proposta mineira. Por exemplo, a promotora non identifica a poboación afectada nin os usos da auga, nin avalía a posible contaminación por gas radon. Ademais, apunta que o plan de rehabilitación e peche non contén información detallada referente ao mantemento dos sistemas para o control e tratamento de drenaxes ácidas.

A Dirección de Patrimonio Natural redacta un dos informes máis críticos. Así, sinala incongruencias nas medidas a tomar unha vez que conclúa a vida útil da mina, así como que a promesa de depurar todas as augas non se corresponde coa realidade, ao ser inevitables as filtracións.

Por último, Augas de Galicia informa que a documentación presentada resulta ser insuficiente e non adecuada para emitir con base nela unha correcta valoración de todas as posibles afeccións.

Ante estes resultados de Augas de Galicia e de todos os restos dos informes, e xa sen falar dos informes das organizacións ecoloxistas, Sociedade Galega de Historia Natural, etc., consideramos que os departamentos administrativos da Xunta o deixan claro e damos por feito que a Xunta de Galicia non pode ser tan realmente insensata de aprobar o proxecto da nova explotación da mina de Touro.

Por iso na interpelación —déixoo porque ao mellor despois non me dá tempo de terminar todo o argumentario— queremos plantexar claramente ao conselleiro que nos explique como valora a Xunta de Galicia todos os informes xa recibidos. ¿Considera a Xunta de Galicia todos estes contundentes informes suficientes para ditaminar unha avaliación medioambiental negativa e non subsanable e, polo tanto, rexeitar de maneira definitiva o proxecto? E, terceiro, á vista dos informes comentados e unha vez rexeitado o novo proxecto para a mina, ¿pensa a Xunta de Galicia exixir dos actuais concesionarios da explotación as accións necesarias para unha adecuada rexeneración ecolóxica e medioambiental das zonas afectadas? ¿Pensa a Xunta de Galicia colaborar nesta rexeneración, como tamén menciona explicitamente a Lei de minas de Galicia?

E aquí agora, como aínda me resta tempo, imos facer unha reflexión. Xa sei o que vai contestar o señor conselleiro: que cumpren a lei, que En Marea está de maneira meramente ideolóxica en contra da minería. Todo isto é falso. Evidentemente, a lei hai que cumprila. Pero agora voulle contar moitos dos aspectos da lei. Iso si, os que vostedes non modificaron na última Lei de depredación de Galicia, que tiveron moi presente eliminar aspectos que de verdade segundo a lei garantían a restauración das zonas afectadas pola minería.

En Marea non estamos en contra da minería; estamos en contra da megaminería masiva especulativa, daquela que tenta explotar un xacemento de maneira superinvasiva no menor tempo posible —nunca mellor dito o de «colle os cartos e corre»—, a que non desenvolve o ciclo produtivo completo, senón que é meramente extractiva e depredadora. E todo iso pode aplicarse tamén a outros sectores como o da explotación forestal ou da enerxía, que, evidentemente, poden ser moi favorables se se desenvolven dunha maneira axeitada. E curiosamente nestes tres sectores é nos que se centran as modificacións lexislativas da Lei de depredación de Galicia que aprobaron o pasado ano.

Tamén se pode desenvolver unha minería sostible: aquela plantexada a longo prazo, que alterna procesos extractivos con procesos de recuperación ambiental, e o desenvolvemento en cercanía de iniciativas empresariais que pechen o ciclo das materias extraídas. Pode que alguén argumente que desta maneira nestes momentos estas explotacións non serían rendibles. Pois entón a proposta administrativa tiña que ser: se non é rendible con criterios de sostibilidade neste momento, déixese o recurso como está para o futuro, cando sexa rendible. O cobre, desde logo, non vai marchar de Touro.

É imprescindible tamén unha auditoría económica do proxecto polo Consello de Contas ou o organismo público que a administración determine. A anterior compañía que fixo prospeccións na zona desistiu por considerar que non era rendible, ao mellor porque non era rendible desde uns plantexamentos de sostibilidade. Pola contra, Atalaya Mining nos seus informes á bolsa de Londres avanza unha enorme rendibilidade baseada na explotación rápida e masiva e cuns supostos de mercado do cobre que poderían mudar, co risco de abandono da explotación en calquera momento, sobre todo tendo en conta a ausencia de garantías reais, como marcan actualmente as modificacións da Lei de minas establecidas o ano pasado na Lei de depredación de Galicia, que é o punto fundamental —despois na réplica estendereime neste asunto— que elimina de xeito efectivo as garantías reais, substituíndo os avais e os depósitos constantes e soantes en cartos por toda unha serie de garantías teóricas baseadas nos fondos propios das compañías, sobre todo unha compañía con fondos de capital internacionais, que hoxe teñen o diñeiro aquí e mañá téñeno alá, e unha compañía que hoxe ten uns fondos propios totalmente solventes e dentro de dous anos pode ter cero de fondos propios e non garantir en absoluto a recuperación das explotacións.

E non podemos entrar nun debate que plantexe que é incompatible a economía, o emprego e o medio ambiente. O futuro é o dos países que coidan o medio ambiente. E sobre todo un país como Galicia, que debe basear todo o seu futuro no desenvolvemento de industrias a partir do sector primario, tamén da minería, tamén, pero da minería sostible, da minería que —xa como comento— alterna períodos de extracción con períodos de recuperación, que aproveita os materiais que se extraen para desenvolver o proceso produtivo no país.

Non pode ser, é evidente: a economía circular de momento non dá para cubrir toda a demanda de cobre, é evidente. Pero os que o necesitan son os chineses. Ben, pois se o necesitan os chineses, que fagan as minas en China, salvo que as fábricas de cables, as fábricas de transformadores eléctricos, que toda a industria que vai ser necesaria para a transición enerxética se faga en Touro e O Pino tamén. Se o único que se vai facer é extraer o cobre e mandalo á China para que os chineses lle saquen o valor engadido, que leven a mina para alí tamén.

Esta é a filosofía de En Marea. Efectivamente, é unha filosofía ideolóxica, pero unha filosofía ideolóxica de futuro, de futuro para un país; non de que unha compañía estea aquí durante sete anos, desenvolva douscentos, trescentos ou ao mellor catrocentos postos de traballo, e dentro de sete anos non quede nada, non se poida recuperar a agrogandería, non se poida recuperar industrias derivadas do sector primario real...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: ...e que ao final a consecuencia final, como xa pasou coa anterior explotación de cobre na mina de Touro, acabe co despoboamento da zona. Porque isto non fixa poboación, isto fixa poboación dunha maneira relativa. Moita xente virá de fóra, pero dunha maneira puramente puntual, e dentro de sete anos o futuro das xeracións da zona e das comarcas de Touro e O Pino...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: ...sen contar, por suposto, que as afectacións sobre o río Ulla e a ría de Arousa serían definitivas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

O señor CASAL VIDAL: Despois na continuación seguirei coa argumentación.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, seguimos con este monólogo que pretende facer En Marea neste parlamento. Agora resulta que vostede me interpela e, ademais, xa di na súa interpelación o que eu vou contestar. Eu trasládolle que iso é propio doutros réximes. Neste parlamento eu voume acoller loxicamente ao meu dereito á réplica. *(Aplausos.)*

E lamento, señor Casal, que vostede nese monólogo siga coa teima de non respectar as leis, que siga coa teima de non respectar as institucións e, sobre todo, que confunda o cumprimento da lei coa ideoloxía. Non ten nada que ver; vostede pode ter unha ideoloxía, pero tamén se pode cumprir a lei. E parece que En Marea nese sentido segue manténdose na confusión. Unha demagogia, unha manipulación que creo que é impropia dun grupo político, pero que seguro que o tempo vai poñer a cada un no seu lugar. E o tempo, señor Casal, vai demostrar de novo, unha vez máis, que a Xunta de Galicia está sempre co interese xeral e está sempre na defensa dos intereses dos galegos; tamén neste proxecto, como o temos feito noutros proxectos no sector mineiro.

Os galego saben, señor Casal, a diferenza de En Marea, que somos un goberno previsible e fiable, que defendemos os intereses xerais e que actuamos en todo momento con responsabilidade, e no sector mineiro de forma particular, exixindo a cada proxecto todas as garantías medioambientais, urbanísticas e técnicas, sempre dentro da normativa. Unha normativa que a vostedes non lles gusta que llelo recordemos, pero é a súa lei, a Lei da minería do ano 2008, que aprobaron e promoveron vostedes. E resulta que este proxecto, señor Casal —dígoo porque parece que ten dúbidas—, está tramitándose por esa lei, non se está tramitando pola Lei da implantación empresarial, non, non, non; estase tramitando pola lei do ano 2008 que aprobaron vostedes.

En calquera caso, señor Casal, volvo reiterar nesta cámara que a tramitación da mina de Touro é unha obriga, e imos respectar esa obriga da administración. E imos cumprir todos e cada un dos pasos que nos marca a Lei da minería; gústelles ou non lles guste, sexa de acordo coa súa ideoloxía ou non. É a lei, e este goberno vaina respectar. E o proxecto —tamén lle traslado con toda contundencia— non se aprobará se existen elementos que o fagan incompatible con esa normativa.

Señor Casal, transparencia e rigor; así estamos tramitando o proxecto da mina de Touro. Con transparencia porque tanto as analíticas de augas como todos os informes que se están tramitando están sendo facilitados por esta administración, e vostede vén aquí e remítese a eses informes. E toda a documentación dos expedientes relativos tanto á explotación como aos informes do pasado están á disposición de todos aqueles que os queiran consultar. Pero o máis importante xunto coa transparencia é o rigor, o rigor de todos os departamentos da Xunta de Galicia segundo se está tramitando este proxecto. Todos os departamentos emitiron efectivamente observacións e exixencias. Parece que vostede non coñece o procedemento —eu laméntoo—, ou simplemente le unha parte do procedemento que lle interesa. Pero vostede debería de saber que a lei é garantista. O que pasa é que vostede parte do incumprimento da lei, pero non. Se vostede quere cumprir a lei sabe que a lei é garantista. E sabe que en todos os informes que vostede reflectiu na súa intervención, na maioría dos informes márcanse parámetros que precisan máis detalle ou modificacións, que así o ten trasladado aos diferentes departamentos e que a empresa debe de atender se quere continuar coa tramitación. E así o marca o procedemento. E, polo tanto, será entón —cando a empresa responda a eses requirimentos— cando os organismos poidan emitir un informe final para a declaración de impacto ambiental.

Polo tanto, señor Casal, a Xunta de Galicia pronunciarase sobre o proxecto cando remate a tramitación. E farao, coma sempre, motivadamente e con base en avaliacións profesionais e técnicas. Isto non é un tema de opinións, señor Casal. O que si lle digo é que tal e como está presentado este proxecto non é viable; iso tamén llo podo dicir. E, polo tanto, nós seguiremos estudando e seguiremos analizando todos os informes.

Pero falemos do presente, falemos de feitos, porque vostede fala aquí de Augas de Galicia. E, efectivamente, Augas de Galicia e a Xunta de Galicia están facendo o seu labor e manteñen unha vixilancia activa sobre todas as canles fluviais que rodean a antiga mina. E esa vixilancia —que é unha vixilancia activa— confirma que a contaminación detectada nas análises se cingue estritamente aos regatos da contorna da explotación; vostede sábeo, e non o di,

porque vén aquí facer análises parciais. Sabe que Augas de Galicia non aprecia contaminación no Ulla derivada da antiga explotación, e vostede oculta esa información; ocúltaa, señor Casal. E tamén sabe que nós seguimos perseguindo calquera indicio ou denuncia; sabe que temos abertos dous expedientes sancionadores por verteduras na fase final da súa tramitación, e ocúltao tamén na súa intervención. E sabe tamén que Calidade Ambiental ten aberto outro expediente derivado da elaboración dos tecnosolos, que tamén oculta esa información.

Pero eu lamento, en definitiva, que vostede fronte a estes feitos, feitos concretos, con análises e datos concretos, con actuacións da administración concretas para garantir o respecto ao medio ambiente, atopámonos de forma continuada e de forma permanente coa manipulación que En Marea quere traer a esta cámara. Eu laméntoo porque os grupos políticos non están para manipular, están para cumprir a lei, para respectar os procedementos, e, polo tanto, non están para facer valoracións.

Eu lamento que vostede non veña aquí reflectir os informes; vén aquí traer as valoracións ou as interpretacións, non sei moi ben se de Adega ou de En Marea. Iso non o teño claro; seguramente na réplica vostede volverá consultar. Pero vostede sabe que Augas de Galicia trasladada as analíticas de forma obxectiva. Todos os comentarios que vostede traslada a esta cámara son interpretacións ou ben de vostede ou ben de Adega, dáme igual, non de Augas de Galicia.

Debería, en definitiva, ser cando menos obxectivo e, polo tanto, non obviar que vostedes mesmos cando gobernaron non fixeron nada distinto ao que está facendo este goberno. Señor Casal, non fixeron nada distinto, ¡nada! Polo tanto, sorpréndeme que agora vostede queira poñer en valor, por exemplo, o proxecto aprobado por unanimidade por todos os membros do Consello Galego de Medio Ambiente, que é o proceso de restauración que se está acometendo na mina de Touro. ¡Sorprendente! Descoñecemento e manipulación, unha moi mala combinación cando se quere falar de economía, se quere falar de minería e se quere falar de garantismo fronte aos cidadáns e fronte ás empresas.

En calquera caso —e conclúo—, este goberno vai seguir respectando todas as sensibilidades, todas, tanto dos que manifestan a súa oposición á mina como, señor Casal, tamén dos que se amosan a favor da mina. Porque parece que vostede ten unha única realidade, e sabe que iso non é así.

Nós imos continuar co estudo do proxecto, imos garantir a tramitación. E, loxicamente, non hai ningún tipo de decisión tomada, señor Casal, ningunha. Eu o que entendo das súas palabras é que non quere que o Goberno tome decisións loxicamente sen ter os datos obxectivos. E esa decisión o que si lle podo garantir a todos os cidadáns, a todos os veciños de Touro e do Pino é que vai tomarse conforme todas as garantías que ofrece a lexislación, e que imos defender o interese xeral dos galegos e das galegas.

Señor Casal, deixe de enredar e comprométase co cumprimento da lei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, efectivamente, ¿ve como acertei? Acertei; na conclusión final deixouno claro: o único que debemos facer é cumprir a lei. Efectivamente, non diga que estou manipulando, era evidente que ía dicir iso, é o que din sempre.

Pois voulle ler os obxectivos da lei —imos ler os obxectivos da lei—: «Defínense o contido e a vixencia dos dereitos mineiros e a súa compatibilidade con outros usos ou aproveitamentos, podendo limitar ou condicionar a Administración mineira os exercicios dos dereitos de prioridade por razóns ambientais, urbanísticas ou outras que sexan da súa competencia». Evidentemente, parece que aquí pode haber confrontación e colisión entre outras «razóns ambientais» e «outras que sexan da súa competencia», como, por exemplo, os temas agrogandeiros e outro que, por exemplo, porque a lei non o marcaba. porque parecía como que ningunha mina podía ter afectacións a zonas marítimo-pesqueiras, e por iso é a escusa que a conselleira de Agricultura puxo para non emitir informe desde a Consellería de Pesca. Ben, pois nós pedimos que o emitan. Porque, evidentemente, cando a lei, esa lei que nós non votamos. Pero esa lei que agora lle vou ler o que di a lei e dirame se este tipo de proxectos cumpren os obxectivos fundamentais da lei.

Ben, primeiro, pedimos que a Consellería de Pesca faga un informe, porque se a lei non o poñía explicitamente era porque se pensaba que as minas estaban en zonas interiores que non ían afectar zonas marítimo-pesqueiras.

Imos ler o artigo 12 da lei, Criterios orientadores para a concesión de autorizacións de explotación. Vou ler algúns deles: «O establecemento das bases do desenvolvemento dunha minaría sustentable» —vostede vaia facendo a avaliación de se todo isto lle parece que este proxecto o cumpre—, «A harmonización da actividade extractiva co resto dos usos do chan dentro do marco da ordenación territorial, agraria e ambiental», «O aproveitamento ordenado e sustentable dos recursos mineiros de maneira compatible coa protección do medio natural e o patrimonio cultural», «A racionalización do emprego de recursos naturais e de residuos a través da implantación das melloras técnicas dispoñibles e a súa valoración», «A procura dunha maior vinculación da minaría coa mellora da economía das zonas en que se sitúen esas explotacións e o fomento da creación de emprego en actividades derivadas da explotación mineira», «O apoio á implantación de industrias que permitan o peche de todos os ciclos de transformación dos materiais mineiros extraídos en Galicia» e, por último, «O carácter temporal da explotación mineira respecto da ordenación do territorio e os usos do chan», ou sexa, que quede garantido outro tipo de usos posteriormente a que a explotación quede pechada.

Ademais, vostede di que todo isto se vai basear na anterior lei. Oxalá, oxalá a compañía Atalaya Mining teña claro que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, oxalá, ¡oxalá! Porque xa veremos, todo isto xa o veremos. Por iso o queremos deixar aquí para que conste no

Diario de Sesións. Porque a garantía que vostedes cambiaron na Lei de depredación, a garantía terá que constituírse por calquera das seguintes formas, a garantía para os posibles efectos posteriores á explotación: «Depósito en metálico ou en títulos de emisión pública, constituído na Caixa de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia» ou «Mediante aval solidario e incondicionado prestado por algúns dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito ou establecementos financeiros de crédito autorizados para operar en España». De verdade, señor conselleiro, eu lin practicamente todas as informacións que Atalaya Mining presentou na Bolsa de Londres, e en ningún lado di que vai ter que depositar, en efectivo ou nun aval solidario e incondicionado, unha cantidade que non sei cal será, pero se na mina de Corcoesto era un aval de arredor de 1.000 millóns de euros, aquí ao mellor poderá andar por eses valores ou ao mellor un pouco menos, pode ser; por ser ao mellor un pouco menos perigosa a explotación. Pero non se ve en ningún lado, dentro da súa afectación financeira, que Atalaya Mining diga que vai depositar este aval ou esta cantidade de diñeiro en efectivo, que o marca a lei.

Efectivamente, na nova lei que vostedes aprobaron o ano pasado desaparece xa o depósito en efectivo dos títulos de emisión pública ou o aval solidario. Agora queda unicamente unha garantía financeira ou equivalente, de forma que se asegure a existencia de fondos facilmente dispoñibles en calquera momento por parte da autoridade competente para a rehabilitación dos terreos afectados.

¿Como vai garantir a Xunta de Galicia que unha empresa que dentro de sete anos marcha, ten domicilio social noutro país e non está —probablemente nese momento xa non estea nin concernida pola lexislación española—, vaia ter fondos propios suficientes para recuperar a situación que vai deixar?

E, por último —déixeme, señor presidente, uns minutos—, quero dirixirme tamén aos traballadores actuais... —un minuto só—. O maior perigo para a xente que está traballando alí agora é a nova explotación. Todas as actividades que se están desenvolvendo alí neste momento tiñan que ser promocionadas pola Xunta de Galicia, precisamente para que o que non se fixo en trinta anos se faga a partir de agora. Que os traballos de restauración e de reciclaxe que se fan alí se potencien de maneira moi importante, precisamente para compensar a toda esa zona da desfeita que se fixo durante os anos de explotación e nos trinta anos seguintes. Iso é o que a Xunta de Galicia ten que facer. Porque igual que a Xunta de Galicia non conseguiu garantir a recuperación da zona en todos os anos que levamos desde a anterior explotación, agora se poderían crear —eses si de verdade e de maneira sostible e prolongada no tempo—...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASAL VIDAL: ...centos de postos de traballo con garantía absoluta.

O maior risco para os postos de traballo que hai nestes momentos na zona da mina de Touro-O Pino é precisamente a nova explotación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Peche da interpelación, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, vostede vén a estes debates coa obsesión —sabe o que quere dicir— de que eu lle vou contestar determinadas cousas, e cando lle digo algo distinto, pasa desapercibido, o cal é sorprendente. Así é moi difícil facer debates, parece máis un monólogo.

Repítolle o que lle dixen, que é a primeira vez que o digo: este proxecto, tal e como está, non é viable. Agora ben, ¿vostede que pretende? ¿Que pretende, dende o seu grupo? ¿Pretende que non tramitemos o proxecto? ¿Pretende que non cumpramos a lei e que non sexamos garantistas cos cidadáns e coas empresas? Señor Casal, coas empresas. ¿Pretende iso?

Dicíame que vostede non aprobou esa lei. Eu non coñezo o ámbito relacional dentro de En Marea. É certo, é certo... (*Murmurios.*) ...que esa lei foi aprobada polo BNG e polo Partido Socialista de Galicia. É certo. E, polo tanto, esa lei ten... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...esa lei ten esa orixe.

Eu pódolle trasladar o que dicía nesta Cámara o conselleiro de Industria naqueles momentos, pertencente ao Bloque Nacionalista Galego. «A lei —cito— é a resposta necesaria para poñer ao día o sector da minaría galega, que fixa un marco estable —señor Casal—, seguranza xurídica e unhas regras para as administracións, os empresarios e os traballadores». É a súa lei, que é nosa tamén. Polo tanto, a obriga do Goberno é aplicala e a da oposición velar porque se aplique a lei. E vostede vén a esta Cámara a dicirme que non a aplique, o cal, señoría, é sorprendente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Sabe perfectamente que a Lei da minaría que vostedes dotaron e aprobaron nos obriga a dar unha resposta motivada, sabe que o di a lei. Unha resposta motivada logo de cumprir todo o procedemento administrativo. E este goberno e esta administración darán esa resposta motivada. E sabe que o procedemento que marca a lei obriga a dar tempo á empresa para subsanar as deficiencias que pode ter o proxecto. Estamos cumprindo a lei. ¿Vostede que quere? ¿Que prevarique este goberno? Non, señor Casal, imos cumprir a lei.

Pero dicíalle que vén a esta Cámara a enredar, porque, claro, vostede quere mesturar a Lei da minaría do 2008 coa Lei de implantación empresarial do ano 2017. Reitérollo, porque llo dixen na primeira intervención e vostede insiste na segunda, esta lei estase tramitando pola Lei de minaría do ano 2008, non veña aquí confundir. Cando queira ter un debate sobre a Lei de implantación empresarial, perfecto. E trasladareille como esa lei está a permitir que en Galicia se estea desenvolvendo e reactivando o sector eólico. Esa lei está permitindo que unha empresa como Benteler vaia investir en Galicia e non se vaia a Portugal. Esa é a realidade da Lei de implantación empresarial que vostedes negan, porque vostedes simplemente negan a industria en Galicia, negan o emprego industrial en Galicia e din non aos sectores produtivos. Din non ao sector da minaría e din non a proxectos tan importantes como o sec-

tor eólico mariño, Rozas, Ence ou Elnosa. Din non, simplemente, a oportunidades para os galegos. Alá vostedes, ¡alá vostedes! Nós seguiremos traballando polo sector industrial, seguiremos traballando pola minaría e seguiremos traballando por unha minaría tal e como reflicte a súa lei, que é a nosa lei: unha minaría moderna, segura e sostible.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia sexual

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde a todas e todos. Boa tarde, señor Rueda.

Quixera comezar este debate léndolles ás súas señorías unhas liñas que lin hai pouco e que me impactaron, e que desde o Bloque Nacionalista Galego pensamos que ilustran á perfección a dimensión do problema que temos que afrontar coas violencias machistas e coas violencias sexuais.

A xornalista estadounidense Joanna Connors foi violada con trinta anos, e dúas décadas despois comezou unha investigación e contou a súa propia historia, como xeito de superala, no libro *I will find you*. «Atopareite». E nel a autora lembra o seguinte, di: «Xa está a miña violación. Sabía que ía chegar. Toda muller o sabe, anticipaa, témea, aínda que non crea que lle ocorrerá a ela, e agora está aquí. Tocoume».

Connors reflicte nestas liñas a magnitude do problema ao que nos enfrontamos, a magnitude do que supón para todas as mulleres, para quen somos a metade do mundo, esa espada de Damocles da violencia sexual. Nestas liñas hai un sentimento universal, ese temor que calquera de nós, que calquera muller, puido experimentar nalgún momento da súa vida polo mero feito de selo, e dá idea da profundidade daquilo ao que nos enfrontamos. Porque isto é unha guerra, unha guerra sen tregua contra as raíces profundas do patriarcado, e é responsabilidade de todas nós e responsabilidade dos poderes públicos poñernos do lado da súa erradicación, sen conformismos e actualizando a súa resposta. E a nós dános a impresión, señor Rueda, de que o seu goberno está un pouco instalado no conformismo e que non está a facer o suficiente.

Nós queremos recordar hoxe que a violencia contra as mulleres é o crime máis encuberto do mundo, e isto é algo que di a propia ONU, que o recoñeceu xa nos anos oitenta grazas aos movementos de mulleres. Porén, este recoñecemento formal non ten sido a variña máxica para o seu exterminio nin tampouco para superar a súa invisibilidade. Pero hai algo que se está movendo.

No último ano e medio pensamos que teñen sucedido acontecementos que teñen contribuído a marcar un antes e un despois, e neste Parlamento tampouco podemos permanecer alleos

aos cambios que ten habido na sociedade. Todas e todos recordamos feitos recentes, moi mediáticos, nos que mesmo se puxo en dúbida que era ou non era violencia cando o suxeito é unha muller, e se o acto ou intento de violación era mesmo violencia machista ou non.

O caso máis impactante témolo todos e todas na cabeza, foi o da Manada. Pensabamos que non nos quedaba xa nada por ver. Malia ter sido probada a violación en grupo, vimos como era cuestionada a vítima. Vimos esa polémica sentenza aínda á espera da definitiva. E mesmo hai poucas semanas a posta en liberdade dos cinco violadores. Xa pensabamos —dicía— que non nos quedaba nada por ver, pero o último é que hoxe teñamos que ver este titular durante o pleno. «Defensa levanta a suspensión do militar da Manada e pasa a estar pendente de asignación de destino». A verdade é que quedamos impactadas ao ver esta cuestión. E a primeira cuestión que lle vou trasladar é que nos gustaría que se dirixiran como Goberno ao Ministerio de Defensa para que garanta que, efectivamente, parece que xa confirmaron que non vai ter un destino, pero que se garanta que non vai vir para o noso país.

Feitos coma este impactaron na nosa sociedade e pensamos que marcaron —insisto— un antes e un despois, e aínda así evidéncianse varias cuestións. Primeiro, que queda moito por facer para recoñecer a violencia sexual como unha forma de violencia machista e para tratala así. Constatase tamén a existencia dunha xustiza androcéntrica e con graves nesgos sexistas, como a cualificaron nun comunicado a galega Dalila Dopazo, maxistrada, e dúas máis nunha carta dirixida hai pouco ás vítimas de violación.

Pero tamén hai unha cuestión na que queremos insistir: que hai motivos para o optimismo. Porque se demostrou coas históricas mobilizacións en resposta a esta situación, e tamén o pasado 8 de marzo, que temos unha sociedade crítica e exixente, que non tivo reparos en saír á rúa. E por iso hoxe traemos, señor Rueda, esta interpelación, porque pensamos que a Galiza do 2018 exixe e merece tamén que se abra un debate profundo sobre as violencias sexuais e como temos que combatelas. E, nese sentido, nós pensamos que debemos desenvolver con máis ambición a Lei de violencia machista, para que estas, efectivamente, estean tamén no centro das nosas actuacións.

Hai moitos aspectos que nos preocupan. Acabo de dicir que un deles é a cuestión xudicial. Sen dúbida, sería preciso dotármonos dun sistema xudicial cunha maior perspectiva de xénero, pero hoxe aquí queremos insistir nos demais aspectos, porque —insistimos unha vez máis— para nós a vía penal non pode ser a única, a vía penal non reeduca a sociedade, ese é o último elo da cadea. Por iso hoxe queremos insistir noutros ámbitos, en ámbitos nos que vostedes, ademais, como Goberno galego, teñen unha competencia directa, pero parece que, aínda que teñen esa competencia directa, señor Rueda, fáltalles unha folla de ruta.

Eu quero recordar que partimos dunha cuestión que para algúns ámbitos é negativa, que é que a lexislación estatal é neste aspecto inferior á lexislación galega, algo que, aínda que é motivo de orgullo para todas nós, é certo que lastra que se poida avanzar nalgúns ámbitos. Nese sentido, ese pacto de Estado aprobado hai un ano introducía teoricamente posibles avances para moitos destes ámbitos, pero un ano despois vemos como todo o que contemplaba en canto a violencias sexuais, custara ou non custara cartos, é papel mollado. Por iso tamén queremos pedirilles hoxe, señor Rueda, xa que hai un cambio de goberno e hai un

cambio de discurso... —ao haber un cambio de Goberno no Estado, hai un cambio de discurso no Goberno do Partido Popular de Galiza—, que neste sentido sexan máis exixentes, e que nesa comisión que teoricamente crearon para o seguimento do pacto de Estado, sexan exixentes, porque por desgraza hai aspectos que dependen do Goberno central, e iso tennos lastrado.

Pensando no noso país, o certo é que hai unha década Galiza xa recoñecía a violencia sexual como machista, pero nós seguimos preguntándonos se temos sido quen de lle trasladar isto á sociedade, se deberíamos estar satisfeitos e satisfeitas e se vostedes están satisfeitos e satisfeitas co desenvolvemento galego da lei neste ámbito, porque nós pensamos que hai indicios para non estalo, e citarei algúns dos ámbitos de mellora que queremos trasladarlle.

En primeiro lugar, pensamos que falta información e investigación para recoñecer cal é a incidencia real da violencia sexual e actuar de forma efectiva contra ela. Para mostra un botón. Dez anos despois de iniciarse a aplicación desta lei, aínda a día de hoxe os seus informes anuais non contemplan aspectos referidos á violencia sexual. Hai pouco nesta cámara —imaxino que será vostede coñecedor—, o Partido Popular impulsou un acordo no que se recollía que a posteriori si que habería que integrar esta perspectiva, pero o certo é que, facendo repaso do *Diario de Sesións* e dos acordos en comisións, tres meses despois hai moitas desas cuestións que vostedes lanzaban que aínda non empezaron a implementar e a levar a cabo.

Hai unha cuestión que lle quero trasladar hoxe. Vostedes falaban de levar a cabo de novo unha macroenquisa, e que desta vez si contemplara a cuestión das violencias sexuais. Gustaríanos saber en que estado está esta cuestión. Tamén acordaron crear un grupo dentro do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, e a mesma cuestión. ¿En que punto estamos? Porque estamos bastante afeitas a que vostedes cheguen a acordos, incluso os impulsados unilateralmente por vostedes, e que queden sen cumprir.

E o certo é que neste camiño, malia o avanzado da nosa lei, malia estes dez anos longos xa de vixencia, o pouco que sabemos hoxe da violencia sexual é a través das denuncias do Ministerio de Interior rexistradas no seu balance de criminalidade, e o panorama que nos deixa é preocupante, non só porque o último ano completo, 2017, teña 44 denuncias de violacións con penetración, ¡44 denuncias!, e iso, por suposto, non quere dicir que sexan todas as que houbo, e tamén 415 delitos sexuais. Iso dános un saldo de que aproximadamente cada semana hai unha violación e de que aproximadamente cada día hai máis dunha agresión sexual, polo tanto, pensamos que é hora de pisar o acelerador nesta cuestión.

Sobre todo, preocúpanos algo que eu non sei se vostedes teñen avaliado, señor Rueda. Hai un certo estancamento nas denuncias en canto a violencia sexual, nomeadamente en canto ás violencias sexuais con penetración. E nós pensamos que iso non é porque non existan —¡oxalá fose así!—, senón que é que algo está fallando. Vemos o contraste en canto ás violencias machistas en xeral. En canto a denuncias de maltrato, hai un aumento, iso interpretámolo sempre como que está funcionando relativamente o sistema e que, polo tanto, hai máis denuncias, e pensamos que algo debe estar fallando no caso específico das violencias sexuais para que non se siga o mesmo camiño, e debemos de corrixir esta falta de

información alén do cuantitativo, tamén no cualitativo, e gustaríanos saber que van facer nese sentido.

Tamén nos gustaría a súa valoración sobre os protocolos, se están a funcionar ou non. Na segunda quenda referireime de forma máis específica a isto.

Tamén nos preguntamos se non teñen pensado corrixir nada de cara ás campañas de sensibilización. Para nós hai dous aspectos nos que a Xunta de Galicia debera traballar e non o está facendo. Un deles é o consentimento, porque o consentimento é a raíz de toda violencia sexual. E segundo, tamén contribuír a romper os tópicos; tópicos como, por exemplo, que non está asumido socialmente que máis dun 80 % das agresións sexuais son por un home coñecido: por familiares, parella ou coñecidos. Temos esa imaxe instalada e aprendida do asaltante nocturno, pero non é a única que nos ameaza.

Para nós, nese sentido, hai dous ámbitos que deberan ser prioritarios: o ensino e o lecer, e parécenos insuficiente o esforzo que se está facendo neste sentido. E poño un exemplo. Isto que vostedes anunciaron a bombo e platillo das campañas contra as agresións sexuais nos festivais a nós parecíanos sobre o papel unha idea estupenda, pero o contraste que levamos tido nestes dous meses nos que xa houbo algún, a realidade é que nos dá a impresión que se está quedando nunha campaña moi cativa e que incluso visualmente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...non acada ao público que pode haber nestas esferas.

Despois referireime a máis cuestións. Simplemente en conclusión, señor Rueda, pensamos que é hora de pisar o acelerador, de poñer o foco de forma máis incisiva sobre as violencias sexuais e que deberan vostedes aproveitar tamén o momento de sensibilidade social que estamos a experimentar. Se queren saír dese conformismo e recibir pola nosa parte propostas, terannos aí.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): lenzuela): lenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Señora Presas, en primeiro lugar teño que dicir que polo menos nas intervencións en xeral do seu grupo sobre este tema a tónica habitual vén sendo —e así foi nesta primeira intervención— de propostas construtivas. Non estou de acordo no do conformismo. Entendo a interpelación no uso de pisar o acelerador. Sempre hai que pisar o acelerador, pero o que

dixo ao final, de estar aberto a propostas, iso é exactamente o que queremos. Non crea vostede que estamos instalados nin conformes, ¡nin moito menos!

Fai vostede varias preguntas e intentarei responderlle a todas no tempo que teño. Son variadas, algunhas de contido amplo, pero utiliza varias veces se cre que estamos atendendo o problema, ou a situación da que vostede fala, suficientemente. Evidentemente, nunca vai ser dabondo, ninguén ten unha variña máxica, nin creo que ningún goberno. ¡Ogallá que fose así! Se algún goberno dera exactamente coas fórmulas e coas medidas para atallar de xeito definitivo as agresións sexuais e a violencia machista, probablemente todos as imitaríamos. Isto non é así, por desgraza, e tampouco creo que algún goberno, sexa do signo político que sexa, non se tome este tema moi en serio e faga todo o posible.

Polo tanto, respondéndolle en xeral á filosofía da súa interpelación, ¿facemos o suficiente? Intentamos facer todo o que cremos que se pode facer. Evidentemente, non vai ser dabondo, por desgraza, pero, dende logo, non hai ningún tipo de relaxación. Estou de acordo en que avanzamos moitísimo, e estou de acordo tamén en que é bo, e incluso moi saudable e moi proveitoso para nós como goberno que os grupos políticos incidan en que hai que facer moito máis, en que hai que facer propostas.

Polo tanto, estamos de acordo no plantexamento filosófico. Efectivamente, a Lei do 2007 dá a base, permítenos actuar pensando que toda agresión sexual a unha muller é unha agresión machista, unha agresión de violencia machista, e a partir de aí creo que pode haber moitas fórmulas de reacción.

Entrando xa no contido, fai vostede moitas preguntas e pide datos concretos. Intentando seguir máis ou menos o guión da súa interpelación, dicirlle que estou de acordo tamén en que para poder facer actuacións con eficacia é necesario dispoñer de información e, polo tanto, tamén orientar a acción para que esa información sexa realmente útil. Polo tanto, en relación cos datos sobre violencia sexual, dicirlle que o primeiro que temos que manexar, loxicamente, son os datos de criminalidade que achega o Ministerio do Interior en virtude das denuncias. Sabemos perfectamente que as denuncias son moitas veces a punta do iceberg nada máis, pero tamén é certo que están aumentando as denuncias, polo tanto, iso quere dicir que non é que haxa máis casos, senón que máis mulleres se atreven a denunciar, e, polo tanto, atopan menos obstáculos dos que antes atopaban para que moitas veces se dese esa situación inadmisíbel de que hai mulleres que ao final non fan a denuncia porque cren que non lles vai compensar todo o que vai pasar a partir dese momento fronte á situación de denuncia do seu agresor.

Polo tanto, coñecemos que neste primeiro trimestre do ano 2018 foron 112 os delitos deste tipo que se rexistraron en Galicia, un 15,5 % máis. Dende logo, é unha cifra inasumible, pero creo que é bo que suban as denuncias porque —insisto— sabemos perfectamente que isto simplemente di que as mulleres se atreven a denunciar máis, e isto en si é un bo dato, que suban as agresións denunciadas. Tamén, por suposto, non só estes datos, que son datos obxectivos, senón tamén temos que seguir recompilando datos que nos achegan dende a rede de CIM. Temos en Galicia 81 centros que son moitas veces o primeiro chanzo, o primeiro lugar onde moitas mulleres van denunciar o seu caso, poñer de manifesto o seu caso e pedir

axuda, polo tanto, de aí se sacan moitos datos e de aí se poden facer moitas estatísticas. E tamén, por suposto, os datos que tiramos da estreita colaboración que temos no eido das agresións machistas co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que, como sabe vostede, son os que colaboran con nós en moitas das situacións que se derivan da violencia machista. De aí tamén extraemos datos, e eses datos sérvennos para facer accións.

Tamén o pasado mes de febreiro o Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero se dirixiu á Comisión Nacional de Estatística Xudicial para algo moi sinxelo, pero moi necesario, que non se estaba facendo, que é que se recolla información que permita facer datos estatísticos e, polo tanto, sacar conclusións e, a partir de aí, emprender accións sobre todas formas de violencia sobre as mulleres.

Recóllense moitos datos na Comisión Nacional de Estatística Xudicial sobre moitas situacións que se coñecen nos tribunais, pero non se estaba facendo sobre estes casos concretos sobre violencia sexual, e cremos que é moi necesario e que se estaba desperdiciando unha fonte de información moi importante.

Efectivamente, tamén coñezo o acordo acadado nesta cámara o pasado mes de abril, polo tanto, vanse incorporar todos estes datos nos vindeiros informes anuais sobre violencia de xénero. Isto sobre coñecemento de datos para poder emprender accións.

Medidas específicas. Vostede pregunta por moitas. Vou intentar —insisto—, co límite de tempo que teño, darlle resposta, se podo, a todas elas.

Pregunta por medidas de sensibilización e formación. Di vostede que non se fai a incidencia. A iso me refería. Cando non é dabondo todo que se fai, hai moitas formas de orientalo, pero eu creo que intentamos que as medidas de sensibilización que se fan sexan o máis eficaces posible e cheguen ao sector de poboación que máis interesa. En xeral, a todos, porque isto é un problema xeral, pero estamos todos de acordo tamén en que hai colectivos nos que hai que incidir especialmente nas campañas de sensibilización sobre violencia machista. ¿A quen? Pois, sen ningunha dúbida, á xente máis nova, aos adolescentes, onde cada vez de xeito máis preocupante se están detectando situacións incipientes, e ás veces moi graves e moi preocupantes, como dicía, de violencia machista. E, dende logo, a través das redes sociais, que son a canle de comunicación habitual para a xente nova, todo o problema derivado do *sexting* e de moitas maneiras de acoso sexual a través das redes sociais, é algo ao que temos que prestarlle especial atención.

Xa desenvolvemos dúas campañas, hai dous anos e o ano pasado, de prevención da violencia sexual a través dos *sexting*, e tamén a Fegamp. E isto hai que facelo tamén a través dos concellos, e que os concellos difundan, que son as administracións máis achegadas á poboación. Facer obradoiros e que se fagan en todos os concellos, especialmente no rural, porque parece que ás veces nos centramos moito nas cidades, e no rural tamén hai situacións onde se producen agresións sexuais e violencias machistas.

Sabe vostede que as realizamos en colaboración con Pantallas amigas. Participaron 85 concellos e case 6.500 nenos e nenas. Tamén temos accións dirixidas á mocidade universitaria.

En novembro do ano pasado desenvolvemos nas tres universidades e nos sete campus galegos xornadas de prevención e sensibilización da violencia sexual na mocidade, e, dende logo, xa hai que dar o paso definitivo para introducir no currículo educativo todo o que ten que ver coa formación en igualdade, e, polo tanto, de prevención de futuras violencias machistas na xente nova como algo normal, como outras materias educativas que se dan e que están perfectamente asimiladas. Isto hai que facelo e hai que empezar canto antes, e, dende logo, queda moito por recorrer, pero o camiño percorrido, vendo a situación de hai tres, catro ou cinco anos, que probablemente non, seguro que teríamos que haber empezado moito antes, creo que o camiño percorrido é destacable.

Accións dirixidas ás mulleres con discapacidade. Outro colectivo tamén ao que temos que prestar especial atención, que moitas veces son vítimas especialmente sensibles de violencia machista. Levamos a cabo un programa en colaboración con Cogami, Acadar e colectivos adicados á atención de persoas con discapacidade. Apoiamos a formación de mulleres con discapacidade, das súas familias e do profesorado na detección e identificación de situacións contra a liberdade e dignidade sexual destas mulleres con discapacidade. E tamén levamos a cabo, cando era necesario, acompañamentos de maneira personalizada a persoas que viviron estas situacións.

Tamén accións dirixidas aos profesionais e ás profesionais a través da colaboración cos seus colexios. Temos iniciado unha actuación pioneira contra o acoso sexual nos lugares de traballo coa Asociación Galega de Auditores Sociolaborais e Unión Profesional de Galicia. Isto é un problema que está aí, que ninguén pode descoñecer, todos somos conscientes, e, polo tanto, os 70.000 profesionais que están na Unión profesional pódennos axudar perfectamente a sensibilizar, e mesmo a detectar e axudar a denunciar situacións de acoso sexual que se dan nos lugares de traballo. Insisto en que somos a primeira comunidade autónoma que fai medidas deste tipo.

Tamén accións dirixidas —vostede se refería a elas xa— a asistentes a grandes eventos e festivais. Comezamos este ano. Toda proposta que se faga para mellorar e para chegar a canta máis xente, e sobre todo xente nova, que acode aos grandes eventos musicais que se celebran —especialmente no verán, pero non só no verán— en Galicia será benvida. Creo que é unha boa idea ter empezado. Probablemente teríamos que haber empezado antes, pero a Campaña Agresión-off, Eu digo non á violencia sexual, comezou este ano. Vaise desenvolver en todos os grandes concertos, en todos os grandes acontecementos musicais de Galicia. E, xa digo, todo o que vostede ou calquera crea que poida contribuir a que esta campaña sexa máis efectiva, benvido sexa, sen ningunha dúbida.

Organizamos tamén charlas sobre violencia sexual con carácter previo á celebración destes festivais, pero sobre todo hai que incidir no que aconteza durante a celebración destes festivais. Niso estamos totalmente de acordo.

Quero ademais facer mención a unha cousa. O contido destas campañas pon o foco nos agresores. Vostede o preguntaba nunha das cuestións da súa iniciativa. Eu creo que son exemplos para isto as actuacións da campaña de [], contra o acoso sexual, da que acabo de falar. Efectivamente, ter claro que o responsable dunha agresión sexual sempre vai ser o agresor, sen

ningunha dúbida. Polo tanto, isto ten que animar a calquera muller que sufra unha agresión sexual a denunciar, porque sempre vai ser a vítima.

Pasando a outras preguntas —xa digo que estou moi limitado de tempo e despois teño a réplica—, falábame vostede doutras medidas específicas. Ben, pois seguimos mantendo as axudas para vítimas de agresión sexual, as prestacións e axudas económicas. Seguimos sendo a comunidade pioneira e case única en todo o Estado español: casas de acollida, programas de inserción laboral... Creo que todo isto é unha medida, sobre todo, non para evitar as agresións sexuais, pero si para favorecer que as mulleres que as sofren saiban que teñen recursos para, unha vez feita a denuncia, poder seguir coa súa vida ou cando menos ter unha axuda da Administración.

Xa digo que me quedan outras medidas nas que querería incidir no que me dea tempo na segunda intervención. Salientar, no tempo que me queda, que en decembro do ano 2017 iniciamos unha colaboración coa Fundación Meniños da Coruña para facer algo que ata o de agora tamén se estaba esquecendo: que as vítimas das agresións sexuais non só son as mulleres, senón os seus fillos e fillas, que as acompañan cando deciden denunciar, cando deciden librarse do seu agresor. E, polo tanto, a nosa obriga tamén é darlles amparo a estes fillos e fillas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...que son tamén vítimas destas agresións.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ten outro turno despois.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moi ben.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Grazas, señor Rueda.

Eu agradezo tamén o seu cambio de ton. Eu confésolle que nós cremos que máis ou menos estamos no mesmo ton de sempre, pero ultimamente —sobre todo cando falaba non tanto o Goberno como o seu grupo parlamentario— parecía que nos soltaban un pouco a bronca cada vez que traíamos un tema de igualdade. E nós concordamos con que ese non debe ser

o nivel xeral, aínda que moitas veces, coa lóxica do debate, poidamos todos e todas empeorar o noso ton.

Ben, vostede falou de bastantes cuestións —a maioría que xa coñeciamos—, pero daba a impresión de que non facía fincapé en especificar aquelas cuestións dirixidas á violencia sexual, e nós queremos insistir nesa idea. Nós pensamos que estamos nun momento, tanto pola maduración colectiva destes dez anos de lei como pola maduración tamén social que supuxeron acontecementos importantes durante este último ano, no que temos que poñer o foco de maneira específica na comprensión das violencias sexuais e no seu combate, como unha forma de dominación das mulleres, que foi historicamente invisibilizada e que historicamente custa que se interiorice tanto institucional como socialmente.

Nese sentido —por avanzar así nalgúñas das cuestións nas que na primeira quenda non me deu tempo de entrar de forma detallada—, nós preguntamos na nosa interpelación —e gustaríame insistir niso— na cuestión dos protocolos. É certo que Galicia, non hai demasiados meses, estreou un protocolo de colaboración institucional; de feito, compareceu a secretaria xeral de Igualdade neste Parlamento e falamos sobre el. Pero a nós hai dúas cuestións importantes que nos preocupan dos protocolos: dunha banda, o referido a ámbitos que non pertencen de forma exclusiva á comunidade galega, como é o das forzas do Estado e do ámbito xudicial. Entón, gustaríanos que vostedes, como representantes do noso país neses ámbitos de coordinación, insistiran na especificidade da violencia sexual, precisamente porque o Estado español non ten dado os pasos que Galiza si ten dado, e porque feitos como eu precisamente recordaba esta última semana ao fío do xuízo do violador de Lugo, que cando houbo esa vaga de violacións, esa preocupación social, o consello da Policía fora que as mulleres quedamos na casa. Entón, si que nos gustaría que neses ámbitos de traballo vostedes foran incisivos nese sentido.

E, doutra banda, en segundo lugar, en canto aos protocolos, preocúpanos que moitas veces os temos pensado, consciente ou inconscientemente, máis para situacións de maltrato —por así dicilo— continuado no ámbito de parella, ex-parella e demais. E preocúpanos que algúns deles poidan non funcionar ou non ter contemplada de forma específica a cuestión da violencia sexual. Entón, tamén queríamos convidalos a que, no marco deses encontros de avaliación do protocolo interinstitucional que vostedes din que teñen, pois poidan avaliar tamén esta cuestión, porque nos preocupa que a atención ás vítimas de violencia sexual non estea suficientemente desenvolta.

Falaba vostede tamén dos datos de denuncias e dese lixeiro aumento que temos se comparamos o primeiro trimestre deste ano co primeiro trimestre do ano anterior. Pero a min sorprendeume que, por exemplo, o número de denuncias por violación con penetración era —falou de memoria— creo que trece e trece, ou sexa, o mesmo número; non recordo agora mesmo o número, pero era o mesmo exacto. A nós ese dato resúltanos sorprendente, que non haxa un avance. É certo que estamos collendo un trimestre que pode ser non significativo de todo, pero preocúpanos que, se non hai un avance na mesma medida en que o hai, si, nas denuncias de maltrato continuado, por exemplo, sexa que algo está fallando do protocolo de atención.

Facía, por exemplo, vostede mención aos CIM. Nós, en canto aos CIM e en canto ao 016, pensamos que debería haber campañas específicas para insistir en que eses instrumentos tamén son para a violencia sexual, que calquera muller, calquera persoa que teña unha agresión sexual tamén pode recorrer a eles. Porque pensamos que tanto socialmente, no caso das denuncias que poidan facer terceiros e terceiras, como interiorizado nas propias potenciais vítimas, non temos interiorizado de todo socialmente que eses recursos estean dispoñibles tamén no ámbito da violencia sexual.

En canto á sensibilización social e demais, nós pensamos que queda moito por facer para dar ese cambio de rumbo que se necesita nas filosofías das campañas, e que, en xeral, todas as campañas institucionais —tamén as da Xunta de Galiza— acaban poñendo a maior parte da responsabilidade en saír da situación de vítima e en evitar ser vítima nas propias mulleres. É certo que poñendo como exemplo esta cuestión dos festivais, aínda que —xa digo— nós convidámoslos a que cando menos intenten ocupar máis espazo físico, porque nos festivais que moven cincuenta mil–sesenta mil persoas a verdade é que custa atopar esas campañas. Eu dígollo porque tomei a molestia de fixarme nelas e de ver se me parecían suficientes ou non. Neses textos que aparecen hai algúns orientados tamén aos agresores, pero nós pensamos que hai que dar un xiro máis nese sentido.

Vostede queixábase do tempo, pero a verdade é que eu non teño moito máis. Nós con estas cuestións debateremos dentro duns meses unha moción derivada desta interpelación e intentaremos achegar en positivo máis cuestións. Pero queriamos insistir, sobre todo, nesas dúas ideas: debemos revisar aqueles recursos dos que nos temos dotado para ver se estamos garantindo que a violencia sexual estea contemplada de forma suficiente e, despois, debemos avanzar en que socialmente iso estea transmitido. Porque creo que non sorprendería a ningún...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...—e remato, señor presidente— deputado ou deputada que fomos moitas as persoas que, ao fío de casos como o da Manada, tivemos que explicar que, efectivamente, iso no noso país si era recoñecido como violencia machista, aínda que moitas persoas pensaran que non.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Peche desta interpelación, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, presidente.

Pois, señora Presas, seguindo con ese ton e intentando completar o que me quedaba das medidas polas que vostede preguntaba, eu tamén quería facer unha especial incidencia nesta

segunda intervención no tema dos protocolos de actuación, porque creo que son moi importantes, entre outras cousas, porque son os que facilitan —estou de acordo en que o número de denuncias non é normal que se manteña ou que non suba nunha cantidade importante, porque sabemos que é unha pequena porcentaxe das agresións que se producen— as denuncias de mulleres que teñen sufrido unha agresión sexual. E, polo tanto, todo o que sirva para convencelas de que non van, a partir do momento en que deciden denunciar, atopar un labirinto no que moitas veces se culpabiliza a elas mesmas creo que é bo.

E, polo tanto, como as denuncias hai que facelas diante das administracións, ou as deteccións de situacións que poden facer intuír que se produciu unha agresión sexual se producen dende as administracións, creo que incidir nese protocolo de actuación, e actuación combinada, porque moitas veces son moitas administracións ou polo menos moitos sectores diferentes da mesma administración os que poden actuar aquí, creo que iso é importante. De aí vén ese protocolo e de aí vén a necesidade de melloralo, de poñelo en funcionamento —que xa está— e de melloralo, que seguro que ten moitas cousas que mellorar.

Eu creo que que calquera sanitario saiba exactamente o que ten que facer para detectar unha agresión sexual, aínda que a muller non faga a denuncia, ou, se a muller fai a denuncia, saber o que ten que facer para dende ese momento facilitar as cousas o máximo posible dentro da situación tan delicada e tan sensible que é, isto é necesario. Polo tanto, calquera persoa que estea nun hospital ou nun centro de saúde, ou en calquera dependencia médica, ten que saber exactamente o que ten que facer e como hai que facelo rapidamente, —insisto— facilitando as cousas e non en ningún caso entorpecéndoas. Polo tanto, ese protocolo común que xa estea en funcionamento creo que iso é moi importante. Iso dentro da área sanitaria.

Despois, dentro da área xurídica, o Imelga, os forenses tamén teñen que, por suposto —non ía dicir—, saber o que teñen que facer —que eu creo que si que o saben—, pero máis ben saber como o teñen que facer, e saber que estes teñen que ser asuntos absolutamente prioritarios dentro do moito traballo que somos conscientes que teñen, dentro de moitas cuestións e situacións delicadas que se suscitan. Todo o que teña que ver con agresións sexuais demanda e fai necesario que haxa unha especial dilixencia e unha especial rapidez á hora de facer todo este traballo, dende a primeira intervención do médico forense ata todo o proceso que se abre no ámbito xudicial dende que o forense fai a súa primeira avaliación.

E, por suposto, na área social tamén, que está implicada neste protocolo. Moitas veces mulleres que sofren violencia machista, que poden ter sufrido unha agresión sexual e que non a denunciaron, si que acoden aos servizos sociais en demanda doutro tipo de prestacións. E, polo tanto, os profesionais dos servizos sociais teñen que ter a preparación necesaria e tamén as instrucións precisas para saber o que teñen que facer cando teñan sospeitas fundadas ou constaten que, polos datos que subministra a muller que vai aos servizos, polas cousas que poden estar vendo e deducindo, é posible que se estea producindo ou que se producira unha agresión sexual. E, polo tanto, non poden, por suposto, mirar para outro lado, teñen que actuar e ser proactivos para a partir de aí que se empece o proceso correspondente para que se produza unha denuncia e, dende logo, para axudar en todo o que sexa necesario a esas mulleres. Niso consiste este protocolo, que non é nada fácil, que non se fixo durante moito

tempo nin se fai na maioría das administracións e outras comunidades autónomas. E, polo tanto, a nosa obriga é que funcione e que funcione canto antes.

E, no tempo que me queda, tamén incidir —porque creo que é moi importante, vostede fíxoo tamén— na necesidade de, unha vez que estamos de acordo en que violencia machista e agresión sexual teñen que ser cousas coincidentes, volver facer fincapé, porque é preocupante o aumento de situacións nas idades máis temperás, na xente máis nova, en todo o que sexa prevención e en todo o que sexa reacción na xente nova fronte a agresións sexuais e fronte a violencias machistas que se producen.

Sabe vostede que estamos a punto de poñer en funcionamento unha aplicación dispoñible para instalar en calquera teléfono móbil —xa a hai fronte á violencia de xénero, pero non a hai fronte a agresións sexuais— que lle facilite a calquera persoa, a calquera muller, que inmediatamente teña unha listaxe de recursos aos que poida acudir cando se vexa nesta situación e, sobre todo, que poida reaccionar rapidamente e poida cos botóns de emerxencia inmediatamente demandar auxilio e que quen estea collendo esa chamada saiba que esa chamada se está producindo porque se está producindo unha agresión sexual. Iso estará en vigor en pouco tempo e cremos que é unha boa axuda.

Non vou repetir o decálogo. Vostede dicíao. Creo que é un logro importante sobre o decálogo que se está repartindo nos festivais de música, esa campaña «Agresión off». Estou de acordo, porque eu tamén estiven nalgún concerto onde estaban instalados xa estes *stands* da Xunta de Galicia, en que teñen que ser máis visibles. Hai que facer moito máis, pero creo que todo é empezar. E creo que ese decálogo, onde se pon o foco, sen ningunha dúbida, no agresor e, dende logo, se deixa claro que en ningún caso a muller é outra cousa que unha agredida que debe denunciar, creo que é fundamental. Por aí empezamos. E xa digo: benvidas sexan todas as propostas para mellorar unha iniciativa que empezou este ano pero que se ten que desenvolver moitísimo máis, e oxalá que cunda o exemplo.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Antes de pasar ao punto oitavo da orde do día, que é o de preguntas ao Goberno —ben, ao mellor xa o coñecen os deputados e as deputadas—, hai un teletipo de naufraxio dun buque pesqueiro con base en Vigo, no que faleceu un tripulante e vinte e cinco foron rescatados con vida, e hai un desaparecido; isto ocorreu na rexión da Patagonia. Polo tanto, desde aquí a nosa solidariedade a todos os familiares.

E agora si, pasamos ás preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa catástrofe ocasionada pola explosión de material pirotécnico no lugar de Paramos, no concello de Tui

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde, señor Rueda.

O pasado 23 de maio produciuse a traxedia no lugar de Paramos, no concello de Tui, coa explosión dese material pirotécnico almacenado de xeito totalmente irregular, e traxedia que levou por diante a vida de 2 persoas, 37 persoas feridas, innumerables danos, 31 vivendas totalmente destruídas, arredor de 86 coa estrutura moi danada. En total, 311 vivendas con algún nivel de afectación; 66 vehículos afectados, empresas... A situación require actuacións áxiles, efectivas e resolutivas, e as persoas afectadas dinnos continuamente que non queren tirar ningún beneficio da catástrofe, mais tampouco saíren prexudicadas dunha situación da que non son, en absoluto, responsábeis. Tan só demandan recuperar as súas vidas, volver a un mínimo de normalidade.

Os veciños e veciñas están sufrindo, queren solucións, queren xustiza, reparación do dano causado. Pasados 49 días da catástrofe perciben que a xestión que se está a realizar non é suficiente, nin eficiente, nin áxil. Teñen sensación de abandono e empezan a temer que todo empece a dilatarse no tempo e que as axudas non van ser suficientes.

¿Que demandan os veciños? Pois ampliación da orde de axudas. Queren que cubran o cen por cento dos danos das vivendas; que non teñan que pagar do seu peto o 25 % do custo das súas vivendas, pois as axudas que vostedes puxeron en marcha soamente cobren, como moito, 109.000 euros no caso de que sexa a súa vivenda habitual; 43.600 no caso de que sexa segunda residencia. No caso dos enxovais, como máximo 16.373 euros, ou 5.400 no caso de segunda vivenda. Consideran que é insuficiente e que deben ampliarse esas axudas.

Solicitan que se establezan mecanismos de simplificación das axudas e que sexa a Xunta a que busque a documentación a través dos rexistros da propiedade ou do catastro, que pode a Xunta perfectamente.

Outra das preocupacións son os labores de desentullo, que queren que sexa integral, organizado e áxil.

Demandan atención psicolóxica próxima, profesional, continuada, no centro de saúde de Tui. A situación de Paramos é unha situación de emerxencia social que precisa unha atención urxente e no centro de saúde.

Demandan unha rehabilitación urbanística integral e global da zona. Demandan a exención do tramo galego do IRPF.

Estas actuacións que lle estou a nomear, señor Rueda, son competencias do ámbito da Xunta de Galicia. Esta mañá estiveron aquí veciños e veciñas de Paramos buscando que deste Parlamento saíra un acordo, unha votación a favor dunha iniciativa que fose favorable a este tipo de demandas, e encontráronse co voto contrario do Partido Popular, que considera que cunha orde de axudas destinada exclusivamente a vivendas e a enxoval era suficiente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado, terminou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: Co cal, o que lle pregunto, señor Rueda... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

Señora Prado, terminou o tempo. Xa terminou o tempo. Grazas, xa está. Grazas. *(Aplausos.)*

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, eu alégrome moitísimo de que fagan estas preguntas ao Goberno sobre as axudas aos veciños de Tui, porque nos dá pé para poder explicar como van as cousas, e está ben que discutamos as axudas. ¿Sabe por que podemos discutir as axudas? Porque as axudas existen. Agora lle falarei de como están os datos. Non teñen exactamente todos os datos. Para ter os datos hai que sacar as axudas e poder despois manexalas e saber quen está pedindo e que se está pagando. Pero bueno, é lóxico, vostede non o ten, e nese sentido pode cometer algún erro.

Pero hai axudas, e, polo tanto, se hai axudas, á xente estáselle asistindo. Claro, se vostede dun plumazo colle e di: non, porque isto é unha competencia da Xunta de Galicia. ¡Por suposto! Por iso agora mesmo, coas que se van publicar mañá do DOG cumprindo o compromiso, o máis urxente era todo o que tiña que ver coa falta de vivenda, con xente que de repente quedou sen casa onde vivir, dábaselles unha axuda para o alugueiro, intentaban empezar a reconstruír as súas vivendas, necesitaban que a Xunta puidese pagar as peritaxes para, a partir de aí, saber os danos que hai e poder reparalos. Todo iso xa se fixo dende o primeiro momento, pero o que vai saír mañá publicado no DOG son case 8.500.000 euros. ¿Por que? Porque é a nosa obriga, é a nosa competencia.

Se vostede chega aquí e volve dicir que isto é competencia da Xunta de Galicia, ergo non é competencia de ninguén máis... A deputación pódeo facer. A promoción turística está moi ben, pode facer carrís bici e están moi ben, pode colaborar para que haxa unha escola de idiomas e está moi ben, pero en cambio non pode poñer un euro para axudar á xente que quedou sen casa.

Se vostedes seguen mantendo isto como un dogma de fe, esa xente non estará nunca dabondo asistida, porque dixemos dende o principio que, ademais do esforzo da Xunta de Galicia, que —insisto— é de 8.500.000 euros, necesitaban a axuda doutras administracións. E vostede non sei se fai a pregunta para que os veciños teñan máis axudas ou simplemente para lavarlles a cara a outras administracións que deciden dende o principio que isto non era cousa súa, e alí a xente que se compoña.

Se non lles chega o cen por cento das axudas da Xunta de Galicia, que a Xunta poña máis cartos, pero de nós que non esperen absolutamente nada. Iso é o que están facendo outras

administracións. E vólvollo dicir, porque o que lles interesa aos veciños que nos están escoitando e que mañá lerán o que aquí se dixo é que se lles axude efectivamente.

Fomos sinceros e transparentes dende o principio. Os danos son moitos e necesítase que todas as administracións se impliquen. Eu non pido que se impliquen como a Xunta de Galicia, pero pido que se impliquen algo como representantes do Goberno galego. E se vostede me di que teñen que chegar ao cen por cento e a Xunta de Galicia só cubre o 80, joia! mire que fácil será que entre outras dúas administracións nos axuden a cubrir o cen por cento. Creo que iso é o elemental. Creo que iso o entende todo o mundo. O que é imposible de entender é que vostede siga dicindo que non teñen por que axudar outras administracións porque non é a súa competencia.

Na súa réplica dareille datos do que está pedido ata o de agora, de veciños que xa cobraron, de como son os trámites, das dificultades coas que vostede di que se están atopando. Algúns non o manifestan, e corrixímolos, e outras non son tantas, nin moito menos. Sobre todo as que teñen que ver con documentación.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): E se me fala dalgunha testemuña concreta, fáleme da xente que non chega porque doutras administracións non queren axudar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente. Grazas, terminou o seu tempo.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Teño que lembrarlle ao señor Rueda que esta é a sesión de control á Xunta de Galicia. Na sesión de control da deputación, fará o control quen teña que facelo. E eu o que lle pido é que vostede cumpra co cen por cento das competencias da Xunta de Galiza.

A xestión da Xunta de Galiza na catástrofe de Paramos dista moito de ser exemplar. Vostede pon o ventilador para instalar o relato de que todas as administracións teñen as mesmas responsabilidades, a partes iguais e na mesma medida, estratexia premeditada para confundir e para ocultar a falla de compromiso das obrigas da Xunta para cos veciños de Paramos.

O Goberno galego non está levando a cabo unha actuación á altura da magnitude da catástrofe acaecida en Paramos. Non activou os recursos humanos e materiais precisos para que as persoas afectadas poidan recuperar as súas vidas canto antes. As ordes de axuda destinadas non cobren as necesidades precisas, as de competencia súa, e hoxe pola mañá volveron votar aquí en contra de que se ampliaran. As axudas que van quitando por capítulos son para favorecer a súa estratexia de comunicación, non as necesidades dos veciños e das veciñas.

Negan a atención psicolóxica próxima que necesitan no Centro de Saúde de Tui; négana simplemente por unha falta de sensibilidade total. A información que nos trasladan desde a plataforma de afectados é que hai 35 familias apuntadas para recibir esa asistencia psicolóxica. ¿Que nos di o Colexio de Psicólogos a través da súa decana? Que só se fixo atención de emerxencia os días 24 e 26 de maio. Que na atención a través de Atención Primaria, coa derivación ao Álvaro Cunqueiro, hai un só psicólogo clínico no Álvaro Cunqueiro. Que hai lista de espera e demora de meses. Que non se está atendendo tal e como necesitan estas persoas. Que os nenos orfos só contaron con atención psicolóxica mentres estiveron hospitalizados, e que non contaron con máis asistencia psicolóxica. Que precisan atención psicolóxica inmediata, específica, e vostedes estánllela negando por unha simple cuestión de insensibilidade. Que vostedes non se teñen implicado no proceso de desentullo... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Grazas. Terminou o seu tempo. Grazas.

Peche desta pregunta, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, con todo o respecto, que vostede se atreva a dicir que mañá van saír axudas para establecementos comerciais, que aínda se están peritando os danos en cultivos, para todo o que non saíu cuberto na primeira semana, que foi cando sacamos as axudas, é que iso responde a unha estratexia de comunicación e estratexia política, de verdade, dunha baixeza política, permítame que llo diga, por parte dunha persoa que ao mesmo tempo está bendicindo que outras administracións miren para outro lado porque di que non teñen por que ocuparse destas persoas que non teñen casa, que a retrata perfectamente, señora Prado. *(Aplausos.)* Retrátala perfectamente, e eu laméntoo moitísimo.

Mire, o presidente Feijóo vai estar — como sabe vostede, como saben todos vostedes — a semana que vén co presidente Sánchez, e saben que nestas primeiras visitas hai que seleccionar moito os temas. Un dos temas fundamentais que leva é precisamente a necesidade de implicación de todas as administracións, igual que o fixo o Xunta de Galicia. Isto por suposto que é unha sesión de control á Xunta de Galicia, pero tamén o outro día na Deputación de Pontevedra foron os afectados e vostedes fixeron todo o posible, o partido que goberna na deputación, que é o seu, para que esa xente non puidera falar, e en canto puido falar, o que fixo foi demandar axudas, levar unha gran sorpresa e xa non podían falar. E non tiñan nada que dicir porque non hai por que axudarlles. E hai que axudarlles, señora Prado. Se nós non o queremos facer aquí, estaríamos absolutamente satisfeitos se vostedes simplemente complementaran aquilo ao que a Xunta non pode chegar, porque manexamos recursos públicos e estamos cubrindo o 80 % dos danos.

Mire, xa son 51 solicitudes; 19 presentáronas na última semana. Estou falando de danos en vivenda. Resolución favorable de 27, máis de 500.000 euros. Hai dez persoas que solicitaban o pago anticipado e xa o teñen, case 100.000 euros. Estamos facendo exacta-

mente aquilo que a xente demanda porque é o que a xente necesita. ¿Que podía ser un pouco máis? Si, si, por suposto, podía ser un pouco máis se o resto das administracións axudaran. O outro día o delegado do Goberno dicía que xa lle mandara —¡aleluia!, un mes despois, máis dun mes despois— o expediente ao Goberno central, ao seu propio Goberno, para ver se xa empezaban a considerar que había que declarar a situación de emerxencia. ¡Xa vai sendo hora!, ¡xa vai sendo hora! Xa digo que o presidente Feijóo llo pedirá e lle insistirá ao presidente Sánchez na próxima reunión, seleccionando uns poucos temas, e este é importantísimo, para que así o faga. E espero que o faga tamén, e non ten ningunha razón de ser que a deputación non se implique nisto. Non hai ningunha razón de ser para que o desentullo o estea a facer agora mesmo, coas máquinas que ten a deputación, o Concello de Tui cos seus propios fondos porque ninguén máis lle axuda á parte da Xunta de Galicia, que lle está axudando na valoración dos danos, nas axudas, e lle axudará tamén no desentullo se é preciso. E se vostedes seguen dicindo que está moi ben facer moitas cousas por aí, pero que axudar á xente que non ten casa non é obriga de ningunha administración na que vostedes gobernen, esa xente o que ten que facer é botarlles as culpas —que é o que está facendo agora mesmo vostede, señora Prado— ás administracións que non gobernan.

Así non se soluciona nada. Así non se lle solucionan os problemas á xente. Non verá á Xunta de Galicia nesta situación. Lamento moitísimo que vostede aquí só vexa política, só vexa rédito electoral, e na miña opinión... *(O señor Rueda Valenzuela pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu turno. Grazas.

Pregunta de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero e dar a coñecer no ámbito educativo a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Ángeles Cuña, do Grupo Parlamentario de En Marea.

Cando queira.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Señor conselleiro de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, temos leis, e do que imos falar agora é da implementación da Lei 2/2014, do 14 de abril. Dende logo, ter leis o único que fai é facilitar as cousas, pero as leis é necesario implementalas. E, dende logo, o dereito a ser é un dereito fundamental e non escusable. Leis como o principio de Yakarta, a Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea, a Resolución do Parlamento Europeo sobre homofobia e transfobia, a Resolución do Consello da ONU.

Temos tamén conciencia e vontade de ser. Valoremos a calidade e a implementación lexislativa. Aí detectamos bastante inmovilismo. Vostede, seguramente, vai facer unha relación de todas as actividades desenvolvidas. Seguro que agora está comezando. Pero, despois de catro anos de creación da lei, temos por unha banda un informe, falouse xa esta mañá do tal informe. Un informe que é máis descritivo que analítico; un informe que é un corta e pega; un informe que é un pouco falta de respecto á xente que o pode ler. Son 100 páxinas, poderían ser 500, pero comeza realmente na páxina 36, como ben dixo esta mañá o meu compañeiro Marcos Cal e tamén outras persoas que faláron moi ben, que dixeron que era un informe feito ás carreiras.

Nós cremos que na vulneración dos dereitos a ser, a comunidade LGTBI máis afectada e máis vulnerable é a dos nenos, nenas e adolescentes. Realmente, por moi fortes que sexan, a anguria que provoca o acoso, o ciberacoso, a violencia, as agresións psíquicas e físicas é terrible.

Vostedes fixeron un documento que realmente está moi ben, xunto cunha asociación, Arelas, que é o protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida. Sabemos que hai un índice de suicidios altísimo, por iso consideramos que esta deba ser unha prioridade para calquera Goberno, e máis para o seu. A pregunta que traemos hoxe aquí é que fixeron, realmente, neste tempo, porque non cremos que dúas materias de libre configuración, non cremos que soamente intervir en terceiro da ESO, non cremos que cursos de formación do profesorado, nin de nove nin de vinte horas, abonden. Cremos que, por exemplo, nos contratos-programa soamente houbo 230 centros, de 1.100, que se acolleron aos contratos-programa de convivencia...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Cuña.

A señora CÚÑA BÓVEDA: ... e promoción da igualdade. A nós parécenos moi pouco.

Queremos saber a súa valoración, xa que non hai datos oficiais.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Cuña.

Para a resposta ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas.

Señora Cuña, vostede sabe, porque o temos repetido en moitas ocasións, que un bo sistema educativo ten que educar fundamentalmente en dúas variables: ten que educar en valores a sociedade do futuro e ten tamén que educar en coñecementos, en destrezas e habilidades; e para nós están practicamente á par ambas cuestións.

Para nós é moi importante educar as novas xeracións en valores, e dentro dos valores que fan que unha sociedade sexa máis xusta, máis igualitaria, en certa medida mellor para o fu-

turo, está a igualdade. Obviamente, levamos tempo traballando nesta liña e creo que se ten avanzado moitísimo. Queda moito camiño por andar, sen dúbida, pero se vostede bota a vista atrás e ve a situación de hai catro ou cinco anos, verá que hai un cambio radical, tremendamente importante, neste ámbito, no que atinxe á formación en valores no eido educativo.

Realmente, a pregunta que fai eu non sei se é repetitiva ou é para cubrir o expediente — permítame a expresión —, porque hoxe á mañá falouse neste Parlamento, pero hai uns días trasladouse a este Parlamento un informe moi completo da aplicación da Lei 2/2014, sobre a igualdade de trato e non discriminación do colectivo LGTBI, e vostede sabe perfectamente tamén que a semana pasada houbo dúas comisións, a Comisión 4ª, onde participou o director xeral de Educación, e a Comisión 5ª, onde participou a secretaria xeral de Igualdade, practicamente respondendo ao que eu lle vou responder agora, que, obviamente, é un relatorio de actividades, de eventos, de fitos, que demostran que este goberno ten unha preocupación moi importante por transmitir, neste caso, o valor da igualdade ás xeracións actuais, xa que entendemos que iso é positivo para as xeracións do futuro; é dicir, para os galegos e para as galegas de mañá.

Obviamente, eu tamén a entendo a vostede. É moito máis fácil dicir que non hai nada, que é todo un desastre, incluso case menosprezar unha serie de datos que son tremendamente importantes se os evaluara sen o perfil ou sen o tapete ideolóxico-político, pero, certamente, vostede sabe coma min que Galicia, neste ámbito, ten desenvolto e ten feito un esforzo moi notable.

Fomos a primeira comunidade autónoma de España en ter unha lei específica, exclusiva, contra a discriminación do colectivo LGTBI. Iso sábeo vostede perfectamente. É unha lei que ten fundamentalmente un valor: evitar que haxa discriminación ou que haxa diferente trato de dereitos ás persoas en función das súa orientación sexual, absolutamente lexítima e que cada persoa decide; e que sexa de forma natural, que sexa, unha loita contra a discriminación de carácter natural, que non haxa ningún tipo de impostura.

E dende o punto de vista educativo son moi importantes tanto as accións específicas e concretas que se están desenvolvendo como o carácter transversal da translación dos valores da igualdade...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): González): Estou seguro de que na segunda intervención lle poderei concretar máis datos, para a súa tranquilidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Ten a palabra, para a réplica, a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: O tema de cubrir o expediente, perdoe, pero non é moi respectuoso, para nada. ¿É cubrir o expediente falar de nenos e nenas, de mozos e mozas, que viven entre

sombras? O nivel de suicidio non é unha broma, nin se pode chacear, nin se pode utilizar, dende ningún punto de vista.

Dicía un rapaz, un neno, o último neno do que temos coñecemento que se suicidou este ano, que hai que pasar momentos moi malos. Os momentos que pasan son terribles. Claro que hai que educar en valores. Claro que se pode facer transversal. Claro que se pode facer en todos os niveis do ensino. Claro que non é tan difícil. Hai que ter recursos humanos, técnicos, económicos, naturalmente. Hai vontade por parte de moitísimos docentes. Pódese traballar dende as titorías, pódese traballar en todas as materias. Hai que sensibilizar a poboación.

Vostede pode estar satisfeito de todo o que están facendo, eu creo que é insuficiente. Tamén dixó, ¡menos mal!, que hai moitísimo por facer.

Fomos lei pioneira, si. ¿Sabem en que ránking estamos agora? Na novena en catro anos. Malta está no primeiro lugar, porque hai países que de verdade implementan a lei, países que de verdade fan campañas amplas, extensas. Entón, contemos con todos os recursos que temos humanamente, departamentos de orientación, titorías, todo o profesorado; pero ao profesorado hai que formalo para que teña ferramentas e para que esas ferramentas realmente sensibilicen a nivel social, porque unha lei non dá transformación social. Que hoxe en día nas escolas sexa máis doado atopar un panfleto transfóbico como os de Hazte oír e non programas de sensibilización, dá mostra do que queda por facer.

Desde En Marea nós apostamos por unha escola como espazo de transformación social real. Por favor, señor conselleiro, ete é un tema que debера ser prioritario. Despreguen todas as ferramentas á súa disposición para paliar o absentismo...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...e a lacra do abandono e do suicidio. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Ten a palabra, para a réplica, o conselleiro de Cultura.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señora Cuña, non se pode estar nunca satisfeito na loita contra a violencia, contra a falta de respecto ás persoas e contra a discriminación por razón de xénero. Nunca se pode estar satisfeito. Eu non o estou nin este goberno o está.

Agora, non recoñecer que se ten feito un avance moi significativo nos últimos anos respecto a hoxe é faltar á verdade. Eu creo que lle vou dar datos e facer un relatorio dunha serie de liñas de traballo onde vostede se dará conta de que se leva feito moitísimo e que aínda queda moito por facer.

Vostede citou, sen ir máis lonxe, un protocolo que se aprobou en 2016. Fomos a primeira comunidade autónoma que o fixo, e estase aplicando. E nalgúns casos —eu coñezo algúns—, en moitos, estase aplicando. Naqueles casos onde é necesario, ás veces en situacións fami-

liares e sociais tremendamente duras, hai unha ferramenta que apoia os docentes e que apoia as familias para encauzar unha situación moi complexa, moi difícil e moi dura, pero temos un protocolo que está encauzando esta situación.

Fomos tamén unha das primeiras comunidades autónomas que tivemos un plan de actuación para a igualdade nos centros educativos. Tivemos unha serie de accións que se están implementando. ¿Para que? Para garantir o cumprimento de principios como pode ser a igualdade, como pode ser o respecto no exercicio da liberdade de xénero, algo tamén moi importante.

Fomos a primeira comunidade autónoma de España que puxo en marcha unha asignatura de libre configuración na ESO que é igualdade de xénero, e este ano acabamos de presentar non hai moitas datas unha nova asignatura para bacharelato que se denomina Coeducación para o século XXI, para cubrir o espectro. Temos un ciclo superior de formación profesional en Promoción da igualdade de xénero, na Xunqueira II, que moitas comunidades autónomas non teñen. E todos os anos fanse campañas de sensibilización, como vostedes saben perfectamente.

E tamén lle vou dicir outras cuestións. Con relación aos contratos-programa, sorpréndeme que vostede diga que 203 centros educativos son moi poucos, porque son realmente moi importantes.

E en formación, este ano...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...—remato, señoría— hai un plan específico de formación en igualdade e o ano pasado formáronse 11.412 profesores en igualdade de xénero.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Eu creo que os datos falan por si sos da preocupación deste goberno por un valor fundamental...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Rematou o seu tempo. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): González): ...como é a igualdade de xénero.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Continuamos coa orde do día.

Pregunta de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. Parlamentario de En Marea, sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar as Directrices de paisaxe no prazo comprometido

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Boas tardes, señora conselleira.

Non sei como candidata á Alcaldía da Coruña polo Partido Popular, pero como conselleira de Medio Ambiente vostede está desaparecida. Cando hai algunha agresión ao medio ambiente, vostede nunca está nin se lle espera.

Un dos instrumentos operativos da Lei da paisaxe aprobada en 2008 son as Directrices da paisaxe, que deben establecer os obxectivos de calidade por cada unidade do catálogo das paisaxes.

As directrices teñen dous obxectivos. Un, fixar os indicadores de calidade paisaxística para o control e seguimento do estado e evolución das unidades da paisaxe. E dous, fixar normas e recomendacións para a integración dos obxectivos de calidade paisaxística nos plans urbanísticos e sectoriais, así como nas estratexias rexionais e locais; por exemplo, como o Plan sectorial eólico.

Esta lei de protección da paisaxe aprobouse hai dez anos. A Xunta de Galicia non se deu moita présa no seu desenvolvemento; non tivo nin ten ningunha présa.

O Consello da Xunta aprobou o 12 de decembro de 2016 o inicio do trámite ambiental das Directrices da paisaxe. Nese momento, o señor Feijóo declarou que as directrices serían aprobadas en 2017, facendo fincapé en que as directrices da paisaxe son un deber legal. Rematou 2017, xa pasamos o ecuador de 2018, e as Directrices da paisaxe, promesa e obriga-ción, seguen sen estar aprobadas.

Eficacia, eficiencia e rápida resposta son os atributos cos que lle gusta ao presidente adornar o seu goberno dos bos xestores. E vostede pertence á flor e nata dos bos xestores do presidente Feijóo, señora Mato. E como mostra da súa eficacia, eficiencia e rápida resposta, dez anos despois da aprobación da Lei da paisaxe seguimos sen Directrices da paisaxe. Un ano e medio despois do inicio do trámite ambiental, seguimos sen as Directrices da paisaxe. E medio ano despois da promesa do señor Feijóo do prazo de 2017 seguimos agardando. Esta promesa segue, como moitas outras do señor Feijóo, no caixón. E esta lentitude en aprobar as Directrices da paisaxe tradúcese en desprotección da nosa paisaxe e dos bens naturais.

A súa falta de iniciativa non é inocente, é cómplice, non fan e deixan facer, non protexen e deixan destruír a nosa paisaxe. Neste momento, casualmente, señora conselleira, desenvólvese unha auténtica avalancha de proxectos de parques eólicos que se están tramitando sen estar aprobadas as directrices da paisaxe, cuestión que incide nunha menor garantía ambiental e paisaxística, señora conselleira, e isto tampouco é inocente. Vostedes están a traballar para as grandes eléctricas que están desenvolvendo estes parques eólicos, que terían unhas exixencias máis altas de estar aprobadas estas directrices da paisaxe.

Por iso, señora conselleira, ¿en que data se van aprobar as Directrices da paisaxe? ¿Cando van cumprir esa promesa? ¿Por que non establece unha moratoria na aprobación de parques eólicos á espera da aprobación das Directrices da paisaxe, e así se poderán aprobar os parques eólicos con todas as garantías? E diga se vai facer algo para paralizar a agresión á paisaxe que se dá nestes momentos. ¿Vainos dar unha data ou vai pedir unha prórroga, señora conselleira? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Sánchez.

Para responder, ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación Territorial.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas.

Pois como dicía vostede moi ben, efectivamente, hai dez anos desta lei, e despois deses dez anos leva nove anos este goberno implementando un novo modelo urbanístico e, efectivamente, loitando pola protección da paisaxe con todas as figuras e os instrumentos que temos no noso haber, desenvolvidos única e exclusivamente por ese goberno. Entre elas, efectivamente, as Directrices das paisaxes, que é unha obriga legal, aínda que nós tamén entendemos que é unha obriga colectiva da sociedade.

Son tamén o resultado dun traballo intenso que se ten desenvolvido; un traballo de investigación que foi necesario para elaborar os catálogos da paisaxe. As directrices, ademais, permitíranos establecer uns obxectivos de calidade de cada unha desas unidades da paisaxe e garantir unha mellor protección de todas elas.

Nesta consellería temos o firme convencemento de que son un instrumento que é fundamental para a protección da nosa paisaxe, e ese é o obxectivo co que estamos a traballar na súa elaboración nestes últimos meses.

Dicía vostede, e dicíao moi ben, que foi en decembro do ano 2016 cando remitimos ao Consello da Xunta este borrador, e automaticamente, despois de remitilo ao Consello da Xunta, fíxose o acordo do inicio de trámite de avaliación ambiental. Trámite que, por certo, rematou en maio de 2017, é dicir, hai máis dun ano. Nesa data recibimos o Informe ambiental estratéxico, que resolvía non someter o documento ao proceso de avaliación ambiental estratéxica. Este informe recomendaba, ademais, incorporar as directrices consideracións como, por exemplo, recoller a súa aplicación para instrumentos de planificación sectorial e urbanística e mesmo fixar valores de referencia para indicadores de seguimento.

Seguimos coa tramitación de directrices, incorporando recomendacións fixadas por ese informe, escoitando a todas as partes interesadas —isto é importante, señor Sánchez— e elaborando o documento completo das Directrices da paisaxe. Non estivemos parados en ningún momento, posto que tivemos máis de 15 reunións cos departamentos da Xunta de Galicia, con Urbanismo, Enerxía, Medio Rural, Pesca e Acuicultura, Patrimonio Cultural, Infraestruturas ou Vivenda. Froito destes encontros introducimos modificacións a ese documento de

directrices. Pero tamén seguimos falando coa Cámara Oficial Mineira, con todas as asociacións do sector forestal e con todos aqueles que estean implicados neste documento.

En todos estes meses traballamos intensamente para obter un documento o máis completo posible, que teña en conta todos os puntos de vista e compatibilice a protección e a mellora da paisaxe co desenvolvemento socioeconómico da nosa comunidade. Lamentablemente non se cumpriron —é verdade, señor Sánchez— as nosas expectativas temporais. Prefiro que sexa así para poder contar cun bo documento, cun documento que sexa de calidade, e non cun mal documento pero que teña cumprido o tempo.

Queremos dotar Galicia e implantar unha nova cultura paisaxística para lograr a integración dos proxectos e a paisaxe, e creo firmemente que estamos no bo camiño. Por suposto, en relación cos parques eólicos, tentar deixar aquí, enriba da mesa, que por iso non hai informes de integración paisaxística, que son preceptivos e absolutamente necesarios...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Mato.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...para cada un dos parques, non é o máis axeitado.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para a réplica, ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora conselleira, vostede acaba de recoñecer o incumprimento dos prazos para a aprobación das Directrices da paisaxe. En cambio, vostedes foron moi veloces para aprobar a Lei de iniciativas empresariais, coñecida como lei de depredación, que aprobaron aquí en tres meses. Para iso si que vostedes son moi rápidos; son os máis rápidos do oeste peninsular. Cando se trata, en cambio, de fixar garantías, vostedes deixan facer, e isto, evidentemente, beneficia a instalación de proxectos de parques eólicos que agriden gravemente a nosa paisaxe.

Cando vostede contestou que, a pesar de non estar as Directrices da paisaxe aprobadas, hai que facer estudos que teñan en conta o impacto paisaxístico, ¿vostede que está a dicir? ¿Que é o mesmo que haxa directrices da paisaxe aprobadas que non? ¿Son inútiles como instrumento, entón? Se se fan coas mesmas garantías habendo directrices ou non, son un instrumento inútil, e nós cremos que non é inútil, precisamente as empresas están aproveitando e vostedes están indo a feitos consumados para que se instalen ou se autoricen ou se tramiten estes parques, e cando xa se aproben as directrices da paisaxe se aplique a irretroactividade que lle pediron as empresas eléctricas cando foi a fase de exposición pública, que teño aquí as alegacións das empresas do sector eólico e de Gas Natural Fenosa, que pedían unha serie de cuestións que casualmente se están a cumprir. É dicir, os mesmo argumentos que vostede está dicindo aquí: que non tiñan por que cumprir coas directrices da paisaxe porque realmente xa había instrumentos como o plan sectorial que tiñan en conta as cuestións paisaxísticas.

É evidente que, mentres vostedes están atrasando a aprobación das Directrices da paisaxe, estanse a tramitar parques como o de Pena Forcada, en Laxe, que están afectando a unha zona en Cabana de Bergantiños, en Laxe e en Zas a tres comarcas de alto valor paisaxístico, e á gran área paisaxística de chairas e fosas occidentais, e iso estase facendo sen as garantías que daría a aprobación das Directrices da paisaxe.

Están vostedes sendo cómplices das eléctricas e están permitindo as agresións paisaxísticas neste país ou ben pola súa incompetencia ou ben pola súa conivencia. Unha de dúas, vostedes prometeron en 2016 ter aprobadas en 2017...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...as Directrices da paisaxe e non cumpriron, e diso estanse aproveitando as empresas eólicas e tamén, en moitos casos, as empresas mineiras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Sánchez.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Eu creo que Galicia conta con ferramentas máis que suficientes para cumprir e facer cumprir a lexislación en materia medioambiental e, evidentemente, tamén en materia paisaxística, e unha delas é precisamente aportar un informe de impacto e integración paisaxística en todos aqueles proxectos que así o teñan. Iso non significa que no desenvolvemento dunha lei de hai dez anos —efectivamente levamos nove no Goberno traballando arreo pola mellora do modelo urbanístico da nosa comunidade autónoma—, mesmo tamén para a implantación das Directrices de ordenación do territorio, que hoxe é unha realidade, ou mesmo o Plan de ordenación do litoral, que é unha realidade grazas a este goberno, efectivamente, a partir da aprobación das directrices Galicia contará con ese atlas paisaxístico, máis alá do catálogo. Nas Directrices das paisaxes estamos actualmente traballando, señor Sánchez, e a vostede debería de importarlle que se traballe e que se traballe ben, e que recollan todas as alegacións e todas as inquiredanzas de todos os departamentos, non só da Xunta de Galicia, senón de todos os sectores, e cantas máis opinións se teñan, moitísimo mellor, porque, efectivamente, iso é o que vai dotar a Galicia dunhas directrices serias e dunhas directrices rigorosas.

Estamos dando forma a ese documento, debatido, como digo, con todos os interesados. Estamos comprometidos en desenvolver un urbanismo responsable e sustentable, que se manteña no tempo. As Directrices da paisaxe concordan, efectivamente, con este obxectivo, polo que o documento final debe recoller todas as achegas que sexan necesarias para que sexa un documento de calidade, señor Sánchez.

Queremos facer o traballo ben feito, co tempo que, efectivamente, estamos necesitado. Queremos facer un traballo que non estea condicionado no tempo, insisto, un traballo de

calidade, e por esta mesma razón o documento das directrices foi analizado polos distintos departamentos da Xunta de Galicia, e isto non se fai, evidentemente, nin nun día nin nun mes, e tamén foi analizado polos distintos sectores afectados.

Este proceso, dende a nosa perspectiva, é absolutamente imprescindible. Ademais, unha vez aprobadas as directrices incorporaranse axeitadamente na xestión de todos os plans, dos programas e de todos os proxectos sectoriais, e tamén nos instrumentos de planeamento urbanístico.

O resultado de todas estas reunións e encontros mantidos con todos estes organismos, colectivos e axentes son e están sendo incorporados a este documento que temos pensado rematar en setembro. En setembro temos pensado que este documento sexa xa unha realidade, estea pechado e comece xa a súa tramitación.

Iso si, quero clarear e que quede meridianamente claro que este instrumento, aínda que non estea aprobado, non quere dicir que os proxectos que se leven adiante na nosa comunidade. sexa de parques eólicos ou sexa do que sexa, non pasen ningún filtro ou estean a incumprir a lexislación vixente. Todo o contrario, están sometidos a avaliación ambiental nun proceso no que emitimos o correspondente informe de impacto e integración paisaxística, e en canto estean aprobadas as directrices, esta ferramenta...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Mato.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...complementará todas as ferramentas e todos os instrumentos cos que Galicia contará para protexer a nosa paisaxe.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Mato.

Continuamos coa orde do día.

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto do impacto ambiental que está a ter a carencia de estación depuradora de augas residuais no lugar de San Miguel de Reinante, no concello de Barreiros

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señora conselleira, señora Mato.

Unha das colaboracións máis importantes que a Administración autonómica debe ter coas administracións locais é o apoio á planificación, execución e financiamento das infraestruturas hidráulicas de abastecemento, saneamento e depuración.

Esta colaboración supón unha importante axuda ao desenvolvemento das competencias municipais sobre a prestación do servizo de abastecemento, saneamento e depuración por parte dos concellos, que en moitos casos necesitan de cuantiosos investimentos dificilmente aborables polas tesourerías municipais. O ámbito de aplicación deste tipo de colaboracións esténdese a todos os concellos galegos.

Non é que eu me puxera particularmente creativo para este texto que acabo de ler, senón que simplemente figura na páxina web de Augas de Galicia. Polo tanto, concordamos e entendemos que o Goberno está de acordo con isto que figura na súa propia páxina web ou nunha das súas páxinas web.

Non lle vou falar de Coruña, é algo orixinal, voulle falar de Barreiros. O Concello de Barreiros, na costa de Lugo, é un concello ademais que —como vostede sabe, estou seguro de que o sabe— ten zonas de especial protección: zona CEP, CIP e de Rede Natura, e ten un impacto importante por un problema severo de depuración.

No ano 2016 este concello tivo que pechar por primeira vez ao baño cen metros nunha das praias por un problema de falta de depuración dunha das depuradoras, a de San Miguel de Reinante, que se ve desbordada en épocas estivais porque non ten capacidade para depurar todos os residuos que alí chegan como consecuencia do incremento de poboación, posto que está deseñada aproximadamente para uns 500 veciños.

En agosto de 2016, este concello, que era o que máis banderas azuis tiña de toda Galicia, perdeunas todas. Non todas por falta de depuración, pero si unha delas, precisamente na praia de Area Longa, nas outras por problemas relacionados co servizo de socorrismo e de baños públicos.

En setembro do ano 2017, o alcalde entrevistouse co señor presidente da Xunta de Galicia e, como consecuencia desa entrevista, sacou en conclusión que a Xunta ten un proxecto feito e que estamos mirando que se se faga como quen mira a ver se chove.

Non sei máis. ¿Expectativas de que se faga? Nin idea. A ver se se fai algo este ano, foi todo o que sinalou o señor alcalde de Barreiros, alcalde do Partido Popular. Parece unha especie de resignación bíblica ante un castigo divino.

Polo tanto, a nosa pregunta, a que formulamos, é: ¿que opina o Goberno galego, pese a ter xa unha serie de proxectos en avaliación, do impacto e afectación medioambiental negativa que está ocorrendo no lugar de San Miguel de Reinante, en Barreiros, pola falta dunha edar axeitada?

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Álvarez.

Para a réplica, ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a señora Mato.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas.

Señor Álvarez, cando comezou vostede a súa intervención a verdade é que me estaba alegrando moitísimo porque o estaba escoitando e concordaba con vostede totalmente. O que non sabía é que, efectivamente, estaba vostede lendo o que pon na páxina web o departamento de Augas de Galicia.

Alégrome, de todos os xeitos, de que vostede concordara en que, efectivamente, a colaboración das máis importantes que pode ter unha administración autonómica cos concellos é precisamente en materia de saneamento. E digo que me alegro porque, efectivamente, a palabra colaboración é clave, posto que as competencias, como vostede coñece moi ben posto que o asume, son estritamente municipais, e así o din tres leis, xa non é só a Lei de augas de Galicia, senón mesmo tamén a Lei de Administración local e de bases de réxime local.

O que fai a Xunta de Galicia é, efectivamente, apoiar os concellos, e esa colaboración nós entendemos que é esencial para o desenvolvemento das competencias estritamente municipais.

Un traballo que vai unido ao control das verteduras, que tamén o facemos dende Augas de Galicia, de augas urbanas industriais ao dominio público hidráulico para evitar posibles afeccións. E iso é o que estamos a facer, señor Álvarez, no concello de Barreiros, ao igual que na meirande parte dos municipios galegos. Estamos colaborando co goberno municipal no exercicio das súas competencias en materia de saneamento.

Hai unha colaboración que non é nova, e estou convencida de que vostede tamén recorda moi ben, porque, se non me equivoco, vostede tamén estivo na deputación, e houbo un momento —vostede non, moi ben, dá igual, os seus compañeiros seguro que si— en que a Xunta de Galicia, o Concello de Barreiros e mesmo a deputación asinamos —en concreto no ano 2010— un convenio entre as tres partes precisamente para desenvolver o proxecto e logo as infraestruturas de saneamento deste municipio. Houbo problemas que vostede coñece, seguro, de carácter urbanístico que fixeron imposible levar adiante este convenio polas tres partes, obviamente, non pola parte da Xunta de Galicia.

Con todo, nós non quedamos parados e mantivemos o noso compromiso, que foi o que acadamos, que é ter xa redactado o proxecto da futura edar de San Miguel de Reinante. É un proxecto que nesa redacción que xa é unha realidade ten un investimento estimado de 3 millóns de euros, 3,2 millóns de euros, co que se mellorará, efectivamente, o funcionamento de todo o sistema de depuración, conseguindo así que as augas residuais tratadas estean conforme a normativa vixente.

Este proxecto do que lle falo, que foi xa supervisado por Augas de Galicia e que xa foi feito por Augas de Galicia, que lle custou a Augas de Galicia —polo tanto a todos os galegos—

100.000 euros, xa está rematado o día 28 de maio, crin que vostede o coñecía, porque a información que eu teño é de que foi trasladado ao seu grupo o 11 de xuño, que foi facilitado á consellería aos 13 días de ter o informe definitivo deste proxecto. Polo tanto, a Xunta de Galicia está a cumprir co comprometido. O compromiso foi facer a redacción, e a redacción dese proxecto xa é unha realidade.

Defínese ese proxecto, por dar un pouco máis de información da nova Edar, que substituirá á actual instalación, que está pensada para 5.000 habitantes e que trasladará as augas...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Mato.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...procedentes do colector de Barranca, o bombeo das Pasadas e o excedente da Edar de Reinante. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas.

Para a réplica ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, conselleira, pola súa resposta.

Evidentemente, claro que coñecemos o proxecto. Temos certa tendencia a ler as contestacións do Goberno cando nos contesta. Cando non, algunhas veces podemos intuír os motivos polo que non contesta, pero en xeral, cando nos dan resposta, lemos con interese o que nos contestan.

En todo caso, a rapidez de resposta é variable. A unha primeira pregunta que formulamos o día 4 de agosto do ano 2017 respostóusenos o 5 de febreiro de 2018, é dicir, seis meses despois, e preguntabamos polos problemas de saneamento existentes naquel momento. Respostábanos que se estaba tramitando a redacción dese proxecto ao que vostede acaba de facer referencia e que agora estaba aprobado, unha vez supervisado, evidentemente.

O certo é que Augas de Galicia abriulle ao Concello de Barreiros seis expedientes, como vostedes tamén nos informaron, e tamén despois dun certo período de meses, ao noso xuízo innecesario, posto que preguntabamos por un dato concreto. Por certo, contestáronnos vostedes dicindo que había seis expedientes, nin a cantidade das sancións nin os motivos polos que se lles impuxeron. É unha forma de respostar un tanto lacónica pero ímola dar por aceptable.

Nesta mesma resposta, vostedes volven repetir que, efectivamente, a competencia é municipal, pero os concellos —e sobre todo os do tamaño de Barreiros e moitos coma el— teñen problemas —como o propio decreto reconece e lle lin antes— para financiar investimentos desta magnitude.

Vaime permitir vostede que faga unha pequena referencia a certa asimetría que teñen vostedes coa colaboración cos concellos, e non lle vou falar de que hai un determinado nesgo, que o

hai, iso analizarse noutro momento, pero si, por exemplo, que lles pasa a vostedes co alcalde de Barreiros, que é seu, por que lle fan a depuradora a Foz, que tamén a necesita, evidentemente, que tamén é do Partido Popular. É un conflito que deberan vostedes resolver, porque sobre todo, e con independencia dos problemas políticos que poida haber, afecta á veciñanza, afecta á calidade das augas que se verten, e esta en concreto verte directamente ao mar.

Grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Álvarez.

Para a réplica ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Señor Álvarez, aínda que non é especificamente do Concello de Barreiros, pódolle informar, se é que non o sabe, que estou a traballar intensamente coa Federación Galega de Municipios para tentar acadar un acordo en distintos temas vencellados precisamente co financiamento de investimentos en materia de saneamento e abastecemento, tanto cos concellos como coas deputacións, precisamente para solventar calquera dúbida ao respecto e poder priorizar todos estes proxectos. É un traballo no que, dende logo, non me vou levantar da mesa porque quero acadar ese acordo.

Pero falando de investimentos, en concreto en materia de saneamento, e por quedar na mesma zona, por quedar na Mariña lucense, é importante tamén coñecer que, dentro da planificación hidrolóxica que ten ese plan xa aprobado, a Xunta de Galicia, de aquí ao ano 2021, onde temos comprometidos 650 millóns de euros, 20 millóns de euros van ir para a Mariña lucense de fondos FEDER. Están en Viveiro 3 millóns de euros, en Burela 9 millóns de euros. Dígoo porque en Viveiro non goberna o Partido Popular e en Burela non goberna o Partido Popular. Efectivamente, en Foz temos pensado facer un investimento de 8 millóns de euros, e neste investimento polo que vostede está a preguntar, que é o de Barreiros, que é exactamente igual de importante que o resto do investimento, a Xunta de Galicia está disposta a sentarse cos mesmos tres actores que estabamos ao principio, no ano 2010.

No ano 2010 estabamos tres administracións comprometidas para levar adiante ese saneamento, ese investimento, que para algúns concellos —e eu entendo que para o de Barreiros— é un investimento moi alto para o presuposto que pode ter ese concello. Se a Deputación de Lugo se senta, se o Concello se senta, a Xunta de Galicia vai estar tamén aí sentada para falar do futuro dese investimento.

O compromiso de apoiar o exercicio das competencias dos concellos en materia de saneamento e de abastecemento desta Xunta de Galicia é innegable. Investíronse en plena crise máis de 1.000 millóns de euros en materia de abastecemento e saneamento, especificamente saneamento, e agora temos comprometidos 650 millóns de euros máis. Só lle estou falando dos 20 millóns de euros da Mariña lucense, porque estamos a falar desa zona especificamente.

Efectivamente houbo multas, e haberá todas as que faga falta se detectamos vertidos incontrolados. Tamén se eliminaron máis de 11 puntos de vertidos desde aquela, tanto que a

día de hoxe, e mesmo agora, nestes días que temos información da situación na que se atopan as praias, as praias da zona non están a dar problemas de calidade nas augas de baño. Isto é algo que controla a Consellería de Sanidade, que non o controla esta consellería.

En definitiva, ¿hai unha necesidade? Si. ¿Hai un proxecto? Si. O compromiso desta consellería, que era redactar o proxecto, ¿é unha realidade? É unha realidade e vostede a coñece. ¿Que hai que seguir avanzando? Non me cabe dúbida. ¿Que eu quero chegar a un acordo con todos os concellos e a súa máxima representación que é a FEGAMP e as deputacións nesta materia? Estamos traballando nese pacto local da auga, que é para min unha das prioridades dentro desta consellería, e por suposto especificamente para os veciños de Barreiros e para o Goberno de Barreiros. Se temos que sentarnos, sentámonos os tres e falamos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Mato.

Continuamos co debate acumulado das preguntas que figuran no sexto, sétimo e oitavo lugar, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista, dos Socialistas de Galicia e do Partido Popular de Galicia, respectivamente.

Pregunta do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre o coñecemento polo Goberno galego do Proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos ubicadas en Teo.

Pregunta do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, sobre a posición que vai adoptar o Goberno galego en relación coa solicitude de instalación dunha planta de xestión de residuos na antiga canteira de Casalonga, no concello de Teo

Pregunta do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e nove deputados/as máis, sobre o posible traslado polo Concello de Teo á Xunta de Galicia dalgún informe en relación co proxecto de instalación dunha planta de tratamento e reciclaxe de residuos en Casalonga, promovido pola empresa Toca y Salgado, S.L. (TOYSAL)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para comezar o debate, en primeiro lugar ten a palabra, para formular a pregunta, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Moi boa tarde, señora conselleira.

Hai tres semanas vostede non puido asistir ao Pleno para responder a unha pregunta do BNG sobre esta cuestión. Curiosamente hoxe hai dúas preguntas máis doutros dous grupos, e a nós parécenos moi ben, positivo e saudábel que se aborde este tema con todos os enfoques posíbeis.

Por parte do BNG o que queremos trasladar aquí é a preocupación veciñal. Está aquí unha representación da plataforma «A Casalonga limpa de residuos», e outros representantes

tamén veciñais e institucionais do Concello de Teo, e o que pretendemos con esta pregunta é que por parte da Xunta e por parte do Goberno municipal de Teo se abandonen as manobras de dilación e as evasivas e que se pare dunha vez xa este despropósito.

Pensamos que hai moitas e contundentes razóns, razóns legais, para impedir a instalación dunha planta de tratamento de lodos industriais de depuradoras na antiga canteira da Casalonga, na parroquia de Calo, en primeiro lugar polas características da instalación, que prevé o tratamento de arredor de 80.000 toneladas de lodos de depuradoras para a produción de biogás, e que vai supoñer unhas obras de construción de edificacións, de urbanización da parcela, de pavimentación de viais, de construción dunha rotonda, que teñen un indubidable impacto sobre o terreo, que van supoñer unha transformación e unha urbanización dos terreos, que é algo que prohibe expresamente a Lei do solo no seu artigo 35.1 letra m). Non permite instalacións de xestión de residuos en solo rústico, que é a caracterización que ten esta parcela, cando impliquen a urbanización ou transformación dos terreos.

Esta razón parécenos máis que suficiente para que o Concello de Teo actúe xa e desbote a ubicación deste proxecto de planta industrial nesta localización, porque, efectivamente, o Concello de Teo ten as competencias en materia urbanística. Pero a Xunta ten tamén competencias en materia ambiental, de avaliación de impacto ambiental, e tamén en materia de xestión de residuos, e conforme a estas competencias tamén debe intervir na tramitación deste proxecto e tamén debe desbotalo e paralo, porque é un proxecto que vai ter un impacto moi negativo na contorna.

Temos que recordar que é unha zona moi densamente habitada e que esta instalación, a menos de 400 metros dunha zona habitada, dunha zona de vivendas, vai ter impacto sobre o aire, sobre as augas, sobre o patrimonio e sobre o Camiño de Santiago.

E en terceiro lugar, se non abonda o anterior, existe unha normativa sectorial aprobada neste país, o Plan de residuos industriais de Galiza, que establece criterios de emprazamento e establece fortes restricións para estes emprazamentos, e concretamente di que non deben localizarse en polígonos industriais, e fala tamén desas restricións.

Polo tanto, señora conselleira, todas estas cuestións e razóns parécennos contundentes, claras e rotundas para impedir esta instalación, e preguntámoslle a que están agardando para darlle carpetazo a este proxecto. Ten vostede hoxe aquí unha magnífica oportunidade para tranquilizar a unha veciñanza que lle aseguro que está en vilo, está moi preocupada, está angustiada pola ameaza desta instalación industrial nun emprazamento que é absolutamente inaxeitado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Bará.

Ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidenta.

Conselleira, non é necesario que lle explique que a finais do ano pasado no propio Concello de Teo entraba unha solicitude para este proxecto de tratamento e reciclaxe de 90.000 toneladas de residuos para producir sobre todo biogás que precisa dunha autorización ambiental integrada por parte da Xunta de Galicia. Nós molestámonos en ler o proxecto, revisámolo, e neste proxecto hai varias referencias, e voulle dicir unhas cantas, para que vexa vostede, aínda que supoño que o coñece.

Vaise instalar unha balsa de 5.000 metros cúbicos, e é posible a afectación dos cursos fluviais do río Sar e Tinto, que están arredor de 1 quilómetro de onde vai ir a planta.

Sabe vostede cal é a situación actual do río Sar, aínda que só sexa polo cheiro que ten. Ademais vanse producir ruídos e vibracións pola maquinaria e polo tránsito de vehículos que, evidentemente, van afectar ás persoas que alí viven; vanse emitir partículas de gases contaminantes á atmosfera que poden ter efectos negativos; vanse xerar residuos, que son semellantes aos urbanos, que poden provocar contaminación de solos, acuíferos e as augas superficiais; vanse crear focos infecciosos, e o propio proxecto di que poden proliferar pragas de roedores e pragas de insectos. Isto vén no propio proxecto que este grupo, Toysal, presentou no Concello e, polo tanto, tamén á Xunta de Galicia.

As conclusións do proxecto é que se van utilizar diversas tecnoloxías punteiras que non se especifican, e ademais é imposible establecer un plan de restauración detallado —iso é o que pon o proxecto— pola imposible previsión da evolución das condicións socioeconómicas do lugar en Teo, na Casalonga, e da nación. Iso é o que di o proxecto.

Os veciños, e aquí hai unha representación do Concello de Teo e tamén unha representación da propia plataforma, están preocupados, a Casalonga é un lugar con moita poboación, e o Goberno debe de ser transparente, entendemos nós, e dar explicacións, porque, como lles dicía antes, vostedes son os competentes para a autorización ambiental integrada deste tipo de actividades.

O día 30 de maio no Concello, de maneira unánime, aprobouse unha moción rexeitando este tipo de instalacións en solo rústico. Esta aprobación tamén foi ratificada polos representantes no propio concello do grupo municipal do Partido Popular. Isto non só pasa na Casalonga, pasa tamén noutros lugares de Galicia, onde se proxectan este tipo de instalacións de residuos en solo rústico, ou en solos preto de zonas residenciais, e nós cremos que cómpre mudar esta situación, esta realidade, lexislativamente.

A pregunta é ben sinxela, gustaríanos saber cal vai ser a postura do Goberno da Xunta de Galicia ante este proxecto de instalación dunha planta de residuos na Casalonga, en Calo.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Vilán.

Para formular a súa pregunta, ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señora conselleira.

Como xa avanzaron os outros grupos, os veciños e veciñas de Teo estamos moi preocupados, señora conselleira, ante a posibilidade da instalación dunha planta de tratamento de residuos nunha zona residencial moi cerca das casas, e ademais moi cerca de espazos de protección patrimonial como é o Camiño de Santiago, como son as mámoas, petróglifos, castros de So-castro, de Francos, e bastantes xacementos medievais que hai na zona.

Estamos falando dunha planta de residuos que desprende un cheiro insoportable para atoparse a carón das casas. Estamos falando de lodos de depuradoras, estamos falando de lodos de conserveiras, estamos falando de puríns, de esterco, de lodos de residuos de industrias agroalimentarias, por non falar do continuo tránsito de camións que transportan eses residuos, a unha media de 70 toneladas diarias.

Pois ben, señora conselleira, a preocupación é máxima, e como estamos ante a fase máis embrionaria do proceso, consideramos que hai que intentar evitar esa instalación dende o principio, xa que logo é moi difícil revocar este tipo de actividades e instalacións.

O Grupo Municipal Popular en Teo, como adiantou a señora Vilán, pechou filas co resto dos grupos municipais, co PSOE, coas Mareas de Podemos e co Bloque Nacionalista Galego, e non quixo politizar este asunto, a pesar de que, como xa se dixo, leva máis de oito meses enriba da mesa do concello, e aínda hoxe non sabemos que pasou, nin como se tramitou, nin se se fixo algún tipo de xestión con ese proxecto. Tamén tardaron ata hai dous meses en dárllelo a coñecer aos veciños e veciñas de Teo. Tiveron oito meses oculto ese proxecto.

Nós consideramos, señora conselleira, que todas as administracións están obrigadas a asumir as súas competencias coa máxima responsabilidade, coa máxima protección legal e social, e a primeira Administración que tivo coñecemento deste proxecto foi o concello. Neste contexto, a empresa Toysal ten solicitado ao concello de Teo un informe de compatibilidade urbanística para certificar se os terreos da antiga canteira da Casalonga permiten ou non unha instalación desas características. Unha petición que forma parte dos trámites do proceso para que a Xunta outorgue a concesión de licenza de actividade; é un trámite obrigatorio para a licenza de obras.

Neste momento a única e máis importante actuación que pode e debe de levar a cabo o Concello na tramitación administrativa é este informe. Este informe pode pechar o expediente, ¡pode pechar o expediente, señorías! Eu entendo que ás Mareas de Podemos non lles guste, porque non preguntan. Aquí se ve que hai tres grupos que preguntan, outros non preguntan, pero eu digo que hai lexislación... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio, silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: ...suficiente para tramitar ese informe de incompatibilidade urbanística. O artigo 35 da Lei do solo di que «sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren». Señor Lois Bará, para darlle

carpetazo a ese asunto só falta que haxa un informe de incompatibilidade urbanística polo Concello de Teo.

Señora conselleira, ¿chegoulle á consellería algún informe do Concello de Teo?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Prado.

Silencio.

Para responder ás tres preguntas ten a palabra a señora Mato Otero.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Grazas.

No primeiro de todo a min gustárame tamén dirixirme expresamente aos veciños que hoxe nos acompañan e á concelleira tamén do Concello de Teo que está aquí, e, por suposto, aos deputados darlles as grazas por darme a oportunidade de tentar clarexar ou, polo menos, dar un pouquiño de luz ao que é a tramitación dun expediente destas características, sobre todo despois de ver e ter moi presente a resposta social que está a ter nestes momentos.

Cómpre destacar que nos atopamos na tramitación dun expediente dunha instalación dun centro de tratamento de residuos —que xa está aquí máis que descrito— non perigosos que, efectivamente, proceden da agroalimentaria, que ten unha biodigestión de tratamento de concentración dos dixestatos que, efectivamente, pode ser moi olorosa na canteira da Casa-longa.

No expediente que a Xunta está agora mesmo a tramitar o que vai facer a Xunta de Galicia é o mesmo que fai con absolutamente todos os expedientes que se tramitan dende a Consellería de Medio Ambiente, que é cumprir coa legalidade. Isto significa que calquera expediente cando entra nesta consellería entra e tramítase e dáse cumprimento a todos os pasos, absolutamente a todos os pasos, para garantir o bo final dese expediente. E cando digo «bo final» é o bo final, o remate do expediente, sexa si ou non, pero o remate do expediente, que garanta que non haxa ningún recurso xudicial que o poida poñer en tea de xuízo.

Este expediente, efectivamente, entrou na consellería en decembro do ano 2017, á vez que no Concello de Teo —como xa está aquí dito—. E no día de hoxe estamos nunha fase moi inicial. Esta iniciativa empresarial debe someterse a esa tramitación que é dobre: por unha banda, a autorización ambiental integrada e, por outra, a avaliación ambiental de proxectos. E, coma sempre, este procedemento estase facendo con total garantía e transparencia, e contará coa participación dos cidadáns, das administracións e das entidades relacionadas.

Actualmente estamos na fase máis inicial, que é a de consultas previas e do contido do documento. Despois, unha vez rematada esta fase, que calculo que máis ou menos rematará en quince días, o proxecto será sometido á información pública nun prazo de trinta días. É

nese momento, no momento de información pública, cando o concello ou calquera, mesmo os veciños de Teo, ou calquera entidade interesada, evidentemente, terán a oportunidade tamén de formular as súas alegacións a este proxecto. Despois, con todas estas alegacións que se presenten despois destes trinta días, remitiremos o expediente completo ao resto de organismos implicados para emitir o seu correspondente informe. E aí volverá falar unha vez máis, pero oficialmente nese prazo, o Concello de Teo, Augas de Galicia, a Consellería de Medio Rural, o Instituto de Estudos do Territorio, Patrimonio Cultural, a Consellería de Economía e Avaliación Ambiental. E o penúltimo paso neste longo procedemento, despois de que tramitemos todo isto que acabo de describir, será remitir toda esta información á empresa promotora do proxecto, que lle dará trámite de audiencia. E, finalmente, con base en toda esta información procederemos a resolver o expediente.

Polo que, señor Bará, creo que xa lle contestei á pregunta que plantexa. Efectivamente, a Xunta de Galicia ten coñecemento dende finais do ano 2017, igual que o Concello de Teo, deste proxecto, e estamos dando os primeiros pasos da súa tramitación, como facemos con calquera outro expediente. Aquí non se poden pegar carpetazos así porque si. A única posibilidade de «pegar carpetazo» —como di vostede— a este expediente sería que, efectivamente, se aportara por parte do Concello de Teo un informe de incompatibilidade urbanística. O único informe —fíxese ben o que lle digo—, de todos os que teño redactado, que é vinculante e que pode pechar un expediente, pechar e rematalo e xa está, é este informe de compatibilidade urbanística.

Nós cumprimos estritamente coa lei: solicitar os informes necesarios, que é a miña obriga. A miña obriga é rematar o procedemento. Iso non significa que non vaia ser que si nin que vaia ser que non, senón rematar o procedemento. O único que remata o procedemento antes de tempo é o informe de incompatibilidade urbanística. Se coñece a lexislación, isto non debería nin de clarexalo. Estamos nun punto moi inicial da tramitación, polo que hai que deixar traballar os técnicos.

Señora Vilán, como xa lle acabo de explicar, é moi cedo aínda como para saber como vai rematar este expediente, moi cedo porque aínda falta toda esta tramitación. O que si que quero que quede moi claro é a postura da Xunta de Galicia: o proxecto deberá cumprir estritamente toda a lexislación vixente en materia ambiental e, efectivamente —como dicía vostede moi ben, e creo que o señor Bará tamén o dicía—, o Plan de xestión de residuos industriais que fixo este goberno 2016-2022, no relativo á localización e tamén no relativo á distancia que debe gardar respecto dos núcleos. E se non o cumpren non se autorizará. Se non cumpren un só informe non se vai autorizar. Nós estamos facendo o que debemos facer, que é tramitalo e darlle seguridade xurídica a este expediente. E así llelo trasladamos tamén aos veciños de Teo, que tivemos unha representación, mesmo o Concello e o alcalde, que estivo sentado no despacho da directora xeral de Calidade Ambiental, nun encontro que tivemos cos técnicos.

E, señora Prado, a Lei de prevención e control integrados da contaminación establece que o concello no que se pretenda ubicar unha instalación de tratamento de residuos deberá emitir informe urbanístico. Ese informe de compatibilidade urbanística é totalmente vinculante. E volvo repetir: é o único informe vinculante que hai de todo o procedemento; se non o pro-

cedemento ten que chegar ao seu fin, ata o final non se deberá resolver. Este informe municipal se fose negativo tería oportunidade de archivar inmediatamente este expediente.

Ata o momento, o Concello de Teo ten pendente de emitir este informe de compatibilidade urbanística. Creo que está aquí a concelleira de Urbanismo; polo tanto, ela saberá moi ben en que situación se atopa ese informe, que nalgún momento terá que emitir. O documento debe determinar e xustificar se o proxecto é compatible ou non co urbanismo, co Plan xeral do Concello. E se non o é, o Concello ten na súa man esa posibilidade de darlle esa palabra que lle gusta, que é o «carpetazo».

Isto foi algo que lle explicamos polo miúdo ao alcalde, que lles explicamos tamén aos veciños nunha reunión mantida e que, efectivamente, foi a primeira vez que o Concello de Teo se dirixe a esta consellería para falar deste expediente; a primeira, despois de tantos meses, para poder falar deste proxecto en Teo. E o alcalde sabe perfectamente, porque llo dixemos —e reitéroo aquí—, que estamos á súa disposición para resolver calquera tipo de dúbida que poida ter sobre o proxecto ou sobre a tramitación, mesmo incluso tamén se ten algunha dúbida sobre o informe urbanístico. Pero nós o que debemos facer pola nosa banda é seguir traballando e avanzando na tramitación ambiental. Guste ou non guste, o expediente iníciase, e o expediente ten que rematar dando cumprimento estrito ao que a lexislación en materia de informes medioambientais nos demanda.

O que me gustaría é aproveitar esta ocasión para facer un chamamento á tranquilidade, porque recoñezo a inquietudanza que na poboación de Teo pode causar este expediente. Pero, efectivamente, eu creo que non contribúe a nada xogar co medo da xente. E non contribúe a nada ir alentando e ir distribuindo folletos pola veciñanza para alarmar aínda máis, sobre todo na situación e no momento no que estamos agora, absolutamente incipiente.

Teña por seguro que o proxecto para Teo se está a avaliar en profundidade, moi en profundidade, e que non se vai autorizar se non se cumpre con calquera de todos os informes que acabo de dicir, que imos reclamar, e que aínda non reclamamos porque estamos na fase inicial do procedemento.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Mato.

Para a réplica ten, en primeiro lugar, a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas.

Señora Prado del Río, se non lle quedou claro, este deputado, Lois Bará —se quere—, pois falou das competencias municipais e das competencias da Xunta de Galiza; cadaquén ten as súas responsabilidades e debe exercelas.

E falamos, desde logo, do Plan de residuos industriais e das competencias que ten a Xunta de Galiza en materia de residuos e do que di o plan no seu anexo 9 sobre o emprazamento

deste tipo de plantas. Pero é que ademais disto hai outro anexo no Plan de residuos que fai referencia ás plantas de tratamento que hai en Galiza para este tipo de residuos, que son dezanove. E fala da capacidade de tratamento que teñen estas plantas, que é superior ás 750.000 toneladas, e di que en Galiza se producen anualmente 190.000 toneladas. E conclúe que non son necesarias máis plantas para o tratamento deste tipo de residuos. Se se producen 190.000 e temos capacidade para 750.000, ¿para que se necesitan máis plantas? Dígolle ademais que once desas dezanove plantas curiosamente están na provincia da Coruña. Polo tanto, non deben ser necesarias plantas nesta provincia; en ningunha outra polo que di o propio plan.

Mire, o que non pode facer é poñerse de perfil, escorrer o vulto, nin a Xunta nin o Concello, cadaquén nas súas responsabilidades. Teñen que actuar con determinación, teñen que actuar con valentía, cadaquén no ámbito das súas competencias, para rexeitar o emprazamento desta planta industrial na Casalonga. O Concello coas competencias urbanísticas, a Xunta coas competencias en materia de xestión de residuos. E se realmente teñen vontade de resolver esta cuestión, o que ten que facer vostede é tomar as redes, convocar o Concello e o alcalde de Teo, ter unha reunión e acordar unha estratexia conxunta, común, coordinada para darlle carpetazo definitivamente a esta cuestión. (*Aplausos.*) Porque este proxecto non ten máis percorrido. Non cumpre os requisitos mínimos establecidos no Plan de residuos industriais de Galicia, non cumpre eses requisitos, ademais das valoracións urbanísticas ás que fixen referencia, e que xustifican ese informe urbanístico negativo por parte do Concello.

Polo tanto, non prolonguen máis unha tramitación que non vai a ningún lado, acaben coa preocupación, coa angustia que está a sufrir a veciñanza da Casalonga...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...e da súa contorna.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas.

Ten a palabra a continuación a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidenta.

Conselleira, é a primeira vez que por sorte hai tres grupos, entre eles o que sustenta o Goberno no que vostede está, que temos preocupación por unha situación medioambiental na nosa comunidade, en concreto respecto dos residuos a instalar nun determinado lugar preto a vivendas e neste caso tamén en solo rústico. Curiosamente, esta vez vostede di que tamén esta preocupada e que van seguir estritamente o que pon a lexislación. A preocupación non sempre é a mesma, algunhas veces non. Voulle poñer outro exemplo: Baiona, campo de golf, alí vostede non estaba preocupada e o expediente estivo parado durante anos ata que dende os grupos da oposición se mobilizou e os veciños se mobilizaron para evitar a súa instalación.

Polo tanto, non é certo que vostede sempre actúe igual, nos concellos aos que vostede lle interesa, cando lle interesa ou cando ao propio grupo que sustenta este goberno tamén lle interesa.

Vostede sabe que a Lei do solo de Galicia di no seu artigo 35: «Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:», e na letra m), que é a que se refire tamén a instalacións de tratamento de residuos, engade: «sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren». E pode ocorrer que si o impliquen ou que non o impliquen, e o Plan de xestión de residuos recolle a palabra «preferentemente». Como a redacción é tan ambigua da lei e do plan que fixo vostede, como o seu goberno, dá a posibilidade das súas opcións: a súa instalación ou non, que non só depende do concello, tamén depende da autorización ambiental integrada, que está na súa consellería.

Se vostede está preocupada, imaxínese o preocupados que poden estar os veciños da Casalonga, moito máis porque son os que o van vivir este proxecto...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: ...que nin sequera ten restauración medioambiental.

Conselleira, nós o que lle pedimos é que teña en conta o que se di dende Teo e que, por favor, se preocupe de verdade neste proxecto e tamén nos outros.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas.

A continuación ten a palabra para a réplica a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidenta.

Señora conselleira, eu estou segura de que os veciños e as veciñas de Teo preferirían un campo de golf a unha planta de residuos agroalimentarios como a que se está proxectando en Teo.

En calquera caso, agradecemos, señora conselleira, a actitude da Xunta de Galicia, porque sabemos perfectamente que houbo unha reunión coa directora xeral, o Goberno municipal de Teo, todos os grupos municipais, a plataforma veciñal e técnicos. A Xunta de Galicia ofreceu toda a colaboración ao Concello de Teo. Agardamos que pola outra banda se produza esa reciprocidade. Aínda que o alcalde de Teo o que levou alí foi á eurodeputada Lidia Senra, e a señora Lidia Senra preocúpase máis no Parlamento Europeo, porque xa o denunciou ante a Comisión Europea de que estaba moi preocupada polos veciños de Teo, polo proxecto que se estaba a instalar alí. Sorprendentemente, preocúpalle máis diante da Unión Europea que diante deste parlamento. ¿Por que? Pois non o sei.

Eu acudín a unha reunión que houbo o 31 de maio no restaurante San Martiño, onde o Concello e a plataforma de veciños deron explicacións de como estaba indo aquilo. Houbo un

veciño que saíu e dixo que pola Lei do solo, precisamente a que estaba criticando o Concello —o Concello dicía que non podía facer nada, nós non podemos facer nada porque a Lei do solo nolo impide—, e saíu un veciño e dixo: non, artigo 35.1.m), o Concello pode facer un informe de incompatibilidade urbanística. Silenciaron aquel veciño, non lles gustaba o que aquel veciño estaba dicindo, porque estaba dicindo diante de demasiada xente que o Concello podía facer algo. O Concello ten nas súas mans facer un informe de incompatibilidade urbanística. Eu creo que os veciños agradecerán máis que se faga ese informe que lle poida dar carpetazo ou que fulmine inmediatamente este expediente e se deixe de darlles tanto material para pancartas. E seguro que prefiren ese informe a ese vídeo reivindicativo que están a facer dende o Concello de Teo.

Señora conselleira, seguimos moi preocupados porque non vemos que o Partido Socialista dixera aquí que a súa concelleira socialista do Goberno de Teo vaia facer ese informe...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...ou impulsar ese informe de incompatibilidade urbanística. Quedamos francamente preocupados. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para a réplica ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Imos escoitar a réplica da conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Grazas.

Para comezar esta segunda intervención o que si que teño é garantir que esta consellería non outorgará autorización a ningún proxecto, nin a este nin a ningún outro proxecto, no caso de que haxa o máis mínimo incumprimento ou a máis mínima irregularidade na súa tramitación. O que si que quero trasladar —e que ese é o tempo que me dá— é que a tramitación ten que seguir dende o principio ao final. Iso téño dito expresamente: é competencia desta consellería facer as avaliacións ambientais e tramitalas, evidentemente; é a nosa competencia.

Eu nin me poño de perfil con isto, señor Bará, nin estou a escorrer o vulto, nin moitísimo menos. O que pasa é que a vosa demanda, e agora a demanda que parece ser que tamén é a mesma dende o Partido Socialista, é recorrente. Cada vez que hai un proxecto que non lles gusta —digo que non lles gusta, non que non sexa interesante— a petición é: Xunta de Galicia prevarica e di que non, Xunta de Galicia non tramites, Xunta de Galicia pega carpetazo; é dicir, prevarica. E eu pregunto: ¿que é o que vostede lle vai dicir á súa formación no Pleno do Concello de Teo, ao Goberno do Concello?, ¿vaille dicir o mesmo?, ¿vaille dicir tamén... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Paréceme ben, é unha iniciativa que teremos que estudala dende o Grupo Municipal de Teo.

O mesmo para a señora Vilán: ¿vaille dicir o mesmo a súa concelleira socialista, que a ten aquí, efectivamente?, ¿vaille dicir o mesmo: prevarica, informa e xa está?, ¿é o mesmo que lle vai dicir? Estaremos expectantes para ver que esa é unha realidade.

E o único que fai, señor Bará, e téñoos que recordar porque foi vostede ademais, o seu grupo, non foi vostede expresamente, o que fixo alarma de calquera proxecto que se fai. E voume referir ao proxecto de Lousame, o vertedoiro de Lousame. Tiven que contestar aquí preguntas súas, e contexto encantada. Do señor Rivas, si señor. E ademais falamos do sector pesqueiro, como non pode ser doutra maneira; falamos. E, efectivamente, alguén alimentaba porque houbo tamén moita contestación social, e foi negativo. E xa está desautorizado. Pola presión non, señor Bará, pola presión non. Porque houbo un informe desfavorable medioambiental que ten que ver con eivas de saneamento dese proxecto, non pola presión. A min non me diga vostede que aquí a Xunta de Galicia e os funcionarios, que son os que firman, firman en función da presión. Non, señor, non. Ese expediente o que ten é unha eiva en materia de saneamento que dou pé a que, efectivamente, nese expediente vexamos nel problemas medioambientais. Non tente enganar e non tente desviar a atención.

E, señora Vilán, eu creo que vostede, que parece ademais unha persoa seria na tramitación, se algunha vez lle toca a responsabilidade de gobernar, entenderá que todo o procedemento ten que levarse, porque iso é garantista para ese informe, garantista para a tramitación e garantista tamén para a súa resolución, e que é absolutamente necesario que haxa un informe da ubicación da planta, da percepción de auga, de aire, de Patrimonio Cultural. E todo isto témolo que facer si ou si; a ver se o podo conseguir explicar: si ou si. Os informes, que levan o seu tempo, que a tramitación dunha autorización ambiental integrada leva moito tempo, teñen que rematar. Ao final rematarán como Lousame ou non, pero teñen que rematar. Nós temos que recabar todos eses informes para logo poder facer esa avaliación e mais ese informe e esa resolución.

Fíxese ben —por dicir un exemplo dunha maneira a máis coloquial posible—: se houbera un proxecto de vertedoiro de residuos na praza do Obradoiro de Santiago teríamos que rematar o proxecto, teríamos que rematar o informe totalmente. O único informe que podería pechar ese expediente sería o informe do Concello de Santiago de incompatibilidade urbanística, ¡o único! Se non, pese a esta obviedade, teríamos que iniciar o expediente e rematar o expediente.

Polo tanto, o máis importante: aquí non chegou ningún informe do Concello de Teo; aquí, dende logo, volvemos ofrecer ao Concello de Teo toda a colaboración que precise en calquera materia en relación con este expediente. Pero, efectivamente, se o Concello de Teo fai un informe de incompatibilidade urbanística, este informe queda absolutamente pechado.

E, por último, cando digo que comprendo os veciños de Teo, é que, efectivamente, os comprendo. O que non comprendo é que a oposición alarme aínda máis. O que non comprendo nin me parece axeitado é que se estea a dar pábulo dende a oposición, vostedes non, ao medo para todos os veciños. Nós o que lles dicimos aos veciños é que o imos tramitar como todos, con especial celo do cumprimento do rigor e do cumprimento de toda a materia de lexislación ambiental. Esa é a máxima garantía.

E, polo demais, estaremos vendo e estaremos expectantes se, efectivamente, calquera outra formación política que non sexa a que goberna no Concello de Teo lle pide ao Concello de Teo que emita un informe así e que dea carpetazo. Porque iso é o máis importante. E, polo que vexo, o BNG vaino facer.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Mato.

Si, ¿para que quere a palabra, señor Sánchez?

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Con base no artigo 76, porque aquí dixéronse unhas afirmacións inexactas con respecto a este grupo. Ata en dúas ocasións a deputada Paula Prado dixo que este grupo non se preocupaba por este tema e que non preguntaba por este tema. E iso é falso, porque este grupo ten rexistradas varias iniciativas sobre este tema, compartimos a preocupación e a nosa oposición a este proxecto e opoñémonos a este proxecto a Santa Icíá,...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Queda entendido, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...a Coristanco, a Lousame, a todos os vertedoiros, e non só a aqueles que están cerca da casa da señora Prado.

O Partido Popular nestes poucos casos non preguntou e non pregunta pola deficiente xestión da señora de Medio Ambiente con respecto...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Señor Sánchez, non ten a palabra.

(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

¿Para que quere a palabra, señora Prado? Estaba vostede no debate.

A señora PRADO DEL RÍO: Púxose en cuestión que eu só facía unha pregunta porque estaba cerca da miña casa, e iso é absolutamente falso.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: A miña honorabilidade como deputada non a vai poñer en cuestión ninguén, porque eu preocúpome por todos os asuntos dos veciños e veciñas...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Quedou explicado, estaba vostede no debate.

A señora PRADO DEL RÍO: ...sexan onde sexan, e non levo a Europa o que non traio a Galicia. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas.

(Murmurios.)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio, por favor.

Pregunta de D. Raúl Fernández Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da adaptación do denominado Plan de transporte público de Galicia ás necesidades de servizos

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Boa tarde a todas e a todos.

Grazas, señora presidenta.

A verdade é que xa pensei que non empezaba.

A finais do mes de abril foi sometido á información pública o documento base chamado Plan de transporte público de Galicia. Unha denominación pretenciosa, pois só contempla unha parte dun único modelo, modo de transporte. Non contén unha información xeral e completa sobre a mobilidade en Galicia. A planificación debера establecer as cuestións básicas para o deseño e a posta en marcha dun novo mapa concesional.

O plan é un documento xenérico e indeterminado que non conduce cara a unha mellora substancial dos servizos regulares públicos de transporte interurbano e intercomarcal de viaxeiros por estrada, competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia. Establece pautas xerais moi imprecisas e, dende logo, cuestionables. O que si é preciso, e tamén cuestionable, é o incumprimento *modus operandi* habitual dos gobernos do señor Feijóo en transportes do legalmente establecido na Lei 10/2016 para a aprobación do dito Plan de transporte público de Galicia.

En todo caso, señora conselleira, o esquema inicial do plan está orientado a un aforro de custos, coa conseguinte limitación de servizos, sen un aumento de dotacións con cargo aos orzamentos autonómicos, e é imposible sen ese aumento de orzamento que acade unha mellora destes servizos. A pretendida solicitude da colaboración financeira doutras administracións só lle escenifica a deixación de funcións na consellería nunha competencia que ten en exclusividade.

Tampouco coñecemos que haxa un estudo necesario sobre as necesidades de mobilidade no territorio. O plan tampouco ten en conta as referencias e recomendacións das Directrices de ordenación do territorio, nin ten en conta a realidade das áreas metropolitanas, cando estas deberán ter a competencia sobre o transporte público que o plan recolle para o territorio que as integran.

Señora conselleira, en resumo, os problemas de fondo que ten o plan maniféstanse claramente en que é un plan xenérico, indeterminado, impreciso, con clamorosas ausencias,

como non ter en conta as Directrices de ordenación do territorio e a realidade das áreas metropolitanas, e unha tendencia claramente a aforrar, a gastar menos.

Por iso, o Grupo Socialista faille a seguinte pregunta, tendo en conta todas estas carencias da tendencia ao aforro: ¿considera que o dito plan cumpre coas necesidades de servizo que son necesarias?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Fernández.

Para dar resposta ten a palabra a señora conselleira de Infraestrutura e Vivenda, señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURA E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidenta.

Señoría, dende logo que eu me alegro de que traia esta pregunta ao Parlamento, o Plan de transporte público de Galicia, nun momento acaído porque sabe que dentro de moi pouco, o próximo 8 de agosto, vai facer un ano que puxemos en marcha a primeira fase do Plan de transporte. Fai xustamente un ano estaba nesta cámara, pois trasladando, informando do traballo que estamos a facer. Si, si, por suposto, dando a cara e, por suposto, falando do traballo que tiñamos feito e que estamos a facer. E o certo é que comparecía nesta cámara en plena folga de transportes, trasladando todo o traballo, garantindo e explicando o que sigo explicando, e dicindo que era a única alternativa viable e legal para que Galicia non quedara sen transporte, para que Galicia non quedara sen servizos e, o que é peor, para que Galicia non quedara sen emprego, sen condutores; cincocentos empregos estaban en risco como consecuencia das renuncias das empresas ás liñas de transporte. E vostedes puxéronse ao lado das empresas; nin pensaron nos empregos, nin pensaron nos servizos. Traballamos para que Galicia non quedara nin un só día sen transporte e tamén para manter o emprego, cincocentos empregos que estaban en risco. Iso era o noso traballo logo das renuncias de case as seiscentas liñas de determinadas empresas de transporte.

Esfuerzo titánico, señoría. Puxemos en marcha esa primeira fase, cunha licitación transparente, moito máis transparente, e sábeo, do que permite a lexislación, por suposto que si. Nin un só día quedou Galicia sen transporte, tranquilidade e seguridade aos empregos do sector e tamén dando unha maior cobertura territorial.

E, señoría, discrepo totalmente coas afirmacións que di vostede na súa iniciativa e que duplicou na súa explicación agora. Dende logo que discrepo, nada que ver coa realidade. ¿Vostede está en contra de que se garanta o servizo de transporte? ¿Vostede está en contra de que destinemos os investimentos coa máxima rendibilidade social? ¿Está en contra de todo isto vostede? Eu creo que parece que si. Incluso lle parece mal que un avó acompañe o seu neto coller o bus e que conxuntamente collan o bus, o avó para ir ao centro de saúde que está ao lado do colexio. Parécelle iso non ser eficiencia e rendibilidade social, polo que estamos a traballar e, dende logo, atendendo as necesidades e os intereses dos galegos.

Un Plan de transporte que queremos que sexa útil para os cidadáns, sostible dende o punto de vista do medio ambiente e, dende logo, viable dende o punto de vista económico, para que teña futuro, señor Fernández. Queremos que teña futuro o Plan de transporte de Galicia en Galicia.

E facemos a seguinte fase coa experiencia do aprendido, satisfactoria experiencia, cun balance positivo, cos datos. Os datos están aí: 4,8 millóns de viaxeiros nestes dez meses da primeira fase do Plan de transporte. Polo tanto, incremento positivo nos viaxeiros de uso xeral: 250.000 usuarios ao mes de transporte de uso xeral. Polo tanto, incremento. Polo tanto, con todo o aprendido seguiremos coa seguinte fase.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Vázquez.

Para a réplica ten a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señora conselleira.

A verdade é que é vostede permanentemente optimista. E voulle resumir tal como rematou a primeira fase do plan do ano pasado. A primeira fase do plan, señora conselleira, rematou cunha continua aportación de incapacidade, inoperancia, ineficiencia e falta de transparencia, e, dende logo, falta de diálogo permanente, tanto cos sectores como cos concellos, como cos sindicatos, con todos. Mire, soamente houbo unha aportación positiva na que podemos sacar conclusións, que foi a última semana antes de empezar o curso escolar, cando vostede se viu coa *agua al cuello* de que o luns non ían funcionar os transportes escolares, porque nin as rutas, nin os itinerarios, nin as paradas, nin os horarios coincidían coa realidade. Porque a primeira fase do plan foi a elaborada absolutamente en Santiago. E tiveron que ser o sector e os servizos provinciais de Transporte os que nos últimos tres días axustaran todos os horarios, todos os itinerarios, todas as paradas, para que o transporte escolar puidera empezar a funcionar con efectividade. E mesmo cando empezou, durante os seguintes días tivo cantidade de chamadas de alcaldes, que remitiu inmediatamente ás empresas para que a empresa lle prestara o servizo que lle pedía o alcalde.

Señora conselleira, se chegou a haber algunha ruta de transporte, con vinte e un quilómetros de distancia entre a saída e a chegada, con oito paradas, circulando por vías provinciais, locais e da deputación, que tiña un percorrido marcado por eses equipos técnicos que vostede contratou nun tempo de realización de quince minutos. ¡Vinte e un quilómetros, oito paradas por vías locais, provinciais e autonómicas en quince minutos!

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Fernández.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURA E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Falta de diálogo, dende logo, que é falso, e vostede sábeo. E, dende logo, esa gran sabedoría que ten vostede —seguro que como delegado da Xunta en Ourense—, e ás veces penso que máis que un deputado pola provincia de Ourense parece que está falando tamén un representante da patronal. Teño que dicirlllo porque o certo é que con toda esa sabedoría que di vostede cando gobernou o Bipartito, que no 2007 xa se sabía o regulamento europeo, vostedes ou non quixeron, ou non sabían, ou non se atrevían a facer un plan de transporte, que estaban obrigados porque o regulamento europeo coñécese dende o ano 2007. Si que o sabe, señor Fernández, si que o sabe. Realmente o 2007, e entrou en vigor no ano 2009. E non fixeron nada, porque o fácil é non facer nada. Iso é o fácil, o difícil é implantar un plan, implantar un plan cando hai renuncias das empresas, e sábeo, con dez mil paradas, cinco mil horarios e oitocentas liñas, que iso foi o que fixemos para que Galicia non quedara un só día sen transporte. Esa sabedoría de vostedes resumíuse en catro anos e non facer absolutamente nada polo transporte.

¿O balance? O balance do Plan de transporte é positivo, dando máis cobertura, chegando o autobús onde non chegaba. E temos exemplos claros, exemplos que antes o autobús non chegaba a Riotorto e agora chega, a Carballeda de Valdeorras e agora chega, triplicando o número de paradas para que poidan utilizar os usuarios en xeral e rebaixando as tarifas, que, por suposto, o obvian. E co novo sistema de transporte compartido, con novas modalidades de transporte, o bus compartido e o transporte á demanda, buscando a máxima rendibilidade social. Non me veña vostede aquí falar de rendibilidade patronal, que é o que parece que me está a pedir máis que a rendibilidade social ¿Rendibilidade social ou rendibilidade patronal, señor Fernández?

Eu dígolle datos: o autobús compartido; cen mil persoas aproveitaron nestes dez meses esas prazas baleiras de autobús escolar. Polo tanto, démoslles unha alternativa máis eficiente e máis sostible para a mobilidade. Ese é tamén o transporte á demanda, con moitas liñas tamén de transporte.

Polo tanto, é un transporte público avalado polos usuarios, —aí están as cifras—, avalado polos tribunais —que ben o sabe—, avalado polos traballadores —que temos un acordo de referencia estatal; temos un acordo de referencia estatal, señor Fernández, cos traballadores, de referencia, que o din en todos os foros nos que teñen ocasión— e avalado polos intereses doutras comunidades autónomas, que nos chaman para preguntar o que facemos.

Nós seguiremos traballando con diálogo. E, por certo, a Deputación da Coruña moito falar e sacar fotos e falar de consorcios, pero cando hai que traballar, dentro das súas competencias, non o esqueza, porque os concellos teñen competencias en materia de transporte, o servizo urbano, e as deputacións deben axudar os concellos, sobre todo os máis pequenos; cousa que vexo que nin vostedes comparten iso de que axuden os concellos pequenos.

Polo tanto, traballando por un transporte útil para os cidadáns, viable dende o punto de vista económico e tamén sostible dende o punto de vista medioambiental.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Vázquez.

Continuamos co debate acumulado das preguntas que figuran en décimo e undécimo lugar, do Grupo Popular de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, respectivamente.

Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da construción do novo espazo denominado Domingo Fontán no complexo da Cidade da Cultura

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o anuncio de construción do novo edificio Domingo Fontán na Cidade da Cultura, destinado ao acollemento do Consorcio Interuniversitario de Galicia e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, así como dun futuro Centro Europeo de Investigación de Paisaxes Culturais

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para formular a pregunta ten a palabra, en primeiro lugar, a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde.

Señor conselleiro, hai pouco máis dun mes o Goberno galego anunciou a súa decisión de construír un edificio, o edificio Fontán, no complexo da Cidade da Cultura. Na súa presentación pública o pasado 28 de xuño, o presidente da Xunta de Galicia, acompañado dos reitores das tres universidades galegas, desvelaba as finalidades e as características deste edificio.

Señor conselleiro, desde este grupo parlamentario consideramos que esta decisión do Goberno galego é unha decisión valente, que vai implicar alomenos dúas cuestións moi importantes para Galicia e para a cidade de Santiago de Compostela: a primeira, culminar a Cidade da Cultura de Galicia e, a segunda, reforzar o Sistema universitario galego, apuntalando e apostando pola calidade do ensino universitario, a investigación e o coñecemento.

Señor conselleiro, todos sabemos que para os grupos da oposición a Cidade da Cultura é un proxecto a desprestixiar. Fixérono desde o primeiro momento, e seguramente van pretendelo tamén agora, segundo as declaracións xa emitidas. Non entenderon esta idea e esta obra, produto do seu tempo, dun tempo de bonanza económica, dun tempo de construción de equipamentos culturais, onde a arquitectura —o propio contedor— tiña tanto peso como o contido. Pero o máis triste é que non entenderon que Galicia tiña e ten dereito a ter un faro de proxección cultural como a Cidade da Cultura. Negáronnos e négannos a oportunidade de que os galegos e as galegas poidamos sentirnos orgullosos e orgullosas dunha obra que pretendía ser a vangarda da creación, exhibición e difusión cultural de Galicia.

Eu estou segura de que se a Cidade da Cultura estivera en Barcelona sería un modelo de xestión cultural, un exemplo a seguir, pero está en Santiago. E a miopía reduccionista fixo

que desde o principio dos tempos o proxecto tivera unha oposición feroz por parte da oposición. Mesmo cando a oposición era Goberno na Xunta de Galicia, a Cidade da Cultura sufriu a oposición interna do Goberno bipartito, quen, por certo, foi quen iniciou as dúas obras dos edificios aprazados despois polo Goberno popular no 2011. A xestión do complexo por parte do Bipartito redúcese a gastar douscentos corenta mil euros para ver se lle cambiaban o nome, e xa vemos que non, non foron capaces. E agora, señor conselleiro, eu espero que desta volta a oposición estea do lado do Goberno, porque con este edificio e as súas finalidades ábrese unha nova etapa e unha nova dimensión para o proxecto da Cidade da Cultura.

Por iso hoxe queremos que vostede comente nesta cámara a valoración do Goberno galego sobre o edificio Fontán na Cidade da Cultura de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Antón.

Ten a palabra para formular a pregunta tamén a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde, conselleiro, e boa tarde tamén a todas e a todos.

Collendo un pouco o fío que deixaba agora a señora Antón, máis que pedirles ás forzas da oposición ou ao Bloque Nacionalista Galego que nos poñamos do lado do Goberno, vostede como deputada nesta cámara debería pedirlle explicacións, como imos facer nós agora, ao señor conselleiro, (*Aplausos.*) polo enésimo incumprimento dun acordo parlamentario suscrito nesta cámara en marzo de 2013. En marzo do 2013 o Pleno deste parlamento aprobou, por proposta do Bloque Nacionalista Galego, paralizar de maneira definitiva os edificios pendentes de construción na Cidade da Cultura. Unha medida que era imprescindible; imprescindible para rematar co dispendio, co despilfarro máis absoluto desta infraestrutura, que non era propia dun tempo, era propia de delirios de grandeza, que están espallados non só no noso país senón por outras moitas cidades do territorio español, e no que enterraron máis de trescentos millóns de euros públicos.

O propio presidente da Xunta naquela altura dicía —e repito: marzo do 2013—: «Mentres eu sexa presidente, eses edificios non se farán». Cinco anos despois, supoñemos que lle deu o aire do Gaiás —que alí ventar, ventea—, agora anúnciannos vostedes —como explicaba a señora Antón— que construirán un novo edificio para acoller organismos universitarios e que gastarán dezasete millóns de euros públicos máis nese proxecto.

Para valorar a dimensión, simplemente unha comparativa, porque ás veces as cousas hai que velas en termos relativos, fagamos unha comparativa breve. O edificio Fontán custará dezasete millóns de euros públicos. ¿Lembra, señor Rodríguez, canto inviste a Xunta de Galicia no ano 2018 en bolsas para estudantes universitarios? Tres millóns de euros. ¿Sabe canto invisten en política lingüística? Sete millóns de euros. É unha cuestión de prioridades.

Ao BNG, conselleiro, e deixámolo claro en moitísimas ocasións, e hoxe tamén, dezasete millóns de euros máis na Cidade da Cultura parécennos un absoluto dislate. E volvemos ás novas vellas prácticas ademais do Partido Popular: facer todo, alén do máis, con absoluto escurantismo. Porque volvemos escoitalo aquí agora, e xa llo escoitamos nun par de ocasións ao presidente da Xunta, e dísenos que imos aforrar, pero non se nos achega informe ou estudo ningún que avale ese suposto aforro. Se o ten, remítao á Cámara. O mínimo sería, señor conselleiro, que tivesen vido aquí, xa que decidiron incumprir un acordo plenario do Parlamento de Galiza, que viñeran explicar cales son as supostas razóns que veñen xustificar que se pasen un acordo desta cámara polo —ía dicir— arco do triunfo, pero en realidade é por ese monte Gaiás.

Nós o que queremos hoxe é que se nos dean explicacións nesta cámara. Insisto en que non era propio dun tempo, senón dos delirios de grandeza de Fraga. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Rodil.

Para dar resposta ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): González): Moitas grazas.

Teñen que perdoar, pero nego a maior. Vostede basea toda a súa argumentación nunha auténtica mentira e nunha senrazón. Vostede fundamenta a súa explicación en que hai un incumprimento dun acordo parlamentario do ano 2013 deste parlamento. Voulle ler literalmente o que di este acordo: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar de inmediato os trámites necesarios para proceder á paralización definitiva dos dous edificios pendentes de construír na Cidade da Cultura». É dicir, dos dous edificios que estaban programados no proxecto inicial da Cidade da Cultura, que é o Teatro da Ópera e o Centro de Arte Internacional.

Vostede está intentando buscar unha escusa para fundamentar a súa mentira. E a verdade é que vostede é membro dun partido político que gobernou a Cidade da Cultura durante bastante tempo, catro anos, e vostede saberá que foi o período histórico de maior porcentaxe de transferencias económicas á Cidade da Cultura. Pero, claro, o BNG fala da feira segundo lle vai nela. Cando era goberno defendía o proxecto dun xeito significativo, ata o levou a Nova York, coma unha presentación da intelixencia galega e da modernidade galega representada pola actual Xunta de Galicia. Pero antes dese período e despois dese período é a «bicha» para vostedes.

E tamén —perdóeme, señora Rodil— a demagogia ten as patas curtas. Vostede sabe que ese orzamento que se plantexa é un orzamento a catro anos, e vostede sabe que as becas universitarias son competencia do Estado, e o que fai a Xunta con esa porcentaxe de tres millóns é cubrir becas de «Imprevistos». Co cal non intente vostede facer aquí un remexido —permítame a expresión— para intentar xustificar a súa argumentación, que —insisto— cae polo seu propio peso, cando o seu principal argumento é falso, porque non se corresponde coa realidade.

Dicía que este acordo do 23 de marzo do ano 2013 tivo unha continuidade. En febreiro do 2014, pouco tempo despois, a Xunta de Galicia, a través do Consello da Xunta, adoptou o acordo de non-construción definitiva dos edificios que naquel momento estaban planificados. O edificio Fontán é un edificio diferente, absolutamente diferente aos dous que foron paralizados, que, por certo, se eran tan dispendio, se eran tan horribles, se eran tanta barbaridade, eu pregunto por que non o fixo o BNG cando xestionaban a Cidade da Cultura. Podían ter feito, porque simplemente vostedes terían que anular ou negociar uns contratos, a indemnización duns contratos, nada máis, pero non o fixeron. Por certo, este goberno si que o fixo, e fíxoo sen ter que indemnizar nada as construtoras.

E voulle dar un razoamento de por que o edificio Fontán. Había dúas necesidades, e de dúas necesidades fixemos unha virtude. ¿Cales eran as dúas necesidades? Pois ben, unha necesidade era o interese que existía e existe por pór en marcha un edificio de carácter interuniversitario, que favoreza a cooperación entre as universidades e que poida servir para acoller, se é necesario, os servizos como son os que van estar aí ubicados. Por outro lado, tiñamos tamén un espazo a medio construír, que vostede coincidirá comigo en que, obviamente, era necesario actuar sobre o mesmo, porque, obviamente, dentro do complexo construtivo o que estaba tal como estaba pois digamos que era necesario facer unha intervención.

E nese sentido púxose en marcha un razoamento, e nós chegamos á conclusión de que o edificio Fontán, tal e como está plantexado, era unha dobre oportunidade. Unha dobre oportunidade porque, por unha parte, posibilita unha integración do Sistema universitario, permite reforzar a cooperación interuniversitaria polos servizos que aí se van desenvolver: servizos de cooperación, de investigación interuniversitaria; e, por outra parte, tamén permite concluír un espazo inacabado que estaba dentro dun gran complexo arquitectónico, que cada vez é un maior complexo cultural e que cada vez a cidadanía, tanto a de Compostela como a galega, o está interiorizando como algo propio. E iso é algo que obviamente todos o percibimos.

Hai tres servizos, algúns novos: o Consorcio —non vou explicar o que é, xa que é coñecido—; Paisaxes Culturais, onde se van concentrar o talento investigador e os recursos investigadores das tres universidades galegas, centradas en algo tan importante para o desenvolvemento galego e para a nosa axencia e a nosa identidade, como son a paisaxe, o patrimonio cultural e o Camiño de Santiago; e, por outra parte, tamén a ACSUG, que ten un papel relevante, como vostede sabe perfectamente, no que é a avaliación dentro do que ten que ver coa actividade universitaria.

E chegamos a esta reflexión despois dun estudo da viabilidade económica e tamén da viabilidade operativa. Un edificio que dá servizo a tres universidades, a sete campus, que ten que estar céntrico, pero que non ten que estar en ningún campus, para que non se entenda que é dunha. E, por outra parte, desde o punto de vista económico pareceunos moi rendible e moi lóxico, con moito sentidiño, levar a cabo unha acción que permite reutilizar e permite aforrar unha enorme cantidade de recursos públicos, porque o noso edificio Fontán que estamos plantexando, que, efectivamente, ten uns custos ao redor de dezasete millóns, pero se o construíramos de novo teríamos un custo ao redor de trinta millóns.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Rodríguez.

Para a réplica ten a palabra, en primeiro lugar, a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidenta.

Pois, efectivamente, señor conselleiro, vemos que nada mudou: a señora Rodil recolle fiel a testemuña dos seus antepasados do Bloque Nacionalista Galego e continúa cun discurso de vinte anos aló. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio, por favor.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Se polo BNG fose, o propio mestre Mateo non podería facer o pórtico da Gloria, porque tal excelsa obra de arte, señora Rodil, para vostedes é demasiado boa para unha cidade da dimensión de Santiago de Compostela, é demasiado boa para un país como Galicia. Este é o seu problema, este é o problema do Bloque Nacionalista Galego, que amosa un paternalismo excesivo sobre as vontades do pobo galego, como se o xulgara incapaz de decidir por si mesmo.

Pero, señorías, o pobo galego decidiu tres veces, e decidiu a favor do Partido Popular, e decidiu a favor das decisións do Partido Popular. E decidiu que no 2011 o máis axeitado era paralizar os dous edificios, e decidiu que no ano 2018 o máis axeitado era continuar coa finalización da Cidade da Cultura. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio, por favor.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Vostede utiliza —como xa lle recordou o conselleiro— ese acordo desta cámara no ano 2013, pero a realidade é substancialmente diferente.

Señor conselleiro, non teña dúbida de que Galicia e Santiago entenderán que este edificio sexa unha realidade no horizonte 2020–2021, porque os beneficios que suporá disiparán as dúbidas sobre o seu investimento. Uns beneficios para a cidade de Santiago, porque implica ter rematado unha obra como a Cidade da Cultura, que incrementa e reforza o carácter cultural de Compostela. Un beneficio para Galicia, porque apuntala un complexo que soubo adecuarse aos avatares dos distintos momentos que lle tocou vivir desde a súa concepción ata agora. E uns beneficios para o futuro dos mozos e mozas do noso país, porque van ver afianzado o Sistema universitario galego.

Remato facendo miñas as palabras do reitor Reigosa, xustamente na súa presentación, que dicía: «O edificio Fontán é bo para todo o Sistema, para as tres universidades, e, desde logo, é bo para os cidadáns. A cooperación rende moitos máis beneficios que a competencia». Que as discrepancias políticas, señor conselleiro, non nos priven deste proxecto.

E a min gustaríame que na súa réplica profundara un pouco máis sobre ese Centro de Investigación de Paisaxes Culturais.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Antón.

Para a réplica ten agora a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas de novo, presidenta.

Gústame que me faga esa pregunta, señor conselleiro, a respecto do Bipartito, esa «bicha» tantas veces amentada do Bipartito. E xa que decidiu vostede facer flashback e botar a ollada atrás, eu non sei por que parou aí. Imos un pouquiño máis atrás, nada máis uns meses, e eu estou segura de que hai moitas persoas, vostede o primeiro, que lembran moitísimo mellor ca min que acontecía no ano 2005. Vou poñer todas as súas señorías un pouco en situación:

Goberno do Partido Popular. Manuel Fraga Iribarne, aquel señor que fora ex-ministro de Franco —para situálas un pouco máis—, presidente da Xunta. O número dous e home forte xa naquel momento daquel goberno era o actual presidente da Xunta, o señor Alberto Núñez Feijóo. Un goberno en funcións, porque o Partido Popular perdera a maioría absoluta nesta cámara, e estaban vostedes antes de saír pola porta (*Aplausos.*) adxudicando as concesións ás construtoras daquelas obras ás que vostede se refire. No mesmo momento en que estaban tamén concesionando os centros que segregan o alumnado por sexo. Deixaban todo atado e ben atado antes de marchar. E non só para blindar os intereses das empresas construtoras que moitos tiñan —e agora doulle uns datos que coñecemos tamén naquel momento—, senón, sobre todo, para blindar os delirios de grandeza dun presidente da Xunta, o señor Fraga Iribarne, que hipotecou este país por moitos anos, e estámolo vendo agora. (*Aplausos.*) Aínda o estamos pagando agora.

E ¿sabe por que lle digo que era un dispendio?, ¿por que lle digo que era un absoluto dispendio? Esta cámara tivo a ben acoller unha comisión parlamentaria de investigación do que acontecía nesa Cidade da Cultura. ¿Pero saben de que emanaba esa comisión de investigación parlamentaria? Dun informe do Consello de Contas do ano 2004, no que se sinalaba —e con isto xa remato— que a Xunta do Partido Popular abdicou das súas responsabilidades na xestión prudente e planificada dos fondos públicos, polo descontrol de contratos e gastos, desviacións temporais de máis de media década e un sobrecusto medio do douscentos por cento, e nalgúns casos da Cidade da Cultura de ata o cincocentos por cento.

O pobo galego non pode seguir pagando os delirios de grandeza de Fraga tantos anos despois. (*Aplausos.*) Paren esa obra e dígnanos se non había outras posibilidades máis económicas para acoller eses organismos. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Rodil.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Pero, señora Rodil, mire para adiante, (*Murmurios.*) (*Risos.*) mire para o futuro, mire para o futuro, mire para adiante.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): González): E voulle dicir por que. Mire para adiante. Vostede anóxase toda cando lle recordamos que o Bipartito, que puido parar iso e non o fixo, que puido parar e non o fixo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): ¡Silencio, por favor!

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): González): Anóxanse absolutamente. E seguen falando e mirando para atrás. Miren para o futuro. Porque este goberno cando decidiu facer o edificio Fontán mira para o futuro. Vostedes prefiren facer política mirando para atrás. *(Risos.)*

E se certamente o Fontán era un dispendio, tiveron unha oportunidade magnífica de non transferir as cantidades económicas supermillonarias que transferiron. E iso vai estar na súa coherencia, nos seus anais e na súa historia, porque foi este goberno, no ano 2013, quen levou á paralización dos dous edificios que vostede cita.

E xa lle repito: o edificio Fontán é absolutamente diferente, co cal negamos radicalmente a maior, que non hai ningún tipo de incumprimento do mandato parlamentario. Pero, como xa lle dixen, a este proxecto chégase a través dunha reflexión previa, onde intentamos ver dous problemas, dúas necesidades, e buscamos unha solución.

Fala vostede de cuestións económicas. O orzamento son dezasete millóns para catro anos. Se vostede quixera facer un edificio semellante para un fin semellante e cunhas características arquitectónicas semellantes, estaríamos falando —polos prezos que se din, polo que din os colexios e sen ningún problema— sobre trinta millóns de euros.

Entón, nós facemos un edificio de carácter interuniversitario na Cidade da Cultura, cunha temática de investigación que ten moito que ver cos contidos que se poden desenvolver na Cidade da Cultura, que pode ser un subministrador de contidos para a propia Cidade da Cultura, nun espazo ben comunicado —estase traballando no acceso da AP-9—, nun espazo que ten todos os servizos urbanísticos, nun espazo central dentro de Galicia. E ademais diso estamos construíndo e consolidando unha situación ou unha estrutura preexistente, que, obviamente, calquera goberno tería que arranxar. E que só arranxalo —¡fíxese!— custaría ao redor de dez millóns de euros, se calculamos o custo do que estaba feito e o custo que supón destruír o que se fixo e quedou a medio facer. Con isto creo que a localización do Fontán ten un carácter certamente estratéxico.

E eu entendo que vostedes teñen remordementos, en certa medida por non ter feito o que lles tería gustado facer, pero que non se atreveron. *(Murmurios.)* Tamén é certo.

E tamén lle vou dicir que isto se fai cun carácter moi planificado. E mire: quixemos darlle utilidade a unha estrutura inacabada, quixemos sacar un rendemento social desa estrutura, quixemos aforrar recursos públicos e dar un novo servizo.

O Cipac, que dicía a señora deputada do Partido Popular, vai ser un centro de investigación de referencia, onde investigadores de todas as universidades galegas, nestes ámbitos de coñecemento, van poder facer traballos de investigación ao máis alto nivel. O Sistema ten moitos centros de investigación moi bos no ámbito das ciencias, no ámbito da medicina, pero había este déficit no Sistema universitario e no sistema de investigación, e vaise cubrir.

Ademais, vaise cubrir e vaise cumprir coa folla de ruta que eu persoalmente aquí, en marzo do ano 2017, plantexei para a Cidade da Cultura. Naquel momento —e vóullelo recordar— dixemos que tiñamos un obxectivo: sacarlle rendemento para Galicia dun complexo arquitectónico que existía, e que un goberno responsable tiña que sacarlo. E dixemos tres cousas:

Dixemos que iamos avanzar na ampliación do Bosque de Galicia. A segunda fase acabamos de abrila ao público. Por certo, un espazo que ten moito uso por parte de moitos cidadáns, para facer deporte, pasear, etc.

Dixemos que iamos afrontar a integración paisaxística do espazo central non construído, dese grande oco que existe entre a biblioteca e o museo, e estamos intervindo. Por certo, a custo cero. A custo cero estamos reconvertendo ese espazo nun espazo de uso social, cun anfiteatro de ao redor de quiñentas prazas. E un gran bosque tamén con especies atlánticas.

E dixemos que iamos definir un plan de usos para a estrutura do espazo non rematado. E o Fontán é precisamente un edificio ou un proxecto que vén dalgún xeito facer o remate desa estrutura, porque tirala sería absolutamente irracional.

E todo isto, por encima, está posibilitando ter un bo proxecto para este espazo. Un bo proxecto que vai posibilitar que unha vez que estea en marcha... Contamos, se os prazos van ben, no que queda de mes sacalo a licitación, comezar as obras antes do remate do 2018, ter rematada a estrutura no 2020, e no 2021, co Xacobeo, que estea xa en pleno funcionamento.

Vai ser un edificio que ten un uso interuniversitario, pero tamén social, pois vai ter un pequeno auditorio para dar moito servizo. Necesítase ese servizo na Cidade da Cultura. E ese auditorio vai posibilitar que se autoxestione ou autofinancie parte dos custos de funcionamento, porque, por unha parte, hai un importante aforro para a Xunta, pero tamén vai posibilitar ter unha serie de ingresos por outra parte.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): É dicir, ao final, señoría, como xa dixen, tiñamos dúas necesidades, e desas dúas necesidades fixemos unha virtude. E entendemos que o Fontán é unha grande oportunidade para un recinto arquitectónico...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Remate xa, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...para a cultura, para a universidade e, por extensión tamén, para Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas.

Pregunta de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para atender as demandas salariais do profesorado galego, de xeito que cando menos recuperen o sexto lugar na táboa salarial do Estado

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, permítame comezar cunha pregunta ben sinxela, moi doada de contestar: ¿por que insiste a Consellería de Educación en ignorar as demandas do persoal docente galego?, ¿por que esquece a súa obriga de tratar axeitadamente as persoas ás que confiamos a educación das nosas fillas e fillos?, ¿teñen acaso menos dereitos os docentes e as docentes galegas ás doutros territorios do Estado?, ¿ou teñen menos dereito a ser atendidas as súas demandas do que teñen outros corpos de funcionarios deste país? A cuestión é así de sinxela, porque, como sabe, a Consellería de Educación négase a asumir as demandas dos sindicatos do ensino, que pulan por recuperar os dereitos económicos que lles quitaron nos anos da crise estafa: perda salarial, aumento da carga lectiva, ateigamento das aulas. En fin, recortes, recortes e recortes —a marca do Partido Popular—, perda de calidade, roubo dos nosos dereitos.

Estafa, dicía. Estafa que continúa, porque o seu goberno hai dous anos que repite que a crise xa pasou, que a época dos recortes pasou, e agora estamos na senda da recuperación. Pero, claro, ¿recuperación para quen? ¡Só para unhas poucas elixidas, polo que se ve! E non é unha cuestión de opinións, hoxe falamos de feitos, negro sobre branco.

E mire: para isto debemos botar un pouco a vista atrás. O pasado 9 de maio, no que este grupo parlamentario trouxo unha proposición non de lei a esta cámara, na que tratamos de recoller as demandas das principais organizacións sindicais do ensino, que pedían a apertura dunha negociación para a homologación salarial, hai dous meses... Insisto: 9 de maio. É interesante lembralo porque ese día o Partido Popular, coma sempre e ante as iniciativas da oposición, votou que non, votou en contra. Non a sentarse a falar, non. E ollo: cinco días despois, soamente cinco, o día 14 de maio, convocaron unha mesa sectorial para, ¡oh, sorpresa!, exactamente o que dicía a nosa proposición: sentarse a negociar a homologación retributiva. Marabillosas casualidades que ten a política, e, desde logo, ¡benvida a rectificación!, aínda que non a recoñezan e aínda que sexa tarde. ¡Benvida! Porque —como lles dixen— desde En Marea non tratamos máis que traer a voz dos sindicatos que vostedes insistían en ignorar.

Os feitos, señor conselleiro, evidencian que vostedes se burlan sempre da oposición, como se burlan das organizacións sindicais, ás que invitaron a unha negociación que nunca foi tal, porque en lugar dunha negociación de boa fe, como indica a lexislación laboral no referente á negociación, a Consellería veu protagonizando un paripé de negociación con propostas ridículas no monetario e demasiado longas nos tempos, propostas que sabían perfectamente que eran realmente inasumibles, que son probas do desinterese que teñen por recuperar os dereitos de todo o persoal docente galego.

Por iso a pregunta é moi sinxela: ¿cando ten previsto o Goberno atender as demandas salariais do profesorado galego, de xeito que cando menos recupere o sexto lugar na táboa salarial do Estado, que tiña antes de que vostedes empezaran a roubarlle? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Chao.

Por parte do Goberno ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas.

Supoño, señora Chao, que o de falar de roubarlles aos profesores farao desde o punto de vista —digamos— da retórica política, supoño. Pero, en todo caso, hai unha serie de cuestións que non podemos en ningún momento aceptarlle. E unha delas é que fale de que nos últimos anos hai unha perda de calidade do sistema educativo. Eu creo que iso é radicalmente falso. E iso dalgún xeito demostra que vostede vén aquí cun discurso de serie, e que lle é igual, dio porque está no seu abecedario e nada máis. Vostede debería avaliar, ver as dinámicas que nos últimos anos ten o sistema educativo, tanto a nivel de resultados como a nivel de xeración de igualdade de oportunidades, a nivel de calidade e equidade.

Vostede supoño que se sorprenderá dalgunha afirmación que lle vou dicir. Por exemplo, Galicia é a comunidade autónoma e o territorio educativo que ten a maior equidade educativa de España, e das mellores de Europa, a nivel dos máis elevados desde o punto de vista comparativamente cos países nórdicos ou outros semellantes. Tamén debería saber que a redución do fracaso escolar nos últimos anos foi altísima. Ou debería saber os últimos resultados do informe PISA, onde se miden as destrezas e as capacidades educativas. Co cal non se pode falar en ningún caso de perda de calidade, en ningún caso, porque é unha mentira radical.

Igual que falar de recortes. Obviamente, nos últimos anos houbo un incremento alcista en xeral. Si é certo que nos anos máis difíciles da crise económica houbo que facer enormes esforzos; toda a sociedade o fixo, e os propios profesionais do ensino tamén. E pedíuselles a todas as administracións, comezando pola Administración socialista do Estado, e díxoselles no seu momento aos empregados públicos que había que —para entendernos— asumir unha rebaixa salarial. Vostede debería saber que no ano 2010 foi a baixada máis grande de salarios para os profesores, para os empregados públicos en xeral, pero para o profesorado tamén, por suposto.

E, obviamente, hai unhas palabras que hai que utilizar ou que deberan estar no ADN ou no dicionario dos políticos, polo menos nos desta bancada están, e no deste goberno están, que son a credibilidade, a coherencia e a responsabilidade. ¿Por que digo isto? Porque naquel momento cando houbo que tomar esas decisións difíciles, ben difíciles, tamén se dixo que cando a situación estivese mellor se ía recuperar e facer o mesmo esforzo para intentar compensar os esforzos solicitados naquel momento. E este goberno estou facendo, e o Partido Popular cando estivo no goberno do Estado fíxoo, porque iso é tamén froito dunha responsabilidade...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...e tamén é froito dunha circunstancia económica que posibilitou abandonar os dízitos de crise e pasar a unha recuperación...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...que ten que sentirse necesariamente tamén nos empregados públicos, e, por suposto, tamén nos docentes. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Faltoulle na lista a honorabilidade, pero, ben, xa sabemos por que será.

Feitos, señor conselleiro, feitos, e menos palabrería barata. Os feitos son os que son, dicíallo antes. Vostedes finxiron que querían negociar, finxiron porque a Consellería partía de propostas claramente inasumibles para os sindicatos, inasumibles porque son inxustas. Nin querían materializar unha suba salarial digna, nin recuperar o roubado, fundamentalmente as pagas extras do período 2013 ao 2016, nin eliminar os descontos nas baixas por enfermidade, nin un longo etcétera.

E mire: as reivindicacións que tiñan sobre a mesa, das que non quixo falar nada, son moi claras:

Dunha banda, o canto. Falabamos de recuperación de dereitos salariais; por iso era preciso falar de cantidades salariais xustas, que permitan ao profesorado galego volver posicionarse no sexto lugar do Estado a nivel retributivo. Non era un capricho, non era un invento; ese era o lugar que xa se conseguira nos acordos do 2003 e do 2006. Sexto lugar para todos os corpos en calquera antigüidade, non para uns poucos escollidos. Sexto lugar e non o duodécimo, que é o que ten vostede no seu haber. ¡Parabéns!

E, por outra banda, falemos do cando. A aplicación do aumento salarial non pode ser *sine die*, debería equipararse ao doutros corpos de funcionarios, é dicir, rematar como máximo

no 2020. Ao igual que foi o acordo que se acadou en Xustiza ou a proposta que hai sobre a mesa para Sanidade. É dicir, señor conselleiro, ¿por que para o persoal docente non vale o que si vale para o persoal funcionario da Xustiza ou Sanidade?

¿Non quere facelo, non lle interesa ou simplemente non pode? ¿Ou é que vostede non ten capacidade ningunha para influír nas decisións da Xunta de Galicia? Lamentablemente parece que esta é a razón. Lamentablemente parece que a súa consellería ten tan pouco peso, vostede como conselleiro ten tan pouco peso no Goberno galego, que é incapaz de defender como é debido as traballadoras e traballadores do ensino galego. É de xustiza, e tamén é a súa obriga.

Admítalo, e abandone a farsa, ou faga o contrario. Desbloqueen as negociacións, séntense a negociar e cumbran a palabra do propio presidente da Xunta de Galicia cando dixo que as docentes de Galicia ían estar no sexto lugar que lles correspondía. ¡É tempo! (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Chao.

Para a réplica por parte do Goberno ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señora Chao, en ningún caso a negociación aberta pola Consellería e pola Xunta de Galicia foi un paripé ou é un paripé, nin fuximos nin finximos absolutamente nada. Houbo unha serie de mesas sectoriais cuns inicios nun punto de partida por parte da Consellería, por parte da administración, e outros puntos de partida por parte das organizacións sindicais. E fomos negociando, fomos dialogando, fomos consensuando e fomos achegando posturas.

Vostede dá por suposto que a negociación acabou; dá por suposto, dá a sensación. E eu creo que hai cousas que non se poden dar por suposto de xeito tan alegre, porque pode levar unha sorpresa.

E mire: a nosa negociación foi absolutamente leal. Fomos a primeira comunidade autónoma que iniciamos unha negociación para facer un incremento salarial para o profesorado, a primeira, a primeira e ata o momento a única, e cun acordo plantexado e ben semellante á liña de traballo que houbo no ano 2003 e no ano 2006, para pasar dunha situación intermedia, dependendo o cadro do profesorado, a unha situación arredor do cinco, o seis, dependendo tamén o cadro de profesorado, digamos de primaria, secundaria, FP, etc.

Vostede dá por suposto algo que non é certo, vostede dá por suposto que está absolutamente todo pechado. E eu dígoille que non. É dicir, nós estamos abertos a seguir traballando, plantexamos un momento de reflexión, onde hai unha oferta enriba da mesa da administración, unha oferta que posibilita chegar aos obxectivos que vostede di. E estamos dalgún xeito agardando a poder retomar en calquera momento todas estas negociacións.

Creo que vostede se extralimita. E nós queremos e temos a sa esperanza de seguir recuperando o diálogo, porque iso é moi positivo. ¿E por que é positivo? Porque vai posibilitar cum-

prir o que estamos falando, que é recuperar parte do perdido no seu momento e posibilitar que o profesorado galego estea no nivel que está habitualmente: arredor do seis, o sete, o cinco, depende da categoría do profesorado.

Certamente sorprende tamén a súa afirmación cando vostede vén aquí falar de que vostede é a voz dun sindicato. Eu creo que vostede debe ser a voz dos galegos, non só dun sindicato; os sindicatos, afortunadamente, deféndense moi ben eles sós. E eu creo que aquí o que temos que facer é ser conscientes de que as reivindicacións salariais son moi importantes. Nós somos tremendamente sensibles, somos conscientes de que é positivo en certa medida poder incrementar o nivel salarial e o prestixio profesional do persoal docente, e estámolo facendo en moitísimos aspectos. Pense vostede que somos a comunidade autónoma con menor taxa de interinos de España e que temos un proceso de oposicións, que estes días se está celebrando, de máis de dúas mil prazas para poder estabilizar o profesorado. Co cal, señora Chao, non lle podemos admitir, con todo o respecto e con todo o cariño, que vostede diga que nós queremos denigrar o profesorado, porque o profesorado é a clave do sistema educativo, e é clave do que vostede nega...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...é a clave da mellora integral que o sistema educativo en Galicia está tendo nos últimos anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Rodríguez.

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a comprobación no Sergas dalgunha mellora nos tempos de atención e no prognóstico dos cadros clínicos do ictus desde a posta en marcha da campaña informativa respecto dos signos de aparición desa enfermidade

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señor conselleiro.

O ictus é un cadro médico que se produce a partir de distintas patoloxías e que representa unha moi importante causa de morte, e nomeadamente de secuelas físicas e psíquicas graves.

En Galicia púxose en marcha no ano 2016 o Plan ictus, que se estaba a xestar dende o ano 2009, e no marco do mesmo incluíuse un eixo para acadar a rápida detección desta enfermidade, pilar fundamental para a supervivencia e diminución da cantidade e gravidade das secuelas.

Para concienciar e informar a cidadanía deseñouse unha campaña publicitaria baseada nos tres efes: fala, forza e faciana, na que dun xeito moi sinxelo se transmitía á cidadanía os signos máis habituais do proceso. Non poder dicir de forma sinxela ou correcta palabras simples, non poder elevar os brazos á mesma altura durante dez segundos ou non ser quen de sorrir amosando toda a dentadura son signos fáciles de percibir e que deben servir de alerta para poñerse en contacto co 061, que completa o interrogatorio e, de ser preciso, envía medios para o desprazamento ata o hospital.

Os avances no tratamento urxente do ictus, a fibrinolise e a trombectomía mecánica, que resultan eficaces ata as vinte e catro horas seguintes ao episodio agudo, dan unha importancia esencial á inmediatez do tratamento, polo que pensamos que esta campaña debería ter producido resultados positivos na mellora da atención a este proceso.

Polo exposto, señor conselleiro, queremos preguntarlle: ¿teñen comprobado no Sergas a mellora nos tempos de atención e no pronóstico dos cadros clínicos do ictus dende a posta en marcha da campaña informativa sobre os signos de aparición desta enfermidade?

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Núñez Centeno.

Para dar resposta ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, señores deputados, moi boa tarde a todos.

En Galicia, segundo os datos da Sociedade Española de Neuroloxía, prodúcese ao redor de sete mil novos casos de ictus cada ano; un problema moi importante. Pero, ademais do número, podemos afirmar que a enfermidade cerebrovascular ten unha gran relevancia na nosa sociedade; a súa repercusión no seo das familias, no campo profesional, laboral e social é enorme. Por iso consideramos o ictus isquémico como un problema de saúde prioritario.

Por estes motivos desenvolvemos o Plan galego de atención ao ictus, presentado agora — como dicía vostede — hai dous anos, que tivo un inicio — e quero remarcar e sinalar aquí — uns anos antes con carácter de piloto no Clínico de Santiago, e dirixido polo desgraciadamente falecido doutor Miguel Blanco, unha persoa non só a nivel persoal senón a nivel profesional dos maiores niveis que tiñamos no noso Servizo Galego de Saúde. Por iso quero tamén recordalo.

E recordarán que hai un ano tamén informei este parlamento sobre os primeiros doce meses deste plan. Para cumprir co obxectivo foron creadas as tres unidades de ictus no CHUS, no CHUAC e no Álvaro Cunqueiro, entendidas como unidades específicas de coidados agudos, e nas que existen servizos de neuroloxía intervencionista con capacidade de realizar a trombectomía mecánica. Así, puxemos en marcha tamén, complementando as tres unidades de ictus, seis equipos de ictus no Complexo de Ferrol, no HULA de Lugo, en Ourense, no Complexo de Pontevedra, no Hospital da Mariña e en Povisa, consistentes nun grupo interdisci-

plinar de especialistas coordinado por un neurólogo ou outro especialista experto en ictus que colabora no diagnóstico e tratamento do paciente con ictus. Tamén se formou os profesionais para que nos servizos de Urxencias de todos os hospitais, tamén nos comarcais, teñan a capacidade para realizar a fibrinolise intravenosa.

E, moi importante, creouse a Central de Atención ao Ictus, a CAI, que se conforma como a unidade de coordinación do plan. E, por primeira vez, unha persoa, un neurólogo, coordina cada día todo o que ten relación co ictus. E, por suposto, o 061, non só coa chamada de axuda, senón tamén cunha dispoñibilidade de servizos de transporte para todo o territorio.

Segundo os datos obtidos desde a posta en marcha do Plan galego de ictus no ano 2016 ata xuño do 2018, é dicir, ata hai uns días, o número de interconsultas realizadas polos médicos responsables dos pacientes nesta central é de 1.426 consultas; isto supón unha media de cincuenta e nove interconsultas por mes. Os hospitais que máis recorren á CAI son os hospitais comarcais. Esta é unha mostra da eficacia da CAI...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):...e as persoas que máis se benefician son os pacientes que viven máis afastados. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para a réplica ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor conselleiro, pola extensa información que nos transmitiu.

O ictus representa, como acaba de manifestar vostede, un importante problema de saúde, tanto pola súa mortalidade como pola gravidade das secuelas, con repercusións, efectivamente, para as familias, así como laborais e sociais.

Esa ventá terapéutica, esas horas que permiten actuar para minorar a gravidade das complicacións, actuando sobre o infarto cerebral para evitar ese dano irreversible, pódese incrementar se a sociedade coñece os síntomas da enfermidade e acelera os tempos de chamada ao 061 para acadar a asistencia sanitaria.

Explicounos vostede como funciona a rede de unidades de ictus de Galicia, os avances do tratamento dende a aparición da trombectomía mecánica e da fibrinolise, a posta en marcha de equipos de ictus en seis hospitais e a formación dos profesionais de Urxencias de todos os centros hospitalarios galegos. Efectivamente, todo este dispositivo coordinado pola Central de Atención ao Ictus.

Valoramos positivamente o servizo de transporte sanitario, os protocolos de atención a esta enfermidade e os avances na telemedicina. E dende o Grupo Parlamentario Popular pensamos que os datos que presentou hoxe e que non rematou de dicirnos son absolutamente positivos.

Gustaríanos que as cifras de ictus diminuísen con base na mellora dos hábitos de vida e control dos factores de risco que conducen á aparición deste grave cadro. Pero unha vez que aparece a enfermidade estase a actuar en Galicia cuns estándares de calidade que debemos destacar.

Quería agradecer dende aquí o traballo de todos os profesionais implicados na atención ao ictus, que permite os resultados que vostede, señor conselleiro, acaba de facer públicos en relación con estes dous últimos anos. E esperamos por parte deste grupo que nos complete os datos na súa segunda intervención.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Núñez Centeno.

Para a réplica ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas.

Si, a verdade é que os datos son moi positivos. A campaña estanos mostrando que o 061 é fundamental para ser moito máis rápidos e, loxicamente —como di—, o tratamento é tempodependente; por iso a importancia é tan importante.

O número de traslados foi de cento setenta e oito no último ano, co cal estamos a falar dun incremento de máis do cincuenta por cento sobre o ano anterior; un dato importante que indica o crecemento do que estamos a falar. E tamén que a activación deste código ictus, en números totais, é de 5.235, pero sobre o primeiro ano houbo un incremento do trinta por cento. Polo tanto, estamos acurtando tempos, estamos facendo que máis xente chegue aos hospitais nun tempo no que podemos tratalo.

E as trombectomías mecánicas, fundamentais porque non deixan secuelas da enfermidade, foron duascenas sesenta. Isto é un avance importantísimo para todos os galegos. E, desde logo —como dicimos desde o primeiro momento—, o que se trata neste proxecto son cousas que é a medicina do século XXI, que é, primeiro, a coordinación entre todos os especialistas implicados, formar a poboación para que eles acudan da forma máis rápida posible ao soporte sanitario que teñan máis próximo e a superespecialización para aquelas técnicas moito máis complexas, como é a trombectomía, que evita fundamentalmente tanto a mortalidade alta como a mortalidade. Polo tanto, imos seguir traballando por aí.

Como digo, para chegar ao detalle nos rexistros xa temos datos, aínda que moi iniciais, porque hai que recoller os datos desde o vixía, desde a cadea de auxilio, de triaxe, de varios aplicativos informáticos que nos permitirán dar cada un dos tramos que queremos medir, que son varios e complexos. Desde a chamada ao 061 á mobilización das ambulancias para o traslado, a chegada a Urgencias, a triaxe, a realización do TAC —tamén moi importante—, a chamada á CAI —á central para coordinar—, o momento da fibrinólise e o momento final, que é a trombectomía, cando se poida realizar.

Os primeiros avances e os primeiros tempos empezan a indicar —como digo— que imos na boa dirección; imos ter unha análise xa en profundidade nuns meses deses tempos, que ademais van facer que a comisión que rexe e que vixía toda esta actuación vaia tomar medidas de mellora de todos os procedementos —como se fixo xa no plantexamento, no infarto agudo de miocardio, que é o noso antecesor— e que, desde logo...


A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):...logra unha mellor accesibilidade e unha mellor equidade para todos os pacientes.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): E non habendo máis asuntos que tratar, rematamos aquí a sesión.

Remata a sesión ás oito e trinta e oito minutos do serán.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25